

A crise da monarquía absoluta: o reinado de Carlos IV (1788-1808)

Mentres a orde europea era profundamente trastocada pola **Revolución Francesa**, a España de Carlos IV afrontaba serios problemas económicos, sociais e políticos que puxeron en cuestión as estruturas do Antigo Réxime. Ademais, a pervivencia destas revelaríase axiña como un atranco insuperable á hora de buscarlle unha solución.

A crise socioeconómica.

O modelo de crecemento agrario extensivo característico do século XVIII, baseado na ampliación da superficie cultivada, comezou a dar síntomas cada vez evidentes de esgotamento: a caída dos rendementos agrícolas e as cada vez máis frecuentes malas colleitas. As frecuentes **crises de subsistencias** traducíanse en escaseza, suba dos prezos dos alimentos e fames xeralizadas (1789-1790, 1793-1794, 1797-1799, 1803-1805).

A poboación, debilitada pola escaseza e a fame, sufriu as consecuencias da periódica difusión de **epidemias**. Deste xeito, a **crise agraria** converteuse en antesala da **crise demográfica**. O crecemento da poboación, ralentizado dende mediados do século XVIII, deixou paso ao estancamento e mesmo ao retroceso.

Nestas condicións, a **pervivencia dunhas estruturas agrarias herdadas do pasado** converteuse nun problema engadido. Só un incremento da produtividade da terra podería reverter a situación. O capital necesario non podía ser aportado polas axustadas economías da maioría dos campesiños. Nobres e eclesiásticos, perceptores vía rendas da meirande parte dos excedentes labregos, non tiñan especiais estímulos para realizar investimentos. A vinculación e a amortización territoriais reducían a oferta de terras, incrementaban o seu prezo e dificultaban os investimentos doutros sectores acomodados, singularmente campesiños abastados ou burgueses.


Os problemas económicos contribuíron tamén a agravar a **conflictividade social**. As clases populares urbanas e os campesiños protagonizaron frecuentes motíns contra a suba do prezo das

A familia de Carlos IV, de Francisco de Goya (1800-1801)



[Dominio público], via Wikimedia Commons.

DOC. 1: Evolución dos prezos do trigo en diversas rexións españolas (1787-1808)



DOC. 2: Dictame do Consello de Castela sobre as causas da grave epidemia sufrida por Castela en 1802-1803.

"As causas desta epidemia encóntranse contestadas con uniformidade por tódolos Intendentes que aseguran selo xeralmente a miseria e a falta de alimentos dos xornaleiros e necesitados, clase na que fai o maior estrago este mal, a escaseza de menciñas e medios para a súa curación e o pouco progreso e coidado no ramo da policía"

subsistencias e contra os impostos. A resistencia ao pago de rendas señoriais e dezmos acrecentouse entre finais do século XVIII e comezos do século XIX.

O impacto da Revolución Francesa.

O estourido da revolución en Francia (1789), que puña en cuestión as estruturas do Antigo Réxime, afectou profundamente a marcha do reinado.

No interior impúxose unha **política contrarrevolucionaria**. As reformas ilustradas comezadas baixo Carlos III paralizáronse. As recomendacións de Floridablanca levaron ao reforzamento da censura e ao peche de fronteiras para impedir a difusión da propaganda revolucionaria (*política de cordón sanitario*).

No exterior, o triunfo da revolución obrigaba a **revisar a política de alianzas da monarquía hispana**. Non había outra que optar entre manter a tradicional alianza con Francia, fundada en criterios xeoestratéxicos, ou unirse á fronte contrarrevolucionaria formada polas restantes monarquías absolutas europeas máis o Reino Unido. A execución de Luis XVI (1793) inclinou aos Borbóns españois por esta segunda opción. A **guerra da Convención** (1793-1795), coñecida como a *Guerra Gran* en Cataluña, rematou nunha desfeita: áreas de Cataluña e do País Vasco foron invadidas polas tropas francesas; a manifesta incompetencia das autoridades borbónicas impulsou a formación de Xuntas de Defensa, unha novidade organizativa que había ter longo percorrido durante o século XIX español.

A pésima marcha das hostilidades máis o xiro conservador da revolución en Francia, comezado tras o triunfo termidoriano (1794) e consolidado coa irrupción no poder de Bonaparte (1799), posibilitaron á volta á **alianza franco-española**. A **Paz de Basilea** (1795) e os **tratados de San Ildefonso** (1796) e **Fontainebleau** (1807) consagraron este xiro da política exterior borbónica, crecentemente subordinada aos intereses franceses. Os acordos con Francia conduciron ademais ao conflito con Gran Bretaña. O enfrontamento coa primeira potencia naval do

Doc. 3: Informe reservado presentado por Floridablanca a Carlos IV (setembro 1791).

"O incendio de Francia vai medrando e pode propagarse coma a peste [...] A necesidade de formar un cordón contra esta peste estreitase máis e máis cada día, e cómpre arrimar a certos puntos da Raia tódalas tropas posibles nas provincias de Guipúscoa e Biscaia, reinos de Navarra e Aragón e o principado de Cataluña [...] O mando principal do cordón deberá estar a cargo dos capitáns xenerais [...] O pretexto lexítimo para este cordón será, sen entrar a nomear nada do que toque á revolución francesa e á súa nova Constitución, divulgar dende logo os avisos e temores de que os malféitores franceses e os que se lles unisen dos nosos meditan pasar a Raia e vir roubar, saquear e maltratar ás xentes dos nosos pobos. [...]"

A batalla de Trafalgar (1805), segundo un gravado de 1852



Fondo Antigo de la Biblioteca de la Universidad de Sevilla [CC-BY-SA-2.0], Flickr

DOC. 4: Evolución dos balanzos da Facenda española na 2ª metade do s. XVIII.
(en millóns de reais)

1745	1759	1793	1794	1795	1796	1797
-272	+300	-105	-388	-572	-237	-820

Retrato de Manuel de Godoy (1801),
de Francisco de Goya



[Dominio público], Wikimedia Commons.

mundo saldouse con derrotas irreparables (Trafalgar, 1805) e crecentes dificultades para o comercio coas Indias. Dende 1805, as colonias americanas puideron prescindir case totalmente da metrópole nos seus intercambios exteriores.

As guerras continuas provocaron, ademais de numerosas baixas, un **incremento exponencial dos gastos da Coroa mentres os ingresos diminuían** (crise agraria, crise do comercio colonial). En tales circunstancias, houbo que recorrer a diversos remedios, que habían resultar completamente insuficientes:

- ◆ O **aumento da presión fiscal** sobre unha poboación depauperada, mentres a nobreza e o clero mantiñan as súas tradicionais exencións.
- ◆ Un **endebedamento crecente** mediante a emisión de *vales reais* e á contratación de empréstitos cada vez máis onerosos no estranxeiro.
- ◆ A venda en favor da Facenda de parte dos bens da Igrexa na denominada **desamortización de Godoy** (1798).

Os problemas non atoparon solución: os ingresos eran insuficientes e a débeda cada vez máis gravosa. A única solución era obrigar a contribuír aos privilexiados e xeralizar a venda dos bens amortizados, pero isto cuestionaba os fundamentos mesmos da sociedade do Antigo Réxime.

A crise política

As crecentes dificultades económicas, sociais, militares e fiscais e a incapacidade para resolvelas suscitaron **críticas xeralizadas contra Godoy, valido de Carlos IV, e contra o mesmo rei**. Estas naceron dende diferentes ámbitos:

- ◆ Algúns **círculos ilustrados**, desencantados coa paralización das reformas, achegáronse a posicións contrarias á monarquía absoluta. Malia o reforzado control inquisitorial, dende Francia chegaban clandestinamente escritos prorrevolucionarios que se difundían por todo o país. Producíronse tamén algúns movementos de oposición ao absolutismo, como as fracasadas conspiracións de Picornell e Malaspina (1795), que preocuparon ás autoridades.

DOC. 5: Manifesto do Abade Marchena á Nación española (1792).

Esta revolución sublime que proclamou solemnemente os dereitos eternos da Humanidade, derrubou do seu trono de ouro a superstición e a tiranía para colocar sobre el á igualdade e á razón, non limitará as súas benéficas influencias ao estreito recinto da nación francesa[...]

Se a relixión de Xesús é o sistema da paz e da caridade universais, quen son os verdadeiros cristiáns? Nós, que socorremos a tódolos homes, que os miramos como nosos irmáns, ou vós que perseguídes, que prendedes, que matades a tódolos que non adoptan as vosas ideas? [...] E as cavernas espantosas da Inquisición ábrese para sumir ao malfadado eu incorreu na indignación dos frades e dos hipócritas [...] Non é xa a hora de que a Nación sacuda o intolerable xugo da opresión do pensamento? Non é tempo de que o goberno suprima un tribunal de tebras que deshonra ata o despotismo? [...]

Igualdade, humanidade, fraternidade, tolerancia. Españóis, este é en catro palabras o sistema dos filósofos que algúns perversos vos fan mirar como uns monstros [...]

O lume eléctrico da liberdade difundido dende un extremo a outro da Europa, inflama en santa indignación contra os opresores a tódalas vítimas da tiranía.

[...] Os franceses fixeron a súa Constitución co fin de ser felices e non co de facer infelices aos demais homes. [...] O que queren é destruír aos tiranos

Gravado que representa a captura de Godoy a raíz do motín de Aranjuez (marzo de 1808)



[Dominio público], dende wikimedia Commons

- ◆ Importantes **sectores da nobreza e o clero** rexeitaban a política de Godoy de reforzamento da autoridade real e as súas medidas fiscais que, aínda que ben moderadas na súa formulación, puñan en cuestión os seus privilexios, como acontecera coa desamortización do patrimonio eclesiástico.
- ◆ Na corte, os **aristócratas contrarios a Godoy** foron constituíndo arredor de don Fernando, o príncipe de Asturias, un poderoso núcleo opositor que intrigou contra o ministro e o propio monarca. A fracasada *conspiración de El Escorial* (1807) poría de relevo a importancia deste círculo.

En outubro de 1807 asinárase entre a Monarquía española e o Imperio francés o **Tratado de Fontainebleau**. Nel acordouse a invasión conxunta de Portugal, fiel aliado de Gran Bretaña, e autorizouse o paso de tropas francesas por territorio español para intervir en tal acción. A comezos de de 1808, os efectivos galos sumaban xa os 65.000 soldados, ocupaban diversas cidades e controlaban as comunicacións con Francia, Portugal e Madrid. Esta presenza, cada vez máis ameazante, rematou por alarmar a Godoy. En marzo de 1808, a familia real retirouse a Aranjuez para, en caso de necesidade, tomar camiño cara o sur e embarcar rumbo América seguindo o exemplo do monarca portugués.

Naquel momento, unha multitude impulsada polos aristócratas fernandinos amotínouse ante o palacio real e asaltou a residencia de Godoy. Tras o **motín de Aranjuez**, o valido foi arrestado e un amedrentado Carlos IV abdicou no seu fillo, convertido en Fernando VII. Ambos os dous habían recorrer a Napoleón, convertido así en árbitro e señor da situación política española. O emperador francés convocounos en Baiona e alí forzou as sucesivas renuncias ao trono de Fernando e Carlos no seu favor. Por medio dun decreto imperial, a coroa española foi entregada a Xosé Bonaparte, irmán de Napoleón. O vergoñento episodio das **abdicacións de Baiona** puña en evidencia a crítica situación da dinastía borbónica, a monarquía absoluta e as estruturas do Antigo Réxime.

DOC. 6: Decreto de abdicación de Carlos IV a raíz do motín de Aranjuez (19-III-1808).

"Como os achaques de que adoezo non me permiten soportar por máis tempo o gran peso do goberno dos meus reinos, e me cumpria para reparar a miña saúde gozar dun clima máis morno e da tranquilidade da vida privada, determinei, logo da máis seria deliberación, abdicar a miña coroa no meu herdeiro e moi querido fillo o Príncipe de Asturias. Polo tanto, é a miña vontade que sexa recoñecido e obedecido coma Rei e señor natural de tódolos meus reinos e dominios."

DOC. 7: Carta de Carlos IV a Napoleón (23-III-1808)

*"Señor meu irmán:
V.M. saberá sen dúbida con mágoa os sucesos de Aranjuez e as súas resultas e non verá con indiferenza a un rei que, forzado a renunciar á coroa, acode a pórse nos brazos dun gran monarca, aliado seu, subordinándose totalmente ao dispor do único que lle pode dar a súa felicidade, a de toda a súa familia e á dos seus fieis vasallos.
Eu non renunciei en prol do meu fillo senón pola forza do estrondo das armas e os clamores dunha garda sublevada, que me facía coñecer bastante a necesidade de escoller entre a vida ou a morte, pois esta última seguiríase da da raíña.
Eu fun forzado a renunciar [...]
Dirixo a V.M.I. unha protesta contra los sucesos de Aranjuez e contra a miña abdicación. Entrégome e enteiramente confío no corazón de V.M. [...]
1º. Protesto e declaro que o meu decreto de 19 de marzo, no que abdiquei da coroa en prol do meu fillo, é un acto ao que me vin obrigado para evitar maiores infortunios e a efusión do sangue dos meus amados vasallos; e, por conseguinte, debe ser considerado nulo.
De V.M.I. e R. O seu máis afecto irmán e amigo. Carlos."*

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ALFEIRÁN, X. et al.: *Historia de España 2º Bach*, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
- ALVÁREZ REY, L. et. al.: *Historia de España. 2ª Bacharelato. Aula 3D*, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
- CANAL, J.[dir.]: *Historia contemporánea de España*, vol. 1: **1808-1898**, Madrid, Taurus-Fund. Mapfre, 2017.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: *Historia de España 2º Bachillerato*, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- FONTANA, J.: *La época del liberalismo*, FONTANA, J.; VILLARES, R. (dir.), *Historia de España*, vol. 6, Barcelona, Ed. Crítica-Marcial Pons, 2007.
- FUSI, J.P.; PALAFOX, J.: *España, 1808-1996: El desafío de la modernidad*, Madrid, Espasa, 2000.

- GIL ANDRÉS, C.: *50 cosas que hay que saber sobre Historia de España*, Barcelona, Editorial Ariel, 2016.
- LLOPIS, E.: "El derrumbe del Antiguo Régimen", [El País, 22-I-2012](#).
- RUÍZ TORRES, P.: *Reformismo e Ilustración*, en FONTANA, J.; VILLARES, R. (dir.), *Historia de España*, vol. 5, Barcelona, Ed. Crítica-Marcial Pons, 2014.
- VV.AA.: *Historia de España*, Madrid, Ed. Santillana, 2004.

A Guerra da Independencia.

As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812.

O conflito bélico que se desenvolveu no territorio peninsular español entre 1808 e 1814 agravou irreparabilmente a crise das estruturas do Antigo Réxime. Mentres, afrancesados e liberais foron definindo proxectos contrapostos para a transformación económica, social, política e mesmo cultural do país.

As orixes do conflito.

A Guerra da Independencia resultou, en boa medida, o froito das circunstancias que se desenvolve á fin do reinado de Carlos IV (1788-1808):

- ◆ Por unha banda, a **subordinación da política exterior da monarquía absoluta** aos intereses napoleónicos que culminou co Tratado de Fontainebleau (1807), que prevía a presenza de tropas francesas en territorio español para participar na ulterior invasión de Portugal.
- ◆ Pola outra a **crise política da monarquía absoluta**, que rematou co chamado motín de Aranjuez (marzo de 1808) e coa renuncia ao trono de Carlos IV en prol do seu fillo Fernando VII. Neste enfrontamento, ámbolos dous buscaron o apoio de Bonaparte, convertido así en árbitro da situación interna española. Napoleón convocou aos dous Borbóns españois a Francia onde acadou a súa renuncia ao trono no vergoñento episodio das **abdicacións de Baiona** (5 de maio de 1808). Convertido en titular da soberanía real, o emperador francés nomeou ao seu irmán, Xosé Bonaparte, daquela rei de Nápoles, para o trono español.

As autoridades e institucións da monarquía absoluta (Consello de Castela, Secretarios, Capitáns Xenerais) aceptaron, en xeral, as renuncias de Baiona e acataron ao novo monarca. Sen embargo, este non foi o parecer dunha parte importante da poboación.

Representación das abdicacións de Baiona (1808)



Fonte: [L'Historia](#).

DOC. 1. Renuncia de Carlos IV ao trono en prol de Napoleón (5-V-1808)

"Art. 1. S.M. o rei Carlos [...] resolveu ceder, como cede polo presente, tódolos seus dereitos ao trono das Españas e das Indias S.M. o Emperador Napoleón, como o único que, no estado ao que chegaron as cousas, pode establecer a orde; entendéndose que dita cesión só ha ter efecto para facer gozar aos seus vasallos das condicións seguintes:

- 1.-A integridade do reino será mantida [...]
- 2.-A relixión católica, apostólica e romana será a única de España[...]
- 3.-S.M. o Emperador obrigase a dar asilo nos seus Estados ao rei Carlos, á súa familia e ao Príncipe da Pax [...], os cales gozarán en Francia dun rango equiparable ao que tiñan en España."

DOC. 2: Adhesión de Fernando VII á renuncia de seu pai (10-V-1808)

"O Príncipe de Asturias adhírese á cesión feita polo rey Carlos dos seus dereitos ao trono de España e das Indias en prol de S.M. o Emperador dos franceses, rei de Italia e protector da Confederación do Rin e renuncia a tódolos dereitos que posúe como Príncipe de Asturias á Coroa española."

DOC 3. Proclama de Napoleón dirixida aos españois

"Españóis: logo dunha longa agonía a vosa nación ía perecer. Vin os vosos males e vou remedialos. Os vosos príncipes cedéronme tódolos seus dereitos á coroa das Españas; eu non quero reinar nas vosas provincias [...] e fareivos gozar dos beneficios dunha reforma sen que experimentedes quebrantos, desordes e convulsións. Españóis: fixen convocar unha asemblea xeral das deputacións, das provincias e das cidades. Eu mesmo quero saber os vosos desexos e as vosas necesidades [...] asegurándovos ao mesmo tempo unha Constitución que concilie a santa e saudable autoridade do Soberano coas liberdades e privilexios do pobo.

Españóis: lembrádevos do que foron os vosos pais e mirade ao que chegastes. Non é vosa a culpa, senón do mal goberno que vos rexía. Eu quero que a miña memoria chegue ata os vosos últimos netos e exclamen: é o rexenerador da nosa patria!
Bayona, 25 de mayo de 1808"

A hostilidade crecente contra as tropas francesas culminou nunha cadea de levantamentos populares en maio de 1808 dirixida tanto contra os ocupantes como fronte ás autoridades tradicionais. Esta situación xerou un baleiro de poder que levou á formación duns novos organismos, as **xuntas locais e provincias**, dirixidas por notables (aristócratas, funcionarios, cregos, comerciantes) que trataron de restablecer a orde pública e organizar a oposición armada contra os franceses en nome do ausente Fernando VII *El Deseado*. Tras a vitoria das tropas españolas en Bailén e a retirada de José Bonaparte da capital, representantes das xuntas puideron reunirse en Aranjuez en setembro de 1808 para constituír unha **Xunta Suprema Central**, presidida polo conde de Floridablanca, para coordinar a súa actuación e buscar apoio internacional á súa causa.

O enfrontamento bélico.

Trazos do conflito.

A Guerra da Independencia foi un conflito armado que presentou **diferentes dimensións**. Tivo algo da **guerra patriótica** mitificada polos liberais durante o século XIX: enfrontou aos ocupantes franceses cunha parte importante da poboación. Tivo trazos de **guerra civil**: a presunta maioría patriótica combateu contra a minoría afrancesada. Pero foi tamén un **conflito internacional**: xa en territorio español loitaron franceses fronte a españois, portugueses pero, tamén e sobre todo, británicos, que se referirían á contenda como a *peninsular war*. A Península foi un dos escenarios en que o Reino Unido e os seus aliados fixeron fronte ás pretensións hexemónicas da Francia napoleónica.

Dende outro punto de vista, foi unha **guerra tradicional** entre exércitos regulares (unidades francesas contra forzas españolas, portuguesas e británicas) e unha **guerra de novo tipo**, cunha ampla participación popular e un destacado papel das guerrillas.

O curso da guerra.

Entre maio e setembro de 1808, os levantamentos populares antifranceses e a resistencia dalgunhas cidades (Zaragoza, Girona) provocou os seus **sítios** polas tropas

DOC. 4: Decreto de nomeamento de José Bonaparte como rei de España (6-VI-1808).

"Napoleón, pola gracia de Deus, Emperador dos franceses [...] a tódolos que o presente visen, saúde.

Postos en coñecemento pola Xunta de Estado, o Consello de Castela, a vila de Madrid, etc, por representación, que o ben de España esixía que se puxese pronto termo ao interregno, acordamos proclamar rei das Españas e as Indias ao noso moi prezado irmán José Napoleón, actual rei de Nápoles e Sicilia."

DOC. 5: Manifesto da Xunta Suprema Central á Nación (10-X-1808).

"Españóis: a Xunta Suprema Gobernativa, depositaria interina da autoridade suprema, dedicou os primeiros momentos que seguiron á súa formación ás medidas urxentes que o seu instituto e as circunstancias lle prescribían [...]

Unha tiranía de 20 anos, exercida polas mans máis ineptas que xamais se coñeceron, puxera á nosa Patria á beira do precipicio. O opresor de Europa veu chegado o intre de arroxarse sobre unha presa que tanto tempo devecera e engadir o florón máis brillante e rico á súa ensanguentada coroa. Todo, ao parecer, alentaba a súa esperanza: a Nación desunida do seu goberno por odio e por desprezo; a Familia Real dividida; o suspirado Herdeiro ao trono acusado, calumniado e, se isto fose posible, envilecido; a forza pública dispersa e desorganizadas; apurados os recursos; as tropas francesas introducidas no reino e apoderadas das prazas fortes da fronteira; en fin, 60.000 homes prontos a entrar na capital para, dende alí, dar a lei a toda a Monarquía.

Nese momento crítico foi cando sacudindo de súpeto o letargo no que xaciades, precipitastes ao Favorito do cumio do poder que usurpaba, e vistes no Trono ao Príncipe que idolatrabades. Unha alevosía, a máis abominable que se coñece nos fastos da perversidade humana, privouvos do voso inocente Rei; e o atentado de Baiona e a tiranía francesa anunciáronse a España cos canonazos do 2 de Maio en Madrid [...]

[...] As provincias de España indignadas, cun movemento súpeto e solemne alzáronse contra os agresores e xuraron perecer primeiro que someterse a tan ignominiosa tiranía. O caso é único nos anais da nosa historia, imprevisto nas nosas leis e case alleo aos nosos costumes.

Cumpria dar unha dirección á forza pública que correspondese á vontade e aos sacrificios do Pobo; e esa necesidade creou as Xuntas Supremas nas Provincias, que reasumiron en si toda a autoridade, para afastar o perigo repelendo ao inimigo e para conservar a tranquilidade interior [...].

Mais, logo que a capital se viu libre de inimigos e a comunicación das Provincias foi restablecida, a autoridade dividida en tantos puntos cantos eran as Xuntas Provinciais, debía reunirse nun centro dende onde obrase con toda a actividade e forza necesarias. Tal foi o voto da opinión pública e tal o partido que ao instante adoptaron as provincias. As súas Xuntas respectivas nomearon Deputados que concorreron a formar este centro de autoridade [...]"

napoleónicas. A mobilización dalgunhas unidades militares permitiu acadar unha sonada vitoria sobre os franceses en Bailén (xullo de 1808). A primeira derrota sería das tropas napoleónicas no continente obrigou a José I a abandonar Madrid e á intervención directa do emperador e a súa Armée en España.

Dende finais de 1808 a 1812, a hexemonía militar francesa foi incontestable aínda que a acción da guerrilla dificultou notablemente o control efectivo do territorio. En 1812, a retirada de efectivos franceses para a invasión de Rusia debilitou a posición na Península e favoreceu os progresos das tropas anglo- hispano-portuguesas e as vitorias de Arapiles (1812), Vitoria e San Marcial (1813). Forzado polas circunstancias, Napoleón decidiu librarse do problema español asinando o **Tratado de Valençay** (1813) polo que Fernando VII era restablecido no trono español. Sen embargo, a ocupación militar de Cataluña perduraría aínda ata 1814.

O proxecto reformista afrancesado.

Os afrancesados

Un sector minoritario da poboación, aínda que destacada intelectual e politicamente, apostou polo réxime de Xosé I e, conseguintemente, pola ocupación francesa. As motivacións desta minoría foron diversas:

- ◆ **Razóns ideolóxicas:** algúns grupos ilustrados (Cabarrús, Urquijo, o abade Marchena, p. e.) consideraron que a nova dinastía podía impulsar as reformas urxentes que o país necesitaba.
- ◆ **Fatalismo:** aqueles que consideraban que a ocupación francesa era un feito consumado fronte ao que era inútil calquera resistencia aceptaron servir ao novo rei e ao seu goberno. Consegúan así, polo menos, que a administración civil seguise en mans de españois.
- ◆ **Oportunismo:** outros viron no réxime xosefino e na ocupación francesa oportunidades de beneficios económicos e promoción social.

Retrato de Xosé Bonaparte (c. 1808),
de François Pascal Simon Gérard



[Dominio público], dende [Wikimedia Commons](#)

DOC 6: A Carta de Baiona (1808)

"No nome de Deus Todopoderoso, Don Xosé Napoleón, pola graza de Deus, Rei das Españas e das Indias. Oída a Xunta Nacional congregada en Baiona pola orde do noso moi caro e amado irmán Napoleón, Emperador dos franceses[...] Decretamos a presente Constitución, para que se garde como lei fundamental dos nosos Estados, e como base do pacto que una aos nosos pobos con Nós e a Nós cos nosos pobos.

Art. 1: A relixión católica, apostólica e romana, en España e en tódalas posesións españolas, será a relixión do Rei e da Nación e non se permitirá ningunha outra.

Art. 2. A Coroa das Españas e das Indias será hereditaria na nosa descendencia directa, natural e lexítima de varón en varón, por orde de primoxenitura, e con exclusión perpetua das femias[...]

Art. 31. Os Ministros, cada un na parte que lle toca, serán responsables da execución das leis e das ordes do Rei.

Art. 32. O Senado comporase:

1º. Dos Infantes de España que teñan 18 anos cumpridos.

2º. De 24 individuos nomeados polo Rei entre os Ministros, Capitáns xenerais do Exército e Armada, os embaixadores, conselleiros de Estado e os do Consello Real.[...]

Art. 52. Haberá un Consello de Estado presidido polo Rei [...]

Art. 57. Os proxectos de leis civís e criminais e os regulamentos xerais da administración pública serán examinados e estendidos polo Consello de Estado.[...]

Art. 61. Haberá Cortes ou Xuntas da Nación compostas de 172 individuos, divididos en tres Estamentos [...]

Art. 72. Para ser Deputado polas provincias ou polas cidades necesítase ser propietario de bens raíces. [...]

Art. 96. As Españas e as Indias gobernaránse por un só Código de leis civís e criminais.

Art. 97. A orde xudicial será independente nas súas funcións.

Art. 98. A xustiza adminístrase en nome do Rei por Xulgados e Tribunais que el mesmo establecera. Polo tanto, os Tribunais que teñan atribucións especiais e tódalas xustizas de abadengo, ordes e señorías quedan suprimidas"

A realidade da guerra e a prioridade das necesidades dos mandos militares franceses sobre as consideracións da administración civil frustraron moitas das propostas reformistas emanadas do goberno xosefino.

A Carta de Baiona (1808).

A Constitución de 1808, a primeira da historia española, foi en realidade unha **carta outorgada**. Foi elaborada por iniciativa de Napoleón e ratificada por unha **assemblea de notables** non representativa (*Junta Nacional*) convocada ao efecto en Baiona polo emperador. O seu contido e unha boa mostra das características e limitacións do proxecto reformista afrancesado:

- Establecía como forma de goberno unha **monarquía autoritaria**, nacida da soberanía real, que reservaba amplos poderes ao monarca.
- Definía un **parlamento bicameral**, cun Senado designado polo rei e unhas Cortes de carácter estamental, formadas por representantes da nobreza, do clero e do pobo elixidos en base a un sufraxio moi restrinxido.
- Concedía certos **dereitos individuais** (propiedade, liberdade de prensa, liberdade de industria e comercio), proclamaba a **igualdade fiscal** dos súbditos.

Acompañouse da dalgunhas **reformas**, que apenas saíron do papel: supresión parcial dos privilexios estamentais, limitada desamortización eclesiástica, novo mapa administrativo...

O proxecto patriota liberal.

O bando patriota.

Entre os opostos á dominación francesa non había unanimidade respecto á construción do futuro do país. Dentro deles poderíamos distinguir, polo menos, tres tendencias:

- ◆ **Absolutistas:** defendían integramente o Antigo Réxime, a monarquía absoluta, os privilexios estamentais e o papel da Igrexa.

Mapa das prefecturas xosefinas (1810).



Mao Zaluchi [GFDL ou CC-BY-SA-3.0], [Wikimedia Commons](#)

DOC. 7: Decreto de Constitución das Cortes de Cádiz (24-IX-1810).

"Os deputados que compoñen este Congreso, e que representan á nación española, decláranse lexitimamente constituídos en Cortes xerais e extraordinarias e que reside nelas a soberanía nacional. Proclaman e xuran novamente como o seu único e lexitimo rei ao señor D. Fernando VII; e declaran nula, de ningún valor nin efecto a cesión que disque se fixo en prol de Napoleón, non só pola violencia que interviu naqueles actos inxustos e ilegais, senón principalmente por faltarlles o consentimento da nación. Non convindo quede reunidos o Poder lexislativo, o executivo e o xudicial, as Cortes xerais e extraordinarias resérvanse o exercicio do Poder lexislativo en toda a súa extensión. O Consello de Rexencia recoñecerá a soberanía nacional das Cortes e xurará obediencia ás leis e decretos que delas emanaren."

O xuramento das Cortes de 1810, de José Casado del Alisal (1862).



[Dominio público], dende [Wikimedia Commons](#)

- ◆ **Reformistas ou jovellanistas:** postulaban a posta en marcha de profundas reformas no país na liña do ideario ilustrado, limitando o poder real consonte á chamada *constitución histórica* da monarquía e promovendo a liberdade económica.
- ◆ **Liberais:** pretenden romper radicalmente co Antigo Réxime e construír unha nova orde baseada na protección das liberdades individuais, a igualdade ante a lei e a Soberanía Nacional.

As Cortes de Cádiz (1810-1812).

En 1809, a Xunta Suprema Central decidiu convocar as Cortes do reino coa intención de dar unha saída política a situación de interinidade que vivía o país e de ofrecer unha resposta axeitada ao proxecto reformista afrancesado. A convocatoria puxo de manifesto as **diferenzas ideolóxicas** existentes no seo do bando patriota: os absolutistas demandaban a reunión dunhas Cortes estamentais tradicionais que servise para reafirmar co compromiso entre o reino e o monarca ausente, o desexado Fernando VII; os jovellanistas inclinábanse por unhas Cortes bicamerais, cunha Cámara alta representativa dos estamentos privilexiados segundo o modelo inglés; os liberais promoveron a convocatoria dunhas Cortes unicamerais representativas da Soberanía nacional.

Finalmente, as posicións liberais saíron triunfantes. En Cádiz, sitiado polos franceses, reuníronse en 1810 unhas **Cortes unicamerais** que se proclamarían axiña representativas da Soberanía nacional. Esta vitoria política dos liberais tiña unhas bases moi febles. Dende o punto de vista da legalidade, as leis fundamentais do reino só prevían a convocatoria dunhas Cortes estamentais cun papel pouco máis ca consultivo. Dende o punto de vista da autoridade, o poder das Cortes e do Consello de Rexencia limitábase a unha parte reducida do territorio español ao estar boa parte del baixo a ocupación francesa. Dende o punto de vista da representatividade, os procedementos electorais foron, naquelas circunstancias, canto menos confusos e ás veces irregulares. En moitos casos, os representantes das provincias sometidas e das colonias americanas foron elixidos entre os residentes na cidade de Cádiz destas procedencias. Non pode estrañar que o seu labor fose cuestionado dende o principio. Malia todo, a súa transcendencia histórica é indiscutible: sinala o **comezo da revolución liberal en España**.

A Constitución de 1812.

A Constitución de 1812 debe ser considerada a primeira constitución española. Presenta algunhas semellanzas coa Constitución francesa de 1791 ou a estadounidense de 1787, pero ofrece tamén notables singularidades:

- ◆ Proclama a **Soberanía Nacional**, entendendo a Nación como o conxunto dos cidadáns españois "*de amboos dous hemisferios*".
- ◆ Non posúe, a diferenza doutros textos constitucionais da época, unha declaración explícita de **dereitos individuais** pero si inclúe unha apelación abstracta a certos principios (propiedade, liberdade, igualdade ante a lei, seguridade, felicidade). Iso si proclama radical e dogmáticamente a **confesionalidade católica do Estado**.
- ◆ Define unha clara **separación de poderes**:
 - O **poder executivo**, atribuído ao Rei, e exercido por Secretarios (ministros) responsables.

- O **poder lexislativo** queda en mans dunhas Cortes unicamerais. Correspondería ao rei a sanción ou veto (suspensivo) das leis
- O **poder xudicial** reside nos tribunais de xustiza.
- ◆ Establece un **sistema representativo** baseado nun **sufraxio masculino practicamente universal** a través dun sistema de **elección indirecta** dos deputados.

O texto, aprobado o 19 de marzo de 1812 (a *Pepa*), tivo unha escasa vixencia (1812-14, 1820-23, 1836- 37) pero se converteu nun modelo para o importantes sectores do liberalismo español ao longo do século XIX e o seu influxo foi notable no sur de Europa (Portugal, Italia).

A obra lexislativa das Cortes.

O traballo das Cortes de Cádiz e das subseguintes Cortes ordinarias (1813-1814) non só definiu as bases dun sistema político liberal senón que tamén estivo dirixida á implantación dun novo modelo económico, baseado na propiedade privada, a iniciativa individual e o mercado libre, e dunha nova sociedade, baseada na igualdade dos cidadáns ante a lei:

- ◆ Estableceuse a **liberdade de imprenta** (1810).
- ◆ Decretouse a **abolición dos señoríos** (1811), a **desvinculación dos morgados** (1813) e unha limitada **desamortización dos bens eclesiásticos**.
- ◆ Aprobáronse a **liberdade de industria, comercio, contratación e cultivo** e suprimíronse os **gremios** (1813).
- ◆ Suprimiuse a **Inquisición** (1813)

Fernando VII, retornado a España en 1814, derrogaría toda a obra das Cortes, declarando “aquella Constitución y aquellos decretos nulos y de ningún valor ni efecto, ahora ni en tiempo alguno, como si no hubiesen pasado jamás tales

DOC. 8: A Constitución de 1812

Don Fernando VII, pola graza de Deus e da Constitución da Monarquía española, Rei das Españas, e na súa ausencia e catividade, a Rexencia do Reino, nomeada polas Cortes xerais e Extraordinarias, a tódolos que as presentes verén e entenderen, sabede: Que as mesmas Cortes decretaron e sancionaron a seguinte Constitución Política da Monarquía Española.

No nome de Deus Todopoderoso, Pai, Fillo e Espírito Santo, autor e supremo lexislador da sociedade, as Cortes xerais e extraordinarias da Nación española, ben convencidas, logo do máis detido exame e madura deliberación, de que as antigas leis fundamentais desta monarquía, acompañadas das oportunas providencias e precaucións que aseguren de xeito estable e permanente o grande obxecto de promover a gloria, a prosperidade e o ben de toda a nación, decretan a seguinte Constitución política para o bo goberno e a recta administración do Estado.:

Art. 1º. A Nación española é a reunión de tódolos españois de ámbolos dous hemisferios [...]

Art. 3º. A Soberanía reside esencialmente na Nación e, polo mesmo, pertence a esta exclusivamente o dereito de establecer as súas leis fundamentais.

Art. 4º. A Nación está obrigada a conservar e protexer por leis sabias e xustas a liberdade civil, a propiedade e os demais dereitos lexítimos de tódolos individuos que a compoñen[...]

Art. 12º.-A relixión da Nación española é e será perpetuamente a católica, apostólica, romana, única verdadeira. A Nación protéxea por leis sabias e xustas e prohibe o exercicio de calquera outra[...]

Art. 14º. O Goberno da Nación española é unha monarquía moderada hereditaria.

Art. 15º. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co Rei.

Art. 16º. A potestade de facer executar as leis reside no Rei.

Art. 17. A potestade de aplicar as leis nas causas civís e criminais reside nos Tribunais establecidos pola lei.[...]

Art. 27º. As Cortes son a reunión de tódolos deputados que representan á Nación, nomeados polos cidadáns no xeito que se dirá [...]

Art. 34º. Para a elección dos Deputados de Cortes se celebrarán xuntas electorais de parroquia, de partido e de provincia[...]

Art. 142º. O Rei ten a sanción das leis.[...]

Art. 147º. Se o Rei negase a sanción, non se volverá a tratar do mesmo asunto nas Cortes de aquel ano; pero poderá facerse nas do seguinte. [...]

Art. 225º. Tódalas ordes do Rei deberán ir asinadas polo Secretario do Despacho do ramo ao que o asunto corresponda.[...]

Art. 226º. Os Secretarios do Despacho serán responsables ante as Cortes das ordes que autoricen contra a Constitución ou as leis, sen que lles sirva de excusa mandalo o Rei [...]

Art. 248º. Nos negocios comúns, civís e criminais non haberá máis ca un só foro para toda clase de persoa.[...]

A promulgación da Constitución de 1812, por S. Viniegra (1912)



[Dominio público], dende [Wikimedia Commons](#)

actos y se quitasen de en medio del tiempo, y sin obligación en mis pueblos y súbditos de cualquiera clase y condición a cumplirlos ni guardarlos". Restauraba así a monarquía absoluta en España.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ALFEIRÁN, X. et al.: **Historia de España 2º Bach**, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
- ÁLVAREZ REY, L. et. al.: **Historia de España. 2ª Bacharelato. Aula 3D**, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
- CANAL, J.[dir.]: **Historia contemporánea de España**, vol. 1: **1808-1898**, Madrid, Taurus-Fund. Mapfre, 2017.
- ESDAILE, Ch.: **La Guerra de la Independencia. Una nueva historia**, Barcelona, Ed. Crítica, 2003.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: **Historia de España 2º Bachillerato**, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- FONTANA, J.: **La época del liberalismo**, FONTANA, J.; VILLARES, R. (dir.), **Historia de España**, vol. 6, Barcelona, Ed. Crítica-Marcial Pons, 2007.
- FUSI, J.P.; PALAFOX, J.: **España, 1808-1996: El desafío de la modernidad**, Madrid, Espasa, 2000.
- GIL ANDRÉS, C.: **50 cosas que hay que saber sobre Historia de España**, Barcelona, Editorial Ariel, 2016.
- LA PARRA LÓPEZ, E.: **Fernando VII. Un rey deseado y detestado**, Barcelona, Tusquets Editores, 2018.
- VV.AA.: **Historia de España**, Madrid, Ed. Santillana, 2004.

DOC. 9: Decreto sobre a liberdade de imprenta (1810).

Atendendo as Cortes xerais e extraordinarias a que a facultade individual dos cidadáns de publicar os seus pensamentos e ideas é non só un freo da arbitrariedade dos que gobernan senón tamén un medio de ilustra á Nación en xeral e o único camiño para levar ao coñecemento da verdadeira opinión pública, viñeron en decretar o seguinte:

Art. 1. Tódolos corpos e persoas particulares, de calquera condición e estado que sexan, teñen a liberdade de escribir, imprimir e publicar as súas ideas políticas sen necesidade de licenza, revisión ou aprobación anteriores á publicación, baixo as restricións e responsabilidades que se expresarán no presente decreto.

Art. 2. Polo tanto, quedan abolidos tódolos actuais xulgados de Imprenta e a censura das obras políticas precedente á súa impresión.

Art. 3. Os autores e impresores serán responsables respectivamente do abuso desta liberdade [...]

Art. 6. Tódolos escritos sobre materias de relixión quedan suxeitos á previa censura dos Ordinarios eclesiásticos, segundo o establecido no Concilio de Trento.[...]

DOC. 10: Lei de abolición dos señoríos (1811).

[...] Desexando as Cortes xerais e extraordinarias remover os atrancos que se puidesen opoñer ao bo réxime, aumento da poboación e prosperidade da monarquía, decretan:

1º. Dende agora quedan incorporados á nación tódolos señoríos xurisdiccionais de calquera clase e condición que sexan [...]

5º. Os señoríos territoriais e solariegos fican dende agora na clase dos demais dereitos de propiedade particular; se non son daqueles que pola súa natureza deban incorporarse á nación, ou dos que non cumprisen as condicións coas que se concederon, o que resultará dos títulos de adquisición.[...]

DOC 11: Decreto de abolición da Inquisición (22-II-1813).

As Cortes xerais e extraordinarias, querendo que o previsto no artigo 12 da Constitución teña o máis cumprido efecto e se asegure no sucesivo a fiel observancia de tan sabia disposición, declaran e decretan:

Art. 1. A Relixión Católica, Apostólica e Romana será protexida polas leis consonte á Constitución.

Art. 2. O tribunal da Inquisición é incompatible coa Constitución.

Art. 3. Na súa consecuencia restablécese no seu primitivo rigor a lei [...] en canto deixa expeditas as facultades dos Bispos e os seus Vicarios para coñecer as causas da Fe, consonte os sagrados cánones e Dereito común, e dos xuíces seculares para declarar e impor aos herexes as penas que sinalan as leis ou que en diante sinalaren.

O reinado de Fernando VII (1814-1833).

O reinado de Fernando VII definiuse pola **confrontación entre absolutismo e liberalismo**, que condicionou a súa evolución política. Estivo tamén estivo marcado polas consecuencias da Guerra da Independencia (graves perdas materiais e humanas, desarticulación das institucións do Antigo Réxime, quebra da Facenda, comezo do proceso independentista nas colonias americanas...) e polo contexto internacional europeo, marcado pola derrota napoleónica, a reacción contra as ideas revolucionarias e a Restauración absolutista (1814-1830).

O sexenio absolutista (1814-1820)

O inminente retorno do rei alentou as esperanzas dos sectores absolutistas, ben representados entre as elites tradicionais (clero, nobreza, mandos militares...). Mentres Fernando VII, recibido con entusiasmo por onde pasaba, desatendía as instrucións da Rexencia, alterando o itinerario previsto e adiando a entrada en Madrid. Mentres os absolutistas se organizaban, Fernando VII recibía o apoio expreso de numerosos xenerais e podía asegurarse da favorable disposición aos seus plans do goberno británico e do duque de Wellington. Durante a súa estadía en Valencia, presentáronlle un longo texto asinado por 69 deputados das Cortes, o chamado **Manifesto dos Persas**, que reclamaba a restauración da monarquía absoluta. O capitán xeneral Elío puña as súas tropas a disposición do rei e invitáballe a recobrar plenamente os seus dereitos. O 4 de maio de 1814, Fernando VII asinaba un texto, coñecido como o *Manifesto* ou *Decreto* de

Valencia, onde anunciaba que non xuraría a Constitución e declaraba “*nula e sen ningún valor nin efecto*” tanto esta como toda a lexislación emanada das Cortes. Ao mesmo tempo organizábanse as tropas que habían ocupar a capital. O rei fixo a súa entrada en Madrid o 13 de maio. As Cortes foran disoltas, os líderes liberais máis influentes estaban detidos, os sinais visibles alusivos á Constitución foran arrancados na cadea e as tropas do xeneral Eguía controlaban a cidade. Sen apenas resistencia por parte das Cortes e da Rexencia, consumárase o golpe de Estado e a

Retrato de Fernando VII (1815), de F. de Goya



[Dominio público], dende Wikimedia Commons

DOC. 1: O Manifesto dos Persas (1814).

Era costume entre os antigos persas pasar cinco días de anarquía despois do falecemento do seu rei, co fin de que a experiencia dos asasinatos, roubos e outras desgrazas os obrigase a ser máis fieis ao seu sucesor [...]

E estábamos convencidos de ser xusto restituír a V.M. a coroa dos seus maiores, sobre as antigas bases que lle fixou a monarquía [...]

A monarquía absoluta (voz que por igual causa oe o pobo con excesiva equivocación) é unha obra da razón e da intelixencia; está subordinada a unha lei divina, á xustiza e ás leis fundamentais do Estado; foi establecida por dereito de conquista ou pola submisión voluntaria dos primeiros homes que elixiron aos seus Reis [...]. Os que declaman contra o goberno monárquico confunden o poder absoluto co arbitrario [...]. Nun goberno absoluto, as persoas son libres, a propiedade dos bens é tan lexítima e inviolable que subsiste aínda contra o mesmo soberano [...]. Os máis sabios políticos han preferido esta monarquía absoluta a todo outro goberno.

restauración do absolutismo. Segundo moitos historiadores, aténdose aos indicios, o entusiasmo popular polo rei en maio de 1814 foi innegable. Sen embargo, non serían tanto a volta ao absolutismo como a liberación do dominio francés e a recuperación da paz, personificadas en Fernando VII, as causas desta adhesión.

Evidentemente, a fácil vitoria de Fernando VII puxo de relevo a debilidade dos apoios ao réxime constitucional no interior. Non foi dende logo allea tampouco ás circunstancias internacionais: a derrota napoleónica, o éxito da **restauración monárquica**, a nova orde europea deseñada no **Congreso de Viena** (1814-1815), a formación da **Santa Alianza** (1815).

Sen embargo, a pretensión dun completo **retorno ao Antigo Réxime** (privilexios, réxime señorial, Inquisición) resultou máis difícil do que pensaban os absolutistas:

- O **restablecemento dos señoríos foi incompleto** ao asumir a Coroa a xurisdición cuestionando a posición da aristocracia señorial.
- A **crise económica** e os **problemas da Facenda** agraváronse. As poucas e limitadas propostas de reforma naufragaron ante a oposición dos sectores máis inmovilistas.
- As escasas dotes do monarca, o influxo da *camarilla de palacio* e a inestabilidade ministerial revelaban a **falla de propostas de goberno** á altura dos graves problemas do país.

Os liberais foron obxecto dunha sistemática represión que os condenou ao exilio ou á clandestinidade. Numerosas conspiracións, con frecuente intervención das sociedades masónicas, tiveron lugar ao longo do período e traducíronse en múltiples **pronunciamentos militares**: Espoz y Mina (1814), Porlier (1815), Richart (1816), Lacy (1817)... Finalmente, en xaneiro de 1820 o **tenente coronel Riego** pronunciouse en Cabezas de San Juan (Sevilla), onde estaban acantonadas as tropas destinadas a combater aos

Reunión do Congreso de Viena (1814-15) segundo un gravado da *Historia del Consulado e do Imperio*, 1876, de A. Thiers.



Fondo antigo da Biblioteca de Sevilla [CC BY-SA], dende Flickr.

DOC.2: Manifesto-Decreto de Valencia (4-V-1814).

As Cortes [...] no mesmo día da súa instalación [...] despoñéronse da soberanía, pouco antes recoñecida polos mesmos deputados, outorgándolla nominalmente á nación para apropiá-la para mesmos e dar a esta, despois, sobre tal usurpación, as leis que quixeron, impoñéndolle o xugo de que forzosamente as recibise nunha nova Constitución [...]; e o que era verdadeiramente obra dunha facción, era revestido [...] de vontade xeral [...] Declaro que o meu real ánimo é non só non xurar nin acceder á dita Constitución nin a decreto ningún das Cortes xerais e extraordinarias [...] senón declarar aquela Constitución e tales decretos nulos e de ningún valor ou efecto, agora nin en tempo ningún, como se xamais sucedesen tales actos.

DOC.3: Manifesto á Nación Española da Xunta Provincial de Galicia, presidida por Juan Díaz Porlier (1815).

Españóis: [...] Obríganos pola necesidade, vendo que a verdade non pode chegar a oídos do Rei, sitiado a toda hora polos seus conselleiros [...] tomamos a terrible, pero indispensable resolución de reclamara coas armas na man o que se negou ás nosas solicitudes. O noso obxectivo é o de España enteira: unha monarquía sometida a leis xustas e sabias e constituída dun xeito que sexa garantía, tanto das prerrogativas do trono coma dos dereitos da nación. Pedimos a convocatoria de Cortes nomeadas polo pobo e que estas teñan liberdade de facer na Constitución proclamada pola Corte extraordinaria, os cambios que esixe a nosa situación.

DOC.4: Fernando VII acepta a Constitución de 1812 (10-III-1823).

Mentres eu meditaba maduramente coa solicitude propia do meu paternal corazón as variacións do nos réxime fundamental que parecían máis adaptables ao carácter nacional e ao estado presente das diversas opcións da monarquía española, así como máis análogas á organización dos pobos ilustrados, fixéstesme comprende que se restablecese aquela Constitución que entre o estrondo das armas hostís foi promulgada en Cádiz en 1812, ao tempo que con asombro do mundo combatiades pola liberdade da patria. Oín os vosos votos e, como tenro pai, condescendín ao que conduce á súa felicidade. Xurei esa Constitución [...] e sempre serei o seu máis firme apoio [...] Marchemos francamente, e eu o primeiro, pola senda constitucional.

independentistas americanos. O apoio doutras gornicións forzou finalmente a Fernando VII a aceptar a Constitución de 1812 en marzo de 1820.

O trienio liberal (1820-1823)

Entre marzo de 1820 e outubro de 1823 desenvolveuse a **segunda experiencia liberal española**. Moitas das medidas aprobadas polas Cortes de 1810 a 1814 foron recuperadas:

- **Restauráronse a Constitución de 1812 e as institucións nela previstas:** Cortes unicamerais, goberno responsable, concellos, deputacións, Milicia nacional.
- **Aplicouse a lexislación socioeconómica gaditana:** abolición de señoríos, desvinculación de morgados, desamortización, liberdade de industria e comercio...
- **O restablecemento das liberdades** alentou o debate público a través da prensa e das sociedades patrióticas.

Pero o réxime liberal tivo que facer fronte a **múltiples dificultades**:

- En primeiro lugar, os persistentes **problemas económicos e fiscais**.
- En segundo lugar, fíxose evidente a **división interna dos liberais** entre **moderados** e **exaltados**. Os primeiros postulaban a consolidación do réxime liberal co concurso dos sectores tradicionais (Coroa, Igrexa, nobreza territorial). Isto supuña concesións conservadoras: a Constitución debía ser reformada en prol dun reforzamento do executivo, o sufraxio restrinxido e as Cortes convertidas en bicamerais cunha cámara alta reservada á nobreza titulada. Aínda que os moderados tiveron maioría nas Cortes do trienio e dominaron os gabinetes gobernamentais, estas

O tenente coronel Rafael de Riego (1820)



[Dominio público], dende [Wikimedia Commons](#)

DOC. 5: Manifesto do tenente coronel Riego en Cabezas de San Juan (1-I-1820).

"Soldados, o meu amor cara a vós é grande. Polo mesmo eu non podía consentir, como xefe voso, que se vos afastase da vosa patria [...]. España está a vivir a mercé dun poder arbitrario e absoluto, exercido sen o menor respecto ás leis fundamentais da nación. [...] A Constitución española, xusta e liberal, foi elaborada en Cádiz entre sangue e sufrimento. Máis o rei non a xurou e é necesario, para que España se salve, que o rei xure e respecte esa Constitución de 1812."

DOC. 6: Acordo secreto do Congreso de Verona (22-XI-1822).

Os plenipotenciarios abaixo asinantes, autorizados especialmente polos seus soberanos para facer algunhas adicións ao tratado da Santa Alianza convíron:

1º As altas partes contratantes, plenamente convencidas de que o sistema de goberno representativo é tan incompatible co principio monárquico como a máxima da soberanía do pobo é oposto ao principio do dereito divino, obríganse, do xeito máis solemne a empregar tódolos seus medios e unir tódolos seus esforzos para destruír o sistema de l sistema del goberno representativo de calquera estado de Europa onde exista e para evitar que se introduza nos Estados onde non se coñece. [...]

4º. Como a situación actual de España e Portugal reúne por desgraza tódalas circunstancias ás que fai referencia este tratado, as altas partes contratantes, confiando á Francia o cargo de destruílas[...]

Por Austria, Metternich. Por Francia, Chateaubriand. Por Prusia, Berestorff. Por Rusia, Nesselrode.

DOC. 7: Decreto de Fernando VII anulando a obra lexislativa do Trienio Liberal (1-X-1823).

Sentado xa novamente no trono de San Fernando pola man sabia e xusta do Omnipotente, polas xenerosas resolucións dos meus poderosos aliados e polos denodados esforzos do meu primo, o duque de Angulema e o seu bravo exército, deixando prover o remedio ás máis urxentes necesidades dos meus pobos, e manifestar a todo o mundo a miña verdadeira liberdade, decidín decretar o seguinte:

1º Son nulos e de ningún valor tódolos actos de goberno chamado constitucional (de calquera clase e condición que sexan) que dominou aos meus pobos dende o 7 de marzo de 1820 ata hoxe 1 de outubro de 1823, declarando, como declaro, que en toda esta época carecín de liberdade.

propostas non pasaron de tales. Pola contra, os **exaltados**, fortes en xuntas e sociedades patrióticas, defendían a ultranza a Constitución de 1812 e consideraban que a radicalización das reformas e a mobilización popular (sectores urbanos, campesiñado) serían fundamentais para asentar o liberalismo.

- En terceiro lugar, a **oposición absolutista ou realista** manifestouse en diversas fronteiras. Por unha banda, sectores cortesáns alentados polo monarca promoveron **conspiracións** contra o réxime liberal, como o que culminou co intento de golpe de Estado protagonizado pola Garda Real en xullo de 1822. Pola outra, unha ampla maioría do clero e sectores nobiliarios, importantes sobre todo entre a pequena fidalguía rural, aproveitaron o descontento campesiño para armar **partidas realistas**, que chegaron a ser moi activas no País Vasco, Navarra, Cataluña e o norte de Castela, combatendo cos métodos da tradición guerrilleira da Guerra da Independencia e anticipando o futuro carlismo. Pero nin as conspiracións de palacio nin as partidas realistas foron quen de derrubar o sistema constitucional. Sería a intervención exterior, pedida polos realistas da **Rexencia de Urgell** (1822) e o propio monarca, a que provocaría a súa caída. No Congreso de Verona (novembro de 1822), as potencias da **Santa Alianza** decidiron intervir en España. En abril de 1823, as tropas francesas comandadas polo duque de Angulema (os cen mil fillos de San Luís), invadían o país sen encontrar unha seria resistencia do exército liberal. En outubro de 1823, Fernando VII recuperaba o seu poder absoluto.

Desembarco de Fernando VII no Puerto de Santa María (c.1823), recibido polo duque de Angulema, obra de J. Aparicio



[Dominio público], desde [Wikimedia Commons](#)

Fusilamento de Torrijos e os seus compañeiros na praia de Málaga (1831), por A. Gisbert (1888).



[Dominio público], desde [Wikimedia Commons](#)

DOC. B: Manifesto ultrarrealista publicado en Llagostera (Girona) e asinado por N. Abrés (22-IX-1827).

Cataláns: xa é tempo de romper o meu silencio para vindicarme convosco da calumnia da que nos acusan tódolos bispos do principado nas súas respectivas pastorais, atribuíndo os nosos heroicos feitos a ser obra de sectarios xacobinos, borrón que estou sentindo sen que poida deixar de manifestalo; nada diso; morte a estes é o que xuramos. Algúns destes mesmos prelados saben ben que fixeron os que agora chaman xefes desnaturalizados. Fixéronos saber palpablemente que o Rei se fixera sectario e que, se non queríamos ver a Relixión destruída, debía elevarse ao trono ao infante don Carlos.

Logo, cando se viu o espírito do pobo, prohibiron os primeiros vivas para realizalos cando xa estaba formada a forza. Xa estamos hoxe con ela. E que é o que fixeron? Deixarnos na estacada sen saír na nosa axuda os que estaban conformes, porque ven o perigo e non queren expoñerse a perder os seus pingües prebendas e destinos.

É, pois, chegado o caso, compatriotas meus, de que todos non unamos contra os nosos inimigos; ao Rei o teñen oprimido e enganado, e os egoístas comezan a vacilar porque temen. Non hai que desmaiar, os principais axentes continúan a favor noso por ser mutua a causa que nos obriga a poñernos en actitude hostil.

Relixión, trono sen mancha, valor e constancia sexa a nosa divisa e, desprezando a traidores e sectarios, formemos un muro impenetrable contra os malvados, así seremos felices e nos bendicirán os nosos fillos.

A década ominosa (1823-1833)

A restauración do absolutismo foi seguida dunha **sistemática represión política**. Un amplo aparato represivo, que incluía á Superintendencia Xeral de Policía do Reino (1824), o numeroso corpo de voluntarios realistas (1823) e as inquisitoriais Xuntas da Fe, perseguíu calquera disidencia. Os sospeitosos de inclinacións liberais sufriron persecución e cárcere, foron apartados da administración e o exército e non poucos executados. Entre 15.000 e 20.000 tiveron que exiliarse. Nestas condicións, o liberalismo, fortemente dividido ademais, quedou condenado á inoperancia. Tódalas as conspiracións e intentos do pronunciamento, caso do encabezado polo xeneral Torrijos en 1826, fracasaron estrepitosamente.

Alguns ministros de Fernando VII, caso de López Ballesteros ou Cea Bermúdez, promoveron dende mediados da década de 1820 **reformas** que pretendían asentir a monarquía e salvar ao Estado da quebra. Os exemplos destas son numerosos: a creación do Consello de Ministros (1823), a aprobación do Código de Comercio (1829), a fundación do Banco de San Fernando (1829) e da Bolsa de Comercio (1831), o establecemento do Ministerio de Fomento (1832), algunhas medidas fiscais e financeiras. Pero, por moi moderadas que fosen estas reformas, non deixaron de provocar a resistencia dun sector do absolutismo, os **ultrarrealistas**, contrarios a calquera mudanza, que se había aglutinar arredor da figura de Carlos María Isidro, irmán do rei e, dada a ausencia de descendencia, seu sucesor.

En Cataluña, os **ultrarrealistas** co concurso dunha boa parte do clero promoveron unha revolta armada, aproveitándose da pésima situación económica de sectores do campesiñado e dos artesáns rurais. A **Guerra dels Malcontents** ou **Agraviats** (1827) foi reprimida sen contemplacións polo exército real.

O enfrontamento entre absolutistas reformistas e ultrarrealistas chegou ao seu punto culminante na fin do reinado por mor da **cuestión sucesoria**. Tras tres matrimonios sen descendencia, Fernando VII casou en 1829 cunha sobriña súa, María Cristina das Dúas Sicilias. Dende 1713 estaba vixente na monarquía española a lei sálica, introducida por Felipe V, que impedía reinar ás mulleres. En 1789, as Cortes aprobaran unha **Pragmática Sanción** que a

DOC. 9: Pragmática Sanción sobre a sucesión á Coroa (29-III-1830).

Don Fernando VII, pola graza de Deus, Rei de Castela, de León, de Aragón, das dúas Sicilias, de Xerusalén, de Navarra, de Granada, de Toledo, de Valencia, de Galicia, de Mallorca de Menorca, de Sevilla, de Sardeña [...], das Indias Orientais e Occidentais [...] Arquiduque de Austria; Duque Borgoña, de Brabante e de Milán [...] Conde de Abspurg, de Flandres, Tirol e Barcelona; Señor de Biscaya [...]

Aos Infantes, Prelados, Duques, Marqueses, Condes, Ricos-homes, Priores, Comendadores das Ordes e Subcomendadores; Alcaldes dos Castelos, Casas fortes e chas; aos do meu Consello Presidentes e Oidores das miñas Audiencias e Chancelerías, Alcaldes, Alguacís da miña Casa e Corte, e a tódolos Corrixidores, Asistentes, Gobernadores, Alcaldes maiores e ordinarios [...] Ministros e persoas de tódalas cidades, vilas e lugares destes meus reinos e Señoríos [...] SABEDE:

Que nas Cortes que se celebraron no meu palacio do Bo Retiro o anos de 1789 tratouse a proposta do rei, meu augusto Pai, que está na gloria, da necesidade e comenencia de facer observar o método regular establecido polas leis do reino e polo costume inmemorial de suceder na coroa de España con preferencia de maior a menor e de varón a femia, dentro das respectivas liñas pola súa orde; e tendo presentes os inmensos bens que da súa observancia por máis de 700 anos reportara a esta monarquía, así como os motivos e circunstancias eventuais que contribuíron á reforma decretada polo auto acordado de 10 de maio de 1713,

elevaron ás súas reais mans unha petición con data 30 de setembro do referido ano 1789, facendo mérito das grandes utilidades que viñeran ao reino, xa antes, xa particularmente despois da unión das Coroas de Castela e Aragón, pola orde de suceder sinalada na lei 2ª, título 15, partida 2ª, e suplicándolle que, sen embargo da novidade feita no citado auto acordado,

tivese a ben mandar se observase e gardase perpetuamente na sucesión da monarquía dito costume inmemorial, testemuñado na citada lei, como sempre se observara e gardara, publicándose pragmática-sanción como lei feita e formada en Cortes, pola cal constase esta resolución e a derogación de dito auto acordado. A esta petición dignouse o Rei, meu augusto Pai, resolver, como lle pedía o Reino, decretando á consulta coa que a xunta de asistentes a Cortes, gobernador e ministros da miña real cámara de Castela acompañaron a petición das Cortes.[...]

E, polo tanto, mándovos a todos e cada un de vós nos vosos distritos, xurisdicións e partidos, gardades, cumprades e executades e fagades gardar, cumprir e executar esta miña Lei e Pragmática-sanción en todo e por todo segundo e como nela se contén[...], que así é a miña vontade; e que ao traslado impreso desta miña Carta, asinada de don Valentín de Pinilla, meu escribán de cámara máis antigo e de Goberno do meu Consello, se lle dea a mesma fe e crédito que a súa orixinal. Dada en Palacio

a 29 de marzo de 1830.
EU EL-REI.

derrogaba, pero esta non foi publicada ata 1830, cando xa a consorte real agardaba, inesperadamente, descendencia. Ao pouco nacíu a princesa Isabel. Os sectores ultrarrealistas aliáronse arredor do irmán do rei e ata o daquela sucesor, Carlos María Isidro. En 1832, aproveitando unha grave enfermidade do rei, o ministro Calomarde conseguiu que este asinase un decreto derogatorio da *Pragmática Sanción*. A inesperada recuperación do monarca frustrou a manobra ultra e restableceu aquela no seu vigor. Carlos María Isidro e a súa familia marchaban a Portugal nun exilio encuberto. Mentres, dúas amnistías posibilitaban o retorno de numerosos exiliados liberais.

Á morte de Fernando VII (29/IX/1833), **Isabel II** asumía a coroa aos dous anos baixo a rexencia da súa nai María Cristina. Mentres os partidarios de Carlos María Isidro levantaban partidas, a rexente trataba de achegarse aos sectores máis moderados do liberalismo para defender o trono de Isabel II. Comezaba a primeira guerra carlista.

A independencia das colonias americanas (1808-1824).

O proceso que conduciu á independencia dos dominios españois en América comezou coa crise de 1808 pero estivo xestándose dende finais do século XVIII. Na súa xénese confluíron diferentes factores:

- O **malestar das elites crioulas** tiña raíces económicas (a explotación comercial e fiscal da que eran obxecto as colonias por parte da metrópole), políticas (a marxinación dos ámbitos de poder en prol dos peninsulares) e sociais (a ameaza das maiorías sometidas: indios, negros e mestizos).
- Os **intereses económicos dalgúns países**, singularmente da Gran Bretaña, para quen o vínculo colonial supuña un atranco ao crecemento das súas actividades comerciais.

Mapa: A independencia da América española (1816-1824).



Fonte: [De revolutionibus...Geotistoria](#)

DOC. 10: Capitulación de Ayacucho (9-XII-1824).

Don José Canterac, tenente xeneral dos reais exércitos da S.M.C., encargado do mando superior do Perú por ser ferido e prisioneiro na batalla deste día o excelentísimo señor vicerrei don José de la Serna, logo de oír aos señores xenerais e xefes que se reuniron despois de que o exército español[...] crin conveniente propoñer e axustar co señor xeneral de división da República de Colombia Antonio José de Sucre, comandante en xefe do exército unido libertador do Perú, as condicións que conteñen os artigos seguintes:

- 1º O territorio que gornecen as tropas españolas no Perú será entregado ás armas do exército libertador [...] Je tamén serán entregados os restos do exército español, as bagaxes, cabalos de tropa, as gornicións [...]
- 2º Todo individuo do exército español poderá libremente regresar ao seu país [...]
- 4º Ningunha persoa será incomodada polas súas opinións anteriores aínda que prestase servizos sinalados a favor da causa do rei [...]
- 13º Permitirase aos buques de guerra e mercantes españois facer víveres nos portos do Perú [...]
- 14º Darase pasaporte aos buques de guerra e mercantes españois para que poidan saír do Pacífico ata os portos de Europa.
- 15º Tódolos xefes e oficiais prisioneiros na batalla dese día quedarán dende logo en liberdade [...]

- O **influxo ideolóxico** da ilustración e o exemplo dos procesos revolucionarios habidos en EE.UU. (1776), Francia (1789) e Haití (1804).

A crise política de 1808 provocou nas colonias unha resposta semellante á acontecida no territorio peninsular, a **formación de Xuntas** que se arrogaron, polo menos interinamente a soberanía. Dentro delas apareceron decontado as disputas entre os independentistas e os partidarios de manter a fidelidade a Fernando VII. En maio de 1810, os independentistas fixéronse co poder en Buenos Aires e a independencia das terras do virreinato do Río da Prata foi irreversible. Sen embargo, os partidarios de manter os vínculos políticos coa metrópole deron neutralizado as iniciativas independentistas en México e Nova Granada e a penas tiveron problemas no Perú.

A partir de 1814, a situación mudou significativamente. Os líderes independentistas (Bolívar, San Martín, Sucre). Buscaron o apoio da maioría non branca e recibiron axuda de Gran Bretaña e EE.UU. A Coroa española, debilitada pola situación política interna e carente de recursos ante a calamidade das finanzas públicas, non puido a penas intervir en ultramar. As guerras de independencia foron maioritariamente conflitos civís que enfrontaron a independentistas con realistas en cada un dos territorios. A derrota realista en Ayacucho (1824) puxo fin ao dominio español no continente americano. O imperio español ficou reducido dende aquela a Cuba, Puerto Rico e Filipinas.

As consecuencias da independencia das colonias americanas foron de gran transcendencia:

- Naceron **novos Estados independentes** fracasando, ante os intereses particulares das elites crioulas de cada territorio, os proxectos de integración (panamericanismo).
- As **dificultades fiscais da monarquía española** agudizáronse así como os problemas daquelas actividades agrícolas e artesanais dependentes dun mercado colonial protexido.
- A **incapacidade das autoridades fernandinas** quedou en evidencia.
- A monarquía española, sen o aporte que representaba o seu vasto imperio colonial, ficou relegada a unha **posición secundaria no concerto internacional**.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ALFEIRÁN, X. et al.: *Historia de España 2º Bach*, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
- ALVÁREZ REY, L. et. al.: *Historia de España. 2ª Bacharelato. Aula 3D*, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
- CANAL, J.[dir.]: *Historia contemporánea de España*, vol. 1: **1808-1898**, Madrid, Taurus-Fund. Mapfre, 2017.
- ESDAILE, Ch.: *La Guerra de la Independencia. Una nueva historia*, Barcelona, Ed. Crítica, 2003.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: *Historia de España 2º Bachillerato*, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- FONTANA, J.: *La época del liberalismo*, FONTANA, J.; VILLARES, R. (dir.), *Historia de España*, vol. 6, Barcelona, Ed. Crítica-Marcial Pons, 2007.
- La quiebra de la monarquía absoluta (1814-1820)* (ed. anotada e revisada polo autor), Barcelona, Ed. Crítica, 2002.
- De en medio del tiempo. La segunda restauración española, 1823-1834*, Barcelona, Ed. Crítica, 2013.
- FUSI, J.P.; PALAFOX, J.: *España, 1808-1996: El desafío de la modernidad*, Madrid, Espasa, 2000.
- GIL ANDRÉS, C.: *50 cosas que hay que saber sobre Historia de España*, Barcelona, Editorial Ariel, 2016.
- LA PARRA LÓPEZ, E.: *Fernando VII. Un rey deseado y detestado*, Barcelona, Tusquets Editores, 2018.
- VV.AA.: *Historia de España*, Madrid, Ed. Santillana, 2004.

A conflitiva construción do Estado liberal en España. O reinado de Isabel II (1833-1868).

Durante o reinado de Isabel II consumouse o triunfo da revolución liberal en España, comezada polas Cortes de 1810-1814 e retomada durante o Trienio Liberal (1820-1823). Sen embargo, este proceso veuse afectado por enormes dificultades que se traduciron nunha constante inestabilidade política e institucional.

O triunfo da revolución liberal en España.

Entre 1833 e 1868 produciuse a definitiva ruptura institucional co Antigo Réxime e establecéronse as institucións básicas do Estado liberal en España.

A ruptura institucional co Antigo Réxime.

Foi o **liberalismo progresista** o que, nos breves períodos en que dirixiu a gobernación do país (1836-37, 1840-43, 1854-56), impulsou a liquidación das estruturas políticas, sociais e económicas do pasado ao tempo que eran eliminados algúns dos atrancos fundamentais para o desenvolvemento dunha economía capitalista e a configuración dunha sociedade de clases. Neste sentido, cómpre destacar:

- ◆ A instauración do **réxime constitucional**, o recoñecemento dos **dereitos e liberdades individuais** e o establecemento dun **sistema representativo**, que remataban co absolutismo rexio.
- ◆ A proclamación da **igualdade dos cidadáns ante a lei**, que significaba a fin dos privilexios estamentais.
- ◆ A **supresión do réxime señorial e do dezmo** (1837).
- ◆ A **desamortización** (1836, 1841, 1855) dos bens da Igrexa, os concellos, as comunidades rurais.

Retrato da raíña Isabel II e a súa nai, a rexente María Cristina (c. 1836), por J. M. Fernández Cruzado



[Dominio público], dende [Wikimedia Commons](#)

Isabel II coa súa filla Isabel, princesa de Asturias (1855), obra de F. X. Winterhalter



[Dominio público], dende [Wikimedia Commons](#)

- ◆ A desvinculación dos morgados (1836).
- ◆ A implantación das liberdades de industria, comercio e cultivo.

A construción das institucións básicas do Estado liberal.

Mentres, o **liberalismo moderado**, hexemónico durante a meirande parte do reinado (1834-1836, 1836-1840, 1843-1854, 1856-1868), promoveu a configuración dun **Estado uniformizador e centralista** segundo o modelo francés, pero tamén débil e clientelista, que había ter unha fonda pegada na España contemporánea. Ao seu establecemento contribuíron:

- ◆ A **nova división provincial**, realizada por Javier de Burgos en 1833 e aínda hoxe vixente, rectificaba os límites das vellas provincias da Coroa de Castela e fragmentaba os antigos reinos medievais (Galicia, Cataluña, Aragón, Valencia) buscando a uniformización e centralización do territorio. Á fronte da administración de cada provincia colocábase a un delegado do Goberno central, o Xefe Político, antecedente da histórica figura do Goberno Civil e do actual Subdelegado do Goberno. Esta disposición foi complementada cunha **nova planta xudicial** que establecía unha Audiencia en cada provincia, subdividida en partidos xudiciais cun tribunal de primeira instancia en cada un deles.
- ◆ A **lexislación municipal e provincial de 1845** recortaba as competencias e a autonomía de Concellos e Deputacións provinciais, que ficaban sometidos ó control do Goberno a través dos respectivos xefes políticos provinciais.
- ◆ As **disposicións sobre a foralitude vasca** (1839) e **navarra** (1841) pretenderon conciliar a uniformización e centralización liberais cos tradicionais privilexios forais das catro provincias: mantíñanse, grosso modo, as institucións forais (concellos, xuntas xerais) e as súas competencias fiscais pero desaparecían as alfándegas entre as provincias forais e o resto do territorio.
- ◆ Coa **creación da Garda Civil** en 1844 substituíase á Milicia Nacional -unha forza civil voluntaria, dependente dos poderes locais e concebida para a defensa do réxime liberal- por un corpo de policía rural profesional, de carácter militar, fortemente disciplinado,

A división provincial de Javier de Burgos (1833)



Emilio Gómez Fernández e Daré Mol (mapa orixinal) Roi González Villa (Vivaelcelta) (nova versión) [GFDL ou CC-BY-SA-3.0], dende [Wikimedia Commons](#)

Retrato do duque de Ahumada, primeiro director da Garda Civil, de autor descoñecido.



[Dominio público], dende [Wikimedia Commons](#)

sometido ás ordes do Goberno e destinado a combater o bandolerismo rural e a defender a propiedade e a orde social. Durante moito tempo, os seus axentes e postos serían a única presenza visible do Estado na meirande parte do país.

- ◆ Os primeiros pasos na construción dunha **burocracia estatal moderna** foron dados por Bravo Murillo en 1852.
- ◆ A **reforma tributaria de Mon e Santillán** (1845) simplificaba e racionalizaba a estrutura fiscal herdada do Antigo Réxime de acordo cos principios liberais de universalidade e equidade. Sen embargo, o novo sistema fiscal non daría xerado ingresos suficientes e repartiría moi inxustamente a carga impositiva entre a poboación. Malia todo, despois de sufrir múltiples remendos, permanecería vixente ata 1978.
- ◆ Os primeiros avances na creación dun **novo sistema legal** foron o Código Penal de 1848 e o proxecto de Código Civil de 1851.
- ◆ As **bases do sistema educativo español** ficarían definidas no chamado plan Pidal (1845), completado coa posterior lei Moyano (1857). O ensino estruturouse en tres niveis regulados polo Estado: primario e secundarios, nos que se permitía a presenza de centros privados que cumprisen determinados requisitos económicos e académicos, e universitario, concibido como unha atribución exclusivamente pública. Sen embargo, a insuficiencia dos recursos estatais limitaron fortemente o avance da alfabetización, outorgaron un notable protagonismo educativo ás institucións eclesiásticas e fixeron do ensino medio e, aínda máis, do superior, privilexios reservados a sectores moi minoritarios da poboación.
- ◆ A **confesionalidade católica do Estado**, proclamada na Constitución de 1845, foi ratificada polo Concordato de 1851: a

DOC. 1: O Concordato coa Santa Sede de 1851.

Art. 1. A relixión católica, apostólica, romana, que con exclusión de calquera outro culto, se conservará sempre nos dominios da S.M. católica seguirá sendo a única da nación española.

Art. 2. En consecuencia, a instrución nas Universidades, Colexios, Seminarios e Escolas públicas e privadas de calquera clase, será en todo conforme á doutrina da mesma relixión católica [...]

Art. 38. Os fondos cos que se han atender á dotación do culto e do clero serán: 1º O produto dos bens devoltos ao clero pola Lei de 3 de abril de 1845, [...] 4º Unha imposición sobre as propiedades rústicas e urbanas, riqueza pecuaria na cota que sexa necesaria para completar a dotación; [...] Ademais, devolveranse á Igrexa, dende logo, e sen demora, todos os bens eclesiásticos non comprendidos na expresada Lei de 3 de abril de 1845 e que aínda non foron enaxenados. [...]

DOC 2: Relación de presidentes do goberno (1833-1868).

REXENCIA DE MARÍA CRISTINA (1833-1840)

1.-F. Cea Bermúdez (abs. ref.)	29/ix/1833-15/I/1834
2.-Martínez de la Rosa (mod.)	15/I/1834-6/vi/1835
3.-Conde de Toreno (mod.)	7/vi-14/ix/1835
4.-J. Á. Mendizábal (prog.)	14/ix/1835-15/v/1836
5.-F.J. Istúriz (mod.)	15/v-13/VIII/1836
6.-J.Ma. Calatrava (prog.)	14/viii/1836-18/viii/1837
7.-E. Bardají (mod.)	18/viii-16/xii/1837
8.-Conde de Ofalia (mod.)	16/xii/1837-6/ix/1838
9.-Duque de Frías (prog.)	6/ix-9/xii/1838
10.-E. Pérez de Castro (mod.)	9/xii/1838-20/vii/1840
11.-A. González (prog.)	20/vii-12/viii/1840
12.-M. Cortázar (prog.)	12/viii-15/ix/1840

REXENCIA DE ESPARTERO (1840-1843)

13.-B. Espartero (prog.)	16/ix/1840-20/v/1841
14.-A. González (prog.)	20/v/1841-17/vi/1842
15.-Marqués de Rodil (prog.)	17/vi/1842-9/v/1843
16.-J.Mª. López (prog.)	9/v-19/v/1843
17.-A. Gómez Becerra (prog.)	19/v/1843-23/vii/1843
18.-J.Mª. López (prog.)	23/vii-20/xi/1843

MAIORÍA DE IDADE DE ISABEL II (1843-1868)

19.-S. Olózaga (prog.)	20-29/xi/1843
20.-L. González Bravo (mod.)	5/xii/1843-3/v/1844
21.-R.Mª. Narváez (mod.)	3/v/1844-11/vi/1846
22.-Marq.de Miraflores (mod.)	12/vi-16/viii/1846
23.-R.Mª. Narváez (mod.)	16/viii-5/iv/1846
24.-F.J. Istúriz (mod.)	5/iv/1846-28/i/1847
25.-Dg. de Sotomayor (mod.)	28/i-20/iii/1847
26.-J.F. Pacheco (mod.)	28/iii-31/VIII/1847
27.-F. García Goyena (mod.)	12/ix-4/x/1847
28.-R.Mª. Narváez (mod.)	4/x/1847-19/x/1849
29.-Cde. de Cleonard (mod.)	19-20/x/1849
30.-R.Mª. Narváez (mod.)	20/x/1849-10/i/1851
31.-J. Bravo Murillo (mod.)	10/i/1851-14/xii/1852
32.-Cde. de Alcoy (mod.)	14/xii/1852-14/v/1853
33.-F. Lersundi (mod.)	14/v-19/ix/1853
34.-L. Sartorius (mod.)	19/ix/1853-17/VII/1854
35.-F. Fdez.de Córdova (mod.)	17-18/vii/1854
36.-Duque de Rivas (mod.)	18-20/vii/1854
37.-E. San Miguel (prog.)	20-28/vii/1854
38.-B. Espartero (prog.)	28/vii/1854-14/vii/1856
39.-L. O'Donnell (un.)	14/vii-12/x/1856
40.-R. Mª. Narváez (mod.)	12/x/1856-15/x/1857
41.-F. Armero (mod.)	15/x/1857-14/i/1858
42.-F.J. Istúriz (mod.)	14/i-30/vi/1858
43.-L. O'Donnell (un.)	30/vi/1858-2/iii/1863
44.-Marq. de Miraflores (un.)	2/iii/1863-17/i/1864
45.-L. Azarola (mod.)	17/i-1/iii/1864
46.-Alejandro Mon (un.)	1/iii-16/ix/1864
47.-R. Mª. Narváez (mod.)	16/ix/1864-21/vi/1865
48.-L. O'Donnell (un.)	21/vi/1865-10/VII/1866
49.-R.Mª. Narváez (mod.)	10/VII/1866-23/IV/1868
50.-L. González Bravo (mod.)	23/iv-19/x/1868
51.-J. Gutiérrez de la Concha (mod.)	19-30/x/1868

cambio do recoñecemento definitivo da monarquía isabelina e da aceptación da desamortización pola Santa Sede, o Estado español comprometiase a soste economicamente á Igrexa (orçamento de culto e clero) e garantíalle unha ampla intervención no ensino e na definición dos límites da moral pública.

A intestabilidade política e institucional.

O reinado de Isabel II caracterizouse por unha rápida sucesión de gobernos de diferentes opcións políticas (absolutistas reformistas, moderados, progresistas, unionistas). Así esmo, a **falla dun consenso amplo sobre a lei fundamental** entre as diferentes familias liberais traduciuse nunha longa secuencia de textos: o ultramoderado Estatuto Real de 1834, seguido do efémero restablecemento da Constitución de 1812, a nova Constitución progresista de 1837, substituída pola moderada de 1845. Os factores explicativos desta inestabilidade son de natureza moi diversa.


As constantes dificultades financeiras do Estado.

O **déficit da Facenda española**, que se remontaba polo menos a finais do século XVIII, non deixou de medrar durante o primeiro terzo do XIX. A isto contribuíron a Guerra de Independencia, a perda dos dominios americanos e o errático manexo das finanzas públicas durante o reinado de Fernando VII. Ademais, o comezo do novo reinado foi recibido co estoupido da insurrección carlista, fonte de novos gastos para as contas estatais. Deste xeito, a acción política e institucional do liberalismo estivo sempre lastrada pola escaseza de recursos.

As débiles bases sociais do liberalismo.

O liberalismo era un **movemento esencialmente urbano** nun país maioritariamente rural. Os seus apoios limitábanse, grosso modo, a sectores da

Carlos María Isidro, o pretendente Carlos V
(debuxo de I. Magués).



[Dominio público], dende [Wikimedia Commons](#)

DOC. 3: Proclama da carlista Xunta Suprema de Goberno de Galicia en nome de Carlos V (1835)

[...] Habitantes do Reino de Galicia: moito tempo hai que o resto da España ten fixa a vista no voso valor agardando empunñedes as armas para acabar de coroar a grandiosa obra comezada, colocando no Trono de San Fernando ao sucesor lexítimo o Sr. D. Carlos V de Borbón (Q.D.G.) [...]

Valentes galegos: os que hoxe tiranizan a nosa amada Patria baixo o espazoso pretexto de defender o trono de Isabel II, son os mesmos que en 1814 e 1823 separaron de nós por crimes detestables: marchando fuxitivos a países estranxeiros, deixaron a esta heroica Nación por triunfo da súa iniquidade enchoupada no sangue dos seus valentes fillos. Decretos execrables saídos daquela tribulenta asemblea autorizaron a morte e a rapina, e estas foron as virtudes coas que aquel Goberno anti-católico proclamou os principios animosos de liberdade, igualdade e felicidade para mellor alucinarvos e asirvos ao carro fatal da revolución!!!

Agora, como daquela, non creades que pretenden outra cousa cos seus plans maquiavélicos que perpetuar se lles fose posible as seitas do masonismo, do ateísmo e do deísmo erguéndolles un santuario e arrincando para complemento da súa vitoria, a Diadema Real das tempas dun Príncipe virtuoso, que ningún máis ca unha facción ousou disputarlle, contra o ben xeral dos Españóis e o das grandes potencias que non dubidaron en recoñecelo.[...]

[...] ilustres e valentes Galegos: a vosa Xunta non o agarda de vós e non dúbida que, fixando a vista ao Norte desta malfadada Península: ao chan clásico da lealdade Española; a Navarra e ás Provincias, onde está o ídolo da vosa fidelidade e cariño ao lexítimo sucesor ao trono [...]; correredes rápidos a alistarvos baixo as Bandeiras Reais xurando mil veces non deixar as armas e as vosas mans ata non purificar o xenio do Cristianismo co que a envelenou a facción impía inimiga do xénero humano [...] Viva a Relixión!! Viva a Patria!! Viva o Rei N.S. D. Carlos V de Borbón!!

aristocracia terratenente e a boa parte da burguesía e das clases medias e populares urbanas. Mentres, a inmensa maioría do clero e amplos sectores do pequeno campesiñado aliáronse decididamente coas posicións antiliberais.

A existencia dunha forte oposición armada ao liberalismo: o carlismo.

O prematuro acceso ao trono de Isabel II en 1833 foi acompañado do levantamento armado dos partidarios do seu tío, o infante Carlos María Isidro. Dende aquel intre, o **carlismo** había converterse nun movemento social e político de prolongada presenza na historia contemporánea española. Caracterizouse por unha **ideoloxía tradicionalista** (simplificada no seu lema ¡Deus, Patria, Rei!) na que confluían catro elementos básicos:

- ◆ O **antiliberalismo**: o carlismo rexeitaba o dogma da Soberanía Nacional, o sistema representativo e os dereitos individuais e reivindicaba, na súa contra, o poder absoluto de orixe divina do monarca.
- ◆ O **ultracatolicismo**: a defensa a ultranza do catolicismo e da Igrexa e do seu papel central e excluínente na vida social, política e cultural do país.
- ◆ O **lexitimismo**, en tanto que reivindicaba os dereitos dinásticos do pretendente Carlos V, tido por sucesor lexítimo de Fernando VII, e dos seus descendentes.
- ◆ O **foralismo**, ao asumir a defensa dos tradicionais foros territoriais fronte á centralización e uniformización liberais.

O levantamento en armas de partidas carlistas sería unha constante durante o século XIX. En ocasións, este derivaría en enfrontamentos abertos coas tropas gobernamentais. Son as chamadas **guerras carlistas**: 1833-1840, a primeira; 1846-49, a segunda; e 1872-1876, a terceira. En 1936, a súa contribución á sublevación militar contra a República, orixe da Guerra Civil, había resultar fundamental. Noutras ocasións, cando as circunstancias o permitían e/ou as perspectivas de éxito militar eran nulas, o carlismo non desbotaría a participación nos procesos electorais e nas

DOC. 4: Descrición dos apoios sociais do carlismo nunha carta do cónsul británico en Bilbao ao seu embaixador en Madrid (1837)

En Biscaia, as lealdades da poboación están divididas entre don Carlos e Isabel II. O partido carlista inclúe a totalidade do campesiñado vasco e á gran maioría das clases baixas dos pobos. O partido da Raíña, pola contra, está constituído dos grandes terratenentes máis ricos e cultos da provincia, de tódolos grandes capitalistas e comerciantes, e dunha boa proporción dos tendeiros e artesáns das cidades e pobos.

DOC. 5: Texto do Convenio de Vergara (31-VIII-1839).

Convenio celebrado entre o Capitán Xeneral dos Exércitos Nacionais D. Baldomero Espartero e o Tenente Xeneral D. Rafael Maroto..

Art. 1º. O Capitán Xeneral D. Baldomero Espartero recomendará con interese ao goberno o cumprimento da súa oferta de comprometerse formalmente a propoñer ás Cortes a concesión ou modificación dos foros.

Art. 2º. Serán recoñecidos os empregos, graos e condecoracións dos xenerais, xefes e oficiais e demais individuos dependentes do exército do mando do tenente xeneral D. Rafael Maroto, quen presentará as relacións con expresión das armas ás que pertencen, quedando en liberdade de continuar servindo defendendo a Constitución de 1837, o trono de Isabel II e a Rexencia da súa Augusta Nai, ou de retirarse ás súas casas os que non queiran seguir coas armas na man.[...]

[...] Ratificado este convenio no cuartel xeral de Vergara a 31 de agosto de 1839.

Baldomero Espartero, príncipe de Vergara e duque da Vitoria (1841), retrato de A. Mª Esquivel



[Dominio público], dende [Wikimedia Commons](#)

institucións liberais: así o fixo entre 1868 e 1872 durante o Sexenio Democrático, dende 1890 baixo o réxime da Restauración ou durante a Segunda República.

Foi entre 1833 e 1840 cando o carlismo estivo máis preto de comprometer o avance do liberalismo. A primeira guerra carlista foi en orixe un conflito dinástico entre os defensores dos dereitos sucesorios de Isabel II (isabelinos ou cristinos) e os partidarios do pretendente Carlos V (carlistas). Axiña adquiriu un forte compoñente político: mentres os absolutistas prestaban o seu concurso á causa carlista, os liberais se aliñaban tras Isabel II. Tratouse, ante todo, dun conflito interno español que, sen embargo, tivo notables implicacións internacionais: se os estados liberais (Francia, Gran Bretaña, Portugal) prestaron o seu apoio ó goberno cristino, as potencias absolutistas (Prusia, Rusia e, sobre todo, Austria) colaborarían co pretendente.

A morte de Fernando VII (29-IX-1833) foi o sinal para o comezo da insurrección dos partidarios do seu irmán en diversos puntos do país. Mentres, Carlos María Isidro, desterrado en Portugal, insistía nos seus dereitos lexítimos e imprescriptibles ao trono no chamado **Manifiesto de Abrantes**.

O conflito derivou nunha guerra aberta en Navarra, o País Vasco, Norte de Cataluña e o Maestrazgo. Mentres, nalgunhas bisbarras de Galicia e as dúas Castelas, as partidas carlistas só puideron desenvolver unha actividade guerrilleira de desigual intensidade. Na evolución do conflito pódense distinguir dúas etapas:

- **Entre 1834 e 1837**, a eficacia das tácticas guerrilleiras, a brillante dirección militar do xeneral Zumalacárregui e a ineficacia e divisións internas do Exército e administración cristinas favoreceron os éxitos carlistas malia a súa enorme inferioridade en homes e material. Porén, xamais acadarían o control dunha soa capital de provincia: o mesmo Zumalacárregui morrería no fracasado

DOC. 6: O Estatuto Real de 1834.

- Art. 1. Consonte ao que prevé a lei 5ª, título 15ª, partida 2ª, e as leis 1ª e 2ª, título 7ª, libro 6º, da Nova Recopilación, S.M. a Raíña Gobernadora, en memo da súa excelsa filla dona Isabel, resolveu convocar as Cortes xerais do Reino.
- Art. 2. As Cortes xerais comporanse de dous estamentos: o de Príncipes do Reino e o de Procuradores do Reino.
- Art. 3. O Estamento de Príncipes do Reino comporase:
- 1º. De moi reverendos arcebispos e reverendos obispos.
 - 2º. De Grandes de España.
 - 3º. De Titulos de Castela.
- 4º. Dun número indeterminado de españois, elevados en dignidade e ilustres polos seus servizos nas varias carreiras [...]
- 5º. Dos propietarios territoriais ou donos de fábricas, manufacturas ou establecementos comerciais que reúnan ao seu mérito persoal e ás súas circunstancias relevantes o posuír una renda anual de 60.000 reais, e seren anteriormente procuradores do Reino.
- 6º. Dos que na ensinanza pública ou cultivando as ciencias ou as letras, adquirisen gran renome e celebridade, con tal de que disfruten dunha renda anual de 60.000 reais[...]
- Art. 6. A dignidade de Príncipe do Reino é hereditaria nos Grandes de España.
- Art. 7. O rei nomea e elixe aos demais príncipes do Reino, cuxa dignidade é vitalicia.[...]
- Art. 13. O Estamento de procuradores do Reino se comporá das persoas que se nomeen consonte á lei de eleccións.
- Art. 14. Para ser Procurador do Reino requirese:
- 1º Ser natural destes Reinos ou fillo de pais españois.
 - 2º Ter 30 anos cumpridos.
 - 3º Estar en posesión dunha renda propia anual de 12.000 reais [...]
- Art. 24. Ao Rei toca exclusivamente convocar, suspender e disolver as Cortes.[...]
- Art. 31. As Cortes non poderán deliberar sobre ningún asunto que non fose sometido expresamente ao seu exame en virtude dun Real Decreto. [...]
- Art. 33. Para a formación das leis requirese a aprobación dun e doutro Estamento e a sanción do Rei. [...]



O xeneral e líder moderado Ramón Mª Narváez.

[Dominio público], dende Pueril

sitio de Bilbao (1835). Por outra banda, as incursións militares levadas a cabo polos carlistas fóra das áreas por eles controladas, como a chamada Expedición Real que, encabezada por Carlos V, chegaría ás portas de Madrid en 1837, fracasarían nos seus obxectivos.

- **A partir de 1837**, a mellor dirección e organización das tropas cristinas, mandadas polo xeneral Espartero e o apoio máis decidido de Francia en Gran Bretaña posibilitaron o avance liberal. Este veuse favorecido ademais polas liortas internas do carlismo entre os partidarios dunha solución negociada para pór fin á guerra, encabezados polo xeneral Maroto, e os contrarios a calquera avinza. Finalmente, en agosto de 1839, os xenerais Espartero e Maroto puñan fin á guerra no Norte coa sinatura do **Convenio de Vergara**. O prezo da paz pagado por Espartero sería o compromiso de manter os foros vasconavarros e o recoñecemento dos empregos e graduacións dos oficiais carlistas que aceptasen a Isabel II. Non obstante, algunhas partidas carlistas dirixidas polo xeneral Cabrera continuarían a guerra pola súa conta no Maestrazgo e Cataluña ata xullo de 1840.

A división interna do liberalismo.

Durante o reinado de Isabel II consolidouse a **fractura interna do liberalismo español** que xa se percibira durante o Trienio Liberal (*doceañistas* vs. *exaltados*) dando lugar á formación de dúas grandes opcións políticas, **moderados** e **progresistas**. A esquerda destes últimos comezou a configurarse unha **alternativa radical-democrática**. Dende o Bienio Progresista (1854-56), a necesidade de estabilizar o réxime liberal impulsou a aproximación entre os sectores máis liberais do Partido Moderado e os máis conservadores do Partido Progresista que confluíron na centrista **Unión Liberal**.

Moderados, progresistas, unionistas e demócratas constituían incipientes **partidos de notables**. Tratábase de simples coalicións de prohombres políticos e militares que aportaban ao tronco partidario redes clientelares máis ou menos amplas en función da súa capacidade de influencia. Carecían dunha organización estable (cargos directivos electos, reunións periódicas

DOC. 7: O líder moderado J. F. Pacheco defende o sufraxio censatario (1845).

Distinguimos hoxe, señores, os dereitos políticos dos dereitos civís; e se estes llos concedemos a tódolos cidadáns, non así os primeiros, que non podemos outorgarllos senón aos que han exercelos ben.[...]

O dereito electoral non será un dereito de todos, e as infimas clases de calquera país deberán estar privadas del pola sinxela razón de que non poderán exercelo convenientemente [...]

Tomouse por regra xeral como base para a concesión deste dereito o goce dunha certa renda ou o pago de determinada contribución. Este principio, señores, é racional e aceptable. A riqueza, ou por mellor dicir, o benestar, a vida folgada e doada, na que o traballo material non é unha carga dura, non é a penosa ocupación de tódolos momentos, e deixa espazo para as concepcións do espírito, ese benestar mediano [...], ese é o que debe tomarse como condición para a capacidade política, porque é o que dá a intelixencia e a valía na orde social. Quen gana afanosamente o seu sustento nun traballo improbo coa suor do seu rostro, quen non pode desfrutar algunha vez o digno descanso [...], quen está reducido a un escaso xornal, ou a unha existencia [...] semellante a unha máquina, semellante a un ser escravo e maldicido; ese non pode pretender a consideración nin a estima política.

DOC. 8: A Constitución de 1845.

Dona Isabel II, pola graza de Deus e da Constitución da Monarquía española, Raíña das Españas; a tódolos que a presente verén e entenderén, sabede: Que sendo a nosa vontade e a das Cortes do Reino regularizar e pór en consonancia coas necesidades actuais do Estado os antigos foros e liberdades destes Reinos e a intervención que as súas Cortes tiveron en tódolos tempos nos negocios graves da Monarquía, modificando ao efecto a Constitución promulgada en 18 de xuño de 1837, vimos[...] en decretar y sancionar la siguiente Constitución de la Monarquía Española [...]

Art. 2. Tódolos españois poden imprimir e publicar libremente as súas ideas sen previa censura, con suxeición ás leis.[...]

Art. 4. Uns mesmos códigos rexerán en toda a Monarquía.[...]

Art. 10. Non se imporá xamais a pena de confiscación de bens e ningún español será privado da súa propiedade senón por unha causa xustificada de utilidade común, previa a correspondente indemnización.

Art. 11. A Relixión da Nación española é a Católica Apostólica, Romana. O Estado obrigase a manter o culto e os seus ministros.

Art. 12. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co Rei.

Art. 13. As Cortes compóranse de dous Corpos Colexisladores, iguais en facultades: o Senado e o Congreso dos Deputados.

Art. 14. O número de senadores é ilimitado; o seu nomeamento pertence ao Rei [...]

Art. 43. A potestade de facer executar as leis reside no Rei [...]

Art. 74. A lei determinará a organización e atribucións das Deputacións e dos Concellos, e a intervención que han ter en ámbalas dúas Corporacións os delegados do Goberno [...]

pautadas, afiliados) que coordinase as súas accións e dun programa definido aínda que podían perfilarse algunhas tendencias ligadas a afinidades persoais ou ideolóxicas. Estaban, polo tanto, dominadas polos personalismos e o clientelismo, causas de constantes rupturas e recomposicións.

O liberalismo moderado.

En liña coas formulacións do **liberalismo doutrinario** europeo, os moderados (Narváez, Pacheco, Bravo Murillo, Istúriz.) foron favorables a un entendemento coas institucións e grupos sociais dominantes do Antigo Réxime (Coroa, Igrexa, nobreza) e a un pacto cos sectores reformistas do absolutismo para garantir a consolidación do réxime liberal e a conservación da orde social. Evidentemente, iso implicaba notables concesións e significativas renuncias:

- ◆ Fronte ao dogma liberal Soberanía Nacional, impúxose o concepto de **Soberanía compartida** entre as Cortes, representativas da Nación, e o Rei. Consecuentemente, os **poderes da Coroa** foron reforzados: atribuíuselle o poder executivo, exercido a través dos ministros, e unha participación decisiva no lexislativo (convocatoria, suspensión e disolución das Cortes, designación dos membros da Cámara alta, sanción ou veto sobre as decisións parlamentarias).
- ◆ O principio da igualdade xurídica ficaba desvirtuado ao outorgárselle unha **representación privilexiada ás vellas élites** (alta nobreza, xerarquía eclesiástica) nunha Cámara alta (Senado) non electiva ou ao preservar o foro eclesiástico.
- ◆ A énfase conservadora nos principios de **seguridade, a orde e a propiedade** tivo enormes consecuencias políticas:
 - Unha **concepción restritiva dos dereitos e liberdades individuais**, visible nos recortes á liberdade de prensa ou na negación da liberdade relixiosa en prol da estrita confesionalidade católica do Estado;
 - as fortes limitacións á participación política dos cidadáns vía imposición dun **sufraxio censatario** tan curto como fose posible
- ◆ A opción por un **Estado unitario e centralista** reducindo ao mínimo a autonomía e competencias dos poderes locais e liquidando a Milicia Nacional.
- ◆ A **defensa da propiedade privada plena e da iniciativa individual** debían ser conciliados cos intereses das vellas elites e coa defensa da produción nacional. Neste liña, os moderados tratarían de limitar o alcance da reforma agraria liberal (desamortización, desvinculación de morgados, abolición de señoríos.) e propugnarían unha **política comercial proteccionista**.

O Partido Moderado artellaría arredor das súas propostas unha **base social** que incluíría a sectores moi significativos da alta burguesía, a aristocracia terratenente, a alta burocracia do Estado e os altos mandos militares. En definitiva, converteuse no voceiro político dos sectores sociais máis acomodados.

As concepcións políticas do Partido Moderado plasmáronse na **Constitución de 1845**, vixente ata 1868. Serían tamén asumidas na súa case totalidade pola Unión Liberal (O'Donnell, Mon, Posada Herrera, Cánovas) e influirían decisivamente na configuración do sistema político da Restauración, deseñado en gran medida por Cánovas del Castillo, quen comezara a súa andaina política nestas dúas formacións.

O liberalismo progresista.

Ainda que tamén pretendesen integrar á Coroa no sistema político, os progresistas (Espartero, Mendizábal, Olózaga, Madoz.) permaneceron fieis, en moita maior medida cós moderados, aos principios liberais e trataron de impulsar a ruptura co Antigo Réxime:

- ◆ Invocaban a **Soberanía Nacional**.
- ◆ Defendían un **maior equilibrio entre os tres poderes do Estado**.
- ◆ Aceptaban unhas Cortes bicamerais, pero con **Congreso e Senado electivos**.
- ◆ Primaban as liberdades individuais sobre outras consideracións. Neste eido, o exercicio da **liberdade de prensa** quedaba mellor garantido, non se negaba a **liberdade relixiosa** e postulábase un menor papel da Igrexa católica na sociedade.
- ◆ Aínda que aceptaban o **sufrixio censatario**, propendían á súa progresiva ampliación.
- ◆ Eran partidarios da **descentralización administrativa**: maior autonomía e competencias para os poderes locais, Milicia Nacional.
- ◆ Foron os grandes impulsores da **reforma agraria liberal** e orientáronse cara o **librecambismo**.

O Partido Progresista recibiu o apoio de sectores significativos da burguesía e das clases medias urbanas. As súas formulacións inspiraron a Constitución de 1837 e o proxecto constitucional de 1856 e influíron notablemente na redacción da Constitución democrática de 1869. A súa herdanza política sería recollida durante a Restauración polo Partido Liberal de Sagasta, un antigo progresista.

O liberalismo radical ou democrático.

Dende comezos do reinado de Isabel II foise configurando á esquerda do progresismo unha tendencia liberal radical que, en 1849, había dar orixe ó **Partido Demócrata** (Martos, Castelar, Garrido, Pi i Margall.). Aínda que partisen, en moitos casos, de formulacións comúns aos progresistas, pódense salientar algunhas diferencias significativas:

- ◆ Unha defensa a ultranza da Soberanía Nacional que os levará a formulacións próximas á **Soberanía Popular**.

DOC. 9: A Constitución de 1837.

Dona Isabel II, pola graza de Deus e a Constitución da Monarquía Española, Raíña das Españas, e no seu real nome e durante a súa menor idade, a Raíña Viúva a súa nai dona María Cristina de Borbón, Gobernadora do Reino; a todos os que a presente veren e entenderen, sabede: Que as Cortes xerais decretaron e sancionaron e Nós de conformidade aceptado, o seguinte:

Sendo a vontade da Nación revisar, en uso da súa Soberanía, a Constitución política promulgada en Cádiz o 19 de marzo de 1812, as Cortes xerais, congregadas a este fin, decretan e sancionan a seguinte Constitución Política da Monarquía Española [...]

Art. 2. Tódolos españois poden imprimir e publicar libremente as súas ideas sen previa censura, en suxeición as leis. A cualificación dos delitos de imprenta corresponde exclusivamente aos xurados.[...]

Art. 4. Uns mesmos códigos rexerán en toda a monarquía, e neles non se establecerá máis ca un só fuero para tódolos españois nos xuízos comúns, civís e criminais [...]

Art. 10. No se imporá xamais a pena de confiscación de bens, e ningún español será privado da súa propiedade senón por causa xustificada de utilidade común, previa a correspondente indemnización.

Art. 11. A Nación obrígase a manter o culto e os ministros da Relixión Católica que profesan os españois.

Art. 12. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co Rei.

Art. 13. As Cortes compóñense de dous corpos colexisladores iguais en facultades: o Senado e o Congreso dos Deputados.[...]

Art. 15. Os senadores son nomeados polo Rei a proposta, en lista tripla, dos electores que en cada provincia nomean os deputados a Cortes [...]

Art. 44. A persoa do Rei é sagrada e inviolable e non está suxeita a responsabilidade. Son responsables os ministros.

Art. 45. A potestade de facer executar as leis reside no Rei [...]

Art. 63. Aos Tribunais e Xulgados pertence exclusivamente a potestade de aplicar as leis nos xuízos civís e criminais. [...]

Art. 69. En cada provincia haberá unha Deputación Provincial.[...]

Art. 70. Para el goberno interior dos poboas haberá Concellos [...]

Art. 71. A lei determinará a organización e funcións das Deputacións provinciais e Concellos.[...]

- ◆ A invocación dos principios igualitarios do liberalismo e a desconfianza cara a Coroa levaría a maioría deles cara **posicións republicanas**. So unha minoría, os chamados cimbrios de 1868-1869, aceptaron a monarquía.
- ◆ A representación política só era concibible a través do **sufrexio universal** (masculino).
- ◆ No eido dos dereitos individuais propuñan unha ampliación do catálogo progresista co recoñecemento dos dereitos de asociación, reunión, educación, etc. e, dende **posicións laicistas**, unha radical defensa da liberdade relixiosa e da separación Igrexa-Estado.
- ◆ O apoio á descentralización político-administrativa derivará, a través da influínte aportación de Pi i Margall, en formulacións **federalistas**.
- ◆ O seu apoio á reforma agraria liberal e ao librecambismo ficaba matizado pola defensa de **medidas en prol dos máis desfavorecidos**.

DOC. 10: Manifesto do Comité Central do Partido Demócrata (1865).

No tocante á organización do Estado e dos poderes públicos, a democracia, conseqüente cos seus principios de liberdade e igualdade, non recoñece máis orixe que a Soberanía Nacional, manifestada polo sufragio libérrimo de tódolos cidadáns. Pero esta organización nunca poderá limitar as liberdades individuais, nin destruír a igualdade, que é o seu fundamento. Para tan grandes fins, a democracia defendera sempre [...] a institución do xurado na cal aprende o pobo a aplicar as leis que son obra da súa soberanía, a administrar xustiza, que é o atributo primeiro do seu ser; a asegurar os todos os dereitos que son garantía da súa independencia; a liberdade da Igrexa para que predique, ensine e viva sen necesidade de someterse ao Estado; a Milicia Nacional democraticamente organizada, o pobo armado [...]; ata que por fin cheguemos a consagrar tódolos dereitos individuais como característicos da personalidade, a formar as leis polo órgano da vontade xeral; a imposibilitar toda tiranía; a fundar a sociedade nas bases do dereito, a liberdade e a igualdade; a destruír toda esperanza de ditadura destruíndo toda sombra de privilexio; a rematar a obra aínda insegura da revolución.

DOC. 11: Evolución da poboación con dereito a voto (% sobre a poboación total)

Leis electorais	1839	1846	1854	1857	1865
% poboación	2'76	0'70	4'58	0'96	2'66

O liberalismo radical ou democrático obtivo un significativo apoio das clases medias urbanas, maiormente de intelectuais e sectores da pequena burguesía. Ademais, sempre buscou, con éxito desigual, o respaldo das clases populares, tanto do campesiñado como dos traballadores urbanos.

Sometido a fortes limitacións, a posición política desta forza durante o reinado de Isabel II sería sempre marxinal. Sen embargo, había ter un papel sobranceiro nas mobilizacións populares que, en setembro de 1868, conducirían á caída da raíña. O seu ideario veuse plasmado nas proclamas das xuntas revolucionarias creadas naqueles intres e, en moitos aspectos, na Constitución de 1869. Protagonista da frustrante experiencia da Primeira República, a súa herdanza política foi recollida polo republicanismo histórico español.

A constante intervención dos militares na vida política.

Dende os comezos do reinado, o **protagonismo do Exército e dos militares** foi unha constante. Destacados xenerais convertéronse nos principais referentes das grandes opcións políticas: Espartero e Prim para os progresistas, Narváez para os moderados, O'Donnell e Serrano para a Unión Liberal. Así mesmo, os **pronunciamentos militares** (case 20 durante todo o reinado) e non a mecánica electoral e parlamentaria deviron nos factores decisivos do cambio político.

O ensaísta J. Balmés afirmara xa en 1840 que o poder militar en España era forte porque o poder civil era débil. Esta valoración resulta ser algo máis ca un ocorrente xogo de palabras. En definitiva, as razóns explicativas do protagonismo militar non son outras cás da debilidade do sistema liberal:

- ◆ Uns **insuficientes apoios sociais**.

- ◆ A presenza da oposición armada carlista que outorgou aos uniformados un papel vital na supervivencia do liberalismo.
- ◆ O pésimo funcionamento dos mecanismos de alternancia política converteu en imprescindible o recurso á forza para provocar un cambio no goberno. Os procesos electorais foron manipulados sistematicamente a favor do goberno correspondente para asegurarse unha maioría parlamentaria á marxe da opinión cidadá. Ademais, a Coroa, á que os textos constitucionais outorgaron un papel político central, non foi xamais un árbitro entre as distintas opcións liberais, senón que se comprometeu decididamente con algunha delas. A rexente María Cristina e Isabel II amosaron teimudo, excluínste e imprudente apoio ao moderantismo. O xeneral Espartero, rexente entre 1840 e 1843, non soubo nin quixo afastarse da súa condición de máxima figura do progresismo.

Malia todo, o protagonismo político do Exército non partiu de concepcións militaristas da política nin conduciu ao establecemento dun réxime militar ou autoritario. Mesmo, nalgún intre, foron as presións dos xenerais as que frustraron as pretensións ditatoriais dalgún gobernante civil, caso do ultramoderado Bravo Murillo e o seu antiparlamentario proxecto de reforma constitucional en 1852. Sen embargo, o intervencionismo militar contribuíu a espallar unha perigosa concepción que facía do Exército intérprete da vontade da Nación e garante da supervivencia da Patria.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ALFEIRÁN, X. et al.: *Historia de España 2º Bach*, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
- ALVÁREZ REY, L. et. al.: *Historia de España. 2ª Bacharelato. Aula 3D*, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.

DOC. 12: Algúns exemplos de pronunciamentos militares durante o reinado de Isabel II

1836: La Granja.

A substitución do progresista Mendizábal polo moderado Istúriz á fronte do Goberno en maio de 1836 desencadeou un levantamento cidadán de orientación progresista. O movemento insurreccional foi apoiado pola Milicia Nacional e algunhas unidades do Exército do Norte. A rexente María Cristina resistiu ata que, en agosto, o motín liderado por un grupo de suboficiais da gornición do pazo real de La Granja forzou a súa vontade. A sarxentada obrigouna a restablecer a Constitución de 1812. A rexente confiou novamente o goberno aos progresistas (Calatrava, Mendizábal). Convocou tamén unhas Cortes Constituíntes das que saíra a Constitución de 1837.

1843: Torrejón de Ardoz

O amplo descontento co autoritarismo do xeneral Espartero, facilitou o achegamento entre progresistas puros (J.Mª. López, S. Olózaga, J. Prim) e moderados (R. Mª Narváez) contra o rexente. En xullo de 1843, unha nova insurrección cidadá encabezada polos progresistas deu lugar á formación de xuntas en diferentes localidades do país. Mentres, militares moderados pronunciábanse contra Espartero. As tropas esparteristas foron derrotadas en Torrejón de Ardoz polas do xeneral Narváez. O rexente renunciou e exiliouse en Londres. O progresista J.Mª. López formou goberno e as Cortes declararon a maioría de idade de Isabel II. Os moderados foron consolidando as súas posicións e, co apoio dos círculos cortesáns, forzaron a dimisión de S. Olózaga, sucesor de López, en estrañas circunstancias. Comezaba a década moderada.

1846: Lugo.

Tras varios fracasos, os progresistas impulsaron un novo pronunciamento en abril de 1846. Comezouno en Lugo o coronel M. Solís e axiña sumáronse outras cidades galegas, agás A Coruña e Ourense. Os insurrectos estableceron en Santiago unha Xunta Superior da que foi secretario o provincialista A. Farnal. O pronunciamento non obtivo apoios no resto de España, o que facilitou a acción das tropas gobernamentais. Os sublevados foron derrotados na batalla de Cacheiras e Solís e outros once oficiais foron executados en Carral. Pasarían a historia como os mártires de Carral.

1854: Vicalvaro.

A etapa final da década moderada caracterizouse pola inestabilidade política, o autoritarismo gobernamental e as denuncias de corrupción contra o goberno de L. Sartorius. Os debates sobre a lexislación ferroviaria provocaron a derrota do executivo no Senado. Sartorius suspendeu as sesións das Cortes e destituíu aos funcionarios e militares que votaran contra o goberno. Mesmo algún sector moderado –os puritanos–, comezou a pensar en forzar o cambio de goberno. En xuño de 1854, as tropas do xeneral O'Donnell levantáronse en Vicalvaro. O incerto resultado da vicalvarada obrigou aos seus líderes a tratar de obter o concurso doutras forzas políticas. A publicación do Manifesto de Manzanares, redactado por A. Cánovas del Castillo, que recollía algunhas das tradicionais demandas progresistas, respondeu a ese intención. Durante o mes de xullo estalaron levantamentos populares promovidos por progresistas e demócratas seguidos da formación de xuntas por todo o país. Isabel II tivo que a Espartero a formar goberno con O'Donnell de ministro de Guerra. Comezaba o Bienio Progresista.

- BURDIEL, I.: *Isabel II o el laberinto del poder*, Madrid, Taurus, 2010.
- CANAL, J.[dir.]: *Historia contemporánea de España*, vol. 1: **1808-1898**, Madrid, Taurus-Fund. Mapfre, 2017.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: *Historia de España 2º Bachillerato*, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- FONTANA, J.: *La época del liberalismo*, FONTANA, J.; VILLARES, R. (dir.), *Historia de España*, vol. 6, Barcelona, Ed. Crítica-Marcial Pons, 2007.
- FUSI, J.P.; PALAFOX, J.: *España, 1808-1996: El desafío de la modernidad*, Madrid, Espasa, 2000.
- GIL ANDRÉS, C.: *50 cosas que hay que saber sobre Historia de España*, Barcelona, Editorial Ariel, 2016.
- MARTORELL, M.: "Liberalismo en un país con pocos liberales: España, 1808-1874", *Areas*, nº 37, 2018, pp. 13-27.
- VV.AA.: *Historia de España*, Madrid, Ed. Santillana, 2004.

A revolución gloriosa e a Constitución de 1869.

A caída de Isabel II, a raíz do movemento revolucionario de setembro de 1868, deu paso ao primeiro intento de establecer un réxime liberal-democrático na España contemporánea. Ensaíouse baixo a a monarquía e a república e foi acompañada dunha ampla descentralización administrativa e mesmo dun breve experimento federal. Sen embargo, a débil democracia instaurada houbo facer fronte a múltiples e cada vez máis poderosos atrancos que acabarían por facela fracasar. Os Borbóns serían restaurados no trono na persoa do príncipe Alfonso, fillo da raíña desterrada.


A revolución de setembro de 1868.

O 19 de setembro de 1868 produciase en Cádiz un novo pronunciamento militar protagonizado por mandos unionistas (Serrano, Dulce, Topete) e progresistas (Prim). O respaldo doutras gornicións militares e a derrota das tropas leais ao goberno isabelino na batalla de Alcolea o 28 de setembro provocaron a renuncia do goberno moderado do xeneral Gutiérrez de la Concha e a marcha da raíña ao exilio.

Mentres, as mobilizacións populares, promovidas por progresistas e demócratas, traducíanse na formación de numerosas **xuntas revolucionarias** locais para substituír ás autoridades isabelinas. A *revolución gloriosa* abría unha novo período na historia española. Para explicar a revolución de setembro de 1868 téñense considerado diferentes factores, económicos, políticos e ideolóxicos:

- ◆ A partir de 1866 evidéncianse na economía española graves problemas. Conflúen, por unha banda, unha **crise agraria** de carácter tradicional derivada das malas colleitas de 1866 e 1867 e, pola outra, unha **crise industrial e financeira** de novos trazos. As dificultades da industria téxtil catalá e a paralización da construción ferroviaria provocaron a quebra de numerosas entidades financeiras.

Caricatura publicada na revista satírica *La Madeja* (1874)
sobre a evolución política do Sexenio Democrático



[Dominio público], dende Wikimedia Commons

DOC. 1: Pacto de Ostende (1866).

[...] Logo dunha breve discusión, porque a harmonía de miras que se manifestou non daba lugar a outra cousa, acordouse por unanimidade o seguinte:

- 1.- Que o obxecto, e bandeira da revolución en España, é a caída dos Borbóns.
2. Que sendo para os democratas un principio esencial do seu dogma político o sufraxio universal, e admitindo os progresistas o dereito moderno constituínte do plebiscito, a base para a intelixencia dos dous partidos, debía ser decidida, e as circunstancias non se opoñían, por unhas Cortes Constituíntes elixidas polo sufraxio universal se decidiría a forma de goberno que se había establecer en España, e sendo a monarquía, a dinastía que debía substituír á actual; na intelixencia de que, ata que así se decidíse, había ser absoluta a liberdade de imprenta, e sen ningunha limitación o dereito de reunión, para que a opinión nacional puidese ilustrarse e organizarse convenientemente; sen que o goberno provisional que saíse da revolución puidese influír como tal na resolución da cuestión fundamental; sen prexuízo de que as persoas que o compuxesen puidesen soste- r privada e publicamente as súas opinións individuais.
- 3.- Que se recoñecía como xefe e director militar do movemento ao xeneral Prim, que podería empregar no que xulgara conviniente, aos presentes e ao seus amigos [...]

- ◆ Dende un punto de vista político, o **descrédito da monarquía isabelina e do réxime moderado** avanzaban parellos. A corrupción governamental, a brutal represión das protestas estudantis (noite de San Daniel, 1865) e militares (levantamento do cuartel de San Gil, 1866), a completa exclusión da oposición política (demócratas, progresistas e finalmente unionistas) e o evidente partidismo da Coroa debilitaron os seus apoios. Sen posibilidades de alternancia pacífica, a confluencia entre os grupos opositores foi avanzando. En 1866, demócratas e progresistas asinaron o **pacto de Ostende** (1866), onde acordaban unir forzas para derrubar a monarquía borbónica e abrir un proceso constituínte baseado no sufraxio universal. Morto O'Donnell, a Unión Liberal, encabezada xa polo xeneral Serrano, incorporouse ao acordo opositor en 1867.
- ◆ O progreso das **ideas** favorables á democratización política, ao librecambismo económico e á secularización foi notable grazas ao labor do pequeno pero influínte grupo krausista (Sanz del Río, Fernando de Castro, Francisco Giner de los Ríos, Nicolás Salmerón, etc.)

A obra do Goberno Provisional.

O movemento revolucionario culminou coa constitución dun Goberno Provisional presidido polo xeneral Serrano e formado por sobranceiras figuras do progresismo (Prim, Sagasta, Ruíz Zorrilla, Figuerola) e a Unión Liberal (Topete, Romero Ortiz, López de Ayala), deixando fóra os demócratas.

O novo executivo procedeu á disolución das xuntas revolucionarias substituídas por novos concellos elixidos por sufraxio universal masculino en decembro 1868, onde a presenza dos demócratas, decantados xa maioritariamente pola república federal, sería moi importante. Non

DOC. 2: Manifesto da España con honra (Cádiz, 19 de setembro de 1868).

Españóis: A cidade de Cádiz, posta en armas con toda a súa provincia, coa armada ancorada no seu porto e todo o departamento marítimo da Carraca, declara solemnemente que nega a súa obediencia ao Goberno que reside en Madrid, segura de que é leal intérprete dos cidadáns [...], e resolta a non depoñer as armas ata que a nación non recobre a súa soberanía, manifieste a súa vontade e se cumpra [...]

Pisada a lei fundamental, convertida sempre antes en celada que en defensa do cidadán, corrompido o sufraxio pola ameaza e o suborno, dependente a seguridade individual, non do dereito propio, senón da irresponsable vontade de calquera das autoridades; morto o Municipio, pasto a Administración e a Facenda da immoralidade e o axio, tiranizado o ensino, muda a prensa e só interrompido o universal silencio polas frecuentes novas das novas fortunas improvisadas [...]

Queremos que unha legalidade común, por todos creada, teña implícito constantemente o respecto de todos. [...]

Queremos que un Goberno provisional que represente a tódalas forzas vivas do país asegure a orde en tanto o sufraxio universal bota os cimentos da nosa rexeneración social e política [...]

Españóis: acudide ás armas, único medio de economizar a efusión de sangue [...]. Sede como sempre, valentes e xenerosos [...]

Viva España con honra!

Cádiz, 19 de setembro de 1868.-Duque de la Torre, Juan Prim, Domingo Dulce, Francisco Serrano Bedoya, Ramón Nouvillas, Rafael Primo de Rivera; Antonio Caballero de Rodas, Juan Topete"

DOC. 3: Manifesto da Xunta Revolucionaria de Sevilla (20-IX-1868).

A Xunta Revolucionaria de Sevilla faltaría ao primeiro dos seus deberes se non empezase por dirixir a súa voz a tódolos habitantes desta provincia e á nación enteira, manifestándolles os principios que se propón sustentar e defender [...]

1°. A consagración do sufraxio universal e libre como base e fundamento da lexitimidade de tódolos poderes e única verdadeira expresión da vontade nacional.

2°. A liberdade absoluta de imprenta [...]

3°. A consagración práctica e inmediata de tódalas demais liberdades, a de ensino, a de cultos a de traballo e industria, etc. e a reforma prudente e liberal das leis arancelarias. [...]"

O Goberno Provisional (1868).

En pé, de esquerda a dereita: Sagasta, Prim, Serrano, Topete, López de Ayala, Lorenzana. Sentados: Figuerola, Ruíz Zorrilla, Romero Ortiz.



J. Laurent [Dominio Público], Wikimedia Commons.

obstante, os primeiros acordos do Goberno Provisional recollían moitas das demandas dos xuntesiros:

- ◆ Un amplo recoñecemento dos dereitos e liberdades individuais: sufraxio universal, dereito de asociación, liberdade de expresión, liberdade de ensino, liberdade relixiosa.
- ◆ A aprobación dunha **lexislación económica libercambista**: supresión do impopular imposto de consumos, Lei de Bases da Minería, rebaixa dos aranceis (o chamado Arancel Figuerola), reforma monetaria (introdución da peseta).
- ◆ A **convocatoria de eleccións a Cortes constituíntes** con sufraxio universal masculino, celebradas en xaneiro de 1869.

A Constitución de 1869.

A formación de clubs políticos, a celebración de numerosos mítins e banquetes políticos e a proliferación de órganos de prensa deron lugar a unha animada campaña electoral. Os resultados dos comicios, nos que o executivo non se limitou a unha posición neutral, amosaron unha clara vitoria da coalición gobernamental (progresistas e unionistas máis os demócratas monárquicos ou *cimbrios*), que sumou 236 escanos, fronte a 85 republicanos, 20 carlistas e preto de 40 doutras tendencias. As novas Cortes elaboraron en 4 meses unha nova Constitución que consagraba o triunfo do liberalismo progresista e democrático:

- ◆ Proclamaba a **Soberanía nacional**.
- ◆ Incluía unha ampla **declaración de dereitos e liberdades individuais**: aos tradicionais dereitos civís (propiedade, igualdade ante a lei, seguridade, tutela xudicial, presunción de inocencia, inviolabilidade do domicilio e da correspondencia, etc.) engadíanse novos dereitos políticos (voto, asociación, reunión, libre expresión), a liberdade de cultos..
- ◆ Optaba pola **monarquía** como forma de goberno.
- ◆ Establecía unha **estrita división de poderes**: á Coroa reservábaselle o executivo, que exercía a través de ministros responsables; o legislativo correspondía a un parlamento bicameral (Congreso e Senado electivos), convertido en institución central da nova orde política; e o xudicial aos tribunais independentes e ao xurado popular.

DOC. 4: A Constitución de 1869.

A Nación Española, e no seu nome as Cortes Constituíntes, elixidas por sufraxio universal [...] decretan e sancionan a seguinte Constitución [...]:

Art. 2º. Ningún español nin estranxeiro poderá ser detido nin preso senón por causa de delito.

Art. 3º. Todo detido será posto en liberdade ou entregado á autoridade xudicial dentro das vinte e catro horas seguintes ao acto da detención [...]

Art. 4º. Ningún español poderá ser preso senón en virtude de mandamento de Xuíz competente.

Art. 5º. Ninguén poderá entrar no domicilio dun español ou estranxeiro residente en España sen o seu consentimento.

Art. 7º. En ningún caso, poderá deterse nin abrirse pola Autoridade gobernativa a correspondencia confiada ao correo, nin tampouco deterse a telegráfica [...]

Art. 11. Ningún español poderá ser procesado nin sentenciado senón polo Xuíz ou Tribunal a quen, en virtude de leis anteriores ao delito, compete o coñecemento e na forma que estas prescriban [...]

Art. 14. Ninguén poderá ser expropiado dos seus bens senón por causa de utilidade común e en virtude de mandamento xudicial, que non se executara sen previa indemnización [...]

Art. 16. Ningún español que se encontre no pleno goce dos seus dereitos civís poderá ser privado do dereito a votar nas eleccións [...]

Art. 17. Tampouco poderá ser privado ningún español:

-Do dereito de emitir libremente as súas ideas e opinións [...]

-Do dereito a reunirse pacificamente.

-Do dereito a asociarse para tódolos fins da vida humana [...]

Art. 21. A Nación obriga-se a manter o culto e os ministros da relixión católica. O exercicio público e privado de calquera outro culto fica garantido a tódolos estranxeiros residentes en España [...] Se algúns españois profesaren outra relixión que a católica, é aplicable a todos o disposto no parágrafo anterior [...]

Art. 32. A soberanía reside esencialmente na Nación, da cal emanan tódolos poderes.

Art. 33. A forma de Goberno da Nación Española é a Monarquía.

Art. 34. A potestade de facer as leis reside nas Cortes. O Rei sanciona e promulga as leis.

Art. 35. O poder executivo reside no Rei, quen o exerce por medio dos seus ministros.

Art. 36. Os Tribunais exercen o poder xudicial.

Art. 37. A xestión dos intereses peculiares dos pobos e das provincias corresponde respectivamente aos Concellos e Deputacións provinciais, consonte ás leis.

Art. 38. As Cortes compóñense de dous Corpos Colexisladores, a saber: Senado e Congreso [...]

Art. 91. [...] Uns mesmos Códigos rexerán en toda a Monarquía sen prexuízo das variacións que, por particulares circunstancias, determinen as leis [...]

Art. 93. Establecerase o xuízo por xurados para tódolos delitos políticos, e para os comúns que determine a lei [...]"

- ◆ No tocante á **organización territorial do Estado** garantíase a autonomía dos municipios e provincias, rachando coa tradicional centralista do moderantismo.

A Rexencia.

A aprobación do texto constitucional, que proclamaba á monarquía como forma de goberno, obrigaba a unha rexencia. Esta foi encomendada ao xeneral Serrano mentres **Prim asumía a xefatura do goberno**. O novo gabinete proseguiu a obra do precedente impulsando, consonte ao mandato constitucional, a reforma da administración local e provincial, o reforzamento da independencia do poder xudicial e a secularización da vida social (establecemento do rexistro civil, regulación do matrimonio civil, expulsión dos xesuítas), o que había provocar a hostilidade da xerarquía e da opinión católicas.

Cumpría, ademais, **buscar un novo monarca**. A tarefa era case imposible: desbotados os Borbóns, había que atopar un candidato que foise axeitado ao papel que lle reservaba o texto constitucional, que gozase do suficiente apoio interno e que puidese ser aceptado polas grandes potencias europeas. Consideráronse diversas opcións: o xeneral Espartero, o duque de Montpensier (cuñado de Isabel II, ben relacionado cos círculos revolucionarios, sobre todo cos unionistas), o príncipe alemán Leopoldo de Hohenzollern, o rei portugués Fernando de Coburgo. Finalmente, optouse polo fillo do rei de Italia Víctor Manuel II, **Amadeo, duque de Aosta**. O apoio parlamentario distou de ser unánime: 191 votos a favor fronte a uns 100 votos que apoiaron outras opcións (república federal, duque de Montpensier, Espartero, Alfonso de Borbón). Ademais, o principal valedor político de Amadeo, o xeneral Prim, sufriu un grave atentado en Madrid o 28 de decembro de 1870, falecendo a causa das feridas sufridas dous días despois, coincidindo coa arribada do novo monarca a Cartagena.

O reinado de Amadeo I (1871-1873): a monarquía democrática

Malia os esforzos de Amadeo e a seu escrupuloso respecto do marco constitucional, a

Caricatura publicada na revista satírica *La Flaca* (1869) representando a procura dun rei.




Autor descoñecido [Dominio público], Wikimedia Commons.

O rei Amadeo I ante o cadáver do xeneral Prim (1870), cadro de A. Gisbert (1875).



[Dominio público], dende Wikimedia Commons

Doc. 5: As eleccións xerais durante o Sexenio Democrático (1868-1874): composición do Congreso dos Deputados.



marcha da monarquía democrática estivo inzada de atrancos: unha notable inestabilidade política, unha ampla oposición e dous irresolubles conflitos bélicos.

A inestabilidade política.

A morte de Prim, líder indiscutible da coalición democrático-monárquica, dificultou o mantemento da unidade desta. Tras a vitoria nas eleccións de marzo de 1871, as diferenzas internas no seu seo fixéronse cada vez máis evidentes. As rivalidades persoais e as diverxencias políticas en cuestións como as relacións coa Igrexa católica, a continuidade da escravitude nas colonias ou a política económica, levaron a formación de dous grupos políticos enfrontados:


- ◆ O **partido constitucionalista**, liderado por Sagasta, máis conservador, reunía a progresistas e antigos unionistas.
- ◆ O **partido radical**, encabezado por Ruíz Zorrilla, proclamábase como o auténtico herdeiro dos ideais progresista integrando á maioría dos antigos *cimbrios* (Rivero, Martos). A incapacidade para o acordo entre as dúas opcións provocou unha rápida sucesión de fráxiles gobernos (seis en a penas dous anos), incapaces de afrontar a marea de problemas que ameazaba ao réxime.

Unha ampla oposición política e social.

Á división interna entre os defensores da Constitución de 1869 engadíronse as accións destabilizadoras dende fronte moi diversos.

- Dende a **dereita**, a oposición foi protagonizada, en primeiro lugar polas **elites**: a alta nobreza mantívose maioritariamente leal á causa borbónica e retraeuse fronte ao novo monarca; a Igrexa, radicalmente oposta ás medidas secularizadoras setembrinas, non podía aceptar como rei ao fillo de Vitor Manuel III, quen acababa de rematar co poder temporal do Papa, mentres amplos sectores do clero apoiaban ao carlismo; a burguesía ligada aos intereses coloniais cubanos vía perigar os seus negocios. Na prensa e no parlamento, a oposición política, protagonizada por **carlistas e alfonsinos**, foi inmisericorde.
- Na **esquerda**, o **republicanismo federal** mantivo unha forte presenza parlamentaria. Así mesmo, xogou un papel destacado nos motíns populares contra as quintas e os consumos e a prol do reparto de terras e non foi alleo a insurreccións armadas como a acontecida no Arsenal ferrolán en 1872. Por outra banda, o **asociacionismo obreiro** experimentara baixo o novo marco político (sufraxio universal, recoñecemento dos dereitos de reunión e asociación) un forte impulso, sobre todo en Cataluña, Levante e Andalucía. O crecente influxo dos propagandistas por internacionalistas (AIT), maiormente bakuninistas, foi desprazando aos federais e radicalizando as accións e demandas obreiras. O eco dos

Representación do Congreso Obreiro de Barcelona (xullo de 1870), onde se fundou a Federación Rexional Española (FRE) da AIT



[Dominio público], dende Wikimedia Commons.

sucesos da *Comuna de París* acrecentou os temores das clases dominantes e a reacción governamental, que desembocou, tras un intenso debate parlamentario, na ilegalización da AIT en España (1871).

Dúas guerras.

A acción política dos gobernos do Sexenio veuse comprometida por dúas guerras que provocaron grandes perdas humanas e materiais, drenaron os recursos financeiros do Estado e imposibilitaron o cumprimento da promesa de suprimir as impopulares quintas.

A guerra longa de Cuba (1868-1878).

Durante o século XIX, a economía cubana experimentara un forte desenvolvemento baseado na utilización de man de obra escrava e no monocultivo da cana de azucre. A meirande parte da produción azucreira destinábase aos EEUU, cada vez máis interesados nos asuntos da illa. Por outra banda, a rica burguesía criolla ficaba marxinada do goberno da illa, dirixido polos militares, sen institucións representativas nin liberdades individuais e cunha administración monopolizada polos funcionarios peninsulares. Estas circunstancias favoreceron o crecemento do independentismo con líderes como o terratenente Carlos Manuel de Céspedes. En outubro de 1868, publicábase o **berro de Yara**, manifesto que denunciaba a situación colonial da illa, esixía a participación dos cubanos no goberno da illa e demandaba a abolición da escravitude.

A oposición frontal dos peninsulares frustrou calquera tentativa de cambio no statu quo da illa e deixou o enfrontamento armado como única saída. Este desenvolveuse fundamentalmente no Oriente de Cuba onde os independentistas, que contaron co apoio norteamericano, practicaron a guerra de guerrillas fronte ao exército regular español. Ata a sinatura da **Paz de Zanjón** (1878), que puxo fin ás hostilidades, os gobernos españois mandaron a Cuba uns 180.000 soldados, dos que máis de 80.000 pereceron, o 90% deles por causa das enfermidades tropicais e da mala alimentación.

DOC. 6: Manifesto da Xunta revolucionaria da Illa de Cuba (1868).

Ao levantarnos armados contra a opresión do tiránico goberno español [...], manifestamos ao mundo as causas que nos obrigaron a dar este paso [...]. Ninguén ignora que España goberna a illa de Cuba con man de ferro erro ensanguentado: no só non lle deixa seguridade nas súas propiedades, arrogándose a facultade de impoñer tributos e contribucións ao seu antollo, senón que, téndoa privada de toda liberdade política, civil e relixiosa, os seus desgraciados fillos vense expulsados do seu solo [...] sen forma de proceso, por comisións militares establecidas en plena paz [...]. A praga infinita de empregados fementos que de España nos asolaga, devora o produto dos nosos bens e do noso traballo ao abeiro da despótica autoridade que o goberno español pon nas súas mans, priva aos nosos compatriotas dos empregos públicos que require un bo goberno [...].

Os nosos valiosos produtos, mirados con cobiza polas repúblicas dos pobos mercantís estranxeiros, que provoca o sistema aduaneiro español por contarlles o seu comercio, se ben se venden a grandes prezos nos portos doutras nacións, aquí o infeliz produto non alcanza sequera para cubrir os seus gastos; de xeito que sen a feracidade dos nosos terreos morreríamos na miseria [...].

Nós consagramos estes venerables principios: nós cremos que tódolos homes son iguais; amamos a tolerancia, a orde a xustiza en tódalas materias; respectamos as vidas e propiedades de tódolos cidadáns pacíficos aínda que sexan os mesmos españois residentes neste territorio; admiramos o sufraxio universal, que asegura a soberanía do pobo; desexamos a emancipación gradual e baixo indemnización da escravitude, o libre cambio coas nacións amigas que usen de reciprocidade, a representación nacional para decretar as leis e impostos e, en xeral; demandamos a relixiosa observancia dos dereitos imprescritibles do home; constituíndonos nunha nación independente [...].

Manzanillo, 10 de outubro de 1868. O xeneral en xefe, Carlos Manuel de Céspedes

DOC. 7: Mensaxe do secretario de Carlos VII, Emilio de Arjona, aos gobernos europeos (abril 1872).

Excelencias: o duque de Madrid quere que Europa enteira coñeza os motivos que explican a súa actual liña de conduta. Cómpre evitar que la opinión pública tome un xuízo errónea dos sucesos que se van desenvolver en España.

O partido carlista, que representa a maioría do país, rexeita en nome dos seus principios tódalas maquinacións do partido liberal, que son o prólogo da disolución social.

O duque de Madrid quería evitar de tódolos xeitos un alzamento de armas que fará correr sangue español e será o preludio de graves complicacións nos países de Europa. Non tiveron máis remedio que aceptar a loita, tal e como a querían os seus inimigos no terreo esixido por eles.

Os carlistas, obedecendo ao seu príncipe, presentáronse ás eleccións en disposición pacífica; pero un goberno impopular agardáboas coas súas violencias; un partido hostil cos seus paíais. É inútil repetir aquí as ilegalidades, as violencias e as farsas empregadas para evitar que fose ás Cortes a verdadeira maioría.

O Goberno da revolución péchanos as portas da legalidade que el mesmo estableceu. Non queda outro camiño ao duque de Madrid e aos carlistas que o de botar man da forza das armas [...].

O duque de Madrid, e con el a maioría de España, piden ao ceo, e contemplando as nosas desgrazas, chama aos seus compatriotas arredor do estandarte onde se len estas palabras: Deus, Patria e Rei [...].

A terceira guerra carlista (1872-1876).

O carlismo aproveitou as oportunidades ofrecidas polo novo marco político. O apoio ao particularismo foral vasco-navarro garantiulle una posición hexemónica nestes territorios e a súa firme defensa do catolicismo permitiulle aglutinar a moitos dos contrarios ás medidas secularizadoras. Dotouse dunha sólida estrutura organizativa e dun notable aparato de prensa e, baixo o liderado de Nocedal, obtivo unha significativa presenza parlamentaria. Malia estes avances, os sectores partidarios do levantamento armado contra o réxime democrático impuxéronse a partir de 1872.

Entre 1872 e 1876 desenvolveuse un novo conflito civil en territorio peninsular. Os seguidores do pretendente **Carlos VII** chegaron a controlar amplos territorios no País Vasco, Cataluña e Navarra e deron formado o xerme dun auténtico Estado carlista con capital na localidade navarra de Estella.

A guerra rematou en 1876, restaurada xa a dinastía borbónica, coa derrota militar do carlismo. Os foros vasco-navarros foron abolidos. Non obstante, a presión dos liberais foristas posibilitou a revisión parcial desta decisión coa aprobación do chamado concerto económico en 1878, vixente ata a actualidade.

Os problemas ían acumulándose. A comezos de 1873, un conflito menor entre o presidente do goberno, Ruíz Zorrilla, e Amadeo I sobre a continuidade do corpo de artillería desencadearía unha nova ruptura. O monarca, máis que farto, presentou a súa renuncia ao trono o 11 de febreiro de 1873. O mesmo día, o Congreso e o Senado reunidos en sesión conxunta proclamaron a República.

DOC. 8: Renuncia de Amadeo I (11-II-1873).

Grande foi a honra que merecín da nación española elixíndome para ocupar o seu trono [...] Hai dous anos que cingo a Coroa de España e a España vive en constante loita, vendo cada día máis lonxe a era de paz e ventura que tan ardentemente desexo. Se fosen estranxeiros os inimigos da súa dicha, daquela, á fronte destes soldados, tan valentes coma sufridos, sería o primeiro en combatelos; pero tódolos que coa espada, a pluma, coa palabra, agravan e perpetúan os males da nación son españois, todos invocan o doce nome da patria, todos pelexan e axítanse polo seu ben; e entre o fragor do combate, entre o confuso e atronador e contradictorio clamor dos partidos; entre tantas e tan opostas manifestacións da opinión pública, é imposible atinar cal é a verdadeira, e máis imposible aínda atopar o remedio para tales males. Busqueino avidamente dentro da lei e non o atopei. Fóra da lei non ha buscalo quen prometeu observala [...] Estas son, señores deputados, as razóns que me moven a devolver á nación, e no seu nome a vós, a Coroa que me ofreceu o voto nacional, facendo dela renuncia por min, polos meus fillos e sucesores.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ALFEIRÁN, X. et al.: *Historia de España 2º Bach*, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
- ALVÁREZ REY, L. et. al.: *Historia de España. 2ª Bacharelato. Aula 3D*, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
- CANAL, J.[dir.]: *Historia contemporánea de España*, vol. 1: **1808-1898**, Madrid, Taurus-Fund. Mapfre, 2017.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: *Historia de España 2º Bachillerato*, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- FONTANA, J.: *La época del liberalismo*, FONTANA, J.; VILLARES, R. (dir.), *Historia de España*, vol. 6, Barcelona, Ed. Crítica-Marcial Pons, 2007.
- FUSI, J.P.; PALAFOX, J.: *España, 1808-1996: El desafío de la modernidad*, Madrid, Espasa, 2000.
- GIL ANDRÉS, C.: *50 cosas que hay que saber sobre Historia de España*, Barcelona, Editorial Ariel, 2016.
- LÓPEZ-CORDÓN, Mª.V.: *La revolución de 1868 y la I República*, Madrid, Ed. Siglo XXI, 1976.
- SERRANO, R. (ed.): *El Sexenio Democrático*, monográfico da revista *Ayer*, nº 44, 2001.
- VV.AA.: *Historia de España*, Madrid, Ed. Santillana, 2004.

A Primeira República.

A renuncia de Amadeo I ao trono fixo case inevitable a proclamación da República polas Cortes o 11 de febreiro de 1873. A I República foi unha experiencia política breve e intensa marcada pola radicalización dos principios da revolución de 1868, por unha intensa conflitividade política e social e por unha extrema inestabilidade. Catro presidentes se sucederon ao fronte do goberno nos 11 meses que durou: Estanislao Figueras, Francesc Pi i Margall, Nicolás Salmerón e Emilio Castelar.

O réxime republicano debeu facer fronte aos problemas herdados (as guerras carlista e cubana, unha ampla oposición política) mentres se agravaban os problemas financeiros do Estado e se agudizaban os conflitos sociais (folgas obreiras, ocupacións de terras). A división interna do republicanismo non axudou tampouco á consolidación do novo réxime. Aos republicanos unitarios, xa moi minoritarios, engadíanse as diferentes tendencias no seo do federalismo: fronte aos moderados (Castelar, Salmerón) aliñábanse os *intransixentes* (José M^a Orense) ficando os partidarios de Pi i Margal nunha difícil posición centrista.

O proxecto constitucional de 1873.

Logo da etapa provisoria da presidencia de **E. Figueras**, durante a que os antigos radicais seguiron a ter un peso moi importante e mesmo intentaron facerse co poder, foron convocadas eleccións a Cortes constituíntes. Estas celebráronse en maio. Ante o retraemento das opcións non republicanas e unha elevada abstención, os federais obtiveron unha asoballadora maioría parlamentaria (343 sobre 364 escanos).

Figueras, farto das liortas internas dos republicanos, dimitiu. As Cortes proclamaron que “a forma de goberno da Nación española é a República federal” e elixiron como presidente a **F. Pi i Margall**. Axiña se puxeron mans á obra e comezaron a traballar na elaboración dunha nova lei fundamental. Foi o moderado E. Castelar, o encargado da redacción dun **proxecto de Constitución federal** que non chegaría a ser aprobado definitivamente. O seu contido reflicte unha radicalización dos principios democráticos:

- ◆ Proclamaba a **soberanía popular**.
- ◆ Incluía unha **declaración de dereitos e liberdades individuais** que remitía á Constitución de 1869 pero proclamaba claramente a liberdade relixiosa e optaba polo laicismo, por unha radical separación entre Igrexa e Estado .

DOC. 1: Manifesto da Asemblea do Partido Republicano Federal (Madrid, 31-III-1870).

A federación, máis ca unha fórmula é un sistema que inverte completamente as relacións políticas, administrativas e económicas que hoxe unen co Estado os pobos e as provincias. A base actual da organización do país é o Estado, que se arroga la facultade de trazar o círculo no que han de moverse as deputacións e os concellos, reservándose sobre unhas e outros o dereito de inspección e tutela: a base da organización federal está, pola contra, nos municipios que, logo de constituídos dentro das condicións naturais da súa vida, crean e forman as provincias, ás que máis tarde debe a súa orixe o Estado. Na actual organización, o Estado dominao todo; na federal, o Estado, a provincia, o pobo son tres entidades igualmente autónomas ligadas por pactos sinalagmáticos e concretos.

Estanislao Figueras, primeiro presidente da Primeira República española.



Arturo Carretero [Dominio público], [Wikimedia Commons](#)

- ◆ Respecto á organización territorial, definía un **Estado federal** formado por 17 Estados federados, incluíndo nesta categoría a Cuba e Puerto Rico, e recoñecía explicitamente a autonomía municipal.
- ◆ Establecía unha **nidia división de poderes**: o lexislativo correspondía en exclusiva a unhas Cortes bicamerais, formadas polo Congreso, elixido directamente polos cidadáns, e o Senado, representativo dos Estados federados; o executivo correspondía ao goberno, responsable ante as Cortes; e o xudicial aos xuíces e xurados.
- ◆ Ao **Presidente da República**, elixido mediante un procedemento indirecto, correspondíalle a xefatura do Estado e con ela o chamado *poder de relación entre os distintos poderes*.

O cantonalismo.

O proxecto constitucional definía unha *república federal dende arriba*: a Nación española, en virtude da súa soberanía, constituía os novos Estados federais e definía o marco das súas competencias, algo que contradecía os presupostos orixinarios do federalismo *pimargalián*. Por outra banda, o goberno republicano víase forzado a pedir poderes extraordinarios para facer fronte a ameaza carlista. Os federais intransixentes opuxéronse á medida, que entendían ameazaba a liberdade e a democracia. Ao aprobar as Cortes a petición governamental en xullo de 1873, os deputados intransixentes abandonaron o parlamento e trataron de promover a *república federal dende abaixo* mediante a creación inmediata de cantóns soberanos que poderían federarse entre si se así o decidían.

O movemento cantonalista acadou unha forte implantación durante o verán de 1873 no Levante e Andalucía. Tivo un notable apoio popular e nalgúns localidades, caso de Alcoi, o obreirismo internacionalista tivo unha significativa participación. A maioría dos cantóns foi disolto polas forzas militares leais ao goberno. Só o de Cartagena, grazas ao apoio da frota, sobreviviu ata xaneiro de 1874.

DOC. 2 Proxecto constitucional de 1873.

A Nación Española, reunida en Cortes Constituíntes, desexando asegurar a liberdade, cumprir a xustiza e realizar o fin humano ao que está chamada na civilización, decreta e sanciona o seguinte

Código fundamental:

Título preliminar: Toda persoa encontra asegurados na República, sen que ningún poder teña facultades para contalos, nin lei ningunha autoridade para mingualos, tódolos dereitos naturais:

1º. O dereito á vida, á seguridade e á dignidade da vida.

2º. O dereito ao libre exercicio do seu pensamento e á libre expresión da súa conciencia.

3º. O dereito á difusión das súas ideas por medio do ensino.

4º. O dereito de reunión e asociación pacíficas.

5º. A liberdade do traballo, da industria, do comercio interior, do crédito.

6º. O dereito de propiedade, sen facultade de vinculación nin amortización.

7º. A igualdade ante a lei..

8º. O dereito a ser xurado e a xer xulgado polos xurados; o dereito á defensa libérrima en xuízo; o dereito, no caso de caer en culpa ou delito, á corrección e á purificación por medio da pena[...]

Art. 1: Compoñen a Nación española os Estados de Andalucía Alta, Andalucía Baixa, Aragón, Asturias, Baleares, Canarias, Castela a Nova, Castela a Vella, Cataluña, Cuba, Extremadura, Galicia, Murcia, Navarra, Puerto Rico, Valencia, Rexións Vascongadas [...]

Art. 18. Ningún español que se encontre no pleno goce dos seus dereitos civís poderá ser privado do dereito a votar nas eleccións [...]

Art. 34. O exercicio de tódolos cultos é libre en España.

Art. 35. Queda separada a Igrexa do Estado.

Art. 36. Queda prohibido á Nación o a Estado federal, ou aos Estaos Rexionais e aos municipios subvencionar directa nin indirectamente ningún culto [...]

Art. 39. A forma de goberno da Nación española é a República federal.

Art. 40. Na organización política da Nación española todo o individual es pura competencia del individuo; todo o municipal do Municipio; todo o rexional é do Estado; e todo o nacional, da Federación [...]

Art. 42. A soberanía reside en tódolos cidadáns [...]

Art. 45. O poder da Federación divídese en Poder lexislativo, Poder executivo, Poder xudicial e Poder de relación entre estes Poderes.

Art. 46. O Poder lexislativo será exercido polas Cortes.

Art. 48. O Poder xudicial será exercido polos Xurados e Xuíces [...]

Art. 49. O poder de relación será exercido polo Presidente da República [...]

Art. 50. As Cortes compóñense de dous Corpos: Congreso e Senado. [...]

Art. 70. El Poder executivo será exercido polo Consello de Ministros, baixo a dirección dun Presidente, o cal será nomeado polo Presidente da República [...]

A república de orde.

A insurrección cantonalista contribuíu a estender unha imaxe negativa da República, identificada co desorde e a ineficacia. Mentres, nun Estado que afrontaba tres conflitos bélicos (cantonalista, carlista, cubano), o protagonismo dos militares non deixou de medrar. Estas circunstancias favoreceron un xiro da república cara posicións máis conservadoras (a *república de orde*) tras a dimisión de Pi i Margal. Así se percibiu baixo as presidenciais de **N. Salmerón** e, sobre todo, de **E. Castelar**. En xaneiro de 1874, Castelar perdeu unha moción de confianza nas Cortes. Cando se preparaba a votación para escoller ao seu substituto, tropas mandadas polo xeneral Pavía irrumpían no hemiciclo e disolvían parlamento.

O goberno de facto de Serrano. O camiño cara a Restauración (1874)

O golpe de Estado do xeneral Pavía deu paso a un goberno presidido por Serrano e formado por antigos constitucionais (Sagasta) e radicais (Martos), que, polo menos formalmente, mantivo a forma de goberno republicano. Angustiado polas urxencias financeiras e bélicas, o novo executivo non deu arbitrado unha saída institucional á difícil situación política.

Os grandes beneficiarios da conxuntura foron os **alfonsinos**, os partidarios da restauración da dinastía borbónica na persoa do príncipe Alfonso, fillo da derrocada Isabel II, liderados polo político conservador Antonio Cánovas del Castillo. As elites sociais (aristocracia, burguesía ligada ao mercado colonial cubano, mandos militares), sempre receosas da experiencia liberal-democrática, fundamentaron este proxecto político. Pero a el foron achegándose tamén importantes sectores das clases medias fartas de seis anos de inestabilidade e sobresaltos. Semellaba que a burguesía revolucionaria se fixera xa conservadora.

O 1 decembro de 1874 publicouse o chamado **Manifesto de Sandhurst**, asinado polo príncipe Alfonso pero redactado por Cánovas, no que se presentaba esta opción alfonsina como única alternativa posible de integración da tradición monárquica e do liberalismo e como única opción viable para o futuro do país. O 29 do mesmo mes, o xeneral Martínez Campos, anticipándose aos desexos de Cánovas, principiaba un

DOC. 3: Proclama do cantón de Cartagena (12-VII-1873)

Cartaxeneiros: Os que pola vontade da maioría do pobo republicano desta localidade constituímos a Xunta de Saúde Pública da mesma temos o deber imprescindible de facer unha declaración categórica das nosas miras, dos nosos principios e dos intereses que defendemos e tratamos de resgardar para ben da República e para salvación da patria.

Proclamada como forma de goberno para España a República Federal, o pobo republicano na súa inmensa maioría reclamaba, como imperiosamente esixían as circunstancias, que se organizase a Federación, establecendo a división rexional dos cantóns e dando a estes e ao municipio a autonomía suspirada hai tanto tempo [...] Pero o pobo [...] vía prolongarse indefinidamente os seus momentos de agonía, vía ameazada a República dun golpe de morte e non vía no Goberno nin na Cámara Constituínte unha predisposición para a inmediata execución destas reformas [...] Esta Xunta, emanación da soberanía das forzas populares e que non admite, porque así o teñían entendido todos, inspiracións que non sexan dignas da honradez e boa fe deste pobo cartaxeneiro, está pronta a castigar dun xeito rápido e inexorable a cantos pretendan encamiñar o movemento revolucionario por ocultos sendeiros ou arrastrar a pública opinión a excesos que esta Xunta reprimiría rápida e instantaneamente. A que os homes honrados de tódolos partidos se persuadan e convenzan dos bos desexos que animan a esta Xunta e do seu profundo respecto cara tódalas crenzas, van principalmente dirixidas estas manifestacións.

Aquí non hai verdugos nin vítimas, nin opresores nin oprimidos, senón irmáns preparados a sacrificarse pola liberdade e a felicidade dos seus concidadáns.

*Viva a República Federal!
Viva la soberanía do pobo!*

Caricatura da Primeira República publicada na revista satírica *La Flaca* (1873):

O mestre Pi i Margall, desbordado polos alumnos federalistas, mentres Castelar pon orde entre os seus.



Tomás Padro [Dominio público], [Wikimedia Commons](#)

pronunciamento en Sagunto a prol da restauración borbónica na persoa de Alfonso XII. Sen apoios, Serrano optou por non presentar resistencia. Formouse daquela un Ministerio-Rexencia presidido por Cánovas á espera do retorno do novo rei dende Inglaterra. Comezaba a Restauración borbónica.

DOC. 4: Manifesto do Goberno de Serrano á Nación (8-I-1874).

O poder executivo, que nestas circunstancias anormais asumiu toda a autoridade política e se revestiu de facultades extraordinarias, crese no imprescindible deber de dirixirse á nación para explicar a súa orixe, xustificar a súa actitude e expoñer leal e sinceramente os seus propósitos.

As Cortes Constituíntes elixidas baixo o imperio do terror dun só partido, retraídos os demais ou proscritos, naceron sen aquela autoridade moral a todo poder necesaria, e máis indispensable a quen o seu carácter e orixe puñan no u carácter y origen ponían en el empeño de cometer imprudentes y no empeño de realizar temibles e perigosas novidades [...]

[...] A orde social, a integridade da patria, a súa honra, a súa mesma vida, foron salvadas por un arranque de enerxía [...], por un acto de forza doloroso sempre, máis agora só digno de disculpa senón tamén de permanente gabanza.

A gornición de Madrid non fixo máis que ser o instrumento e o brazo da opinión pública unánime; a executora fiel e resolta da vontade dunha nación, divorciada por completo de sus falsos representantes [...]

Reunidos e consultados os homes de importancia que residen en Madrid e representan dignamente a tódolos partidos liberais, aclamaron e recoñeceron ao xeneral Serrano por xefe do poder executivo [...]. O xeneral Serrano, daquela, formou o novo ministerio, cuxo pensamento e misión incúmbenos expor agora:

Mentres rebeldes á soberanía nacional [...] sigan alzados en armas os carlistas nas provincias do norte; mentres o pendón antinacional siga ergueito en Cartaxena [...] e mentres nas provincias de Ultramar arda a tea da discordia [...] é imposible o exercicio de tódalas liberdades.

Antes cómpre un poder robusto. Coa chegada deste poder non se destrúe a lei fundamental, suspéndese só para que en realidade e en verdade resplandeza e domine unha vez vencida, como agardamos a anarquía material e moral que hoxe nos devora. Os partidos que están no poder fixeron a Revolución de 1868 e a Constitución de 1869 [...]

Non consiste a democracia en destruír nivelando a xerarquía social nacida da invencible natureza das cousas; consiste na igualdade de dereitos políticos; nin na destrución de todo privilexio que impida elevarse a esa mesma xerarquía a quen o mereza e honradamente o gañe [...]

Contra os que propaguen estas ideas subvertindo a orde e retardando o restablecemento da paz e da liberdade será o Goberno moi severo [...]

O presidente do poder executivo da República, Francisco Serrano.-O ministro de Estado, Práxedes Mateo Sagasta [...]

DOC. 5: O Manifesto de Sandhurst (1-XII-1874).

[...] En virtude da espontánea e solmne abdicación da miña augusta nai [...] son eu o único representante do dereito monárquico en España. Arranca este dunha lexislación secular, confirmada por tódolos precedentes históricos, e está indubidablemente unida a tódalas institucións representativas, que nunca deixaron de funcionar legalmente durate os 35 anos transcorridos dende que comezo o reinado da miña nai ata que, neno aínda, pisei en con tódolos meus o solo estranxeiro.

Orfa a nación agora de todo dereito político e indefinidamente privada das súas liberdades, natural é que volva os ollos ao seu acostumado dereito constitucional e a aquelas libres insitucións que nin en 1812 lle impediron defender a súa independencia nin acabar en 1840 outra empeñada guerra civil [...]

Por todo isto, sen dúbida, o único que inspira xa confianza en España é unha monarquía hereditaria e representativa [...] Mentres, non só está botado por terra todo o que 1868 existía, senón canto se pretendeu crear dende aquela. Se de feito se encontra abolida a Constitución de 1845, encóntrase tamén abolida a que en 1869 se formou sobre a base dunha inexistente monarquía.

Se unha Xunta de senadores e deputados, sen ningunha forma legal instituída, decretou a república, ben pronto foron disolvidas as únicas Cortes convocadas co deliberado intento de formular aquel réxime polas baionetas da gornición de Madrid. Tódalas cuestións políticas están así pendent e aínda reservadas, polos actuais gobernantes, á libre decisión do porvenir.

Afortunadamente a monarquía hereditaria e constitucional posúe nos seus principios a necesaria flexibilidade e cantas condicións de acerto fan falta para que tódolos problemas que traia o seu restablecemento sexan resoltos de conformidade cos votos e a convivencia da nación. Non hai que agardar que decida nada de plano e arbitrariamente, sen Cortes non resolveron os negocios arduos dos príncipes españois alá nos tempos antigos da monarquía, e esta xustísima regra de conduta non hei de esquecerla na miña condición presente, en canto tódolos españois estean xa acostumados aos procedementos parlamentarios. Chegado o caso, fácil será que se entendan e concerten as cuestións por resolver un príncipe leal e un pobo libre [...]. Sexa o que queira a miña propia sorte nin deixarei de ser español nin, como tódolos meus antepasados, bo católico, nin como home do século, verdadeiramente liberal.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ALFEIRÁN, X. et al.: **Historia de España 2º Bach**, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
- ALVÁREZ REY, L. et. al.: **Historia de España. 2º Bacharelato. Aula 3D**, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
- CANAL, J.[dir.]: **Historia contemporánea de España**, vol. 1: **1808-1898**, Madrid, Taurus-Fund. Mapfre, 2017.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: **Historia de España 2º Bachillerato**, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- FONTANA, J.: **La época del liberalismo**, FONTANA, J.; VILLARES, R. (dir.), **Historia de España**, vol. 6, Barcelona, Ed. Crítica-Marcial Pons, 2007.
- FUSI, J.P.; PALAFOX, J.: **España, 1808-1996: El desafío de la modernidad**, Madrid, Espasa, 2000.
- GIL ANDRÉS, C.: **50 cosas que hay que saber sobre Historia de España**, Barcelona, Editorial Ariel, 2016.
- LÓPEZ-CORDÓN, Mª.V.: **La revolución de 1868 y la I República**, Madrid, Ed. Siglo XXI, 1976.
- SERRANO, R. (ed.): **El Sexenio Democrático**, monográfico da revista **Ayer**, nº 44, 2001.

- VV.AA.: *Historia de España*, Madrid, Ed. Santillana, 2004.

O sistema político da Restauración (1874-1902)

O golpe de Estado do xeneral Pavía rematou en xaneiro de 1874 coa experiencia da Primeira República. Non obstante, a forma de goberno republicana mantívose en teoría baixo o *gobierno de facto* encabezado polo xeneral Serrano, apoiado polo exército e algúns sectores liberais, especialmente os constitucionais de Sagasta e algúns radicais liderados por Cristino Martos. O executivo presidido por Serrano restrinxiu as liberdades individuais, prohibiu a Internacional, perseguíu aos republicanos, someteu o cantón de Cartagena e reforzou a loita contra os carlistas. Porén, non acertou a dar unha saída institucional á situación política.


Mentres, Antonio Cánovas preparaba coidadosamente a restauración dos Borbóns na persoa do príncipe Alfonso, fillo de Isabel II. A opción alfonsina, apoiada xa por amplos sectores das clases dominantes (aristocracia, alta burguesía), a maioría dos xenerais e da xerarquía eclesiástica, comezaba a ser aceptada por unhas clases medias desencantadas da experiencia democrática e temerosas da inestabilidade e conflictividade que acompañaran o seu percorrido.

O retorno dos Borbóns.

A configuración do sistema político da Restauración está intimamente ligada á figura do político conservador **Antonio Cánovas del Castillo**. Moderado de mozo, apoiara a O'Donnell na *Vicalvarada* de 1854, sendo el mesmo o redactor do *Manifiesto de Manzanares*. Tivo un papel destacado na Unión Liberal coa que desempeñou diversos cargos gobernamentais. Dende 1868, Cánovas foise afastando da maioría dos unionistas que, liderados polo xeneral Serrano, apoiaran a revolución de setembro. Axiña converteuse no principal referente político dos partidarios da volta dos Borbóns.


Malia a súa oposición á democracia, á soberanía nacional e ao sufraxio universal [DOC. 1], Cánovas foi un **conservador pragmático**. O seu proxecto político pretendía conciliar liberalismo (sistema parlamentario, dereitos individuais) e tradición (monarquía, catolicismo, constitución

Renuncia de Isabel II aos seus dereitos dinásticos en



prol do infante D. Alfonso (París, 25/6/1870)

FONTE: *La Ilustración Española y Americana*, [Hemeroteca Municipal de Madrid](#)



Antonio Cánovas del Castillo nun gravado de 1897.

[Dominio público], Wikimedia Commons.

DOC. 1: Cánovas contra o sufraxio universal (1888).

O sufraxio universal, que é en si mesmo unha pésima institución política, é unha institución incompatible con todo ordenado réxime político, e máis e este réxime é o monárquico; o sufraxio universal, aínda cando sexa verdade, é incompatible a longo prazo coa propiedade individual, coa desigualdade de fortunas e con todo o que non sexa un socialismo destentado e anárquico. O sufraxio universal non pode ser máis que un instrumento do socialismo ou unha farsa vil [...].

histórica) e integrar dentro dun réxime liberal oligárquico aos grupos políticos liberais e sectores sociais dominantes dispostos a aceptar a restauración borbónica. Aspiraba tamén a garantir a estabilidade política e, para conseguilo, cumpría evitar o exclusivismo que caracterizara ao réxime moderado baixo Isabel II e posibilitar a alternancia política. Deste xeito faríase innecesario o recurso ao exército (pronunciamentos) e/ou á mobilización cidadá para forzar un cambio de goberno.

A realización deste proxecto político esixía, en primeiro lugar, que Isabel II, desacreditada e con escasos apoios, renunciase ao seus dereitos. En xuño de 1870, fíxose efectiva a súa renuncia en favor do seu fillo, o infante don Alfonso, quen daquela aínda non cumprira os 13 anos. Ademais, Cánovas convenceu a Isabel II de que Alfonso completase a súa educación na inglesa Academia Militar de Sandhurst para que, ademais de recibir formación castrense, puidese trabar coñecemento do sistema parlamentario británico, do que o político conservador era un gran admirador.

Durante o ano 1874, o partido alfonsino orquestrou unha ampla e minuciosa campaña propagandística que contou coa prensa conservadora e unha activa participación das elites monárquicas para presentar ao príncipe ante a opinión pública española. Este proceso culminaría coa publicación do **Manifesto de Sandhurst** [DOC. 2], atribuído ao mesmo Cánovas e asinado por don Alfonso o 1 de decembro, aínda que non se publicou ata o 27. Nel, o príncipe agradecía os parabéns polo seu aniversario, presentábase como único depositario da lexitimidade monárquica e sinalaba a restauración borbónica como única alternativa viable para o futuro do país, conciliadora da tradición española (Coroa, catolicismo, *constitución histórica*) e o moderno liberalismo.

Foron os militares quen precipitaron os acontecementos: o día 29 de decembro, o **xeneral Martínez Campos** [DOC.3] encabezou en Sagunto un novo pronunciamento en favor da restauración da monarquía borbónica na persoa do príncipe, proclamado rei de España como Afonso XII. A acción contrariaba a planificación de Cánovas, quen receaba do protagonismo militar. Porén obstante, asumiría a dirección dun ministerio-rexencia ata a chegada do rei dende Inglaterra en xaneiro de 1875 e, tras ser confirmado por este, presidiría o goberno ata

DOC. 2: O Manifesto de Sandhurst (1-XII-1874).

[...] En virtude da espontánea e solmne abdicación da miña augusta nai [...] son eu único representante do dereito monárquico en España. Arranca este dunha lexislación secular, confirmada por tódolos precedentes históricos, e está indubidablemente unida a tódalas institucións representativas, que nunca deixaron de funcionar legalmente durante os 35 anos transcorridos dende que comezo o reinado da miña nai ata que, neno aínda, pisei eu con tódolos meus o solo estranxeiro. Orfa anación agora de todo dereito político e indefinidamente privada das súas liberdades, natural é que volva os ollos ao seu acostumado dereito constitucional e a aquelas libres institucións que nin en 1812 lle impediron defender a súa independencia nin acabar en 1840 outra empeñada guerra civil.[...] Por todo isto, sen dúbida, o único que inspira xa confianza en España é unha monarquía hereditaria e representativa [...] Mentres, non só está botado por terra todo o que 1868 existía, senón canto se pretendeu crear dende aquela. Se de feito se encontra abolida a Constitución de 1845, enóntrase tamén abolida a que en 1869 se formou sobre a base dunha inexistente monarquía. Se unha Xunta de senadores e deputados, sen ningunha forma legal instituída, decretou a república, ben pronto foron disolvidas as únicas Cortes convocadas co deliberado intento de formular aquel réxime polas baionetas da gornición de Madrid. Tódalas cuestións políticas están así pendentos e aínda reservadas, polos actuais gobernantes, á libre decisión do porvir. Afortunadamente a monarquía hereditaria e constitucional posúe nos seus principios a necesaria flexibilidade e cantas condicións de acerto fan falta para que tódolos problemas que traia o seu restablecemento sexan resolto de conformidade cos votos e a convivencia da nación. Non hai que agardar que decida nada de plano e arbitrariamente, sen Cortes non resolveron os negocios arduos dos príncipes españois alá nos tempos antigos da monarquía, e esta xustísima regra de conduta non hei de esquecerla na miña condición presente, en canto tódolos españois estean xa acostumados aos procedementos parlamentarios. Chegado o caso, fácil será que se entendan e concerten as cuestións por resolver un príncipe leal e un pobo libre [...]. Sexa o que queira a miña propia sorte nin deixarei de ser español nin, como tódolos meus antepasados, bo católico, nin como home do século, verdadeiramente liberal.

DOC. 3: Carta do xeneral Martínez Campos a Cánovas anunciándolle a decisión de pronunciarse (27/XII/1874).

Cando reciba esta, estará iniciado o movemento a favor de don Afonso XII [...] A decisión que tomo hoxe debina tomar hai 45 días. Non me arroxo por amor propio nin por dereito; fágoo pola fe e convicción que teño, fágoo porque vostedes aseguran que a opinión esta feita [...] Non me meto en política; esixo, iso si, que se o movemento triunfa en Madrid, sexa vostede o que se poña á fronte do Goberno.

1879. Durante estes anos, Cánovas impulsou a configuración dun **régime liberal, conservador e oligárquico** que garantiu a estabilidade a costa de excluír da vida política aos sectores populares e ás opcións políticas consideradas radicais (republicanos, carlistas). Para consolidar a monarquía alfonsina cumpriu acometer:

- A **liquidación da herdanza política do Sexenio**: as liberdades foron recortadas, o republicanismo e o movemento obreiro ilegalizados, as medidas secularizadoras suspendidas na procura do apoio da Igrexa católica.
- A **resolución dos conflitos bélicos** pendentes. A terceira guerra carlista rematou coa derrota dos partidarios de Carlos VII e abolición dos foros vasconavarros en 1876. En Cuba, a división no seo do independentistas fixo posible por fin a dez anos de enfrontamento armado coa sinatura da Paz de Zanjón (1878). A imaxe de Afonso XII como *rei pacificador* daría importantes réditos políticos á monarquía restaurada.
- A **elaboración dun novo marco constitucional**: convocáronse eleccións a Cortes Constituíntes por sufraxio universal en 1876. Usando tódolos resortes da administración e sometendo a actividade opositora a fortes restricións, o goberno obtivo unha maioría asoballadora. Os constitucionais de Sagasta ficaron como a máis importante minoría opositora [DOC.5].

A Constitución de 1876.


As novas Cortes definiron as bases legais do sistema político da Restauración cunha nova lei fundamental, a Constitución de 1876 [DOC. 6]. O texto inspirábase nos principios do liberalismo conservador ou doutrinario, que remitían á Constitución de 1845, pero facía algunhas concesións ao progresismo da Constitución de 1869:

- Outorgaba un **papel central á Coroa** no sistema político. A Constitución baseábase no principio da **soberanía compartida** (Rei e Cortes) [DOC. 4] e, polo tanto, outorgaba ao

DOC. 4: Cánovas define constitución interna e a soberanía compartida ante o Congreso dos Deputados (1876)

O principio hereditario [...], este é o que o Goberno chamou Constitución interna [...] O novo reinado creu, baixo a miña responsabilidade que, vindo aquí sen outra afirmación que a do principio hereditario, ao país, ás Cortes toca resolver o demais. Conste que estamos aquí para resolver isto, e que estamos aquí co principio que este Goberno profesa [...], que a soberanía, na súa forma, reside nas Cortes co Rei e que, residindo nas Cortes co Rei, as Cortes co Rei son as que han fallar libremente [...] sobre a forma constitucional que conveña aceptar a España baixo a base do principio hereditario.

DOC. 5: Composición das Cortes Constituíntes de 1876.



DOC 6: A Constitución de 1876.

Don Alfonso XII, pola graza de Deus, Rei constitucional de España; a tódolos que as presentes veren e entenderen, sabede: Que en unión e de acordo coas Cortes do Reino actualmente reunidas, vimos en decretar e sancionar a seguinte Constitución Política da Monarquía Española. [...]

Art. 11. A relixión Católica, Apostólica e Romana é a do Estado. A Nación obrígase a manter o culto e os seus ministros. Ninguén será molestado en territorio español polas súas opinións relixiosas, nin polo exercicio do seu respectivo culto agás o respecto debido á moral cristiá. Non se permitiran, porén, outras cerimoniais nin manifestacións públicas cás da relixión do Estado[...]

Art. 13. Todo español ten dereito: A emitir libremente as súas ideas e opinións [...]. De reunirse pacificamente. De asociarse para os fins da vida humana.[...]

Art. 18. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co Rei.

Art. 19. As Cortes compóñense de dous Corpos colexisladores, iguais en facultades: o Senado e o Congreso dos Deputados.

Art. 20. O Senado componse: 1º De senadores por dereito propio. 2º De senadores nomeados pola Coroa. 3º De senadores elixidos polas Corporacións do Estado e maiores [...]

Art 50. A potestade de facer executar as leis reside no Rei.[...]

Art. 76. Aos Tribunais e Xulgados pertence exclusivamente a potestade de aplicar as leis nos xuízos civís e criminais[...]


Art. 84. A organización e atribucións das Deputacións provinciais e Concellos rexeranse polas súas respectivas leis. Estas axustaranse aos principios seguintes:[...] Intervención de El-Rei, e, no seu caso, das Cortes, para impedir que as Deputacións provinciais e os Concellos se extralimiten das súas atribucións en prexuízo dos intereses xerais e permanentes. [...]

monarca amplos poderes. Encabezaba o poder executivo e participaba no legislativo: podía convocar, suspender ou disolver as Cortes, designaba boa parte da Cámara Alta e correspondíalle a sanción das leis. Ademais, recibía por primeira vez o mando supremo do exército.

- Incluía unha **declaración de dereitos** que, en certa medida, remitía á Constitución de 1869. Esta tiña, sen embargo, un carácter moi xenérico e deixaba a definición e regulación á lexislación específica posterior, o que permitía introducir restricións maiores ou menores ao seu exercicio. Declarábase a **confesionalidade católica do Estado** pero tolerábase o culto privado doutras relixións.
- A **división de poderes** era pouco estrita e establecía unha clara primacía do executivo. Este atribuíase en exclusiva ao rei, a quen correspondía o nomeamento e cesamento dos ministros responsables. Deste xeito, o goberno ficaba sometido a unha dobre confianza, real e parlamentaria. O legislativo era compartido polo rei e unhas Cortes bicamerais constituídas por un Congreso electivo e un Senado de complexa composición. O poder xudicial reservábase aos tribunais.
- No tocante organización territorial, definíase un **Estado unitario e centralista**, prevendo a intervención do goberno central nas institucións locais.
- A **regulación do sufraxio** deixouse á lei electoral. Así, o sufraxio foi censitario ata 1890 e universal masculino entre 1891 e 1923 [DOC. 7].

A Constitución de 1876 foi a de máis dilatada vixencia da historia española. Estivo en vigor ata 1931, aínda que durante a Ditadura de Primo de Rivera (1923- 1930) estivo suspendida. O funcionamento do sistema político definido por ela caracterizouse pola quenda pacífica entre os partidos dinásticos (conservador e liberal), posibilitada polo papel arbitral da Coroa e a fraude lectoral sistemática, o caciquismo e a exclusión das forzas políticas á marxe da quenda.

Alfonso XII (ca. 1880)



Internet Archive Book Images, No restrictions, Wikimedia Commons

A rexente María Cristina de Habsburgo-Lorena xura a constitución de 1876, cadro de Francisco Jover Casanova e Joaquín Sorolla



[Dominio público], Wikimedia Commons.

DOC. 7: A reinstauración do sufraxio universal masculino segundo a Lei electoral de 1890.

Don Afonso XIII, pola graza de Deus e a Constitución, Rei de España, e no seu nome, e durante a súa menor idade, a Raíña Rexente do Reino: A tódolos que a presente verén e entenderen, sabede: que as Cortes decretaron e Nós sancionamos o seguinte: Art. 1º. Son electores para Deputados a Cortes tódolos españois varóns, maiores de vinte e cinco anos, que se encontre en pleno goce dos seus dereitos civís e sexan veciños dun Municipio no que leven dous anos polo menos de residencia [...]

O sistema de quenda (o turnismo).

A quenda pacífica postulada por Cánovas requiría do concurso de tres elementos: o bipartidismo, o papel arbitral da Coroa e a fraude electoral sistemática.

O bipartidismo.

Para Cánovas, o sistema político británico, caracterizado pola continuidade institucional dende o século XVII e pola a alternancia pacífica no poder entre dous partidos hexemónicos (*tories* e *whigs*, conservadores e liberais), era o modelo a seguir. Para configurar a súa versión hispánica, o conservador Cánovas puido contar dende 1876 co concurso de Práxedes M. Sagasta, antigo progresista e destacada figura política durante o Sexenio. Arredor destas dúas personalidades configuraríanse senllos partidos de notables que se alternarían á fronte do goberno ata 1923, os chamados **partidos dinásticos** [DOC. 8].

- O **Partido Liberal-Conservador** (ou simplemente Conservador) aglutinou baixo o liderado de Cánovas aos defensores a ultranza da monarquía borbónica e da Constitución de 1876. Formouse en 1875 a partir dos restos do Partido Moderado isabelino, unionistas como Romero Robledo, personalidades destacadas como o xeneral Martínez Campos, sectores católicos próximos ao tradicionalista e mesmo algún tráfuga do progresismo. Foi o partido de orde, representativo da clase dirixente.
- O **Partido Liberal-Fusionista** (ou simplemente Liberal) formouse a partir do Partido Constitucional de Sagasta e Serrano. Recolleu boa parte das personalidades do antigo Partido Progresista e da esquerda da Unión Liberal. Aceptaron a Constitución de 1876 e a monarquía alfonsina pero non renunciaron a introducir no sistema político reformas


Sagasta e Cánovas e a quenda dinástica, caricatura publicada na revista satírica *Don Quijote* (1894):

"Yo la cojo, me la quitas - tú la sueltas, yo la agarro - Pacto de tomarla el pelo - según el pacto del Pardo,"



[Dominio público], Wikimedia Commons

DOC. 8: Composición política do Congreso dos Deputados (1876-1901)



DOC. 9: O papel da Coroa na quenda segundo o xornal conservador *La Época* (9-II-1881)

Non é para ningún un misterio que o cambio de Goberno que acaba de realizarse se debe única e exclusivamente á iniciativa da Coroa. S.M., usando da facultade que lle recoñece a Constitución, tivo a ben chamar aos seus consello ao Partido Constitucional, consultando para isto ao maior ben da Nación, que é o ben supremo no que se inspira. Xa era tempo de poñer termo á situación creada polos que imaxinaban que lles estaba prohibida a entrada en Palacio, a non ser pola violencia ou por procedemento que chegara a ser tan tradicional canto menos coma os atrancos que disque se opunían á súa entrada no poder e que chegaron a facerse lendarios.[...]A imparcialidade da Coroa, inmensamente superior ás posicións dos partidos e aos rancores duns e outros, ven acalar o seu tumultuoso balbordo e a demostra que a tal altura non se ven certas miudezas; que tódolos partidos son iguais [...], sen especiais predileccións [...]Para ningún poden ser descoñecidos os grandes servizos prestados ao Trono polo Partido Conservador Liberal [...]; sen embargo [...] a Coroa chamou ao Partido Constitucional para darlle unha proba da súa plena confianza e de que non vacilou nunca en chamalo a compartir co Conservador a tarefa de rexer os destinos da Nación. Esta proba de xenerosa magnanimidade do Monarca, obriga aos homes da nova situación; e xa que chegaron pacificamente por chamamento espontáneo, é de agardar que coa súa conduta xustifiquen a elección que deles se fixo, e demostren ser un partido co que sempre se poida contar para a quenda pacífica de partidos [...]

inspiradas nas conquistas do Sexenio: unha ampla regulación da liberdade de prensa (1883) e do dereito de asociación (1887), a reintrodución do xuízo por xurados (1888), o restablecemento do sufraxio universal masculino (1890), etc.


O papel arbitral da Coroa.

A quenda pacífica entre os partidos dinásticos non ía derivar do incerto resultado das urnas xa que os gobernos dispuxeron sempre dos resortes necesarios para impoñerse nas eleccións convocadas. Deste xeito, o único mecanismo para facilitar a alternancia foi a intervención do poder moderador, da Coroa [DOC. 9].

Cando o partido gobernante se vía sometido a fortes tensións internas e/ou perdía a maioría parlamentaria, o rei chamaba ao líder da oposición dinástica para encabezar o executivo. Dado que este non contaba coa maioría necesaria nas Cortes, o rei outorgaba ao novo presidente o decreto de disolución de Cortes e convocatoria de novas eleccións que debían garantirlle un amplo respaldo parlamentario.

O sistema de quenda funcionou por primeira vez en 1881, cando os liberais de Sagasta foron chamados por primeira vez a formar goberno [DOC. 9], e consolidouse a partir de 1885 co chamado **pacto de El Pardo**. Neste ano, a morte prematura do rei a causa da tuberculose provocou unha gran incerteza. María Cristina de Habsburgo-Lorena, viúva do rei e nai de dúas nenas, estaba embarazada. María Cristina convertíase así en rexente e cumpría agardar a proclamar o sucesor ata o novo nacemento por se dese nun varón, como así aconteceu. Para impedir que a situación de interinidade da Coroa puidese afectar á continuidade do réxime, Cánovas negociou cos liberais unha nova alternancia. Presentou a súa dimisión á rexente e recomendoulle que encargase a Sagasta a formación dun novo goberno [DOC. 10]. Entre 1885 e 1890, os gobernos liberais introduciron importantes reformas (sufraxio universal, xurado popular, dereito de asociación) sen afectar nin aos fundamentos nin ao funcionamento do sistema. A

A agonía de Alfonso XII no palacio de El Pardo segundo un gravado de La Ilustración Española y Americana (1885)




[Dominio público], Wikimedia Commons.

DOC. 10: O pacto de El Pardo (1885), segundo o político conservador F. Silvela.

Ao saberse [...] que Afonso XII agonizaba no Pardo, non vacilou Cánovas nin un intre e decidiu aconsellar á raíña, inmediatamente despois do falecemento do monarca, a entrega do poder aos liberais, e así fixollo saber ao duque de Montpensier e ao señor Sagasta, e cal deu orixe á acreditada lenda do pacto de El Pardo [...] A mesma mañá da morte do rei [...] celebrouse un Consello no palacio [...] no que todos os ministros entregaron as súas dimisións, fundando o presidente a súa en que reinado novo reclamaba ministros novos.

O encasillado segundo unha caricatura aparecida na revista Blanco y Negro (1893)



quenda dinástica continuaría sen problemas ata 1902, aínda que o Desastre de 1898 anunciaba retos cada vez máis serios ao sistema canovista.

A fraude electoral.

Cánovas preguntouse cinicamente nalgunha ocasión “*por que e para que ten que dirixirse aos electores quen agarda, dun día para o outro, ser chamado ao poder polo monarca, se vai ter que facer el mesmo as eleccións*”. As eleccións convertéronse durante a Restauración nun mero trámite destinado a garantir a maioría nas Cortes ao elixido en virtude da “*libérrima prerrogativa do monarca*”. O goberno resultante da designación rexía procedía a preparar a convocatoria electoral poñendo en marcha dende o Ministerio de Gobernación tódolos mecanismos de manipulación electoral necesarios para acadar a maioría requirida.

O nomeamento de novos gobernadores civís e alcaldes e, cando se consideraba necesaria, a destitución de corporacións municipais completas, dado que estas tiñan un papel fundamental no desenvolvemento dos procesos electorais, achandaban o camiño. Cumpría, ademais, ter en conta tanto os desexos dos persoeiros dos partidos dinásticos (ministros, deputados, senadores) e satisfacer os intereses dos caciques locais, ligados a aqueles por complexas tramas clientelares. Cuns e con outros había que negociar o **encasillado**, un reparto dos escanos en xogo que debía cumprir os seguintes requisitos: garantir unha maioría parlamentaria afín ao goberno, reservar unha presenza significativa ao partido da oposición dinástica e, ás veces, permitir a presenza dalgúns figuras relevantes das forzas antidinásticas (republicanos, carlistas).

A lei electoral de 1878 establecía dos tipos de distritos electorais: os distritos uninominais, que elixían un só deputado e que se correspondían xeralmente con áreas rurais; e as circunscricións plurinominais, ás que se asignaban entre 3 e 8 deputados, nas principais cidades.


DOC. 11: O deputado liberal Adolfo Merelles denuncia no Congreso as irregularidades electorais no distrito de Ribadavia (1-II-1881)

No distrito de Leiro loita outro candidato liberal (...). Ali cambiase de local momentos antes de comezar a elección e para entrar no colexio hai que subir por unha escada de man. Ao primeiro elector que sube rómpenlle a cabeza cun pau; reclámase o auxilio do xefe municipal e da Garda Civil e, negado este, e precedidos dun notario que da fe de tan brutais feitos, os electores retíranse. A Deputación dice que isto non acepta a elección e que o verdadeiro deputado é o ministerial [...]

DOC. 12: O catalanista Valentí Almirall denuncia a fraude electoral na España da Restauración (España tal cual es, 1886)

Entre nós reina a farsa en toda a súa nudez, unha farsa completa, especial e exclusiva das eleccións españolas. O mesmo se o sufraxio é universal que se o é restrinxido nunca hai máis ca un so elector: o Ministro da Gobernación [...] a nosa comedia electoral non respecta absolutamente nada. Nada hai sagrado para ela: listas electorais, urnas, escrutinio, todo é falseado polos nosos políticos baixo a inmediata dirección do gobernador civil de cada provincia. [...] Para facer as listas de electores póñense nelas algúns nomes verdadeiros perdidos entre unha multitude de imaxinarios e, sobre todo, de defuntos. A representación destes últimos dáse sempre a axentes disfrazados de paisano para ir a votar. O autor destas liñas veu repetidas veces que o seu pai, falecido hai xa algúns anos, ía depositar o seu voto en urna bixo a figura dun varrendeiro da cidade ou dun sabuxo da policía, vestido cun traxe prestado. [...]

“Antes de la batalla electoral, levantar muertos”.
caricatura Do semanario republicano *El Botín* (1884)



BNE, Hemeroteca digital.

A influencia dos caciques locais, especialmente intensa nas áreas rurais, facilitaba a elección dos candidatos idóneos. Se isto non abundaba, sempre se podía recorrer á **fraude electoral** utilizando tódolos medios imaxinables [DOC. 12]: a intimidación dos electores coa presenza da Garda Civil ou a actuación das partidas da porra; a manipulación do censo (supresión duns electores, incorporación doutros mesmo de mortos), alteracións na votación (cambios de horario, traslados de colexios electorais, compra de votos, detencións) [DOC. 11], falseamento ou invención do recento, **pucherazo** (substitución masiva das papeletas depositadas no pucheiro ou urna en prol do candidato oficial) [DOC. 13], etc.

O caciquismo.

O recurso á violencia e ás ilegalidades non sempre foi necesaria grazas á poderosa influencia dos caciques. O caciquismo ou clientelismo político consiste na relación desigual entre certos notables (caciques, patróns), que gozan dun notable predicamento a nivel local, comarcal ou mesmo provincial, e os seus numerosos clientes, dependentes deles por diversos motivos.

As **bases do poder caciquil** son diversas. Podía derivar da elevada posición socioeconómica e/ou formación do cacique, que podía dar discrecionalmente terras, traballo, axudas, favores, etc. Frecuentemente nacía do seu acceso aos recursos da administración pública que podía utilizar en favor da súa clientela: trámites e decisións administrativas, melloras nos repartimentos fiscais, recomendacións, contratas, empregos, etc. [DOC. 14]

A situación de **pobreza, dependencia e analfabetismo** en que vivía unha boa parte da poboación acrecentaba o valor dos vínculos clientelares. Tamén o facían a desmobilización dos sectores populares tras a intensa axitación vivida durante o Sexenio, a forte represión sufrida dende 1874 e a falla de incentivos para a participación política.

DOC. 13: Un caso de pucherazo no distrito de Ribadavia, segundo as denuncias ante o Congreso dos Deputados feitas polo conde de Torrependo (1-IV-1891).

[En Cudeiro] constituíuse a mesa dúas horas antes das sete da mañá. Ao abrirse a porta para que entrasen os electores, a urna estaba baleira e, hai que recoñecelo, nesas dúas horas estiveron falando amistosamente o presidente e os interventores, preparándose para a batalla; pero ao sentar o presidente, rodeado dos seus interventores quixo facer un agarimo sen dúbida á urna de cristal e, como tiña capa, porque era en febreiro, abrazouna de tal xeito que quedou cuberta con esa prenda e, mentres tanto, outros dous individuos agachados debaixo da capa meteron as papeletas [...]. E vamos, señores, ás dúas últimas seccións das que hei ocuparme, a de Barral e a de Castelo de Miño, onde se deron os dous últimos pucherazos que, cos cinco anteriores, xa son sete. Sen dúbida, o señor gobernador da provincia de Ourense necesitou sete pucherazos para sacar deputado por Ribadavia a D. Gabino Bugallal, así como Deus necesitou sete días para facer o mundo.

DOC. 14: O caciquismo segundo o escritor B. Pérez Galdós (1890).

Consecuencia deste sistema é o caciquismo, isto é, o entronizamento de certos individuos nas localidades, os cales, como instrumento do deputado, son donos dos resortes administrativos. O cacique dá e quita míseros empregos que desfrutaban os máis pobres do pobo; seus son o carteiro, o secretario do Concello, o peón camiñeiro, o expendedor de efectos estancados... O cacique é quen ao facer o reparto da contribución carga a man no adversario, aliviando ao amigo, do que se orixinan desgustos mil.

DOC. 15: O caciquismo, segundo os historiadores R. Villares e J. Moreno Luzón.

Como sucede coa quenda dinástica, tampouco se pode dicir que o caciquismo sexa un feito singular. É unha variante española do sistema ben universal do patronazgo ou clientelismo político, fenómeno que se asocia sobre todo a réximes políticos representativos, pero cunha cidadanía pouco desenvolvida, cunha sociedade de baixa confianza e pouco competitiva e, ademais, cunha cultura política baseada na deferencia e non na igualdade, isto é cun forte peso local e pouco participativa. Por esa razón, pódese dicir que o clientelismo florece con maior vigor no marco político dunha sociedade de notables e non de masas, cun baixo desenvolvemento económico e unha dependencia de institucións de cohesión local como a familia, a Igrexa ou a comunidade local. Pero o clientelismo como práctica política esta ligado ás eleccións e a existencia de partidos e grupos políticos que basean as súas relacións coa sociedade en termos clientelares e non programáticos. Porque as bases do clientelismo político supoñen, en primeiro lugar, a existencia dun réxime representativo no que se fomenten as relacións de intermediación entre "patróns" ou caciques e os "clientes" ou electores. Supoñen, en segundo lugar, un acceso desigual e particularizado aos recursos públicos, que permita cumprir os termos do intercambio do patronazgo, que consiste na obtención de votos en cambio de favores directos (pago do sufraxio, recomendacións) o indirectos (obras públicas, melloras para o distrito), para o que resulta imprescindible un acceso discrecional aos recursos públicos [...]. E supoñen obviamente, a existencia dunhas relacións directas entre patróns e clientes [...] que fomentan a dependencia afectiva entre os actores políticos e colocan os intereses persoais por riba de criterios ideolóxicos e dos intereses xerais. O clientelismo favoreceu a creación de redes de intereses que se plasman na formación dunha rede de "amigos" e de "familias políticas", nas que as relacións de consanguinidade reforzaban as lealdades primordiais do grupo, xa que o parentesco era un valor fundamental na sociedade da época.[...]

Contando con estes vimbios, o cacique podía negociar cos representantes gobernamentais e cos políticos dinásticos o seu apoio a cambio de beneficios para o distrito e a súa clientela. Na práctica, isto traducíuse nun control caciquil da representación política e da administración do Estado. Xa que logo, os mecanismos de manipulación non só funcionaban de arriba a abaixo senón tamén de abaixo a arriba [DOC. 15].

A exclusión das forzas situadas á marxe da quenda.

O sistema político da Restauración non tivo o máis mínimo interese en favorecer a inclusión no sistema político de amplos grupos sociais: sectores das calses medias, círculos intelectuais, o campesiñado, as tradicionais clases populares urbanas, o nacente proletariado.

Por outro lado, as opcións políticas situadas á marxe da quenda dinástica víronse obrigadas a actuar dentro dun estreito marco, que permitía a súa actividade (prensa, comités, mitins, campañas) pero que lles vetaba calquera posibilidade de acceder ao goberno. Nin as vellas forzas antidinásticas, como o carlismo ou o dividido republicanismo, nin as máis novas como o movemento obreiro (socialistas e anarquistas) ou nacionalismos periféricos (catalán, vasco e galego) foron quen de saír deste estreito espazo nas derradeiras décadas do século XIX [DOC. 8].

Conclusión.

O sistema canovista superou as guerras herdadas e proporcionou ao país unha aparente estabilidade política. Os pronunciamentos militares deixaron de ser unha constante aínda que o Exército mantivo unha notable autonomía e se converteu nun instrumento básico para o mantemento da orde pública. Intelectuais como Joaquín Costa, que caracterizou o sistema político da Restauración como *oligarquía e caciquismo*, ou Pérez Galdós, denunciaron as súas eivas.

O Desastre do 98, a desfeita militar fronte aos Estados Unidos e a perda dos restos do Imperio colonial non se traduciu nunha crise de Estado pero deixou en evidencia as vergoñas do sistema. O réxime da Restauración non quebrou de súpeto. Os mesmos partidos da quenda, coas súas eleccións amañadas e os seus gobernos fabricados dende o trono seguiron ata 1923. O réxime non foi retado seriamente por ningunha forza alternativa pero a súa erosión foi constante, lenta pero imparable.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ALFEIRÁN, X. et al.: *Historia de España 2º Bach*, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
- ALVÁREZ REY, L. et. al.: *Historia de España. 2ª Bacharelato*. Aula 3D, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
- CANAL, J.[dir.]: *Historia contemporánea de España*, vol. 1: **1808- 1898**, Madrid, Taurus-Fund. Mapfre, 2017.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: *Historia de España 2º Bachillerato*, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- VILLARES, R.; MORENO LUZÓN, J.: *Restauración y Dictadura*, FONTANA, J.; VILLARES, R. (dir.), *Historia de España*, vol. 7, Barcelona, Ed. Crítica-Marcial Pons, 2009.
- FUSI, J.P.; PALAFOX, J.: *España, 1808-1996: El desafío de la modernidad*, Madrid, Espasa, 2000.
- GIL ANDRÉS, C.: *50 cosas que hay que saber sobre Historia de España*, Barcelona, Editorial Ariel, 2016.
- PÉREZ LEDESMA, M.: "Restauración, liberalismo y democracia", *Revista de Libros* , nº 22, 1998.
- SHUBERT, A.; ÁLVAREZ JUNCO, J. (eds.): *Nueva historia de la España contemporánea (1808-2018)*, Madrid, Galaxia Gutenberg, 2018.

A cuestión nacional no último terzo do século XIX.

España, como comunidade política que abrangue o mesmo territorio, é un dos Estados máis antigos de Europa. As súas orixes remóntanse aos Reis Católicos, a finais do século XV. Baixo os Habsburgo, durante os séculos XVI e XVII, a unidade da monarquía hispánica fundamentábase en dous principios: a fidelidade dinástica e a defensa a ultranza da unidade católica. Mentres, cada reino ou territorio da monarquía conservaba uns costumes e unha lexislación particulares que se remontaban á época medieval. Era aquela, polo tanto, unha *monarquía composta*, plural. Os intentos de uniformización xurídica, fiscal e política deste conxunto, como a *Unión de Armas* promovida polo conde-duque de Olivares, fracasaron.

Tras a Guerra de Sucesión (1700-1714), a nova dinastía borbónica suprimiu, por medio dos Decretos de Nova Planta (1707, 1715-1716) a lexislación e institucións particulares dos reinos da Coroa de Aragón. Pero Navarra e as Provincias Vascongadas, onde as elites dirixentes se decantaran pola causa borbónica, puideron mantelos durante 160 anos máis. Durante o século XVIII tamén se foi afirmando un incipiente **protonacionalismo**, sobre todo entre os pensadores ilustrados (Cadalso, Forner, Campmany), que consideraba xa a España como un conxunto de individuos máis ou menos homoxéneo situado baixo a autoridade dun monarca que debía, ante todo, procurar o benestar dos seus súbditos. Para designar a este colectivo comezaron a utilizar o termo *nación*, un colectivo que debería tender a unha certa uniformidade lingüística e contar cunha historia común e glorificada. Esta acepción da palabra *nación* comezou a diferenciarse tamén do termo *patria*, reservado fundamentalmente para o designar o lugar ou rexión de orixe.

Os límites do proceso de construción nacional español durante o século XIX.

Para a maior parte da historiografía, foi a **Guerra de Independencia** o momento histórico en que se produciu o nacemento do nacionalismo español contemporáneo. Foron os primeiros liberais españois quen, nas Cortes de Cádiz, elaboraron unha **concepción moderna da Nación española** como un colectivo soberano formado por cidadáns libres e iguais dotados dunhas leis e dunhas institucións comúns. Pero tamén aceptaron o carácter confesional da nación e non prescindiron das formulacións orgánico-historicistas: a Nación española era tamén unha comunidade forxada pola cultura e por unha historia da que se idealizaban episodios de oposición ao autoritarismo rexio (as Cortes medievais, as Comunidades de Castela, o Xustiza de Aragón...).

Mentres, os absolutistas (fernandinos e carlistas) e tradicionalistas partiron daquel protonacionalismo ligado á lealdade dinástica e ao catolicismo [DOC. 1]. Engadíronlle os **compoñentes orgánico-historicistas introducidos polo Romanticismo**: España posuía unha esencia ou **espírito nacional** (*Volksgeist*), anterior e superior á vontade política dos seus membros, froito dunha xeografía (a Península Ibérica) e dunha historia (a Hispania visigoda, a Reconquista, os Reis Católicos, o Imperio dos Austrias...) forxador da súa unidade

A rendición de Granada aos Reis Católicos en 1492, cadro de F. Pradilla (1882)



[Dominio público], dende [Wikimedia Commons](#).

DOC.1: O nacionalismo españolista católico e tradicionalista de Menéndez y Pelayo (*Historia de los heterodoxos españoles*, 1880-1882)

Ventureira aquela idade de prestixios e maravillas, idade de mocidade e da vida robusta! España era ou críase o pobo de Deus e cada español outro Xosué[...]
España, evanxelizadora da metade do orbe: España, martelo de herexes, luz de Trento, espada de Roma, berce de San Ignacio [...], esa é a nosa grandeza e a nosa unidade, non temos outra. O día en que acabe de perderse, España volverá ao cantonalismo dos Arévacos e dos Vetóns ou dos reis de Taifa. A este final imos camiñando máis ou menos apresuradamente e cego será quen non o vexa [...]

arredor de Castela. Para definir o carácter español, asumíronse tamén, en clave positiva, algúns dos tópicos sobre os españois espallados polos románticos franceses e ingleses: carácter indómito e guerreiro, rebeldía sentido da honra, misticismo...Carlistas, tradicionalistas e importantes sectores do liberalismo conservador [DOC. 2] compartirían esta visión que buscou conciliar a unidade da Monarquía co respecto da diversidade rexional e foral.

A revolución liberal española foi acompañado do proceso de **construción dun Estado nacional**. Para moitos historiadores este Estado tivo un éxito limitado na difusión do sentimento de pertenza á nación entre os seus habitantes (*nacionalización*). Atribúeno a diversos factores:

- ◆ O **baixo grao de industrialización**, concentrada ademais nunhas poucas rexións periféricas (Cataluña, País Vasco, Asturias), traducíuse en importantes desequilibrios territoriais e no atraso na construción dunha rede moderna de transportes e comunicacións, necesarias para a integración do país.
- ◆ Os **conflitos políticos** vividos durante a revolución liberal plasmáronse tamén nas disputas arredor da articulación territorial do Estado: mentres os carlistas asumiron a defensa dos foros rexionais, o liberalismo moderado se decantou por un Estado unitario e centralista, os progresistas postulaban a descentralización, e os demócratas-republicanos propugnaban un Estado federal.
- ◆ A **debilidade dos instrumentos nacionalizadores**: o sistema educativo estivo escasamente dotado o que se traduciu nun elevado analfabetismo, na imposibilidade de impoñer un único idioma estatal e inculcar valores cívico-patrióticos comúns; o inxusto e impopular sistema de recrutamento militar fixo impensable que o Exército (*a Nación en armas*) fose un instrumento de integración nacional; un sistema político caciquil e oligárquico excluíu da participación nas institucións nacionais a amplos sectores sociais.
- ◆ Os **símbolos oficiais do Estado** (himno, bandeira) non gozaron da presenza nin do consenso necerios. Tampouco o houbo sobre o modelo de historia nacional a construír, ensinar e propagar e, conseguintemente, sobre os mitos e celebracións nacionais.
- ◆ A **falla dun inimigo exterior** claramente definido contra o que aglutinar a opinión nacional non contribuíría a reforzar os sentimentos patrióticos. Puntualmente algúns conflitos exteriores (Marrocos, Cuba, as Carolinas) provocarían manifestacións importantes de fervor nacionalista protagonizadas sobre todo por grupos de estudantes e membros das clases medias urbanas.

Cómpre, non obstante, relativizar a idea dunha **débil nacionalización española** durante o século XIX. Comparado con outros Estados europeos tampouco foi un completo fracaso. Ademais, na sociedade civil espalláronse algunhas formas de lecer (a zarzuela, o teatro popular, os touros) e símbolos comúns que explicarían o arraigo dunha conciencia máis ou menos clara de nacionalidade española entre amplos sectores da poboación mesmo en áreas onde a presenza modernizadora do Estado era escasa e o coñecemento do castelán moi minoritario (Valencia, Baleares, Galicia).

DOC. 2: O concepto do nación en Cánovas (Discurso sobre la nación española, 1882)

[...] Á nación non é, nin será nunca, segundo se procura, sen erro tamén, que o sexan as formas políticas ou sistemas de goberno, moito máis accidentais de tódolos xeitos, o produto dun plebiscito diario, nin obra do asentimento, constantemente ratificado por tódolos seus membros, a que continúa a vida común. Non: o vínculo da nacionalidade que suxeita e conserva as nacións é pola súa natureza indisoluble.[...]

Non señores, non; que as nacións son obra de Deus, ou, se algún de vós o preferides, da natureza. Hai moito tempo que estamos convencidos todos de que non son as humanas asociacións contratos, segundo se quixo un día; pactos de aqueles que, libremente e a cada hora, pode face e desfacer a vontade das partes[...].

[...] reteñamos tamén o propio ser de españois. Pero cómpre para isto que profundamente estudemos no pasado e concertemos no presente o noso modo de vivir, segundo a realidade, sen supersticións, e sen tocar á segunda das relixións, a relixión da patria. Pregoa a voces os nosos anais que sempre valeu aquí máis o home que a terra, diga o que queira a xeografía antiga, en comparación coa terra ou os homes doutras partes; que no noso predomínio tiveron unha parte o azar dos matrimonios que nos deron a Sicilia e Sardeña, cos dereitos sobre Milán e Nápoles, o Franco-Condado e outra o zar de que nos descubrixe un xenovés o Novo Mundo, pero que se puidemos aproveitalo e retelo todo, con máis ou menos vantaxes prácticas, foi por virtude da inxénita enerxía e teima do noso carácter, xamais desmentidas dende os asedios de Sagunto e Numancia, ata os de Zaragoza e Girona; dende as guerras de Flandres, ata as últimas campañas na Grande Antilla.

O Desastre do 98, a derrota humillante fronte aos EEUU e a perda dos restos do histórico imperio colonial fixo esvaecerse a intensa mobilización patriótica que precedera as hostilidades. O conseguinte **sentimento pesimista de crise nacional** levou a buscar a esencia do español, que algúns, como moitos intelectuais da xeración do 98, atoparon en Castela e a súa historia. Pero os efectos do Desastre contribuíron tamén ao **desenvolvemento dos nacionalismos periféricos** (catalán, vasco e, en menor medida, galego), convertidos, para moitos, en inimigos internos da nación española que había que combater.

Os rexionalismos/nacionalismos periféricos.

A finais do s. XIX, as peculiaridades étnico-culturais de diferentes comunidades integradas no Estado español (Cataluña, País Vasco e Galicia, pero tamén Valencia ou Aragón) serviron de base a movementos intelectuais e políticos que sumaron á defensa destas identidades, unha reivindicación máis ou menos radical de autogoberno fronte ao centralismo dominante. A súa conformación contribuíron os aportes de diferentes correntes políticas e intelectuais que se desenvolveran ao longo da centuria:

- ◆ O **carlismo**, ao asumir a defensa dos tradicionais foros e liberdades rexionais.
- ◆ As posicións do **liberalismo progresista** a prol da descentralización, que xa a mediados do século XIX deran orixe aos **provincialismos catalán e galego**.
- ◆ O **republicanismo federal**, especialmente o inspirado polo legado teórico de **Pi i Margall**, para quen os antigos reinos e rexións definidos pola historia e a cultura deberían definir os Estados federados que, á súa vez, configurarían a Nación española.
- ◆ **Correntes culturais** emparentadas co Romanticismo como o Rexurdimento galego e a Renaixença catalana, impulsoras da recuperación do uso literario das linguas e historias particulares das súas comunidades.

O catalanismo.

Cataluña e os demais reinos da Coroa de Aragón perderan as súas leis e foros particulares cos Decretos de Nova Planta, tras a guerra de Sucesión. Durante o século XIX, o século do nacionalismo en toda Europa, o sentimento nacionalista reavivouse entre unha burguesía que estaba a protagonizar a industrialización española. O catalanismo político foise construíndo en varias etapas.

As primeiras manifestacións do catalanismo político apareceron nos anos 1880. Dende aquela rexionalismo catalán presentou dúas tendencias contrapostas:

- ◆ Un **catalanismo progresista, popular e laico**, representado polo federalista **V. Almirall**. Este exporía as primeiras formulacións políticas (*Lo catalanisme*, 1886) dunha identidade catalana articulada arredor da lingua, o dereito civil propio, a historia e a defensa dos intereses económicos do país en clave proteccionista [DOC. 3]. Asimesmo promovería as primeiras organizacións catalanistas, como o *Centre Català* (1882).

Outra tendenza, **conservadora, burguesa e católica** (E. Prat de la Riba), que alentaría a *Unió Catalanista* (1891) e a redacción das *Bases de Manresa* (1892). Nelas definíronse en clave

DOC. 3: As orixes do rexionalismo catalán: o chamado Memorial de greuges, presentado polo Centre Català a Afonso XII en 1885.

Non temos, Señor, a pretensión de debilitar, nin moito menos atacar, a gloriosa unidade da patria española; antes pola contra, desexamos fortificala e consolidala; pero entendemos que para logralo non é bo camiño afogar e destruír a vida rexional para substituíla pola do centro [...]

O que desexamos, Señor, é que en España se implante un sistema rexional adecuado [...] non só para Cataluña, senón para tódalas provincias de España [...]

Señor: arrebatáusenos o noso sistema administrativo [...] Non podemos usar a nosa lingua máis ca nos nosos fogares e en conversas familiares [...] e hoxe inténtase con empeño destruír, ou cando menos adulterar o noso dereito civil [...] A pesar de que a tendencia chamada librecambismo non logrou ata o de agora impoñer as súas solucións radicais á lexislación económica, manifestouse, sen embargo, constantemente en tódalas situacións e dende hai moitos anos é unha espada de Damocles pendurada sobre a produción [...]

conservadora os principios do autogoberno catalán: oficialidade única do catalán, competencias exclusivas en materia fiscal, xudicial e de orde pública, representación corporativa...[DOC. 4]

Ata nos últimos anos do s. XIX non acadaría o catalanismo político un respaldo social significativo. A crise do sistema político da Restauración, a perda do mercado colonial a raíz do Desastre e a oposición ós impostos extraordinarios de 1899 provocaron a ruptura da burguesía catalana cos partidos dinásticos e o seu aliñamento co catalanismo conservador. Dende 1901, este se organizaría na **Lliga Regionalista de Catalunya**.

Da man de Enric Prat de la Riba, o catalanismo daría o paso do rexionalismo ao nacionalismo. En *La Nacionalitat Catalana* (1906), sistematizou a definición da nación catalana como unha entidade natural, definida por unha lingua, unha cultura e unha historia de seu [DOC. 5]. Como tal Cataluña tería un dereito natural ó autogoberno.

Ata 1923, a *Lliga* sería a forza hexemónica do catalanismo conxugando as súas posicións autonomistas coa defensa da orde social e un destacado papel na vida política española, con F. Cambó como principal representante. Sen embargo, as conquistas arrincadas do goberno madrileño limitáronse á creación da **Mancomunitat** en 1913. A campaña a prol da autonomía promovida por esta institución en 1918-1919 non tivo éxito. Provocou, ademais, unha forte reacción anticatalá na opinión pública do resto de España. Por outra banda, a *Lliga*, ante a ameaza do puxante movemento obreiro anarquista, abandonou a loita autonomista e mesmo apoiou o golpe de Estado de Primo de Rivera en 1923.

O conservadurismo e moderación da *Lliga* deron oportunidades a grupos catalanistas máis radicais, caso de *Acció Catalana*, nacida da súa organización xuvenil, e *Estat Catalá*, o partido independentista fundado polo republicano F. Maciá en 1922. O torpe anticatalanismo da Ditadura favoreceu o crecemento destas opcións. En 1931, diversas forzas do catalanismo de esquerdas uníronse arredor do liderado de Maciá en *Esquerra Republicana de Catalunya* (ERC). Co apoio de amplos sectores das clases medias e do campesiñado *rabassaire* e a complicidade ocasional do movemento obreiro anarquista, ERC convertiuse na forza hexemónica da Cataluña republicana.

DOC. 4: As Bases de Manresa (1892).

Base 3ª. A lingua catalá será a única que, con carácter oficial, poderá utilizarse en Catalunya e nas relacións desta co Poder central.

Base 4ª. Só os cataláns de nacemento ou por virtude de naturalización poderán desempeñar en Catalunya cargos públicos. [...]

Base 6ª. Catalunya será a única soberana do seu goberno interior. Polo tanto, ditará libremente as súas leis orgánicas: coidará da súa lexislación civil, penal, mercantil, administrativa e procesal [...]

Base 7ª. O Poder Lexislativo Rexional radicarán nas Cortes Catalás [...] As Cortes serán formadas por sufraxio de tódolos cabezas de familia agrupados en clases fundadas no traballo manual, na capacidade ou nas carreiras profesionais e na propiedade, industria e comercio [...]

Base 9ª. Exercerán o Poder Executivo cinco a sete altos funcionarios nomeados polas Cortes, os cales estarán á fronte das diversas ramas da administración rexional.

Enric Prat de la Riba (c. 1913)



Josep Gallés i Malats [Dominio público],
Wikimedia Commons

DOC. 5: O catalanismo de Prat de La Riba (*Compendi de doctrina catalanista*, 1894).

Pregunta: Cal é a patria dos cataláns?

Resposta: Catalunya [...]

P.: España, non é pois a patria dos cataláns?

R.: Non é máis que o Estado, a agrupación política á que pertencen.

P.: ¿Que diferenza hai entre o Estado e a Patria?

R.: O Estado é unha entidade política, artificial, voluntaria; a Patria é unha comunidade histórica, natural, necesaria. O primeiro é obra dos homes; a segunda é froito das leis ás que Deus ten suxeito a vida das xeracións humanas [...]

P.: Que é, pois, a Patria?

R.: A comunidade de xentes que falan unha mesma lingua, teñen unha historia común e viven irmandados por un mesmo espírito que marca cun mesmo selo orixinal e característico tódalas manifestacións da súa vida [...]

O nacionalismo vasco.

O desenvolvemento do nacionalismo vasco non pode explicarse sen ter en conta as condicións históricas específicas do territorio vasconavarro: a tradicional implantación do **carlismo**, o amplo descontento suscitado pola **abolición do réxime foral en 1876** e os efectos do rápido proceso de **industrialización** iniciado no último cuarto do século XIX. A intensa **inmigración** dende outras áreas do Estado, a notable implantación do **socialismo** nos medios obreiros inmigrados e a formación dunha poderosa **burguesía industrial e financeira**, ben instalada dentro do sistema político da Restauración, inquedanzas entre amplos sectores da sociedade vasca (campesiñado, pequena burguesía).

O nacemento do nacionalismo vasco está asociado á figura de **Sabino Arana**. Nado no seo dunha familia carlista, formulou os **fundamentos ideolóxicos do nacionalismo vasco** [DOC. 6]:

- Un **tradicionalismo** (*Jaun Goikoa eta Lege zarra: Deus e Leis vellas*) no que confluían o integrismo católico (“*Euskadi establecerase sobre unha completa e incondicional subordinación do político ao relixioso, do Estado á Igrexa*”), a recuperación da **soberanía foral** e a apoloxía e idealización do mundo rural vasco, ameazado pola industrialización española.
- O **racismo**, que conxugaba a exaltación da etnia como elemento esencial da identidade vasca co desprezo cara os inmigrantes (*maketos*), na súa maioría mineiros e obreiros industriais. Pero a identidade vasca tamén estaba definida polo idioma e as tradicións culturais propias, polo que cumpría impulsar a euscaldunización da sociedade vasca e rexeitar a influencia cultural española, cualificada de estranxeira e pernicioso.
- O **influxo do catolicismo social**, conservador, defensor da harmonía social e oposto ao socialismo, fortemente implantado nos medios obreiros inmigrantes.
- Un **nacionalismo radicalmente antiespañol** que postulaba a independencia de *Euskadi* (neoloxismo acuñado polo propio Arana), un Estado vasco que incluíría sete territorios, catro españois (Biscaia, Guipúscoa, Áraha e Navarra) e tres franceses (Lapurdi, Benafarroa e Zuberoa).

DOC. 6: A ideoloxía de Sabino Arana (Baserriatarra. n.º 11; 1897)

Ante o cúmulo de terribles desgracias que aflixen hoxe á nosa amada Patria, ningunha tan terrible e aflitiva, xulgada por separado cada unha delas, como o roce dos seu fillos cos fillos da nación española. Nin a extinción da súa lingua, nin o esquecemento da súa historia, nin a perda das súas propias e santas institucións e imposición de outras estrañas e liberais, nin a mesma escravitude política que hai máis de once lustros padece, equipáranse en gravidade e transcendencia. ¿Que é o idioma patrio, considerado en si mesmo, máis ca un simple signo co que os membros dunha nación se comunican entre eles as súas ideas e afectos? Suprimido el e reempazado por outro, non ten porque encamiñarse ó seu fin esa nación.

(...) Afortunadamente aínda hai familias en Euskeria que, a pesar do goberno e a lexislación liberais á que están suxeitas desde hai máis de medio século pola súa escravitude política, aínda non sentiron os seus efectos e conservan a pristina pureza do seu carácter e dos seus costumes.(...)

... A sociedade euskeriana, irmandada e confundida co pobo español, que corrompe as intelixencias e os corazóns dos seus fillos e mata as súas almas, está pois apartada da súa finalidade, está perdendo ós seus fillos, está pecando contra Deus. ... A inmigración material do pobo español en Euskaria non ocasionaría ningún dano moral ou moi pouco considerable, se o español non fose recibido acá como concidadán e irmán senón como estranxeiro. Se Euskeria fose independente e, a parte de que o número de españois que inmigrasen aquí sería moi contado, os que viñesen virían coma estranxeiros e, como estranxeiros, estarían sempre illados dos naturais naquela clase de relacións sociais que máis influen na transmisión do carácter moral, como son o culto, as asociacións, o ensino, os costumes e máis a amizade e trato (...).

... E non cabe alegar razóns de imposibilidade: se a causa é xusta, necesaria, como único remedio dun gravísimo mal moral, Deus mándanos servila, e o que Deus manda non é nunca inútil ou imposible: queiramos todos os euskarianos, traduzamos en obras os nosos desexos e Deus protexeranos e a nosa Patria será libre e feliz.

Sabino Arana na prisión de Larrinaga (1895)



[Dominio público], dende [Wikimedia Commons](#)

Sabino Arana foi tamén o fundador do **Partido Nacionalista Vasco** (Euzko Alderdi Jeltzalea, EAJ) en 1895. O seu discurso independentista e radicalmente antiespañolista limitou os seus apoios iniciais e desencadeou sobre o nacionalismo vasco a represión governamental, que deu con el mesmo na cadea. Sempre radical nos principios, Arana foi decantándose nos últimos anos da súa vida cara o posibilismo. A incorporación ao PNV dos liberais foristas da *Sociedade Euscalerría* en 1898 contribuíu a consolidar esta evolución. Tras a morte do fundador, a ortodoxia sabiniana pasou a ser un obxectivo a longo prazo mentres o PNV priorizaba a loita pola autonomía dentro da legalidade.

No primeiro terzo do s. XX, o nacionalismo vasco converteríase nun movemento de masas interclasista (sectores empresariais, pequena burguesía, campesiños, mariñeiros, obreiros euscaldúns...). Sen embargo, a súa implantación nos medios obreiros inmigrantes sería nula.

Para articular a súa base social, o PNV alentaría a creación de diversas organizacións sectoriais, entre elas o sindicato *Solidariedade de Obreiros Vascos* (SOV-ELA), fundado en 1911. O conseguinte crecemento electoral, convertería ó PNV na forza política hexemónica en Biscaia e Guipúzcoa durante a Segunda República e en protagonista da loita pola autonomía. Sen embargo, a súa presenza en Árava e Navarra e nos sectores non euscaldúns sería minoritaria.

O galeguismo.

Tras o antecedente **provincialista** de mediados de 1840-1846 (Antolín Faraldo, Pío Terrazo), ligado ao liberalismo progresista e implicado no fracasado pronunciamento do coronel Solís (Lugo, 1846), foi o **rexionalismo** a primeira expresión do galeguismo. Dende 1880, coexistiran dentro do rexionalismo galego tres tendencias:

- O **rexionalismo liberal** (Manuel Murguía), herdeiro do provincialismo, afirmou a identidade galega consonte ás concepcións orgánico-historicistas en base a trazos étnicos (**celtismo**) [DOC. 7] e culturais (lingua, historia, costumes...), reivindicou o autogoberno, a modernización e democratización do país criticando o funcionamento do sistema político da Restauración.

O **rexionalismo tradicionalista** (Alfredo Brañas), sucesor do carlismo e o integrismo católico, pretendía defender a sociedade tradicional (fidalguía, clero, labregos) da ameaza do liberalismo e do capitalismo e postulaba unha concepción federalizante e foralista da monarquía. [DOC. 8]

- O **rexionalismo federalista** (A.Pereira, M.Leiras Pulpeiro), formulou a necesidade de incorporar ao proxecto rexionalista á pequena burguesía e ó campesiñado galegos de man das propostas políticas e sociais do federalismo do Sexenio (democratización, redención foral).

Aínda que estas tres sectores confluíron brevemente na *Asociación Rexionalista Galega* (1890-

DOC. 7: O celtismo no concepto orgánico-historicista de nación de Manuel Murguía (Historia de Galicia, 1865).

Se os celtas non foron os primitivos poboadores de Galicia, foron si dos primeiros, e o que é máis interesante para nós, os pais e xeradores dunha poboación que leva aínda impreso no rostro os sinais inequívocos da raza á que pertence (...) O aspecto da maior parte dos seus habitantes, os monumentos, o dialecto, os costumes, as inclinacións, as manifestacións todas do espírito probaríannos a orixe céltica da súa actual poboación [de Galicia]. (...) A cada momento un costume, un trazo, unha superstición dos irlandeses ou bretóns tráenos á memoria e sen esforzo ningún, o que nós temos visto e sentido (...) Destes remotos tempos [suevos], sospeitamos que data a extrema división da propiedade galega, división salvadora que non permitirá xamais que esta terra se despoboe, nin que os seus habitantes perdan o carácter de individualidade que os distingue. Que nin por ser moitas as cargas que pesan sobre a propiedade, equivalen ó presente as súas tiranías, ó feito de carecer dela, sendo polo mesmo unha verdade incontestable, que se nós a temos escrava, en cambio non coñecemos o errante proletariado, nin casa sen campo propio, é dicir, sen fogar e patria verdadeira.

DOC. 8: O rexionalismo segundo Alfredo Brañas (El regionalismo, 1889).

- 1° (...) O obxectivo dos rexionalistas debe ser en primeiro lugar acabar e dunha vez co sistema parlamentario, e en segundo lugar ir preparando o triunfo da política rexionalista, por medio da representación de clases, ou sexa da elección directa en virtude da designación feita polos gremios das diferentes artes, oficios e profesións. (...).
- 2° Na orde administrativa procuraríase a todo trazo a conveniente descentralización dos servizos públicos. (...).
- 3° Na orde xurídica as rexións deben poñerse de acordo para conservar os seus foros e preeminencias, evitando que un Código xeral destrúa quizais nun par de artigos e dunha vez para sempre as súas institucións seculares.
- 4° Na orde económica... convén fomentar a protección á agricultura por medio de Bancos de Crédito, asociacións e leis tutelares; animar o espírito industrial por medio do íntimo consorcio entre capital e traballo, e combinar o principio proteccionista e de liberdade de cambios...
- 6° Na orde literaria... fomentar a propaganda das doutrinas rexionalistas... dispostos a non perder ocasión nin momento para desacreditar o sistema parlamentario, debilitar a centralización política e administrativa...

1893), presidida por Murguía, e na Xunta de Defensa de A Coruña, nacida para opoñerse ás intencións do goberno de traladar a sede da capitánía xeral a León, as disputas internas contribuíron á súa marxinalidade política. Non obstante, os rexionalistas levarían a cabo unha sobranceira actividade cultural: creación da Real Academia Galega (1906), edición de libros, revistas e xornais...

En 1907, os rexionalistas coincidirían con republicanos e tradicionalistas na *Solidariedade Galega*, creada segundo o modelo a *Solidaritat Catalana*. Ata a súa desaparición (1911), a *Solidariedade* desenvolveu unha intensa actividade propagandística, chegou a acadar uns bos resultados en eleccións locais e contribuíu notablemente ó desenvolvemento do movemento agrarista.

Tras anos de atonía, o galeguismo comeza a redefinirse en clave nacionalista. A esta mudanza contribuíron tanto vellos rexionalistas (R. LUGRÍS, M. BANET) como novos militantes procedentes do republicanismo (Antón Villar Ponte, Lois Porteiro) e do tradicionalismo (Antón Losada Diéguez). En 1916, fundouse na Coruña a primeira das **Irmandades da Fala**, seguida doutras nas principais cidades e vilas galegas. En 1918, os seus representantes celebraron en Lugo a I Asemblea Nacionalista Galega, onde reivindicaron a *autonomía integral para Galicia* [DOC. 9]. Ata a II República, as *Irmandades da Fala* foron o principal instrumento organizativo do nacionalismo galego e o semanario *A Nosa Terra* foi o seu voceiro. As súas bases ideolóxicas serían sistematizadas polo polígrafo ourensán Vicente Risco (*Teoría do nacionalismo galego*, 1920): a nación galega sería unha entidade natural, anterior e superior á vontade politicamente expresada polos seus membros, definida por unha raza (*celtismo*) e, sobre todo, por unha lingua, unha cultura e unha historia de seu [DOC. 10]. Dentro do nacionalismo galego manteríanse, non obstante, importantes diferenzas ideolóxicas e políticas:

- Por unha banda, definiuse un **proxecto democrático-progresista** (Antón Villar Ponte, Lois Peña Novo), que defendía a democracia política, a autonomía galega dentro dun Estado federal ibérico, un reformismo social baseado na defensa do cooperativismo e da pequena propiedade e a activa participación dos nacionalistas na vida política e nos procesos electorais.
- Pola outra, un **sector católico-tradicionalista** (Vicente Risco, Antón Losada Diéguez, Ramón Otero Pedrayo), que reivindicaba os valores dunha idealizada sociedade tradicional galega (clero, fidalguía, campesiñado), receoso da democracia liberal e pouco favorable á participación electoral.

DOC. 9: Manifesto da I Asemblea das Irmandades da Fala (Lugo, 1918).

I.— *Prevía: Tendo Galicia tódalas características esenciais de nacionalidade, nós nomeámonos, de hoxe para sempre, nacionalistas galegos, xa que a verba "rexionalismo" non recolle tódalas aspiracións nin encerra toda a intensidade dos nosos problemas.*

II.— *Problemas constituíntes:*

- 1.— *Autonomía integral para Galicia.*
- 2.— *Autonomía municipal, distinguindo o municipio aldeán do vilago, sobre a base do recoñecemento da personalidade xurídica das parroquias...*
- 3.— *Cooficialidade dos idiomas galego e castelán.*
- 4.— *Federación da Iberia.*
- 5.— *Dentro desta federación, igualdade de relacións con Portugal.*
- 6.— *Crendo na accidentalidade das formas de goberno, interézanos aclarar que non apelamos a ningunha, mais simpatizaremos, desde logo, con aquela que se mostre máis doada para chegar á federación con Portugal.*
- 7.— *Ingreso das nacionalidades de Iberia na Liga das Nacións.*

(...)

Asistentes á I Asemblea Nacionalista Galega en Lugo (Novembro 1918)



[Dominio público], dende [Wikimedia Commons](#).

DOC. 10: O concepto de nación en Vicente Risco (*Teoría do nacionalismo galego*, 1920)

Estes vínculos (fala, tradicións costumes, historia, etc.) engadindo a súa acción á da etnia e á da terra, determinan nos individuos certas coincidencias psicolóxicas, certa maneira de ser común en todos eles, que constitúe o carácter nacional, e unen nunha interdependencia, nunha solidariedade necesaria os intereses de todos eles nun interese colectivo superior que é o interese nacional. A nación ven a resolverse deste xeito nunha comunidade de intereses espirituais e materiais determinados pola natureza.

Tales diverxencias imposibilitaron a ampliación das bases sociais e electorais do nacionalismo galego e conducirían á súa ruptura. Na IV Asemblea Nacionalista (1922) constituíuse a *Irmandade Nacionalista Galega* baixo o liderado de Risco mentres os seguidores de Villar Ponte e a *Irmandade da Fala* coruñesa decidían seguir outro camiño. Os cativos resultados electorais do nacionalismo galego contrastan co seu sobranceiro **labor cultural**. A posta en marcha da revista *Nós* (1920) e a creación do *Seminario de Estudos Galegos* (1923) son boas mostras del.

A división persitiu baixo a Dictadura. Risco e Losada, colaboraron, ó comezo, co rexime. Mentres, os progresistas reforzaban os vínculos coa oposición republicana. En 1930 participan na fundación da ORGA.

En decembro de 1931, os diferentes sectores e grupos nacionalistas volveron confluír no **Partido Galeguista**. Cunha modesta, aínda que crecente, implantación, o este había xogar un papel esencial no Estatuto de Autonomía de 1932. Sen embargo, as diverxencias ideolóxicas entre progresistas (Villar Ponte, Castelao, Bóveda) e conservadores (Risco, Filgueira) persistiron. A integración do PG na Fronte Popular, única vía para reabrir o proceso autonómico, provocou a marcha destes últimos. Integrado nas listas da esquerda, o PG obtería 3 escanos (Villar Ponte, Suárez Picallo, Castelao) nas eleccións de febreiro de 1936. O discutible éxito do plebiscito autonómico de xuño sería frustrado pola guerra civil.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ALFEIRÁN, X. et al.: *Historia de España 2º Bach*, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
- ALVÁREZ REY, L. et. al.: *Historia de España. 2ª Bacharelato. Aula 3D*, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
- CANAL, J.[dir.]: *Historia contemporánea de España*, vol. 1: **1808-1898**, Madrid, Taurus-Fund. Mapfre, 2017.
- CASANOVA, J.; GIL ANDRÉS, C.: *Breve historia de España en el siglo XX*, Barcelona, Editorial, Ariel, 2012.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: *Historia de España 2º Bachillerato*, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- FUSI, J.P.; PALAFOX, J.: *España, 1808-1996: El desafío de la modernidad*, Madrid, Espasa, 2000.
- NÚÑEZ SEIXAS, X.M.: *Los nacionalismos en la España contemporánea*, Barcelona, Editorial Hipotesi, 1999.
- -*Suspiros de España. El nacionalismo español, 1808-2018*, Barcelona, Editorial Crítica, 2018
- GIL ANDRÉS, C.: *50 cosas que hay que saber sobre Historia de España*, Barcelona, Editorial Ariel, 2016.
- VV.AA.: *Historia de España*, Madrid, Ed. Santillana, 2004.

A crise do sistema político da Restauración.

O Desastre de 1898 alentou as críticas ao sistema político da Restauración e actuaría como catalizador das forzas políticas e sociais opostas ao réxime canovista (republicanismo, nacionalismos subestatais, movemento obreiro). Ademais, dende comezos do século XX, a quenda dinástica amosou síntomas de esgotamento. Malia os intentos de reforma do impulsados dende dentro, o sistema político non deu avanzado cara a súa democratización. Por outra banda, a presión exercida dende fora pola crecente mobilización política e social tampouco abundou para forzar a súa ruptura.


Dende 1914, as tensións non deixaron de agravarse. O réxime sobreviviu como puido á tripla crise de 1917. Pero, tras ela, os problemas non deixarían de multiplicarse: conflictividade social, violencia desatada, desafío militar, axitación nacionalista, desafíos militares... axitación nacionalista, etc. Ademais, a aventura colonial en Marrocos conducía a unha nova desfeita en Annual (1921). Neste contexto, a deriva autoritaria de importantes sectores conservadores e da mesma Coroa prepararon o camiño para o golpe de Estado do xeneral Primo de Rivera en 1923, que poría fin ao réxime constitucional de 1876.

As consecuencias do Desastre do 98.

A guerra de Cuba (1895-1898) e a derrota militar ante os EEUU (1898) tiveron un **saldo humano e económico moi negativo**:


- Máis de **50.000 soldados perderon a vida** en Cuba durante o conflito. Só o 5% caeron por causa dos combates. O resto foron vítimas das penosas condicións do servizo e da *febre amarela*. Moitos dos repatriados en condicións lamentables nos barcos da Compañía Transatlántica volveron eivados e enfermos. O estendido antimilitarismo popular sumaría novos argumentos.
- A contía da **débeda pública** subiu ata representar o 124% do PIB en 1902. A **perda do mercado colonial** provocou graves problemas nos sectores máis ligados a el (têxtil catalán, industria fariñeira, etc.) dependentes del como o têxtil catalán ou a industria fariñeira. Aínda

Alfonso XIII (c. 1914)



[Dominio público], dende [Library of Congress](#)

Representación da sinatura do Tratado da París (decembro de 1898), que puña fin á guerra hispano-norteamericana.



Kurz and Allison, [Dominio público], [Wikimedia Commons](#).

así, a **reforma fiscal de Fernández Villaverde** (1899) permitiu afrontar o saneamento das contas públicas. Ademais, a **repatriación masiva de capitais españois** dende as Antillas, estimada nuns 1.600 millóns de ptas., alentou os investimentos en diversas actividades produtivas e na banca.

En termos políticos, o Desastre non significou unha crise de Estado nin provocou ningún cambio político inmediato. Os mesmos partidos da quenda e os mesmos gobernos fabricados dende o trono seguirían alternándose no poder durante vinte e cinco anos máis. Isto non quere dicir que non tivese efectos relevantes:

- Abriuse un **amplo debate intelectual** sobre os males da nación española e as medidas que cumpría adoptar para solucionarlos [DOC. 1], que callaría no rexeneracionismo e alentaría tanto o nacionalismo español como os nacionalismos subestatais (catalán, vasco, galego).
- A fin do imperio ultramarino acrecentou o **interese por ampliar a presenza española no norte de África** (africanismo).
- A perda do mercado colonial intensificou o **xiro proteccionista e nacionalista da política económica** española inaugurado en 1891.
- A derrota alimentou entre o **resentimento dos oficiais do exército**. Moitos culpaban aos políticos da desfeita. Ademais, coa fin das hostilidades, as tentacións militaristas ían prender nunha **oficialidade sobredimensionada** (23.000 xefes e oficiais para 80.000 soldados), con escasas posibilidades de promoción, mal pagada e peor dotada. Mentres, o inxusto sistema de recrutamento e o habitual recurso ao exército para manter a orde durante os conflitos sociais alimentaban un estendido **antimilitarismo popular**.

Caricatura publicada na revista satírica norteamericana *Puck* co pé “Agardando polo veredicto”.

A Historia xulga a morte de España. Asisten a ela as potencias europeas (Gran Bretaña e Alemaña en primeiro plano, Francia, Rusia, Austria-Hungría e Italia). Os Estados Unidos, representados pola imaxe do tío Sam, agardan. A carón do cadáver, aparece unha evidencia, unha, navalla ensanguentada, que sinala o culpable. Nela hai unha inscrición: *estupidez*.



Louis Dalrymple [Dominio público], Wikimedia Commons.

DOC. 1: *España sen pulso*, artigo do líder conservador F. Silvela (*El Tiempo*, 16-VIII-1898).

“Os doutores da política e os facultativos de cabeceira estudarán, sen dúbida, o mal; discutirán sobre as súas orixes, súa clasificación e seus remedios; pero o máis alleo á ciencia que preste algunha atención ós asuntos públicos observa este singular estado de España: “Onde queira que se poña o tacto, non se atopa o pulso” (...). Monárquicos, republicanos, conservadores, liberais, todos os que teñan algún interese en que este corpo nacional viva, é necesario que se alermen e preocupen con tal suceso (...). A guerra cos ingratos fillos de Cuba non moveu unha soa fibra do sentimento popular. Falaban con elocuencia os oradores nas cámaras de sacrificar a última peseta e derramar o último sangue... dos demais; obsequiaban os Concellos ós soldados, que saudaban e marchaban submisos; soaba a marcha de Cádiz; aplaudía a prensa, e o país, inerte, deixaba facer (...). Faise a paz, a razón aconséllao, os homes de sereno xuízo non a discuten; pero ela significa o noso vencemento, a expulsión da nosa bandeira das terras que descubrimos e conquistamos (...). Todos agardaban ou temían algún estremecemento da conciencia popular; só se advirte unha nube xeral de silenciosa tristeza que presta como fondo gris ó cadro, pero sen alterar vidas, nin costumes, nin diversións, nin submisión ó que sen saber por que nin para que, lle toque ocupar o Goberno (...)

O rexeneracionismo.

A reacción intelectual fronte ao Desastre deu pulo a unha ampla e heteroxénea corrente de opinión que chamaba á rexeneración de España. No **rexeneracionismo** convivían círculos e personalidades moi diversas (J. Costa, R. Macías Picavea, R. Altamira, etc.) que compartían algúns trazos comúns:

- Unha **visión pesimista da realidade española**.

- Unha **crítica frontal ao sistema político** que non negaba as súas posibilidades de evolución: cumpría ampliar a participación política a novos sectores sociais excluídos pola oligarquía dominante, arrincar de raíz o caciquismo, moralizar os procesos electorais...
- A **proposta de fondas transformacións** en tódolos eidos (económico, social, político, cultural) para a rexeneración do país.

O aragonés **Joaquín Costa** foi sen dúbida a figura sobranceira deste movemento. A súa investigación sobre o sistema político da Restauración (*Oligarquía e caciquismo como forma de goberno de España*, 1901) e as súas propostas para a modernización e europeización de España baixo o lema “*despensa e escola*” tiveron un amplo eco. Esixían unha maior intervención do Estado na vida económica e social: apoio á educación, obras públicas, *política hidráulica*, defensa da pequena e mediana explotación campesiña [DOC. 2]. A súa proposta de que o país requiría un *cirurxán de ferro*, un home firme que baseado nun amplo voto popular puidese acometer sen contemplacións as reformas que o país requiría, foi apropiada polos ditadores españois do século XX (Primo de Rivera, Franco) para presentárense como herdeiros do rexeneracionismo.

Sen embargo, o rexeneracionismo costista fracasou politicamente. O proxecto da *Unión Nacional* (1900) impulsado por J. Costa, B. Paraíso e S. Alba como alternativa aos partidos dinásticos e á *vella política* non deu mobilizado ás *clases neutras* (medias) e acabou disolvéndose.

Pero o rexeneracionismo inspirou tamén os intentos de reforma dende dentro do sistema político da Restauración (Silvela, Maura, Canalejas). As súas ideas foron tamén recollidas polos intelectuais das xeracións de 1898 e 1914 e foron, así mesmo, asumidas polas forzas republicanas e de esquerda como base dos seus proxectos de transformación da vida española.

Joaquín Costa




J. Company [Dominio público], dende Wikimedia Commons

DOC. 2: O rexeneracionismo costista (*La tierra y la cuestión social*, 1898)

Despois de medio século de asonadas, pronunciamentos, manifestos, revolucións, fusilamentos, cambios de réxime e de dinastía, proclamación de Constitución bautizadas pomposamente co ditado de democráticas, as "liberdades" chegaron, temos o que se pedía: Constitución liberal, xuízo por xurados, sufraxio universal, dereitos individuais, pero seguimos o mesmo que estabamos: o pobo xeme na mesma servidume que antes, a liberdade non penetrou no seu fogar, a súa mísera sorte non cambiou no máis mínimo, como non sexa para empeorar; aquel medio século de propagandas e combates heroicos pola liberdade desembocou nun inmenso fracaso; o réxime liberal fixo bancarrota. E sabedes por que? Porque esa liberdade non se coidaron máis que de escribila na "Gaceta", crendo que a iso se reducía todo; porque non se coidaron de afianzala dándolle corpo e raíz no cerebro e no estómago: no cerebro, mellorando e universalizando a instrución; no estómago, promovendo unha transformación fonda da agricultura, que a faga producir dobre que no presente e diminúa o prezo das subsistencias, e, mediante a difusión da propiedade territorial, elevando aos braceiros á condición de terratenentes.

Francisco Silvela (1905)



Kaulak [Dominio público], Wikimedia Commons

O rexeneracionismo dos partidos dinásticos.

Durante os primeiros anos do reinado de Alfonso XIII (1902-31), houbo varios intentos de levar a cabo reformas significativas do sistema da Restauración dende dentro. Promotores destes proxectos habían ser Francisco Silvela e Antonio Maura, dende as filas conservadoras, e José Canalejas, dende as liberais.

Francisco Silvela.

Sucesor de Cánovas á fronte do Partido Conservador e presidente do goberno entre durante breves períodos entre 1899 e 1903, **Francisco Silvela** incorporou aos seus gabinetes a figuras de talante reformista, como o xeneral Polavieja, o facendista Fernández Villaverde e o catalanista Durán i Bas. As boas intencións de Silvela traducíronse nun pobre balance:

- ◆ A **reforma fiscal de Fernández Villaverde** permitiu reducir o endebedamento público, que medrara exponencialmente a raíz do conflito cubano, pero a pretensión de trasladar unha parte da carga tributaria sobre as actividades industriais e comerciais desencadeou a protesta da burguesía e das clases medias catalás, que mesmo recorreron a unha folga de contribuíntes (o *tancament de caixes*).
- ◆ As **propostas descentralizadoras de Durán i Bas** non tiveron apoio nin no resto do goberno nin no Partido Conservador.

O fracaso da experiencia rexeneracionista de Silvela contribuíu ao afastamento da burguesía catalá dos partidos turnistas e ao seu aliñamento político co nacionalismo conservador representado pola *Lliga*.

Antonio Maura.

O político mallorquino **Antonio Maura**, líder do Partido Conservador e presidente do goberno en diversas ocasións (1903-1904, 1907-1909, 1918, 1919, 1921-1922) foi consciente da necesidade dunha profunda reforma do sistema político orientada dende o poder (*a revolución dende arriba*), baixo presupostos claramente conservadores [DOC.3]. Durante o chamado *gobierno largo* (1907-1909) promoveu unha serie de medidas intervencionistas en materia económica e social acompañadas de importantes disposicións políticas:

- A **Lei Electoral de 1907** pretendía de moralizar o proceso electoral, acabar co caciquismo e favorecer a mobilización cidadá. Para isto, introducía o sufraxio obrigatorio e unha certa supervisión xudicial sobre o proceso electoral. Sen embargo, os seus efectos habían ser practicamente nulos. Ademais, o artigo 29 da lei (o *carallo vinte e nove*), que prevía non celebrar eleccións naquelas circunscricións onde se presentase un número de candidatos

Antonio Maura, no centro con chisteira, falando con xornalistas (1913)



J. Demaría López [Dominio público], Wikimedia Commons

DOC. 3: A revolución dende arriba, segundo A. Maura (*El Español*, 19-I-1902).

"Agora cómpre máis ca nunca que a nación sinta o alento de que o poder público asiste ás súas necesidades e emprenda sequera o camiño daquela rexeneración tan cantada en van en tódalas linguas. Xan non hai tempo nin para a orde nin para o método, non se pode ir con parsimonia na realización da obra, hai que facer a revolución dende o Goberno porque, se non, farase dende abaixo e será desoladora, ineficaz e vergoñenta e probablemente a disolución da nación española. Levar ao pobo esa revolución é instantaneamente devolver ao pobo a confianza en si mesmo, aquela que vos dición cando vos pintaba como se sente morrer un Estado a quen ninguén acomete."

igual ao de postos a cubrir, favoreceu a exclusión de candidatos incómodos e privou do dereito de voto a unha elevada porción do electorado.

- A **Lei de Administración Local de 1907** consagraba o principio da autonomía local e, en liña coas demandas catalanistas, posibilitaba a agrupación das deputacións provinciais en mancomunidades.

O goberno de Maura caería a raíz dos sucesos da **Semana Tráxica** de Barcelona (26-31 de xullo de 1909). As protestas contra a mobilización de reservistas para Marrocos a raíz do desastre do *Barranco do Lobo*, derivaron nunha folga xeral [DOC. 4], convocada por anarquistas, socialistas e republicanos lerrouxistas, e nunha insurrección popular acompañada de numerosos episodios de violencia anticlerical (saqueos, profanacións, incendios de igrexas e conventos). O goberno declarou o estado de guerra e o exército restableceu a orde. Os procesos contra os supostos instigadores foron seguidos de numerosas execucións, entre elas a do pedagogo libertario F. Ferrer i Guardia, fusilado tras un xuízo inzado de irregularidades.

A brutal represión desencadeou unha ondata de mobilizacións e protestas tanto no interior como en diversos países europeos (Portugal, Bélxica, Francia, R. Unido, Italia). Baixo o lema *Maura no!* uníronse republicanos e socialistas, que se acabaría aliados electoralmente na *conxunción*, e mesmo os liberais dinásticos, violando as normas non escritas da quenda canovista. Finalmente, Alfonso XIII non ratificou a súa confianza en Maura, quen, malia dispoñer dunha ampla maioría parlamentaria, veuse forzado a dimitir.

Maura volveu brevemente en diversas ocasións á presidencia de goberno sen que o seu proxecto rexeneracionista avanzase. Arredor da súa figura foise articulando un notable movemento político conservador, o **maurismo**, influente entre sectores novos da clase media conservadora e católica e canteira de notables personalidades políticas (J. Calvo Sotelo, M. Maura, A. Ossorio y Gallardo).

Barricada en Barcelona durante a *Semana Tráxica*.



Adolf Mas i Ginestà [Dominio público], Wikimedia Commons

**DOC. 4: A reacción popular contra a guerra de Marrocos
(Proclama da Asemblea Obreira de Terrassa, 21-VII-1909).**

"Considerando que a guerra é unha consecuencia fatal do réxime de produción capitalista; considerando ademais que dado o sistema español de recrutamento do exército, só os obreiros fan a guerra que os burgueses declaran. A asemblea protesta enerxicamente:

- 1. Contra a acción do goberno español en Marrocos.*
- 2. Contra os procedementos de certas damas da aristocracia, que insultaron a dor dos reservistas, das súas mulleres e dos seus fillos, dándolles medallas e escapularios, en vez de proporcionarlles os medios de subsistencia, que lles arrebatan coa marcha do xefe de familia.*
- 3. Contra o envío á guerra de cidadáns útiles á produción, e en xeral, indiferentes ó triunfo da cruz sobre a media lúa, cando se poderían formar rexementos de curas e de freires que, ademais, de estar directamente interesados no éxito da relixión católica, non teñen familia, nin fogar, nin son de utilidade algunha ó país, e*
- 4. Contra a actitude dos deputados republicanos que ostentando un mandato do pobo non aproveitaron súa inmunidade parlamentaria para poñerse á fronte das masas na súa protesta contra a guerra. E compromete á clase obreira a concentrar todas as súas forzas, por se tivera que declararse a folga xeral para obrigar ó goberno a respectar os dereitos que teñen os marroquís a conservar intacta a independencia da súa patria.*

La ciutat cremada (Barcelona, 1909).



[Dominio público], Wikimedia Commons

José Canalejas.

Tras o breve goberno de S. Moret, Alfonso XIII convocou para encabezar o executivo ao ferrolán José Canalejas, representante da facción máis esquerdista (*demócrata*) do Partido Liberal. Presidiu o goberno entre 1910 e 1912 e impulsou un proxecto de reformas en diferentes eidos:

- Un maior **intervencionismo estatal en materia social e laboral**: durante o seu breve mandato aprobáronse numerosas normas relativas á regulación da duración da xornada, do dereito de folga e da negociación colectiva, do traballo infantil e feminino, dos accidentes de traballo, etc.
- A **secularización da vida política**: malia o ton conciliador das propostas de Canalejas, a reacción clerical foi formidable. A *Lei de Congregacións Religiosas (lei do cadeado)*, aprobada a finais de 1910, que pretendía limitar a implantación en España de ordes relixiosas, tivo que facer fronte a unha forte mobilización da opinión católica e ata un conato de ruptura de relacións coa Santa Sede. A norma que eximía aos fillos de país non católicos do ensino da relixión tivo que agardar a 1913.
- As **intencións descentralizadoras** plasmáronse na *Lei de Mancomunidades Provinciais* (1913) [DOC. 5] que amosaba certa sensibilidade cara as moderadas demandas do catalanismo conservador e posibilitou a creación da *Mancomunitat catalá*.
- Algunhas medidas pretenderon responder, sen moito éxito, a **demandas populares** longamente sentidas: a supresión do imposto de consumos tivo escasos efectos prácticos xa que moitos concellos prorrogaron o seu cobro; a Lei de Servizo Militar Obrigatorio (1912) suprimía posibilidade de redención en metálico en caso de guerra pero establecía a figura privilexiada do *soldado de cota* en tempo de paz.

Canalejas conseguiu manter unido ao Partido Liberal e achegou o apoio de boa parte do republicanismo ás súas políticas. Tivo que facer fronte á contestación católica e unha aguda conflictividade social. En 1911, as novas operacións militares no norte de África desencadearon protestas masivas. Estouraron folgas por todo o país. En moitas ocasións as reivindicacións laborais e o rexeitamento da guerra en Marrocos presentáronse unidas. Como sempre, o goberno recorreu ao exército para someter a contestación. As detencións foron numerosas, a nacente CNT foi

DOC. 5: Real Decreto sobre Mancomunidades (1913).


Art. 1º. Para fins exclusivamente administrativos que sexan da competencia das provincias, poderán estas mancomunarse. A iniciativa para procuralo poderá partir do Goberno, de calquera das Deputacións Provinciais ou dun ou de varios Concellos que xunten o 10 por 100 canto menos dos habitantes das respectivas provincias. As Corporacións solicitadas ou requiridas pola entidade iniciadora da mancomunidad, cando estean dispostas a concertarse, designarán os seus representantes e unha vez reunidos procederán estes á redacción do oportuno proxecto. [...] As Deputacións acordarán logo separadamente se aproban ou non as bases que resultasen aprobadas na reunión xeral. Unha vez aceptado o acordo ou proxecto polo voto da maioría absoluta de cada unha das Deputacións interesadas, elevarase e someterase á aprobación do Goberno [...] Se o goberno concede a autorización, a mancomunidad constituirase con plena e absoluta capacidade e personalidade xurídicas para cumprir os fins taxativamente consignados no acordo ou proposta.

Con exclusiva relación aos mesmos, representados polo seu Presidente e por medio dunha xunta xeral dos deputados das provincias asociadas e dun Consello permanente nomeado por estas, poderá exercer as facultades e realizar os servizos que poidan concedérselle, de entre os que por lei correspondan exclusivamente ás Deputacións Provinciais. [...]

O Goberno, por Real decreto acordado en Consello de Ministros, a proposta do da Gobernación, poderá ordenar a disolución da mancomunidad, sempre que nos seus acordos e propostas resulte infrinxida algunha lei do Reino ou, cando de aqueles poida inferirse algún perigo para a orde pública ou os altos intereses da Nación [...]

As mancomunidades, unha vez constituídas, poderán solicitar delegación de servizos determinados e facultades propias da Administración Central. A proposta será elevada ao Goberno e, en ningún caso, poderá este resolver sen obter antes das Cortes unha lei especial de concesión. [...]

O cadáver de Canalejas tras o atentado de Pardiñas (1912).



[Dominio público], Wikimedia Commons

ilegalizada e moitas organizacións socialistas clausuradas. Neste contexto, Canalejas foi asasinado na madrileña Porta do Sol polo anarquista Manuel Pardiñas. A súa morte semellou por fin as posibilidades de reforma do sistema político da Restauración.

A descomposición do sistema de quenda.

Dende os primeiros anos do século XX, coincidindo coa chegada ó trono de Alfonso XIII (1902), a quenda pacífica comezou a dar síntomas de esgotamento. Aínda que liberais e conservadores seguisen alternándose no poder ata 1923, os problemas para formar maiorías estables de goberno acrecentáronse. Dous factores explican esta situación: a actuación do monarca e a crise de liderado dos partidos dinásticos.

A actuación de Alfonso XIII.

Fronte ao papel rigorosamente arbitral asumido polos seus pais, a actuación de Alfonso XIII dende o seu acceso ao trono en 1902 caracterizouse por un constante intervencionismo na vida política, mesmo nas disputas internas no seo dos partidos dinásticos. En moitas ocasións, as crises de goberno non serían o resultado de derrotas parlamentarias senón da vontade real (*crises orientais*).

Por outro lado, o rei, como de xefe supremo das forzas armadas, fortaleceu a súa relación directa cos mandos militares. Á marxe do poder civil, Alfonso XIII interviría nos nomeamentos e ascensos e apoiaría en moitas ocasións (o incidente do *Cu Cut* en 1905, o movemento das Xuntas de Defensa dende 1916) as demandas dos oficiais fronte ao poder civil. Contribuiría así a que os militares recuperasen un papel na vida política que o deseño canovista pretendiera evitar.

Valéndose das enormes prerrogativas que a Constitución de 1876 lle concedía [DOC. 6], Alfonso XIII non foi dende logo un factor favorable á transformación do réxime canovista.


A crise de liderado dos partidos dinásticos.

Tras a morte de Cánovas (1897) e Sagasta (1903), fixose evidente a división dos partidos dinásticos, divididos en múltiples faccións personalistas. As rivalidades persoais polo liderado no seo dos conservadores (Silvela contra Romero Robledo, Maura contra Dato) e dos liberais (Montero Ríos vs. Moret, García Prieto vs. Romanones), frecuentemente instrumentalizadas polo

DOC. 6: O papel de Alfonso XIII, segundo o conde de Romanones (*Notas de una vida, 1901-1912, 1945*).

"Tras breves palabras de saúdo de Sagasta [...], o Rei [no seu primeiro Consello de Ministros], como se na súa vida non fixese outra cousa que presidir ministros, con gran desenvoltura, dirixíndose ao [ministro] de Guerra en ton imperativo, someteuno a detido interrogatorio sobre as causas motivadoras do peche decretado das Academias militares [...] Logo dunha breve pausa, o monarca, tomando na súa man a Constitución, leu o caso 8º do artigo 54 e, a xeito de comentario dixo: "Como acaban vostedes de escoitar, a Constitución confíreme a concesión de honras, títulos e grandezas; por iso advírtolles que o uso deste dereito resérvome por completo. Gran sorpresa produciron as súas palabras. [...]"

Alfonso XIII, de a cabalo, conversando con Antonio Maura (1909)



J.L. Demaría López Campúa [Dominio público], Wikimedia Commons

monarca, e as disputas entre as diversas faccións clientelares fracturaron os partidos dinásticos e imposibilitaron maiorías parlamentarias e gobernos sólidos.

Aínda que as irregularidades electorais se facían cada vez máis escandalosas, medraron as dificultades para constituír maiorías parlamentarias estables. Houbo dez eleccións xerais entre 1903 e 1923 e innumerables cambios de goberno. A clausura das Cortes, unha medida de carácter excepcional, converteuse en norma dende 1913. Nin sequera os gobernos de concentración ensaiados a partir de 1917 foron solucións duradeiras. A quenda pacífica deixou de funcionar. O sistema semellaba bloqueado.

A crecente mobilización política e social.

Malia os crecentes síntomas de esgotamento do sistema canovista, nin propostas das forzas políticas alternativas, nin a presenza cada vez máis visible das masas na vida española foron suficientes para forzar o tránsito dende o liberalismo oligárquico á democracia.

O republicanismo.

Durante as dúas primeiras décadas do século XX, o republicanismo español seguiu a ser un movemento fundamentalmente urbano apoiado por sectores importantes das clases medias e populares. A súa presenza parlamentaria foi sempre minoritaria durante o reinado de Alfonso XIII. Non obstante, chegou a ter un importante peso nos gobernos locais dalgunhas importantes cidades: Barcelona, Valencia, A Coruña. Aínda que as divisións nadas no Sexenio nunca se superaron completamente, dentro do panorama plural do republicanismo española emerxeron dúas novas forzas:

- ◆ O **Partido Radical**, fundado por Alejandro Lerroux en 1904, caracterizouse por un discurso populista, incendiario nas formas [DOC. 11] pero moderado no fondo. O ton anticlerical, a confrontación co catalanismo burgués e un notable esforzo organizativo permitiron que o lerrouxismo acadase un importante arraigo social. Durante anos chegou a gozar dun considerable predicamento entre a clase obreira inmigrante barcelonesa. A partir de 1909 (*Semana Tráxica*, formación de *Solidariedade Obreira*) comezaría o seu devalo nos medios proletarios pero aínda se recuperaría para ter un papel sobranceiro durante a Segunda República.
- ◆ O **Partido Reformista**, creado en 1912 por Melquíades Álvarez e Gumersindo de Azcárate representou unha opción máis moderada nas formas. Estivo disposto sempre disposto a

Alejandro Lerroux (c. 1909)



Nuevo Mundo [Dominio público], dende Wikimedia Commons.

DOC. 7: O discurso lerrouxista: populismo, rexeneracionismo, anticlericalismo (artigo publicado en *La Rebeldía*, 1906).

"Mozos bárbaros de hoxe, entrade a saco na civilización decadente, miserable deste país sen ventura, destruíde os seus templos, acabade cos seus deuses, izade o velo das monxas e ascendédeas á categoría de nais para virilizar a especie, penetraide nos rexistros da propiedade e facede lume cos seus papeis para que o lume purifique a infame organización social, entrade nos fogares humildes e erguede leccións de proletarios, para que o mundo trema ante xuíces despertos [...]"
"Escola e despenza", dicía o máis grande patriota español, don Joaquín Costa. Para crear a escola hai que derrubar a Igrexa ou sequera pechala, ou polo menos reducila a condicións de inferioridade. Para encher a despenza hai que crea o traballador e organizar o traballo. A toda esa obra xigante opóñense a tradición, a rutina, os dereitos creados, os intereses conservadores, o caciquismo, o clericalismo, a man morta, o centralismo e a estúpida contextura de partidos."

colaborar coas institucións oficiais e co Partido Liberal. Defendeu reformas sociais, políticas e educativas tendentes á rexeneración democrática do sistema. Moi ligado á Institución Libre de Ensinanza, contou co apoio de destacados intelectuais (Fernando de los Ríos, Luís de Zulueta, Manuel Azaña) pero a súa implantación electoral foi escasa fóra de Asturias e Madrid.

En 1909, a raíz da coincidencia nas mobilizacións contra Maura tras a *Semana Tráxica*, o republicanismo conseguiu atraer obreirismo socialista. A formación da **Conxunción Republicano-Socialista** posibilitou a elección de Pablo Iglesias como deputado por Madrid e, malia os modestos avances electorais, contribuíu a consolidar a orientación reformista do PSOE-UGT.

Os nacionalismos subestatais


Nas primeiras décadas do século XX, fóronse consolidando forzas nacionalistas subestatais contrapostas ao nacionalismo español, primeiro en Cataluña, logo no País Vasco e finalmente e de xeito máis débil en Galicia. Optaron maioritariamente por fórmulas autonomistas ou federalistas e non renunciaron, especialmente no caso do catalanismo conservador, a contribuír á rexeneración da vida política española.

O nacionalismo catalán.

A **Lliga Regionalista de Catalunya**, o partido nacionalista burgués e conservador fundado en 1901 por Enric Prat de la Riba e Francesc Cambó, converteuse na forza hexemónica do catalanismo ata 1923. A Lliga aproveitou a **mobilización cidadá** contra os asaltos militares a varios periódicos catalanistas barceloneses (1905) e a aprobación da chamada *lei de xurisdicións* (1906) para impulsar a formación da *Solidaritat Catalana* (1906), coalición electoral que sumaba nacionalistas, republicanos e carlistas. Nas eleccións xerais de 1907, a Solidaritat obtivo 41 dos 44 escanos atribuídos a Cataluña no Congreso. A hexemonía dos partidos dinásticos en Cataluña pasaba á historia.

Conservadores e liberais tiveron que considerar as **reivindicacións de autogoberno** catalás. En 1913, converteuse en realidade a *Mancomunitat*. Dirixida pola Lliga, esta institución, formada por representantes das catro deputacións provinciais catalás, había desenvolver un destacado labor en diferentes eidos (fomento, educación, cultura). Sen embargo, a campaña catalanista en prol da autonomía (1918-1919) fracasou. As Cortes nin sequera chegaron a debater o moderado proxecto de Estatut impulsado pola *Mancomunitat*. A Lliga, aliñada indiscutiblemente na **defensa da orde social** ameazada polo puxante movemento obreiro

Francesc Cambó nos tempos da *Solidaritat Catalana* (1907).



[Demaría López [Dominio público], dende Wikimedia Commons.

Cartel dunha iniciativa promovida pola Mancomunitat de Catalunya



[Dominio público], dende Wikimedia Commons.

anarquista, abandonou as mobilizacións autonomistas. Os **sectores nacionalistas descontentos** coa nova estratexia do catalanismo conservador crearían novas forzas como *Acció Catalana* e *Estat Catalá* (1922), próximas ao independentismo.

A *Lliga* tampouco renunciou a participar na política española para **rexenerar o Estado**, postulando, dende posicións elitistas e conservadoras, a súa democratización e descentralización. Pero tanto nin a colaboración con outras forzas da oposición antidinástica na *Asemblea de Parlamentarios* (1917) nin a participación de Cambó no *gobierno de concentración nacional* de Maura (1918) obtiveron os resultados apetecidos.

O nacionalismo vasco.

Dende os primeiros anos do século XX, o **Partido Nacionalista Vasco**, fundado en 1895 por Sabino Arana, moderou o seu discurso e experimentou un notable **crecemento da súa base social**. Sectores empresariais e das clases medias, campesiños, mariñeiros e traballadores industriais euscaldúns incorporáronse as filas do nacionalismo vasco, atraídos por un discurso centrado na defensa da lingua, o catolicismo, a raza e a visión dun pasado idealizado e ameazado polas consecuencias dun rápido proceso de industrialización (desigualdade, inmigración, socialismo). A creación dunha ampla rede de sociedades nacionalistas, incluído o sindicato ELA-SOV (Solidariedade de Obreiros Vascos), fundado en 1911, contribuíu á consolidación da súa base social.

Partindo de Biscaia, o PNV conseguiu implantarse en Guipúscoa e, en menor medida, en Álava e Navarra. Os seus **avances electorais** convertérono nunha seríame ameaza para a hexemonía dos partidos dinásticos. Tras ocupar unha posición relevante en concellos e deputacións forais, o PNV obtivo 6 deputados nas lexislativas de 1918. Sen embarco, a campaña nacionalista a favor da autonomía saldouse, como no caso catalán, cun rotundo fracaso en 1919.

O nacionalismo galego.

Ata os anos 1930, o galeguismo seguiu sendo unha **forza política marxinal**. Tras anos de escasa actividade, os rexionalistas galegos confluíron con republicanos e tradicionalistas na formación da *Solidariedade Galega*, fundada en 1907 seguindo o exemplo da súa homónima catalá catalán. Aínda que os candidatos solidarios fracasaron nas eleccións lexislativas, a *Solidariedade* tivo certa presenza municipal e un papel fundamental no desenvolvemento do agrarismo galego.

Retrato do empresario e líder nacionalista vasco Ramón de la Sota.



Fonte: El Correo.

Manifesto da I Asemblea Nacionalista (Lugo, 1918)..



Fonte: Praza.gal

Na segunda década do século XX, o galeguismo comeza a redefinirse en clave nacionalista. A esta mudanza contribuíron tanto vellos rexionalistas (R. Lugo, M. Banet) como novos militantes procedentes do republicanismo (Antón Villar Ponte, Lois Porteiro) e do tradicionalismo (Antón Losada Diéguez). En 1916, fundouse na Coruña a primeira das **Irmandades da Fala**, seguida doutras nas principais cidades e vilas galegas. En 1918, os seus representantes celebraron en Lugo a I Asemblea Nacionalista Galega, onde reivindicaron a *autonomía integral para Galicia*. [DOC. 8].

As **bases ideolóxicas** do nacionalismo galego foron sistematizadas por **Vicente Risco** en *Teoría do nazionalismo galego* (1920). Segundo o polígrafo ourensán, a nación galega era unha entidade natural, anterior a toda vontade politicamente expresada e definida por unha raza (*celtismo*) e, sobre todo, por unha lingua, unha cultura e unha historia de seu. Non obstante, dentro do nacionalismo galego convivían **dous proxectos políticos enfrontados**. Por unha banda, un proxecto democrático-progresista, representado polos irmáns Villar Ponte e Lois Peña Novo, que postulaban a democratización política, a autonomía da nación galega dentro dun Estado federal ibérico e un reformismo social baseado no cooperativismo e na defensa da pequena propiedade. Pola outra, un proxecto católico-traditionalista (A. Losada, V. Risco, R. Otero Pedrayo), oposto á democracia liberal e defensor do catolicismo e da sociedade tradicional galega. Mentres os primeiros eran partidarios da acción política e da participación nas eleccións, os segundos privilexiaban a acción cultural e organizativa do movemento. Tales diverxencias imposibilitaron a ampliación das bases sociais e electorais do nacionalismo galego e conducirían á súa ruptura. Na IV Asemblea Nacionalista (1922) constituíuse a Irmandade Nacionalista Galega baixo o liderado de V. Risco mentres os seguidores de Villar Ponte e a Irmandade da Fala coruñesa decidían seguir outro camiño.

DOC. 8: Manifesto da I Asemblea Nazionalista (Lugo, 17-18 de novembro de 1918).

Os persoeiros das Irmandades da Fala reunidos en asamblea magna tida na cibdá de Lugo[...] pra conquistar do Goberno da Sua Maxestade El Rey autonomia integral da Nación Galega e fixar n-un programa concreto as que coidan estas solucións ás problemas que intresan d-un xeito fondonísimo á vida nazonal da Galicia, aprobaron e sosteñen, c-o corazón ategado de esperanza e os ollos postos no porvir da nay Terra, as siguientes conclusións, que fan públicas pra conocimiento e meditación do pobo Galego, nestora solemne do albeo das nazionalidades que sinten tremelar a sua y-alma e fan xurdir a súa personalidade.

I.-PREVIA:

Tendo a Galicia total-as características esenciaes de nazionalidade, nós, nomeámonos, d-axe pra sempre, nazionalistas galegos, xa que a verba rexionalismo non recolle total-as aspiracións nin encerra toda a intensidade dos nosos problemas.

II. PROBLEMAS CONSTITUTENTES.

1º. Autonomía integral pr-a Galicia.

2º. Autonomía municipal, distinguindo o municipio aldean do vilego, axeitándose o Concello aldean sóbor da base do reconecimento da personalidade xurídica das parroquias, que terán as súas Xuntas, eleixidas antr-os cabezas de familia, (petrucios) [...]

3º. Cooficialidade dos idiomas galego e castelán.

4º. Federación da Ibéria. [...]

6º. Credo na accidentalidade das formas de goberno intrínsecas acarar que non apelamos por ningunha, mais simpatizaremos dende logo con aquela que se amostre mais doada pra chegar á federación con Portugal.

7º. Ingreso das nazionalidades da Ibéria na Liga das Nazóns.

III.-PROBLEMAS POLÍTICOS.

1º. Igoaldade de dereitos pr-a muller.

2º. Custión eleitoral: [...] Representación proporcional como sistema eleitoral. Non serán eleixibles os elementos que non rendan unha función útil pr-a colectividade. [...]

3º. Acabamento das Diputacións provinciais.

4º. Creación do Poder Autónomo, representado por un xuntoiro ou Parlamento Galego, eleixido por sufraxio universal, [...]

IV. FACULTÁ DO PODER GALEGO:

1º. Nomeamento da Xunta Gobernadora que terá de exercel-o Poder executivo, [...]

3º. Lexislación social, agos n-aqueles casos nos que os problemas sociais se extendan ás diversas nazóns da Ibéria.

4º. Réximen tributario, sin intervención do Poder Central ó que somentes pagará o Autónomo a cantidade que se fixe nos concertos económicos.

5º. A potestade docente do Estado atual pasará enteira ó Poder Galego. [...]

10º. Si vén co-a Paz o acabamento dos exercitos permanentes, e no caso de que samente quedaran exercitos policías, tamén será facultade do Poder Galego a fixación das forzas que xuzgue precisas pra o orde interno de Galicia.

V. CUESTIÓN XURÍDICAS:

1º. Sustantividade do Dreito foral galego. [...]

4º. Igoaldade de dereitos da muller casada pol-o menos no caso de emigración do marido. [...]

6º. As terras dos pequenos propietarios que as laboreen consideraranse instrumentos de traballo pra os efeutos do embargo. [...] sexa debida a os melloramentos producidos pol-o seu traballo.

VI. PROBLEMAS ECONÓMICOS

1º. As custións aduaneiras, serán resoltas por concerto entre o Poder Autónomo e o Central, salvo o libre cambio de cereales.

2º. Reintegración á propiedade privada, pol-o xeito mais doado dos montes do Estado, dos pobos e de propios.

3º. Repoblación forestal forzosa. [...]

4º. A Asambleia declara de toda urxencia a resolución do problema dos gravámenes sobor da terra en Galicia. [...]

VII. ASPECTOS ARTÍSTICOS

1º Proclamar a soberanía estética da Nación Galega que se exercerá [...]

Os cativos resultados electorais do nacionalismo galego contrastan co seu sobranceiro **labor cultural**. A posta en marcha da revista *Nós* (1920) e a creación do *Seminario de Estudos Galegos* (1923) son boas mostras del.

O movemento obreiro.

A partir da década de 1880, as **medidas aperturistas** emprendidas polos gobernos liberais da quenda dinástica ampliaron as oportunidades para a mobilización dos traballadores: a lei de Asociacións de 1887, a regulación ampla das liberdades de prensa e manifestación, a reintrodución do sufraxio universal masculino en 1890. Paralelamente as **formas de acción colectiva** mudaron adquirindo un nivel de organización maior. A formación de sindicatos, as manifestacións, as celebracións do Primeiro de Maio dende 1890 e as folgas serviron para reivindicar melloras nas condicións laborais dos traballadores (aumentos salariais, xornada de 8 horas) e contribuíron a forxar a súa **identidade de clase**.

Isto non quere dicir que os traballadores asalariados permanecesen á **formas tradicionais de protesta popular** como as reaccións anticlericais ou os motíns contra o servizo militar ou contra o encarecemento das subsistencias. Así o porían de relevo a súa participación destacada na Semana Tráxica de Barcelona en 1909 ou nas protestas contra a escaseza en 1916-1918.

A **aportación dos intelectuais** (estudantes, docentes, artistas) sería moi importante. As súas denuncias da explotación e a desigualdade social contribuíron a galvanizar a conciencia dos traballadores militantes.

Nos anos finais do século XIX íase consolidar a **división**, nacida nos tempos da Primeira Internacional, **entre anarquistas e socialistas**. O **republicanismo** seguiu mantendo o significativo respaldo nos medios obreiros. Ademais, na última década do século XIX, os militantes social-católicos, inspirados na encíclica *Rerum Novarum* (1891), do papa León XIII, impulsaron un **sindicalismo confesional** oposto ao socialismo e ao anarquismo e defensor de harmonía social que había ter unha máis limitada implantación.

O asociacionismo agrario.

Como noutros países europeos, a raíz da crise finisecular, desenvolveuse no mundo rural español un amplo e complexo **movemento asociativo** con especial implantación nas rexións caracterizadas polo predominio da pequena explotación. Ademais de impulsar a mobilización político-social do pequeno campesiñado, o asociacionismo agrario contribuíría notablemente á modernización do sector: o cooperativismo facilitou ós agricultores a obtención de créditos, a compra de abonos e maquinaria e a venda conxunta da produción.

Neste sentido, os sectores católicos promoverían un notable movemento cooperativista que, baixo a fórmula dos **sindicatos agrícolas** (regulados por una lei de 1906), había consolidarse en amplas áreas das dúas Castelas, Navarra, Aragón, Valencia e mesmo nalgúñas comarcas galegas e catalás. En 1917, fundouse a Confederación Nacional Católico-Agraria (CONCA) que, en 1920, dicía contar cuns 500.000 asociados.

En Cataluña, cómpre destacar tamén a mobilización dos **campesiños rabassaires**, que loitaban polo acceso á propiedade plena da terra que cultivaban. A *Unió de Rabassaires*, constituída en 1921 e ligada ao catalanismo republicano de esquerdas (Lluís Companys), sería a organización máis influínte no campo catalán ata a guerra civil.

En Galicia, ese espazo foi ocupado polo **agrarismo**, un complexo movemento social, moi plural dende o punto de vista ideolóxico e diverso nas súas formas e (mutuas gandeiras, sociedades agrarias, sindicatos agrícolas, caixas rurais, federacións) e ámbitos de organización (actuación (parroquial, municipal, comarcal, provincial, mesmo galega). Pretendeu facilitar a integración das explotacións campesiñas no mercado a través de fórmulas cooperativas (seguros mutuos, crédito, compra de insumos, venda de produtos), a educación e a divulgación agronómica. Loitou polo acceso á propiedade plena da terra por parte dos labregos a través, sobre todo, da redención de foros. Combateu o caciquismo promovendo a mobilización política da poboación rural (mitins, prensa, eleccións).

As primeiras manifestación do agrarismo producíronse a finais do século XIX pero sería nas primeiras décadas do século XX cando o seu impacto sería máis amplo. A comezos dos anos 1920, acadaría o maior nivel de articulación organizativa a través do sindicalismo católico-agrario, dunha banda, e da heteroxénea **Confederación Rexional de Agricultores Galegos** (1922) presidida por Basilio Álvarez da outra.

O cura Basilio Álvarez, líder agrarista galego, segundo unha caricatura de Bagaría



Fonte: AS-PG

O impacto da Gran Guerra.

Sorprendentemente, foi a **Primeira Guerra Mundial**, un conflito non que España non interveu, o desencadeante da quebra final do réxime constitucional. Ante o estalido do conflito, a actitude dos gobernos españois non puido ser outra cá da neutralidade [DOC. 9]. En palabras do líder catalanista F. Cambó: “temos que ser neutrais na guerra, porque non podemos ser outra cousa”. España evitou o sanguento tributo humano pagado polos países belixerantes pero non puido evitar os efectos da guerra europea.

A prensa e a opinión pública dividiuse entre **aliadófilos** (liberais, republicanos e mesmo socialistas) e **xermanófilos** (católicos, tradicionalistas, mauristas, amplos sectores do exército e a Igrexa). As campañas propagandísticas financiadas polas embaixadas dos belixerantes e o afundimento de barcos mercantes españois polos submarinos alemán fixeron subir de ton o debate, pero a maioría da poboación permaneceu á marxe del.

A neutralidade favoreceu un notable **auxe económico**. España converteuse en fornecedor de alimentos, materias primas e manufacturas para os dous bandos contendentes. Así mesmo, a guerra posibilitou a substitución de importacións pola produción nacional. A balanza comercial, tradicionalmente deficitaria, acadou importantes superávits que posibilitaron a entrada de ouro e unha importante acumulación de capital [DOC. 10]. Pero tamén agudizou as **desigualdades sociais**. Mentres unha minoría (empresarios industriais e comerciais, financeiros, grandes terratenentes) se enriquecía escandalosamente, a demanda exterior provocou o desabastecemento do mercado interior, a constante suba do custo da vida e a caída dos salarios reais en prexuízo das clases populares [DOC. 11].

A crise de 1917.


Os problemas para o réxime foron acumulándose. No verán de 1917 acabaron por

DOC. 9: Carta de Afonso XIII ao káiser Guillermo II sobre a neutralidade española na Gran Guerra (19-I-1918)


Querido Guillermo[...]

Éme moi grato ver que soubeches facerte cargo de todo o afán e empeño que, cos meus gobernos, puxen para que España se mantieña na política de neutralidade iniciada ao comezo da guerra; con isto creo facer un servizo á miña amada patria interpretando as súas aspiracións e, ademais, puiden contribuír a evitar para o meu pobo e aínda para outros, como ti tan delicadamente sinalas, novos e sangrentos sacrificios. Non hei de ocultarte que, debido a circunstancias especiais, tiveron que vencer non poucas dificultades para que esta política de neutralidade estrita non fose alterada. Hoxe podo asegurarche que hei perseverar nela por entender que é a política máis favorable aos intereses españois, e aínda aos outros pobos e só unha agresión ao noso territorio ou unha ofensa a unha honra da miña bandeira, podería afastarnos das normas impostas. Congratúlome de que aí saiban recoñecer e apreciar a conduta nobre do pobo español, con relación ao teu País. O teu máis leal amigo, irmán e curmán, que te abraza. Afonso XIII.

DOC. 10: A balanza comercial española (1913-1923).



DOC. 11: Evolución de prezos, salarios e beneficios empresariais (1913-1920).



rebordar. As demandas corporativas dos oficiais do exército, as propostas rupturistas da oposición política e a mobilización dos traballadores non coincidiron senón que, por sorte para o réxime, se sucederon rapidamente.

A crise militar: as Xuntas Militares de Defensa.

Tras a derrota de 1898, o malestar entre os militares foi cada vez máis palpable. O Desastre deixara un corpo de oficiais sobredimensionado para as necesidades en tempo de paz, mal pagado e con reducidas posibilidades de promoción. Medrou entre eles a desconfianza cara os políticos civís, nos que se descargaba a responsabilidade da derrota ao mesmo tempo que se espallaba a idea de que o exército era a columna vertebral dun Estado ameazado pola revolución social e os separatismos.


Xa en 1905, un grupo de oficiais, ofendidos por unha viñeta publicada no satírico *Cu-cut!*, asaltara a redacción deste e do diario catalanista *La Veu de Catalunya* [DOC. 12]. O goberno, presidido polo liberal E. Montero Ríos, intentou castigar aos responsables pero, ante a oposición des mandos militares e do propio monarca, tivo que dimitir. Substituíuno o seu correligionario S. Moret quen se aprestou a aprobar a chamada *lei de xurisdicións* (1906), que puña os delitos contra a honra do exército e a unidade da patria baixo a xurisdición dos tribunais militares.

A intervención en Marrocos incrementou os agravios para boa parte dos oficiais. Os destinados no norte de África percibían mellores retribucións e tiñan maiores posibilidades de ascenso cós que prestaban servizo na Península. Esta distinción entre *africanistas* e *peninsulares* converteuse noutra fonte de problemas.

A escalada inflacionista provocada polo conflito mundial erosionou os soldos dos oficiais, practicamente conxelados dende 1914. Evidentemente, a situación era especialmente complicada para os peninsulares. Na primavera de 1917 constituíronse en moitos dos rexementos peninsulares **Xuntas da Defensa**, formadas polos oficiais descontentos [DOC. 13]. Aínda que os seus dirixentes utilizaban decote un vocabulario rexeneracionista, crítico co réxime e os seus

Viñeta publicada na revista humorística catalá *Cu-Cut* (novembro de 1905).

O pé titúlase: *No Frontón Condal*.
Un militar pregunta a un transeúnte:
-Que se celebra aquí, que hai tanta xente?
Este lle contesta en catalán:
-O Banquete da Vitoria.
Replica o oficial:
-Da vitoria? Ah, vaia, serán paisanos.



DOC. 12: O incidente do Cu-Cut segundo o xornal madrileño *El Imparcial* (17-XI-1905).

"A outra noite (día 25), a primeira hora, un gran número de oficiais do exército, molestados polos caricaturas, e artigos que publicaba a prensa catalá, reuníronse en número de máis de douscentos na Praza Real, comezaron a dar vivas a España e dende alí marcharon á imprenta do semanario catalanista "Cu-Cut". Sacaron os trastos e pertenzas que encontraron e gran cantidade de periódicos e prendéronlle lume, formando unha fogueira (...). Na redacción [do xornal *La Veu*] deron varias sabradas, obrigando aos que alí estaban a berrar: "Viva España!". Esnaquizaron todo, respectando só o escudo de Cataluña, dicindo que Cataluña era unha provincia española."

DOC. 13: Regulamento da Xunta de Defensa da Arma de Infantaría (1916).

Art.1. Constitúese a Xunta de Defensa da Escala Activa da Arma de Infantaría para traballar pola súa mellora e progreso, para maior gloria e poderío da patria; para defender o dereito e a equidade nos intereses colectivos e individuais dos membros dela desde a saída da Academia ata o emprego de coronel inclusive. (...) Outro dos seus fins é fomentar o verdadeiro compañeirismo, mutua axuda e perfecta e lendaria cabaleirosidade, desenvolvendo estas virtudes na oficialidade e velando polo decoro e o prestixio profesional, perseguindo (...) por unha parte, os medios e facilidades para que poida adquirir e perfeccionar o oficial as aptitudes profesionais e, por outra parte, que mellore a súa situación económica e renaza a interior satisfacción que nace dos seus entusiasmos ao comezar a súa carreira, coa confianza na xustiza e equidade con que serán apreciados os seus méritos e esforzos.

políticos, as Xuntas actuaban na práctica como sindicatos corporativos e as súas demandas centrábanse en cuestións profesionais: incremento do orzamento militar, implantación exclusiva dos ascensos por rigorosa orde de antigüidade, melloras salariais, etc. O goberno do liberal García Prieto pretendeu restaurar a disciplina, ordenou a disolución das xuntas e o arresto dos directivos da Xunta de Infantería de Barcelona. Os oficiais *xunteiros* responderon ao goberno cun ultimato o 1 de xuño de 1917. Esixían o seu recoñecemento oficial, a liberación dos compañeiros detidos e a apertura dun proceso de reforma política. A protesta estendeuse polos cuartos de bandeiras da Península. Ante a gravidade da situación, o goberno cedeu. Os arrestados foron postos en liberdade e García Prieto dimitiu.

O conservador E. Dato foi chamado a formar goberno. As garantías constitucionais foron suspendidas, decretouse unha estrita censura de prensa e mantivéronse clausuradas as Cortes. As Xuntas foron legalizadas. O poder civil perdera fronte á presión dos militares que, ademais, contaran co apoio de Alfonso XIII.

A crise política: a Asemblea de Parlamentarios.

A complicada situación social e a insubordinación militar alentou as iniciativas da oposición. O goberno conservador negouse, ademais, a reabrir as Cortes. O líder catalanista F. Cambó convocou en Barcelona unha Asemblea de Parlamentarios para debater un programa de cambio político centrado na formación dun goberno provisional que organizase unhas eleccións limpas para unhas Cortes constituíntes [DOC. 14].

A reunión da Asemblea tivo lugar en Barcelona o 19 de xullo. A asistencia foi menor da agardada: 68 deputados e senadores (catalanistas, republicanos, reformistas e socialistas) dos máis de 700 que formaban as dúas cámaras. Faltaron algúns dos apoios agardados: Maura negouse a apoiar un movemento que consideraba anticonstitucional e os militares *xunteiros*, radicalmente anticatalanistas na súa maioría, declinaron a invitación. Os partidos participantes, particularmente a *Lliga*, preferiron non porfiar no se desafío. A policía mandada polo goberno non tivo problemas para disolver a reunión.

Algúns dos asistentes á Asemblea de Parlamentarios en Barcelona (xullo de 1917)



Fonte: Localmundi

DOC. 6: Conclusións da Asemblea de Parlamentarios (Barcelona, 19-VI-1917).

A política do actual Goberno, ademais de significar unha provocación a Cataluña e a España enteira, constitúe á vez un agravio ao Parlamento e un atranco para que as ansias de renovación que sente o país poidan obter normal satisfacción.

Que ao declarar o Goberno e os partidos que teñen maioría nas actuais Cortes, que estas non poden actuar en funcións de constituíntes, e considerando a Asemblea que que urxe deliberar e resolver sobre a organización do Estado, a autonomía dos municipios e demais problemas que as circunstancias presentan con apremio inaprazable para a vida do país, entenden que é indispensable a convocatoria de novas Cortes, que en funcións de constituíntes, poidan deliberar sobre estes problemas e resolvelos.

Que para que o país poida manifestar libremente a súa opinión, e o pobo non vexa pechada toda a esperanza de que a súa vontade sexa coñecida e respectada, as Cortes Constituíntes non podens ser convocadas por un goberno de partido, que fatalmente seguirá os habituais procedementos de adulteración do sufraxio, senón por un goberno que encarne e representa a vontade do país.

Que é indispensable que o acto realizado polo Exército o día 1º de xuño vaia seguido dunha profunda renovación da vida pública, emprendida e realizada polos elementos políticos.

A crise social: a folga xeral de agosto de 1917.

Mentres, o malestar das clases populares non deixaba de medrar. Durante o ano 1916 multiplicáranse os motíns populares contra a carestía e as folgas promovidas polo movemento obreiro organizado estendéranse a tódolos sectores laborais. Na industria, a minería e os ferrocarrís, os obreiros esixían melloras salariais, a xornada de 8 horas, a supresión do traballo a obra feita... Nas áreas latifundistas, os xornaleiros demandaban tamén a participación dos sindicatos no control da contratación. Decote a resposta de patróns e goberno só fora a represión. Industriais e terratenentes organizáronse en asociacións patronais, practicaron o *lock-out* (peche patronal) para debilitar aos folguistas, contrataron gardas para defender fábricas e fincas e esixiron man dura ao goberno.

Nestas circunstancias, UGT e CNT acordaron convocar conxuntamente un paro xeral de 24 horas para esixir ao goberno solucións á carestía e aos os problemas laborais e unha amnistía para os presos por delitos político-sociais. A folga xeral do 18 de decembro de 1916 tivo un amplo seguimento pero a resposta do goberno foi nula. Os contactos entre socialistas e anarquistas continuaron e acordaron en marzo de 1917 preparar unha folga indefinida de carácter revolucionario.

En xullo, unha folga ferroviaria, que houbo de afrontar a intransixencia da patronal apoiada polo goberno, converteuse en detonante da acción prevista. A dirección conxunta do PSOE e a UGT convocou un para indefinido para o 13 de agosto cun manifesto calcado das propostas políticas da frustrada Asemblea de Parlamentarios (goberno provisional, eleccións limpas a Cortes constituíntes), afastada do acordado coa CNT que, non obstante, apoiou a convocatoria [DOC. 15]. A folga tivo un éxito notable en Madrid, nas zonas industriais de Asturias, Biscaia e Barcelona, nas concas mineiras e en numerosas cidades. A súa incidencia no resto do país e nas comarcas rurais foi mínima. A detención do comité de folga, o illamento dos núcleos máis activos e a contundente reacción das forzas policiais e do exército

Unha escena da folga xeral revolucionaria en Madrid (15-VIII-1917)



Fonte: [cuarto poder](#).

DOC. 15: Manifesto do Comité de Folga do PSOE e a UGT (12-VIII-1917).

Aos obreiros e a opinión pública: chegou o momento de poñer en práctica, sen vacilación algunha, os propósitos anunciados polos representantes da UGT e da CNT no manifesto suscrito no mes de marzo último (...)

Pedimos a constitución dun Goberno provisional que asuma os poderes executivo e moderador, e prepare, previas as modificacións imprescindibles dunha lexislación viciada, a celebración dunhas eleccións sinceras, dunhas Cortes Constituíntes que aborden en plena liberdade os problemas fundamentais da constitución política do país. Mentres non se consiga este obxectivo, a organización obreira atópase totalmente decidida a manterse na súa actitude de folga.

Cidadáns: Non somos instrumentos do desorde, como na súa impudicia nos chaman con frecuencia os gobernantes que padecemos. Aceptamos unha misión de sacrificio polo ben de todos, pola salvación do pobo español, e solicitamos o voso concurso. ¡Viva España!

Os membros do Comité de Folga (de esquerda a dereita: J. Besteiro, D. Anguiano, A.e F. Largo Caballero), presos no penal de Cartaxena (1918)



José Demaría López Campúa [Dominio público], dende [Wikimedia Commons](#).

acabaron neutralizando o movemento. O 18 de agosto o goberno declarou restablecida a normalidade, aínda que en Asturias os últimos focos folguistas resistiron ata o 17 de setembro. O balance oficial da represión foi de 71 mortos, 200 feridos e máis de 2.000 detidos. O exército, malia as súas desavizas co goberno, demostrou estar do lado da orde social. A estratexia dos promotores da Asemblea de Parlamentarios, os catalanistas conservadores da *Lliga*, desbotaba calquera acción revolucionaria.

As forzas alternativas ao sistema non tiveran a forza suficiente. O réxime dera superado o reto pero a súa erosión era a cada paso máis evidente. Un novo empurrón das Xuntas de Defensa provocou a caída do goberno Dato. Os membros do comité de folga (F. Largo Caballero, J. Besteiro, D. Anguiano e A. Saborit) foron xulgados e condenados a cadea perpetua. Todos eles foron elixidos deputados nas eleccións de febreiro de 1918, o que forzou a súa amnistía.

A fin do réxime constitucional.

Entre 1917 e 1923, celebráronse catro eleccións xerais e o producíronse doce cambios na presidencia do goberno. Tódalas fórmulas ensaiadas resultaron efémeras. Os gobernos de partido, os *gobernos de concentración* e mesmo os *gobernos nacionais*, como o encabezado por Maura en 1918 e formado por representantes das dúas forzas da quenda máis a *Lliga*, fracasaron un tras outro. A **inestabilidade governamental** foi unha constante [DOC. 16]. Os problemas multiplicábanse: a conflitividade social, a violencia desatada, a desfeita militar en Marrocos, as demandas de autonomía os nacionalismos periféricos, o desafío dos militares, a deriva autoritaria de importantes sectores conservadores e da mesma Coroa.

O trienio bolxevique.


A experiencia de 1917 demostrara a capacidade de mobilización das organizacións obreiras. O exemplo da revolución rusa alimentaba as esperanzas dos seus sectores máis radicais e o pánico das clases propietarias. Co remate da guerra chegou a **crise económica**: a redución das exportacións provocou o peche de numerosas empresas, recortes salariais, aumento do desemprego e, tamén, do descontento popular. Entre 1918 e 1920, o chamado **trienio bolxevique**, a conflitividade social acadou o seu momento álxido:

- En **Andalucía**, as malas condicións de vida dos xornaleiros provocaron numerosas folgas [DOC. 17] e ocupacións de terras dirixidas por sindicatos ligados á CNT e, en menor medida, á UGT.

DOC. 16: Os gobernos da Restauración (1917-1923)

Data	Presidente	Orientación	Duración
9-IV-1917	García Prieto	Liberal	1m+13d
11-VI-1917	Dato	Conservador	5m+23d
3-XI-1917	García Prieto	Liberal	4m+19d
28-III-1918	Maura	Conc. nacional	7m+18d
8-XI-1918	García Prieto	Liberal	26d
5-XII-1918	Romanones	Liberal	4m+9d
14-IV-1919	Maura	Conservador	3m+6d
20-VII-1919	Sánchez de Toca	Conservador	4m+22d
12-XII-1919	Allendesalazar	Conservador	4m+24d
5-V-1920	Dato	Conservador	10m+3d
8-III-1921	Bugallal	Conservador	5d
13-III-1921	Allendesalazar	Conservador	5m+1d
14-VIII-1921	Maura	Conc. nacional	6m+25d
8-III-1922	Sánchez Guerra	Conservador	8m+29d
7-XII-1922	García Prieto	Liberal	10m+6d

DOC. 17: As folgas agrícolas en Andalucía (1904-1924)



- No **campo galego e catalán**, as accións e reivindicacións dos campesiños *foreiros* e *rabassaires* radicalizáronse.
- Aínda así, sería **Barcelona** o principal foco de violencia social. Tras o éxito da folga da *Canadense* en 1919, que levou á primeira regulación da xornada de 8 horas en España, os *sindicatos únicos* cenetistas, que superaran os 700.000 afiliados, emprenderon unha vaga de paros que petou contra a reacción violenta da patronal e das autoridades. Os *lock-outs* patronais, a declaración do estado de guerra, a clausura de sindicatos, a detención de dirixentes e militantes obreiros e a aplicación da *lei de fugas* foron habituais entre 1919 e 1923. A isto hai que engadir o gran número de atentados cometidos por bandas ao servizo da patronal e dos *sindicatos libres*, respondidos polos grupos de acción anarquistas. Máis de 800 atentados e máis de 400 mortos, entre eles o líder cenetista S. Seguí [DOCs. 18 e 19] e o presidente de goberno E. Dato, foron o resultado desta loita sen cuartel. A CNT ficou desarticulada. A súa afiliación en 1923 era apenas un terzo da de 1920. A patronal demandaba insistentemente unha solución de forza, que devólvese a tranquilidade social e sométese definitivamente aos sindicatos.

O problema de Marrocos. O Desastre de Annual.

A vella presenza española no norte de África (Ceuta, Melilla) reforzouse dende comezos do século XX. Para o exército, o rei, algúns sectores políticos, a expansión colonial nesta área aparecía como unha alternativa ás perdas de 1898. Inflúan tamén os intereses económicos dalgunhas empresas interesados da explotación do territorio (minería, construción ferroviaria). Pero tratábase, por riba de todo, dunha cuestión de prestixio nacional, moi resentido tras a perda das colonias ultramarínas [DOC. 20]. As pretensións españolas foron parcialmente referendadas na **Conferencia de Alxeciras (1906)**, onde o territorio marroquí

DOC. 18: A nova do asasinato do líder cenetista Salvador Seguí *El noi de sucre* en *La Vanguardia* (11-III-1923)


A última hora de onte cometeuse un atentado que produciu fonda sensación, ao ser coñecido, polo lugar tan concorrido en que ocorreu e pola calidade das vítimas [...] Ás sete e cuarto, pasaba pola rúa de San Rafael o coñecido propagandista Salvador Seguí [...], acompañado doutro individuo chamado Francisco Comas Pagés, de 27 anos, de oficio vidreiro, cando ao chegar diante da casa número 19, preto da rúa da Cade, se lle achegou un individuo que, a queimarroupa lle fixo varios disparos, feríndoo tan gravemente que coeu ao chan mortalmente ferido. [...] A consecuencia dos disparos tamén resultou ferido o acompañante do Noi, Francisco Comas [...] Tamén resultou ferida unha muller [...] A nova do atentado [...] circulou rapidamente, causando gran impresión pola representación que tiña Salvador Seguí dentro da organización obreira. Seguí significábase por unha intensa propaganda en prol do Sindicato único, desempeñando durante algúns anos o cargo de secretario da CNT. Era persoa de bastante cultura e posuía envenexables dotes oratorias [...] Lémbrese como ocasión notable o discurso que pronunciou na praza de toros de As Arenas, co cal, malia ter en contra a opinión de tódolos obreiros declarados en folga xeral con motivo da que estalara entre os da Canadense, logrou convencer aos 40.000 que, segundo se calcula, asistiron a aquel acto, durante o cal, grazas á súa elocuencia, deuse por rematado, unanimemente o conflito, volvendo tódolos obreiros ao traballo [...]

DOC.19 : Vítimas de atentados “sociais” en Barcelona (1917-23).

Número de vítimas

Ano	Mortos	Feridos	llesos	TOTAL
1917	6	25	1	32
1918	15	50	17	82
1919	20	60	7	87
1920	53	195	43	291
1921	95	170	46	311
1922	19	30	12	61
1923	59	53	5	117
TOTAIS	267	583	131	981

Tipoloxía das vítimas



FONTE: Marinello Bonnefoy, J.C. (2020): “Pistolismo y violencia sindical en Barcelona (1917-1923)”, *Barcelona Quaderns d’Història*, nº 26.

DOC. 20: O conde de Romanones defende a presenza española en Marrocos (discurso no Congreso dos Deputados, 5-XI-1919).

Se España desértase de Marrocos, aínda que as súas costas estean bañadas nunha grande extensión polo Mediterráneo, deixaría de ser nación mediterránea. Para nós a costa norte de Marrocos é tan indispensable como o foi para Francia o litoral alxeriano, como o foi para Italia a Tripolitania, que para conseguila tivo que realizar tantos esforzos; porque o mar Mediterráneo non separa, senón que une, é un reducido corredor, e ao que ocupa unha das súas veiras non lle pode ser indiferente que a beira oposta poida ser dominada por un ou por outro. Por iso para min non cabe dúbida: non temos sequera o dereito de opción; a responsabilidade que haberíamos de contraer ante as xeracións futuras sería enorme e, por tanto, para conservar a nosa posición actual, todo sacrificio por grande que sexa, estímoo pequeno.

foi repartido entre Francia, que se reservaba a meirande parte do país, e España, que veu limitada a súa área de influencia á montañosa franxa setentrional (o Rif e a lebalá). En 1912, un **acordo hispano-francés** permitiu o establecemento do Protectorado e trazou definitivamente os límites entre as dúas zonas [DOC. 21].

A ocupación efectiva do territorio encontrou unha forte resistencia entre tribos do Rif. O custo humano dos frecuentes incidentes armados provocaron a ampla oposición á acción española en Marrocos entre as clases populares e importantes sectores da esquerda. A **Semana Tráxica** de Barcelona, no verán de 1909, fora a máis contundente chamada de atención ao respecto pero non a única.

En 1921, o goberno conservador ordenou novas operacións militares no entorno de Melilla para someter ás cabilas rebeldes encabezadas por Abd-el-Krim. O xeneral Fernández Silvestre dirixiu unha arriscada ofensiva cara a badía de Alhucemas que rematou nunha sanguenta desfeita, o **Desastre de Annual**, que se saldou coa morte duns 12.000 soldados españois e enormes perdas de material. A case unánime reacción ante a magnitude da traxedia fixo inevitable a existencia de responsabilidades. O goberno encomendou ao xeneral Picasso unha investigación sobre as responsabilidades militares. O rigoroso informe resultante (o *expediente Picasso*) revelaba uns niveis intolerables de incompetencia e mesmo corrupción entre moitos dos mandos militares destinados no norte de África [DOC. 22]. No Parlamento, a oposición esixiu falar tamén de responsabilidades políticas. Unha comisión do Congreso comezou a investigalas. Das críticas non se librou nin o rei, imprudente defensor da acción colonial [DOC. 23].

Na dereita española medraba o influxo das correntes autoritarias. Militantes e organizacións católicas, asociacións patronais, algúns mauristas e mesmo a *Lliga* reclamaban solucións de forza e renegaban do réxime parlamentario. Un agresivo nacionalismo españolista respondeu ás campañas en prol de autonomía dos nacionalistas vascos e cataláns.

Moitos militares profesionais clamaban vinganza e amosaban de forma cada vez menos disimulada o seu desprezo cara o poder civil. A

DOC. 21: Acordo hispano-francés sobre Marrocos (27-XI-1912).

Art.1º.- O Goberno da República francesa reconece que na zona de influencia española toca velar a España pola tranquilidade de dita zona e prestar a súa asistencia ao Goberno marroquí [...]. As rexións comprendidas na zona de influencia determinadas polo artigo 2º [...] serán administradas, con intervención dun alto comisario español, por un califa que o sultán escollerá dunha lista de dous candidatos presentados polo Goberno español. As funcións de "jalifa" non lle serán mantidas ou retiradas ao titular máis que co consentimento do Goberno español [...].

Art.5º.- España comprométese a non alterar non ceder en forma algunha (...) os seus dereitos en todo ou en parte do territorio comprendido na zona de influencia.

Art.7º.- A cidade de Tánxer e os seus arredores estarán dotados dun réxime especial que será determinado ulteriormente.

Cadáveres de soldados españois en Monte Arruit (1922)



[Dominio público], dende Wikimedia Commons

DOC. 22: As conclusións do expediente Picasso rexeitan a actuación do mando en Marrocos (1922).

[...] a desmesurada extensión das diversas liñas militares tendidas no territorio [...] a existencia das cabilas armadas deixadas a retagarda; pretender nesta condicións avanzar temerariamente no territorio insubmisos e foco da rebeldía, sen medios adecuados nin preparación política, fiando no azar e contando coa boa estrela, en demanda da badía de Alhucemas; fíar a seguridade do territorio de retagarda ao cúmulo de posicións dispersas, deficientemente organizadas, mal fornecidas e gornecidas, con disgregación das forzas e constituído en si mesmas grave coidado e compromiso; a falla de liñas escalonadas de apoio para o caso dun obrigado repregamento, eventualidade descartada nos cálculos do mando; e, unha vez provocados os sucesos, a acumulación excesiva na fronte ameazada de tódalas forzas dispoñibles da rexión, con desgornecemento da retagarda e da praza, facendo irreparable, polo fatal concerto de tódalas devanditas circunstancias, as consecuencias da desfeita e da desastrosa retirada, sobrevida impensadamente para o mando, pero ante o temor se non na previsión dos que serenamente consideraban a situación do territorio.

presión dos oficiais *xunteiros* non cedía. No verán de 1923 había varias conspiracións militares en marcha: unha encabezada polo xeneral Aguilera, tido por liberal; outra, que agrupaba a un grupo de xefes encabezado polo xeneral Cavalcanti, ben relacionado con Palacio e incurso na investigación das responsabilidades; unha terceira preparábase en Barcelona co xeneral Primo de Rivera como cabeza visible.

Na capital catalá, a violencia social non cedía. Militares e círculos patronais criticaban ao goberno liberal de García Prieto por non declarar o estado de guerra. O independentismo (*Acció Catalana, Estat Catalá*) comezaba a cuestionar a hexemonía da moderada *Lliga* no campo catalanista e acordou cos nacionalistas vascos e galegos a chamada *Tripla Alianza* [DOC. 24]. Xuntos concorreron aos actos da *Diada* en 1923. Aquele 11 de setembro a policía cargou e houbo varios feridos e detidos. Para os conspiradores, aquilo fora unha nova provocación dos separatistas. O 13 de setembro, o xeneral Primo de Rivera declaraba o estado de guerra. O golpe de Estado apenas encontraría oposición. A Comisión de Responsabilidades do Congreso xa non puido entregar os resultados da súa investigación. O réxime constitucional de 1876 feneceu para dar paso á primeira das ditaduras españolas do século XX.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ALFEIRÁN, X. et al.: *Historia de España 2º Bach*, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
- ALVÁREZ REY, L. et. al.: *Historia de España. 2ª Bacharelato. Aula 3D*, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
- BALFOUR, S.: *El fin del imperio español (1898-1923)*, Barcelona, Editorial Crítica, 2007.
- BARRIO ALONSO, A. (ed.): *La crisis del régimen liberal en España, 1917-1923*, monográfico da revista *Ayer*, nº 63, 2006.
- CARDONA ESCANERO, G.: *El problema militar en España*, Madrid, Albor Libros, 2005.
- CASANOVA, J.; GIL ANDRES, C.: *Breve historia de España en el siglo XX*, Barcelona, Editorial Ariel, 2012.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: *Historia de España 2º Bachillerato*, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- FUSI, J.P.; PALAFOX, J.: *España, 1808-1996: El desafío de la modernidad*, Madrid, Espasa, 2000.
- GIL ANDRÉS, C.: *50 cosas que hay que saber sobre Historia de España*, Barcelona, Editorial Ariel, 2016.
- HALL, M.C.: *Alfonso XIII y el ocaso de la monarquía liberal, 1902-1923*, Madrid, Alianza Editorial, 2005.
- ROMERO SALVADO, F.J.: *España, 1914-1918. Entre la guerra y la revolución*, Barcelona, Editorial Crítica, 2002.
- SHUBERT, A.; ÁLVAREZ JUNCO, J. (eds.): *Nueva historia de la España contemporánea (1808-2018)*, Madrid, Galaxia Gutenberg, 2018.
- VILLARES, R.; MORENO LUZÓN, J.: *Restauración y Dictadura*, FONTANA, J.; VILLARES, R. (dir.), *Historia de España*, vol. 7, Barcelona, Ed. Crítica-Marcial Pons, 2009.
- VV.AA.: *Historia de España*, Madrid, Ed. Santillana, 2004.

DOC. 23: Indalecio Prieto interpreta o golpe de Estado de Primo de Rivera (*El Socialista*, 9-X-1923).

Que interese podía ter a Coroa en facilitar o triunfo do movemento militar? Ían abrirose as Cortes, a presentarse novamente ante elas o problema das responsabilidades pola hecatombe de Melilla, que xa dera ao traste co anterior Parlamento, no debate acaso con inculpacións mutuas esnaquizaríanse os partidos do réxime e asomaría novamente as altas responsabilidades persoais [...] Quizais este espectáculo demoledor fíxese xurdir o motín nas rúas. A sedición militar, amparada e tutelada dende arriba podería frustralo. E xurdiu a estraña sublevación, unha sublevación de Real orde.

DOC. 24: A Tripla Alianza (*Pacto de amizade e alianza entre os patriotas de Cataluña, Euskadi e Galicia*, 11-IX-1923)

Os representantes dos patriotas vascos, galegos e cataláns:

I. PACTAN solemnemente unha alianza para a acción conxunta e a axuda mutua na campaña pola liberdade nacional dos tres pobos.

II. DENUNCIAN que o réxime imposto polo Estado español a Cataluña, Euskadi e Galicia é fillo das violencias pasadas e das coaccións presentes, e que carece do seu consentimento.

III. PROTESTAN de que dentro da Europa reconstruída segundo o principio da liberdade das nacións grandes e pequenas, Euskadi, Cataluña e Galicia continúen sometidas, en contra da súa vontade, ás institucións, ás leis, á lingua e aos gobernos que non lle son propios.

IV. REIVINDICAN o dereito das tres nacións a dispoñer libremente dos propios destinos e a vivir segundo un réxime de plena soberanía política (...).

V. AFIRMAN a vontade dos galegos, dos cataláns e dos vascos de conquistar co propio esforzo e por tódolos medios lícitos, a liberdade nacional.

VI. PROCLAMAN, para o caso de que a personalidade nacional dos pobos de Cataluña, Euskadi e Galicia seguise descoñecida e pisada polo Estado español, o dereito á apelación heroica.

VII. ACORDAN: a) constituír un Consello de tres delegados, un por cada nación (...). b) confiar á Consello (...) a tarefa de establecer os convenios concretos que respondan á finalidade do presente pacto e que en cada momento as circunstancias podan esixir.

VIII. DECLARAN no nome dos patriotas vascos, galegos e cataláns que é o seu propósito unilas voces no berro de xustiza, darse a man na propaganda, unir as forzas na loita e, se é preciso, mesturar a sangue no sacrificio.

A Ditadura de Primo de Rivera.

A caída da monarquía.

O golpe de Estado do xeneral Primo de Rivera puxo fin ao réxime constitucional de 1876 deu paso a unha ditadura que decote se adornou cunha retórica rexeneracionista. O réxime primorriverista insírese nun contexto, o da Europa de entreguerras, caracterizado pola crise da democracia liberal e o triunfo das fórmulas autoritarias. Sen embargo, a Ditadura non acadou os apoios que requiría para perdurar e institucionalizarse.

Á caída do ditador, en xaneiro de 1930, Alfonso XIII fracasou no intento de retornar ao vello sistema derrubado en 1923. O descrédito da Coroa converteu á República na única alternativa de fueturo para os sectores económicos, sociais, políticos e culturais máis dinámicos do país. Así se poría de manifesto nas eleccións municipais do 12 de abril de 1931. Os seus resultados precipitaron a proclamación da Segunda República.

O golpe de Estado do 13 de setembro de 1923.

O golpe de Estado foi unha iniciativa impulsada por influentes **sectores militares**. Moitos mandos do Exército amosaran a súa preocupación polos debates no parlamento sobre a *cuestión das responsabilidades*, suscitada a raíz do *Desastre de Annual* (1921). Algúns deles non eran alleos ao espírito rexeneracionista e non calaban o seu descontento coa actuación do goberno e co esgotamento do sistema canovista (*a vella política*). Pero tampouco esquecían o tradicional papel do Exército como garante da orde social, que moitos vían ameazada por un puxante e radicalizado movemento obreiro, singularmente en Cataluña, onde a violencia social acadara niveis preocupantes.

A preocupación pola grave situación social e económica que vivía o país dende 1918 estaba tamén moi presente nas inquedanzas dos **círculos patronais**, singularmente os cataláns, que esixían o restablecemento da orde e non desbotaban o recurso a fórmulas autoritarias.

O xeneral Primo de Rivera (c. 1921)



Bundesarchiv, Bild 102-09414 [CC-BY-SA 3.0]

DOC. 1: Manifesto do xeneral Primo de Rivera ao país e ao exército (13-IX-1923).

Españóis: chegou para nós o momento máis temido que agardado [...] de recoller as ansias, de atender o clamoroso requirimento de cantos amando a Patria non ven para ela outra salvación que liberala dos profesionais da política, dos homes que por unha ou outra razón nos ofrecen o cadro de desdichas e immoralidades que comezaron o ano 98 e ameazaron a España cun próximo fin trágico e deshonroso. A tépeda rede da política de concupiscencias colleu nas súas mallas, secuestrándoa, ata a vontade real [...].

Pois ben, agora imos a asumir tódalas responsabilidades e a gobernar nós ou homes civís que representen a nosa moral e doutrina [...].

No temos que xustificar o noso acto que o pobo san demanda e impón.

Asasinatos, atracos, depreciación da moeda [...], rastreiras intrigas políticas tomando por pretexto a traxedia de Marrocos [...], precaria e ruínosa a produción agrícola e industrial; impune propaganda comunista, impiedade e incultura, xustiza influída pola política, descarada propaganda separatista(...).

No vimos chorar mágoas e vergoñas, senón a poñerlles pronto e radical remedio, para o que requirimos o concurso de tódolos vos cidadáns.

Este movemento é de homes, o que non sinta a masculinidade completamente caracterizada que agarde nun recuncho, sen perturbar os días vos que para a patria preparamos. Españóis: Viva España e viva o Rei!

A oposición á declaración do estado de guerra polo capitán xeneral de Cataluña foi tan escasa como a a resposta ao manifesto publicado por Primo de Rivera. O **gobierno liberal de García Prieto**, ante a abstención dos mandos militares e á negativa do rei a actuar contra os militares sublevados, demitiu. A **actuación de Alfonso XIII**, fiel ás súas posicións militaristas e antidemocráticas, contribuíu a lexitimar o golpe. Negouse a destituír aos xefes golpistas, entregou voluntariamente o poder ao xeneral Primo de Rivera e, finalmente, negouse a reabrir as Cortes cando llo solicitaron os presidentes do Congreso (Melquiades Álvarez) e do Senado (Romanones), violando o espírito e a letra da Constitución de 1876. Ligou así a súa sorte á do ditador.

A maioría dos **líderes políticos** e da **opinión pública** amosaron ante o golpe de Primo de Rivera unha actitude pasiva cando non expectante [DOC. 2]. A resistencia de anarquistas e comunistas foi axiña neutralizada. **Mauristas e socialcatólicos** aplaudiron alborozados a chegada do novo réxime.

O Directorio Militar (1923-1925).

Tras o golpe de Estado formouse o Directorio Militar, un peculiar executivo composto só por militares. Primo de Rivera, como presidente, concentrou todo o poder executivo e monopolizou a relación co monarca [DOC. 3]. Mentres a xestión ministerial ficou en mans dos respectivos subsecretarios, cargo desempeñado segundo os departamentos por militares, técnicos e altos cargos da administración. Entre 1923 e 1925, o Directorio Militar desenvolveu un amplo labor que había acrecentar significativamente a popularidade do Ditador.

A reforma da administración local.

Coa excusa do *descuaje do caciquismo*, puxéronse en marcha unha serie de medidas sobre a administración local non sempre atentas aos procedementos legais e as formalidades burocráticas. Os gobernadores civís foron substituídos por **gobernadores militares** con amplas competencias no tocante ao mantemento da orde pública e a depuración da administración. Oficiais do exército actuaron tamén como **delegados gubernativos** en cada partido xudicial. Os **concellos** foron disoltos e os seus membros electos substituídos por outros nomeados polas

DOC. 2: O filósofo Ortega y Gasset ante a instauración da Ditadura (El Sol, 27-XI-1923)

Hai que rematar coa "vella política" [...] As desdichas da nación proceden de que uns centos de homes, sen moralidade nin competencia, apoderáronse absolutamente do poder político e, usando este en beneficio propio, sen atender aos desexos da masa nacional, impiden toda obra fértil no público e no privado.

O cinismo, a desaprensión, a incompetencia, a ilegalidade, o caciquismo, etc. procedían, proceden e procederán da gran masa española que vive hai moito tempo, con anterioridade á instauración da "vella política" nun grao de desmoralización superlativa [...]

A curación de España [...] ten que atacar estratos do corpo nacional moito máis profundos.

O ditatorial, o mesmo que o democrata, se quer facer algo acertado, terá que revolversse contra a opinión pública. Pola contra, coa opinión pública volverase irremisiblemente ao que ela creou: a "vella política".

Alfonso XIII co Directorio Militar (1923)



Bundesarchiv, Bild 102-09412 [CC-BY-SA 3.0]

DOC. 3: Decreto de constitución do do Directorio Militar (15-IX-1923).

Art.1. Confírese ao capitán xeneral don Miguel Primo de Rivera y Orbaneja, marqués de Estella, o cargo de presidente do Directorio Militar, encargado da gobernación do Estado, con poderes para propoñer e emitir cantos decretos conveñan á saúde pública (...).

Art. 3. O presidente do Directorio, coas facultades de Ministro único, someterá á miña firma, asesorado previamente do Directorio, as resolucións de tódolos departamentos ministeriais.

DOC. 4: Exposición ao rei sobre a disolución dos Concellos (4-X-1923).

Señor: Recollidas nunha dúzia de días as arelas da alma popular, espertada á vida cidadá pola conmoción nacional do 13 de setembro, poucas tan intensas e unanimemente expresadas como a de ver substituídos nas corporación municipais aos homes, á vez semente e froito da política partidista e caciquil, que con pouca eficacia viñan entorpecendo a vida administrativa dos pobos.

Isto xustifica a proposta que o Directorio eleva a V.M. polo meu conduto de disolver tódolos concellos de España [...]

novas autoridades [DOC. 4]. **Comisións xestoras** designadas fixéronse cargo das deputacións provinciais.

Os **Estatutos Municipal** (1924) e **Provincial** (1925) pretendían unha importante reforma das administracións locais. Ampliaban a autonomía e incrementaban os recursos económicos de concellos e deputacións. Prevíase que na súa conformación entrasen representantes de elección popular e outros de designación corporativa. Sen embargo, o intervencionismo gobernamental non cesou e as eleccións previstas nunca chegaron a celebrarse polo que a maioría dos concelleiros e deputados provinciais sería nomeada polos gobernadores civís ata a fin da Ditadura.

Represión e orde pública.

A declaración do estado de guerra significou a suspensión de tódalas garantías constitucionais, a introdución dunha estrita censura de prensa e a concesión de amplos poderes ás autoridades gobernativas para afrontar calquera contestación. A CNT e moitos dos seus sindicatos foron ilegalizados e os militantes cenetistas e comunistas obxecto dunha intensa represión.

Dende setembro de 1923, pretendeuse estender a todo o territorio español o *somaten*, unha tradicional milicia voluntaria catalá que reaparecera nos anos do pistoleirismo, con resultados bastante mediocres.

Españolismo.

O apoio inicial que o catalanismo burgués, representado por F. Cambó e a *Lliga*, prestaron ao golpe de Estado, e a aparente receptividade de Primo de Rivera cara un *rexionalismo ben entendido*, apenas tiveron continuidade. Axiña, a Ditadura tornouse abertamente hostil a calquera reivindicación particularista, mesmo ás manifestacións máis moderadas de reivindicación cultural. O Directorio Militar prohibiu en 1923 o uso oficial de idiomas distintos do castelán, a presenza de bandeiras rexionais en edificios públicos e o ensino da lingua e a historia catalás nas escolas [DOC. 5]. Desaconsellouse tamén o uso de linguas distintas do castelán no culto católico. A *Mancomunitat* catalá foi disolta en 1925 a raíz da aprobación do Estatuto Provincial, que imposibilitaba a existencia deste tipo de organismos. Vítimas da persecución contra o separatismo, o PNV, *Estat Catalá* e *Acció Catalana* pasaron á clandestinidade.

DOC. 5: R.D. sobre delitos contra a seguridade e a unidade da patria (18/IX/1923)

Art. 1º. Serán xulgados polos tribunais militares [...] tódolos delitos contra a seguridade e a unidade da patria, cando tenda a disgregala, restarlle fortaleza e rebaixar o seu concepto, sexa pola palabra, por escrito, pola imprenta ou por calquera outro medio mecánico ou gráfico de publicidade e difusión, ou por calquera clase de actos e manifestacións. Non se poderá izar nin ostentar outra bandeira que a nacional en buques ou edificios, sexan do Estado, da provincia ou do municipio, nin en lugar algún, sen máis excepción que as embaixadas, consulados, hospitais e escolas ou outros centros pertencentes a nacións estranxeiras. [...]

As señeras, pendóns ou bandeiras tradicionais e históricas de aboengo patriótico, en calquera dos seus períodos, que son gardados con amoroso orgullo por concellos e outras corporacións, as do Instituto de Somaténs, gremios e outras que non teñan nin se lles dea significación antipatriótica, poderán ser ostentadas en ocasións e lugares axeitados, sen incurrir en penalidade algunha.

Expresarse ou escribir en idiomas ou dialectos, as cancións, bailes, costumes e traxes rexionais non son obxecto de prohibición algunha. Pero nos actos oficiais de carácter nacional ou internacional non se poderá usar, polas persoas investidas de autoridade, outro idioma có castelán, que é o oficial do Estado español, sen que esta prohibición afecte á vida interna de carácter local ou rexional, obrigadas, non obstante, a levar en castelán os libros oficiais de rexistros e actas, mesmo nos casos en que os avisos e comunicacións non dirixidas a autoridades se redactasen en lingua rexional.



Portada do diario arxentino *La Nación* recollendo a nova da chegada do hidroavión *Plus Ultra* a Bos Aires (II/1926)

[Dominio público], dende Wikimedia Commons

Sen embargo, o **esfuerzo renacionalizador españolista** en clave tradicionalista, católica, militarista, monárquica e autoritaria tivo un alcance ben limitado e mesmo resultou contraproducente. En Cataluña, a persecución da lingua e dos símbolos particulares provocou unha ampla oposición e favoreceu a expansión dos sentimentos nacionalistas e o rexeitamento cara os símbolos estatais.

Promoveuse así mesmo un certo **hispanoamericanismo**. O 12 de outubro foi institucionalizado como o *Día da Raza*. A celebración das grandes Exposicións internacionais (Sevilla, Barcelona) e a organización de vós interoceánicos (*Plus Ultra*), ademais do seu carácter propagandístico, pretendían subliñar os vínculos entre *Nai Patria* e as *repúblicas irmás* americanas.

A liquidación do conflito de Marrocos.

O golpe de Estado de 1923 deixou pendente as *responsabilidades* polo desastre de Annual. Algúns militares acusados foron xulgados, condenados a penas ben lenes e, finalmente, indultados.

En 1925, un acordo con Francia, que estaba a ver os seus dominios norteafricanos pola revolta rifeña, posibilitou o **desembarco de Alhucemas** [DOC. 6] e a vitoria militar sobre as forzas de Abdel-Krim. As operacións proseguiron ata a rendición do líder rifeño en 1927.

A resolución do conflito marroquino colocou ao réxime primorriverista no cumio da súa popularidade a animou ao ditador a dar novos pasos para consolidarse no poder.

O Directorio Civil (1925-1930)

En decembro de 1925 formouse un novo goberno presidido por Miguel Primo de Rivera e formado por ministros tanto civís como militares coñecido como **Directorio Civil** [DOC. 7]. A diferenza do seu predecesor, presentado sempre como unha fórmula provisional, o Directorio Civil naceu con intención de perdurar.

A institucionalización política do réxime autoritario.

A Ditadura tratou de dotarse dalgúns instrumentos tendentes a favorecer a súa institucionalización e perpetuación no poder:

- ◆ A creación dun partido oficial, a **Unión Patriótica (UP)**. Promovida en 1924 polos medios socialcatólicos casteláns, ampliou o seu ámbito de acción a todo o país e recibiu un forte

Imaxe do desembarco de Alhucemas (IX/1925)



[Dominio público], dende Wikimedia Commons

DOC. 6: O desembarco de Alhucemas segundo o ABC (9-IX-1925).

A facilidade coa que se verificou o desembarco na mañá de onte sobre o punto elixido polo xeneral en xefe das forzas que operan en Marracos constituíu unha gran sorpresa, porque dende hai moito tempo se anunciaron serias dificultades para a realización da empresa. O éxito debeuse, entre outros factores, á excelente preparación militar do desembarco[...]
A columna desembarcada componse principalmente de forzas indíxenas e do Tercio, aínda que tamén forman parte dela algúns batallóns. Entre os xefes desembarcados figura o coronel Franco, que está á fronte das bandeiras do Tercio, que tomaron parte na operación.

DOC. 7: Carta de Primo de Rivera a Alfonso XIII propoñendo o nomeamento dun Directorio Civil (2-XII-1925).

En suma, señor, para expor o meu pensamento claro e sinceramente, o que propoño a V.M. é a substitución dunha ditadura militar por outra civil e de organización máis axeitada, pero non menos vigorosa. E permíteme propoñelo así, recollendo a ansia popular, que só teme do cambio de goberno que se debiliten os resortes do mando que foron carácter do Directorio Militar, cuxa vida, como xenuína representación do Exército e da Mariña, que tan patrioticamente ofreceron o prestixio dos seus nomes a este ariscado labor, non debe levarse a momento de desgaste ou de quebranto; nin tampouco debe sacarlle máis tempo ao país na súa representación civil [...]

DOC. 8: Real Decreto-Lei de convocatoria da Asemblea Nacional Consultiva (12-IX-1927).

Art. 1. O segundo luns do próximo outubro reunirase en Madrid, no Palacio do Congreso dos Deputados, unha Asemblea deliberante, que, en razón á variedade de representacións que deben integrala e a diversidade dos asuntos que han concedérselle, terá o carácter de Asemblea Nacional, que, dirixida e orientada polo Goberno [...], deberá preparar e presentar progresivamente ao Goberno, nun prazo de tres anos, e con carácter de anteproxecto, unha lexislación xeral e completa [...]

apoio dende o goberno. Malia todo, a UP nunca foi un instrumento eficaz para a mobilización política a favor da ditadura nin chegou a converterse en partido único.

- ◆ A reunión da **Asemblea Nacional Consultiva**: convocada en 1927, a Asemblea non era un parlamento representativo senón unha cámara consultiva totalmente mediatizada polo goberno [DOC. 8]. Formárona representantes dos concellos, deputacións, órganos do Estado (administración central, xustiza, exército), da Igrexa, da UP e das *actividades* (cultura, artes, comercio, industria, agricultura, traballo, etc.). As súas reunións prolongáronse ata 1930 e redactou un **proxecto de Constitución** (1928). Este deseñaba un réxime corporativista e autoritario e amosaba a intención de perpetuarse por parte do réxime primorriverista, o que acrecentou os receos de amplos sectores sociais e políticos.

Unha política social corporativista.

O Directorio civil promoveu unha **política social corporativista** deseñada polo ministro de Traballo E. Aunós e inspirada tanto no socialcatolicismo como no fascismo italiano. Segundo estas formulacións, para superar os conflitos sociais, as relacións laborais deberían ser reguladas en cada sector produtivo por corporacións dentro das que se harmonizarían os intereses de patróns e traballadores baixo a arbitrase do Estado. Consonte a esta fórmula, creáronse en 1926 os **comités paritarios**, formados por igual número de representantes patronais e obreiros e integrados xerarquicamente na **Organización Corporativa Nacional** [DOC. 9]. Aprobouse tamén unha ampla lexislación laboral recollida no **Código do Traballo** (1926).

A política social da ditadura contou coa **colaboración da UGT** [DOC. 10]. Mentres o sindicalismo católico, a pesar da súa entusiasta adhesión inicial á Ditadura, era marxinado e a CNT sufría unha persecución implacable, a confederación sindical socialista recibiu un trato favorable: case monopolizou a representación obreira nos comités paritarios, o líder uxitista F. Largo Caballero foi designado para o Consello de Estado (1924), mesmo se lle reservaron postos na Asemblea Nacional Consultiva que non chegou a ocupar.

DOC. 9: Real decreto-lei da Organización Corporativa Nacional (26-XI-1926).

Art. 1. os elementos que integran a vida profesional española constituiranse sobre a base de organismos especializados e clasificados [...] mediante a creación de entidades corporativas de xurisdición graduada.

Art. 3. Para a representación, dentro de cada grupo profesional, nos organismos corporativos, servirá de base o Censo de Asociación patronal y obreira establecido polo Ministerio de Traballo e Previsión.

Art. 4. Aos efectos da Organización profesional española, entenderase por corporación o organismo público que abrangue os comités paritarios (...).

Art. 5. Os comités paritarios son institucións de dereito público co fin primordial de regular a vida da profesión ou grupo de profesións que corresponda (...).

O líder uxitista Francisco Largo Caballero en 1927



por Axencia de prensa Meurisse [Dominio público], dende Wikimedia Commons

DOC. 10: A ambigua actitude dos socialistas fronte á Ditadura en palabras de F. Largo Caballero (1924)

Non pode interpretarse a actitude da clase traballadora como unha adhesión, nin sequer de simpatía cara o novo réxime. A verdade do feito é que os partidos políticos que ata o de agora usufrutuaban o poder político perderan todo o prestixio e fixéranse incompatibles con todo desexo de rexeneración da vida pública e, por iso, ningún podía saír na súa defensa e que, ante o anuncio de moralizar a administración e de acabar co caciquismo, os traballadores, con gran sentido político, adoptaron unha posición de completa neutralidade, posición que seguramente manterán mentres se lles respecte aquilo que constitúe para eles o fundamental para o desenvolvemento da súa vida como clase: o dereito social conquistado a forza de inmensos sacrificios. Ademais, tan grande é o seu convencemento democrático que, aínda restablecida a normalidade e cumprido o programa de moralización, continuarán afirmando que esa obra purificadora debera facerse dentro do máis puro réxime civil e do máis grande respecto á liberdade [...]

Unha política económica nacionalista e intervencionista.

A política económica da Ditadura recolleu algunhas propostas rexeneracionistas e afondou en dúas orientacións xa principiadas a finais do século XIX, **nacionalismo e intervencionismo**. No seu deseño destacou o papel do ministro de Facenda, o político galego José Calvo Sotelo. Entre as liñas de acción económica Ditadura cómpre destacar as seguintes:

- ◆ **A defensa da produción nacional** traducíuse no aumento de protección arancelaria, no apoio fiscal e na concesión subvencións e créditos. As empresas ferroviarias, navieiras e mineiras foron as principais beneficiarias das axudas públicas.
- ◆ **A estrita regulación do mercado interior** (prezos, produción) a través de diversos órganos sectoriais que culminarían na creación do Consello de Economía Nacional (1926), antecedente do Ministerio de Economía Nacional (1928).
- ◆ **O fomento das obras públicas** pretendía impulsar a actividade económica. Mellorouse a rede ferroviaria. Renováronse as estradas coa creación do *Circuito Nacional de Firms Espaciais* (1926), o que facilitou o crecemento da circulación automobilística. Acometéronse grandes obras hidráulicas (encoros, canalizacións) para regadío e produción hidroeléctrica. Para xestionar o aproveitamento das concas fluviais establecéronse as Confederacións Hidrográficas, sendo a primeira delas a do Ebro, creada en 1926.
- ◆ **A concesión de monopolios** en novos sectores económicos había ser unha dos efectos máis perdurables da política económica da Ditadura. O monopolio do servizo telefónico foi concedido á CTNE (Compañía Telefónica Nacional de España), creada en 1924 e controlada pola multinacional estadounidense ITT. A importación, fabricación e distribución de produtos petrolíferos foi entregada á Compañía Arrendataria do Monopolio de Petróleos (CAMPESA), dominada polos grandes bancos españois.

DOC. 11: A política económica de la Dictadura segundo J. Calvo Sotelo (1931)

As ditaduras propenden fatalmente ao intervencionismo. O seu omnímodo poder é incompatible coa inhibición (...). O intervencionismo de Primo de Rivera abrangueu a agricultura, a industria, o mesmo comercio (...). Primo de Rivera profesou un entusiasta nacionalismo económico que eu compartín con máis caloroso fervor. Pero o noso nacionalismo mantívose dentro de moi correctos límites. A xuízo do xeneral, España debía nacionalizar unicamente: a) as industrias cuxa primeira materia se obtén no noso territorio; b) as que dentro do ámbito nacional de consumo poden atopar mercado suficiente de vida; c) as indispensables para asegurar a nosa independencia política nacional [...]

Francesc Maciá (á dereita) co seu avogado H. Torrès en París (1927), tras o seu procesamento polos sucesos de Prats de Molló.



Axencia de Prensa Meurisse [Dominio público], via [Wikimedia Commons](#)

DOC. 12: Manifiesto da Alianza Republicana (11-II-1926)

O réxime de excepción, fóra da lei constitutiva do Estado, ao que foi e vén sendo sometida España, sinala a cantos homes e a cantas forzas políticas teñan conciencia da súa responsabilidade un deber inexcusable, e esíxelles cumprilo en toda a súa plenitude. [...] Que obra de goberno consideramos como fundamental e mínima? Primeiro: O restablecemento da legalidade pola convocatoria dunhas Cortes Constituíntes [...] Segundo: Unha ordenación federativa do Estado, recoñecendo a existencia de diferentes personalidades peninsulares [...] Quinto: Creación da cantidade de escolas indispensables para resolver dunha volta e sumariamente o problema do ensino primario. Sexto: Supresión de censos e foros [...] Sétimo: Preparación adecuada do Estado para todas aquelas intervencións e facilidades á asociación de elementos produtores para todas aquelas iniciativas que pola colaboración do Estado e a Sociedade fagan leal e practicamente posible a realización do programa mínimo das actuais aspiracións do proletariado [...] Unímonos e prometemos non separarnos ata que a obra sinalada se cumpra na súa totalidade.

Favorecida por unha favorable conxuntura internacional durante os anos 1920, a economía española experimentou un notable crecemento durante a Ditadura. Sen embargo, as súas políticas acentuaron a falta de flexibilidade e a escasa competitividade dalgúns sectores económicos.

Ademais, tiveron un elevado custo para as contas públicas que houberon de asumir déficit e endebedamento crecentes.

Os problemas finais da Ditadura

A partir de 1928, o réxime primorriverista comezou a dar sinais de debilidade. Ao tempo que fracasaba o intento de institucionalización, a oposición á Ditadura reforzábase e sectores sociais e políticos que apoiaran ao réxime comezaron a darlle as costas. Os efectos da crise económica internacional, comezada en 1929, non deixaron España á marxe: rematou a expansión económica dos *felices anos vinte*, o mercado exterior contraeuse, a cotización internacional da peseta caeu. As relacións entre Alfonso XIII e o ditador comezaron a deteriorarse.

O reforzamento da oposición á Ditadura.

A opcións contrarias á Ditadura mantiveran dende 1923 un perfil moi baixo e, agás algunhas figuras illadas (Unamuno, Blanco Ibáñez), a penas se manifestaran publicamente. A súa reactivación é perceptible dende 1926.

Representantes dos vellos partidos dinásticos comezaron a reclamar o restablecemento do réxime constitucional de 1876. Entre eles, o conservador Sánchez Guerra adquiriu un destacado protagonismo.

A caótica política militar da Ditadura xerou un importante **descontento no seo do Exército**, sobre todo entre a oficialidade *peninsular*. A reforma do sistema de ascensos en 1926, privilexiando na práctica a promoción por méritos de guerra consonte ás peticións dos militares *africanistas*, provocou un grave conflito co Corpo de Artillería. Neste contexto produciuse en xuño de 1926, a *Sanjuanada*, un intento de golpe militar contra Primo de Rivera no que estiveron implicados destacados xenerais (Weyler, Aguilera) e políticos (Romanones, Melquíades Álvarez, Sánchez Guerra).

A política antiscandinista da Ditadura debilitou á conservadora *Lliga* e favoreceu o **ascenso en Cataluña dos sectores nacionalistas republicanos máis radicais** representados por *Estat Catalá* e o seu líder Francesc Maciá. En 1926, Maciá encabezou un intento de incursión con voluntarios armados dende Francia coa pretensión de provocar unha insurrección xeral en Cataluña. A aventura fracasou en Prats de Molló pola intervención da policía francesa pero Maciá se converteu no símbolo máis popular da oposición a Primo en Cataluña.

Baixo a Ditadura, o **republicanismo** recuperou folgos. Os seus líderes (A. Lerroux, M. Domingo, M. Azaña, V. Blasco Ibáñez) deron esquecido as vellas lideiras para colaborar na loita contra o réxime creando a **Alianza Republicana** (1926)

[DOC. 12].

Dentro do **movemento obreiro**, ao radical rexeitamento inicial da Ditadura por anarquistas e comunistas se lle engadiu o descontento dos sindicalistas católicos, marxidados do entramado corporativista, e o progresivo afastamento do PSOE, onde Indalecio Prieto promovía o achegamento ao republicanismo e o rexeitamento á presenza da UGT na Asemblea Nacional Constituínte.

DOC. 13: Unamuno fronte á Ditadura dende o comezo (*La Tribuna*, 30/IX/1923).

[...]Non só o varón ten vontade, nin só ten intelixencia. Nin a vontade nin a intelixencia son cousas masculinas. Están por riba das groserías do sexo. Non caíades, estudantes españois, na demencia do carneiro, o macho da ovella, indixentísimo en seso e opulentísimo en sexo. Sexa o voso o ideal o discreto e casto don Quixote e non o botarate de don Xoán Tenorio, peliculeiro e heroe de casino. É a intelixencia o que vai salvar a Patria [...] E nestes días, nos que se oe con demasiada frecuencia o caloroso eloxio da demencia, da frivolidade bravucona, da botaratería, cultivade a intelixencia. Que é a seriedade. E Deus nos libre de ter que morrer de risa, que debe ser a máis terrible das mortes. Proclamate que non hai valor, nin enerxía, nin vontade, nin patriotismo, sen intelixencia

No **mundo universitario**, a oposición á Ditadura manifestarase dende datas relativamente temperás. En 1926, fundouse a Federación Universitaria Escolar (FUE) que, dende posicións próximas ao republicanismo, había dirixir as accións estudantís contra o réxime. A oposición á chamada *lei Callejo* (1928), que autorizaba a expedición de títulos universitarios por dous centros de ensino superior ligados á Igrexa (os agostiños en El Escorial, os xesuítas en Deusto), serviu de catalizador das protestas, especialmente intensas nos anos 1929 e 1930. A mobilización universitaria recibiu a solidariedade dos máis relevantes intelectuais do país: aos *extravagantes* Unamuno [DOC. 13] e Valle-Inclán, opositores dende o primeiro momento, sumáronse outros moitos (Jiménez de Asúa, Américo Castro, Menéndez Pidal) e mesmo algúns que acolleran favorablemente a instauración da Ditadura en 1923, caso do filósofo Ortega y Gasset.

O debilitamento dos apoios ao réxime.

O distanciamento cara o réxime de moitos dos sectores que o apoiaran foi tamén evidente. Os **círculos patronais** receaban do intervencionismo económico e dos efectos da política social corporativa. Os **sindicatos católicos** considerábanse inxustamente marxidados en prol dos socialistas. Dentro do exército, os **oficiais peninsulares** manifestábanse cada vez máis abertamente contra os privilexios dos *africanistas*. Corrían rumores de conspiracións militares e o rei tomaba conciencia de que o apoio ao ditador puña en perigo a continuidade da propia monarquía.

Todas estas circunstancias facían moi complicada a situación política de Primo de Rivera a finais de 1929. En xaneiro de 1930, logo da morna resposta dos capitáns xenerais á súa petición de apoio, o ditador presentou a dimisión a Alfonso XIII, que aceptou decontado.

A fin da monarquía: a Dictablanda

Tras a dimisión de Primo de Rivera, Alfonso XIII encargou a formación de goberno ao xeneral **Berenguer** coa intención de restablecer o réxime constitucional de 1876. Pero o retorno a 1923 resultou inviable por diferentes razóns:

- ◆ Os **partidos monárquicos** estaban desarticulados. Durante a Ditadura as divisións internas non deixaran de agravarse e as redes caciquís nas que se baseaba o seu poder quedaron moi debilitadas.
- ◆ A **Coroa** quedara desprestixiada pola longa vinculación do Rei ao ditador.
- ◆ A **oposición republicana** veu engrosadas as súas filas. Ao republicanismo histórico, representado na Alianza Republicana, sumáronse numerosos *viúvos da monarquía* (Alcalá

Portada do diario conservador *La Época* do 29/I/1930



Fonte: BNE. Hemeroteca dixital

O xeneral Berenguer



Por Ch. Franzen [Dominio público], dende Wikimedia Commons.

Zamora, Miguel Maura, Portela Valladares), intelectuais (Ortega, Maraón), oficiais do exército... Republicanos e galeguistas fundaban en 1929 a *Organización Republicana Galega Autónoma* (ORGA), baixo o liderado de Santiago Casares Quiroga. O catalanismo de esquerdas uníase arredor de F. Macía en *Esquerra Republicana de Cataluña*, fundada en marzo de 1931. Pola súa parte, o PSOE decantouse claramente pola opción republicana en outubro de 1930.

En agosto de 1930, representantes das diferentes opcións antimonárquicas asinaban o **Pacto de San Sebastián**. Nel comprometíanse a loitar pola instauración dunha República democrática e a recoñecer o dereito de Cataluña a autonomía [DOC. 14].

O **movemento revolucionario republicano previsto para decembro de 1930** fracasou estrepitosamente. O **levantamento militar de Jaca**, encabezado polos oficiais Galán e García Hernández precipitouse e a folga xeral e a insurrección doutras unidades militares tiveron un escaso apoio. Sen embargo, a execución de Galán e García Hernández e o procesamento dos membros do Comité Revolucionario deron máis azos aínda ao movemento republicano.

En febreiro de 1931, Berenguer dimitiu e foi substituído polo almirante **Aznar**. Este formou un goberno de concentración monárquica coa colaboración da *Lliga catalana* e prometeu convocar eleccións, comezando polas municipais e rematando polas lexislativas. Sen embargo, os resultados das **eleccións municipais do 12 de abril de 1931** racharon as previsións gobernamentais. Aínda que globalmente as candidaturas monárquicas obtivesen máis concelleiros cás listas antidinásticas (republicanos, socialistas, nacionalistas, agrarios), nas principais cidades e vilas o resultado foi o contrario. En 40 das 50 capitais de provincia o triunfo republicano foi indiscutible [DOC. 15]. O goberno perdera as eleccións, que se converteran nun plebiscito contra a monarquía.

DOC. 14: O Pacto de San Sebastián segundo as informacións do diario prorrepblicano *El Sol*. (18-VIII-1930)

Onte, a mediodía, acudiron ao hotel de Londres representantes dos distintos partidos republicanos españois e logo de almorzar reuníronse nos locais da Unión Republicana.

A reunión durou dende as 4 ata as 5 e media e distinguíuse pola coincidencia fundamental nas cuestións autonómica, electoral e revolucionaria. Ao rematar, os reunidos negáronse a facer manifestacións concretas, limitándose a referirse á seguinte nota oficiosa:

«No domicilio social da Unión Republicana e baixo a presidencia de D. Fernando Samsin, reuníronse esta tarde don Alejandro Lerroux e don Manuel Azaña, pola Alianza Republicana; don Marcelino Domingo, don Álvaro de Albornoz e don Ángel Galarza, polo partido republicano radical socialista; don Niceto Alcalá Zamora e don Miguel Maura pola Dereita Liberal Republicana; don Manuel Carrasco Formiguera, pola Acción Catalá; don Matías Mallol Bosch, pola Acción Republicana de Cataluña; don Jaime Ayguadé, polo Estat Catalá, e don Santiago Casares Quiroga, pola Federación Republicana Galega, entidades que, xuntamente co Partido Federal Español [...] integran a totalidade dos elementos republicanos do país.

A esta reunión asistiron tamén, invitados con carácter persoal don Felipe Sánchez Román, don Eduardo Ortega y Gasset e don Indalecio Prieto [...]

Examinada a actual situación política, tódolos representantes concorrentes chegaron na exposición dos seus peculiares puntos de vista a unha perfecta coincidencia, que quedou inequivocamente confirmada na unanimidade coa que se tomaron as diversas resolucións adoptadas.

A mesma absoluta unanimidade houbo ao apreciar a comenencia de xestionar rapidamente e con empeño a adhesión das demais organizacións políticas e obreiras que no acto previo de hoxe non puideron estar representadas para a finalidade concreta de sumar o seu poderoso auxilio á acción que sen desmaios pretenden emprender conxuntamente as forzas adversas ao actual réxime político.»

Pese á reserva gardada por canos asistiron á reunión das esquerdas, puidemos obter algunha ampliación aos puntos de vista recollidos na nota oficiosa facilitada á Prensa.

O problema referente a Cataluña, que é o que máis dificultades podía ofrecer para chegar a un acordo unánime, quedou resolto no sentido de que os reunidos aceptaban a presentación a unhas Cortes Constituíntes dun estatuto redactado libremente por Cataluña para regular a súa vida rexional e as súas relacións co Estado español. Este acordo fíxose extensivo a todas aquelas rexións que sintan a necesidade dunha vida autónoma. [...]

Tanto para as Cortes Constituíntes como para a votación do estatuto polas rexións utilizarase o sufraxio universal. Os reunidos amosáronse completamente de acordo no que atinxe á acción política solidaria.

DOC. 15: Resultados das eleccións municipais do 12 de abril de 1931.

PARTIDOS E COALICIÓNES	Resultados xerais		Capitais de provincia		
	Nº conc	%	Nº conc.	%	Alc
Monárquicos	40.324	48'9	552	32'6	10
Republicanos e socialistas	36.282	44'0	937	55'4	37
Esquerra	3.219	3'9	60	3'5	3
Lliga	1.014	1'2	27	1'6	0
PNV	267	0'3	18	1'1	0
Comunistas	67	0'1	1	0'1	0
Independentes e outros	1.207	1'5	96	5'7	0

Fonte: Historia electoral

Aínda que algún dos ministros recomendaban resistir, o goberno decidiu negociar os líderes republicanos e o rei presentou a súa renuncia o 13 de abril [DOC.16]. Ao día seguinte, o 14 de abril de 1931, mentres en moitas localidades se proclamaba a República entre manifestacións de entusiasmo popular, o Comité Revolucionario asumía o poder como **Goberno Provisional da República** baixo a presidencia de Niceto Alcalá Zamora.

DOC. 16: Alfonso XIII comunica a súa renuncia o 14 de abril de 1931 (ABC, 17-IV-1931)

As eleccións celebrados o domingo revélanme claramente que hoxe non teño o amor do meu pobo. A miña conciencia díme que este desvío non será definitivo, porque procurei sempre servir a España, posto o único afán no interese público, ata nas máis críticas conxunturas. Un rei pode equivocarse e, sen dúbida, erreí eu algunha vez; pero sei ben que a nosa Patria se mostrou en todo momento xenerosa ante as culpas sen malicia. Son o Rei de todos españois e tamén un español. Atoparía medios sobrados para manter as miñas rexias prerrogativas, en eficaz tirapuxa contra quen as combaten. Pero, resoltamente, quero arredarme de canto sexa lanzar a un compatriota contra outro en fratricida guerra civil. Non renuncio a ningún dos meus dereitos, porque máis que meus son depósito acumulado pola historia, e da súa custodia han pedirme algún día conta rigorosa. Agardo a coñecer a auténtica e adecuada expresión da conciencia colectiva e, mentres fal a nación, suspendo deliberadamente o exercicio do poder real e afástome de España, recoñecendoa así como única señora dos seus destinos [...]"

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ALFEIRÁN, X. et al.: **Historia de España 2º Bach**, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
- ALVÁREZ REY, L. et. al.: **Historia de España. 2º Bacharelato. Aula 3D**, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
- BEN AMI, Sh.: **El cirujano de hierro: la Dictadura de Primo de Rivera, 1923-1930**, Barcelona, RBA, 2012.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: **Historia de España 2º Bachillerato**, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- FUSI, J.P.; PALAFOX, J.: **España, 1808-1996: El desafío de la modernidad**, Madrid, Espasa, 2000.
- GIL ANDRÉS, C.: **50 cosas que hay que saber sobre Historia de España**, Barcelona, Editorial Ariel, 2016.
- GONZÁLEZ CALLEJA, E.: **La España de Primo de Ribera. La modernización autoritaria, 1923-1930**, Madrid, Alianza Editorial, 2005.
- SHUBERT, A.; ÁLVAREZ JUNCO, J. (eds.): **Nueva historia de la España contemporánea (1808-2018)**, Madrid, Galaxia Gutenberg, 2018.
- VILLARES, R.; MORENO LUZÓN, J.: **Restauración y Dictadura**, FONTANA, J.; VILLARES, R. (dir.), **Historia de España**, vol. 7, Barcelona, Ed. Crítica-Marcial Pons, 2009.
- VV.AA.: **Historia de España**, Madrid, Ed. Santillana, 2004.

A Segunda República.

A instauración do novo réxime.

Os resultados das eleccións municipais do 12 de abril de 1931, sorprendéron ao goberno do almirante Aznar e trastocaron completamente os seus plans. Aínda que globalmente as candidaturas monárquicas obtivesen máis concelleiros cás listas antidinásticas (republicanos, socialistas, nacionalistas, agrarios), nas principais cidades e vilas o resultado foi o contrario. Ademais, moitos concelleiros monárquicos foron proclamados polo famoso artigo 29. En 40 das 50 capitais de provincia o triunfo republicano foi indiscutible. O goberno perdera as eleccións, que se converteran nun plebiscito contra a monarquía.

Aínda que algún dos ministros recomendaban resistir, o goberno decidiu negociar os líderes republicanos e o rei presentou a súa renuncia o 13 de abril. Ao día seguinte, o 14 de abril de 1931, mentres en moitas localidades se proclamaba a República entre manifestacións de entusiasmo popular, o Comité Revolucionario asumía o poder como Goberno Provisional da República baixo a presidencia de Niceto Alcalá Zamora.

A instauración da República foi acompañada de masivas e pacíficas manifestacións nas principais localidades do país. A bandeira tricolor (vermella, amarela e maxenta) simbolizou daquela as esperanzas de cambio da maioría da poboación. As reformas emprendidas foron consideradas insuficientes por algúns e suscitaron dende un primeiro momento a frontal oposición dos grupos conservadores tradicionais. A democracia republicana tivo que afrontar múltiples conflitos e atrancos que complicaron o seu devir histórico. Malia todo, a súa caída e a guerra civil non foi a inevitable consecuencia destes problemas senón a consecuencia dun golpe de Estado militar que, ao fracasar en parte do territorio, desencadearía unha terrible guerra civil.

As dificultades da democracia republicana

A situación internacional.

A República chegou nun **contexto político internacional pouco favorable**. Durante os anos 1930, a crise da democracia liberal e o auxe do autoritarismo político, cos fascismos como expresión máis acabada, estendéronse por todo o continente europeo. Non hai que esquecer o apoio prestado polo fascismo italiano aos grupos monárquicos e fascistas españois.

Os problemas económicos.

Tampouco a **conxuntura económica** facilitou as cousas. Aínda que os efectos da crise económica mundial comezada en 1929 non acadaron en España a gravidade acadada noutros países, si remataron coa etapa de expansión económica que acompañara a Ditadura: as exportacións contraéronse, o déficit exterior medrou, os prezos agrícolas baixaron, a produción



O Goberno Provisional da República (1931)

De esquerda a dereita: Diego Martínez Barrio, Álvaro de Albornoz, Francisco Largo Caballero, Miguel Maura, Alejandro Lerroux, Niceto Alcalá Zamora, Lluís Nicolau D'Oliver, Fernando de los Ríos, Indalecio Prieto, Marcelino Domingo, Manuel Azaña, Santiago Casares Quiroga.

Fonte: Congreso dos Deputados

dalgúns sectores industriais reduciuse, os problemas das repúblicas latinoamericanas estimularon o retorno de emigrantes, o desemprego medrou.

Os problemas sociais.

Estes problemas económicos incidiron nunha **sociedade moi polarizada** na que o cambio político alentara as esperanzas de inmediato cumprimento das demandas de xustiza social de amplos sectores populares. O influxo sobre eles das orientacións revolucionarias no movemento obreiro (anarquistas, comunistas, socialistas radicais) medrou notablemente. A constante axitación laboral, os numerosos intentos insurreccionais e as continuas alteracións da orde pública obrigaron aos gobernos republicanos a recorrer con demasiada frecuencia e excesiva forza á represión. Para uns isto puña de relevo a continuidade dos usos do novo réxime cos da monarquía. Para outros serviu para identificar a República co desorde e a falta de autoridade.

As dificultades políticas.

Malia a gravidade da circunstancias internacionais, dos problemas económicos e dos conflitos sociais, os problemas políticos adquiriron especial relevancia.

Problemas de lealdade.

En primeiro lugar, a democracia española houbo afrontar a escasa lealdade ou mesmo a aberta **deslealdade de importantes institucións e sectores políticos e sociais**:

- ◆ A República foi recibida con receos pola meirande parte da **xerarquía eclesiástica** e da **opinión católica**. A orientación laicista do novo réxime e os graves incidentes anticlericais que acompañaron os seus primeiros pasos (os sucesos e maio de 1931) converteron aqueles en hostilidade aberta.
- ◆ Dentro do **Exército**, sobre todo nos círculos africanistas, o entusiasmo pola República era escaso.
- ◆ A **dereita política** non se caracterizou, agás algunhas personalidades illadas, polo seu apoio explícito á institucionalidade republicana. Fascistas, carlistas e alfonsinos pretendían a súa destrución, os grupos católicos e conservadores agrupados na

DOC. 1: Resultados das eleccións parlamentarias durante a Segunda República.

		VI-1931	XI-1933	II-1936
Dereita	CEDA	-	115	88
	Mon.: RE, CT	-	46	38
	Outros dereita	46	14	14
Centro	PRR	90	102	5
	Nac. centro PNV, Lliga	17	149	38
	Outros centro	42	28	24
Esquerda	PSOE	116	58	99
	ERC.	36	17	36
	Rep. esquerda	97	263	19
	Outros esquerda	14	-	19
Varios		11	6	21

DOC. 2: Relación dos gobernos da Segunda República.

Data	Presidente (partido)	Filiación política dos ministros.
14-IV-1931	Niceto Alcalá Zamora (DLR)	DLR, PRR, AR, PRRS, ORGA, Acció Catalana, PSOE
14-X-1931	Manuel Azaña (AR)	AR, PSOE, PRR, PRRS, ORGA, Acció Catalana
16-XII-1931	Manuel Azaña (AR)	AR, PRRS, ORGA, ERC, PSOE, Ind.
12-V-1933	Manuel Azaña (AR)	AR, PRRS, ORGA, ERC, PSOE, PRDF
12-IX-1933	Alejandro Lerroux (PRR)	PRR, AR, PRRS, ORGA, ERC, Ind.
9-X-1933	Diego Martínez Barrio (PRR)	PRR, PRRS, ORGA, PRP, ERC, Ind.
16-XII-1933	Alejandro Lerroux (PRR)	PRR, PRLD, PRP, PA, Ind.
3-III-1933	Alejandro Lerroux (PRR)	PRR, PRLD, PRP, PA, Ind.
28-IV-1934	Ricardo Samper (PRR)	PRR, PRLD, PRP, PA, Ind.
4-X-1934	Alejandro Lerroux (PRR)	PRR, PRLD, PA, CEDA, Ind.
3-V-1935	Alejandro Lerroux (PRR)	PRR, PRP, Ind.
6-V-1935	Alejandro Lerroux (PRR)	PRR, PA, PRLD, PA, CEDA, Ind.
25-IX-1935	Joaquín Chapaprieta (Ind.)	PRR, Lliga, PA, CEDA
29-X-1935	Joaquín Chapaprieta (Ind.)	PRR, PRC, PA, CEDA
15-XII-1935	Manuel Portela Valladares (Ind.)	PRR, PRP, PLD, Lliga, PA, Ind.
19-II-1936	Manuel Azaña (IR)	IR, UR, Ind.
13-V-1936	Santiago Casares Quiroga (IR)	IR, UR, ERC, Ind.

Confederación Española de Dereitas Autónomas (CEDA) proclamáronse *accidentalistas* verbo da forma de goberno.

- ◆ Na **esquerda obreira** non foron infrecuentes os comportamentos desleais ou, polo menos, pouco leais co novo réxime. Na CNT impuxéronse as posicións anarquistas revolucionarias da FAI. O PCE postulaba a superación da democracia burguesa e a *ditadura do proletariado*. No seo do PSOE e a UGT, o sector liderado por F. Largo Caballero, desencantado pola experiencia do primeiro bienio, adoptou dende 1933 un discurso radical que daba por superada a colaboración coa burguesía republicana. As numerosas insurreccións armadas acontecidas ao longo do quinquenio, especialmente a *intentona* revolucionaria de outubro de 1934, porían en evidencia estas actitudes.
- ◆ Tampouco foi doada en moitas ocasións a integración das demandas dos **nacionalismos periféricos**.

Un mapa político fragmentado e polarizado.

A República presentou un **mapa político moi fragmentado e fortemente polarizado** [DOC. 1]. Esta circunstancia, favorecida por unha pouco acertada lexislación electoral, dificultou formación de gobernos estables [DOC.2] e o consenso en temas de Estado, incluída a defensa das mesmas institucións republicanas.

- ◆ A **dereita**, desarticulada á fin da Ditadura, comezou a reorganizarse nos últimos meses de 1931. A mobilización da opinión católica contra a política laicista dos primeiros gobernos republicanos impulsou a creación da **CEDA** (1933), resultante da fusión de diversos grupos conservadores provinciais e rexionais arredor da católica Acción Popular fundada por **José María Gil Robles** e **Ángel Herrera Oria**. A CEDA converteríase nun amplo partido de masas defensor da orde, a propiedade e o catolicismo apoiado por amplos sectores do pequeno campesiñado e das clases medias urbanas. Mentres, os intereses da gran propiedade rural tiveron un eficaz voceiro no **Partido Agrario**. Os **monárquicos alfonsinos** agrupáronse dende 1933 na nacionalista e autoritaria *Renovación Española* (RE) de José Calvo Sotelo e Antonio Goicoechea. O **carlismo** reunificouse na ultra **Comunión Tradicionalista** (CT) en 1932. **Grupúsculos fascistas** fundaron a finais de 1931 as *Juntas de Ofensiva Nacional-Sindicalista* (JONS), lideradas por Onésimo Redondo e Ramiro Ledesma. En 1933, Jose Antonio Primo de Rivera, fillo do desaparecido dictador, creaba *Falange Española* (FE), que se fusionaría ao pouco coas JONS. Ata 1936 seu peso sería insignificante.
- ◆ No **centro republicano** inclúense grupos de procedencia moi diversa. Ex-monárquicos como **Niceto Alcalá Zamora** ou Miguel Maura fundaran **Derecha Liberal Republicana** (DLR), un grupo de notables que se escindiría en *Partido Republicano Progresista* (PRP) e *Partido Republicano Conservador* (PRC). Melquiades Álvarez tratou de reeditar o antigo reformismo no **Partido Republicano Liberal Demócrata** (PRLD). A organización máis importante deste segmento político foi o histórico **Partido Republicano Radical** (PRR) de **Alejandro Lerroux**. Finalmente téndese a incluír neste ámbito a partidos nacionalistas periféricos como o **PNV** e a **Lliga Catalana**.
- ◆ Á **esquerda** do espectro político abranguería, en primeiro lugar, ás forzas republicanas laicas e reformistas, caso da **Acción Republicana** (AR) de Manuel Azaña, o **Partido Republicano Radical-Socialista** (PRRS) de M. Domingo e A. de Albornoz ou a **Organización Republicana Galega Autónoma** (ORGA), liderada por S. Casares Quiroga e refundada en 1933 como *Partido Republicano Galego* (PRG). A desfeita destes grupos nas eleccións de novembro de 1933 obrigounos a camiñar cara a unión: AR, PRG e un sector do PRRS

fusionaríanse en 1935 en **Izquierda Republicana** (IR) baixo o liderado de M. Azaña, outro sector do PRRS máis os disidentes do PRR confluiron na **Unión Republicana** (UR) de Diego Martínez Barrio.

Esquerra Republicana de Catalunya (ERC), o partido de Francesc Maciá e Lluís Companys, colaboraría estreitamente con estes partidos. O máis morno **Partido Galeguista** (PG), fundado en decembro de 1931, decantaríase, logo dalgúns dúbidas e crises internas, pola alianza coa esquerda.

Finalmente, habería que considerar a esquerda obreira. Dentro dela persisten as vellas tradicións anarcosindicalista e socialista. A CNT recuperouse notablemente dende a caída da Dictadura, incrementou o seu número de adherentes ata superar o millón e ampliou a súa área de implantación máis alá das tradicionais áreas catalá e andaluza. O socialismo converteuse durante a Segunda República nunha auténtica forza de masas. Sen embargo, a raíz da frustrante experiencia governamental de 1931-33, agraváronse as divisións internas entre unha tendencia moderada (Indalecio Prieto), partidarios da colaboración coas forzas progresistas republicanas, e un sector radical (Francisco Largo Caballero), inclinado pola alianza obreira con anarquistas e comunistas para avanzar na superación da democracia burguesa republicana. O pequeno movemento comunista veu medrar modestamente a súa influencia, especialmente no caso do Partido Comunista de España (PCE), fiel seguidor das orientacións estalinistas. Menor presenza, agás en Cataluña, terían os grupos comunistas independentes próximos ó trotskismo fusionados no Partido Obreiro de Unificación Marxista (POUM) de Andreu Nin e Joaquín Maurín.

A Constitución de 1931.

Coa proclamación da República o 14 de abril de 1931 accedeu ao poder o Comité Revolucionario Republicano, convertido en **Goberno Provisional** baixo a presidencia de N. Alcalá Zamora. O novo executivo incluía a representantes das principais forzas republicanas

DOC. 3: A Constitución de 1931.

[...] España, no uso da súa Soberanía, e representada polas Cortes Constituíntes, decreta e sanciona esta Constitución.

Art. 1. España é unha República democrática de traballadores de toda clase [...]

Os poderes de todos os seus órganos emanan do pobo.

A República constitúe un Estado integral, compatible coa autonomía dos Municipios e as Rexións

Art. 2. Todos os españois son iguais ante a lei.

Art. 3. O Estado español non ten relixión oficial. [...]

Art. 9. Todos os Municipios da República serán autónomos nas materias da súa competencia e elixirán os seus Concellos por sufraxio universal, igual, directo e secreto, agás cando funcionen en réxime de Concello aberto. Os alcaldes serán designados por elección directa do pobo ou polo Concello.[...]

Art. 11. Se unha ou varias provincias limítrofes, con trazos históricos, culturais e económicos comúns, acordasen organizarse en rexión autónoma [...] dentro do Estado español, presentará o seu Estatuto conxunto ao establecido no artigo 12 [...]

Art. 12. Para a aprobación do Estatuto da rexión autónoma requirense as seguintes condicións:

a) Que o propoñia a maioría dos Concellos ou, polo menos, aqueles que comprendan dúas terceiras partes do censo electoral.

b) Que o acepten [...] polo menos dúas terceiras partes dos electores inscritos no Censo da Rexión [...]

c) Que o aproben as Cortes. [...]

Art. 25. Non poderán ser fundamento de privilexio xurídico a natureza, a filiación, o sexo, a clase social, a riqueza, as ideas políticas nin as crenzas relixiosas.

Art. 26. Todas as confesións serán consideradas como Asociacións sometidas a unha lei especial. O Estado, as rexións, as provincias e os Municipios, non manterán, favorecerán nin auxiliarán economicamente ás Igrexas, Asociacións ou Institucións relixiosas.[...]

Quedan disoltas aquelas Ordes relixiosas que estatutariamente imponían, ademais dos tres votos canónicos outro especial de obediencia a autoridade distinta á lexítima do Estado. Os seus bens serán nacionalizados e afectados a fins benéficos e docentes[...]

Art. 34. Toda persoa ten dereito a emitir libremente as súas ideas e opinións [...]

Art. 36. Os cidadáns de un outro sexo, maiores de 23 anos, terán os mesmos dereitos electorais conforme determinen as leis [...]

Art. 44. Toda a riqueza do país, sexa que for o seu dono, está subordinada aos intereses da economía nacional [...] A propiedade de toda clase de bens poderá ser obxecto de expropiación forzosa por causa de utilidade social mediante adecuada indemnización [...] Os servizos públicos e explotacións que afecten ao interese común poden ser nacionalizados nos casos en que a necesidade social así o esixa [...]

Art. 46. O traballo, nas súas diversas formas, é unha obriga social e gozará da protección das leis. A República asegurará a todo traballador as condicións necesarias dunha existencia digna [...]

Art. 48. O servizo da cultura é atribución esencial do Estado, que o prestará mediante institucións educativas ligadas polo sistema de escola unificada. O ensino primario será gratuíto e obrigatorio. [...]

Art. 51. A potestade legislativa reside no pobo, que a exerce por medio das Cortes ou Congreso dos Deputados.[...]

Art. 67. O Presidente da República é o Xefe do Estado e personifica á Nación.[...]

Art. 75. O Presidente da República nomeará e separará libremente ao Presidente do Goberno e, a proposta deste, aos Ministros. [...]

Art. 86. O Presidente do Consello e os Ministros constitúen o Goberno [...]

Art. 91. Os membros do Consello responden ante o Congreso [...]

Art. 94. A Xustiza adminístrase en nome do Estado [...] Os xuíces son independentes na súa función [...]

Art. 103. O pobo participará na Administración de Xustiza mediante a institución do Xurado.[...]

e da esquerda catalanista máis tres membros do Partido Socialista (Indalecio Prieto, Francisco Largo Caballero e Fernando de los Ríos). O Goberno Provisional anunciou a convocatoria de eleccións a Cortes Constituíntes, que terían lugar en xuño de 1931. En outubro, o desacordo coas medidas laicistas aprobadas polas Cortes, o católico Alcalá Zamora presentou a súa dimisión e foi substituído á fronte do executivo por Manuel Azaña.

Con vistas á celebración das eleccións constituíntes, o Goberno Provisional aprobou unha nova normativa electoral, que introducía cambios substanciais na lei de 1907 aínda vixente: reducíase a idade mínima para ser elector de 25 a 23 anos, as provincias e as grandes cidades eran as novas circunscricións electorais, establecíase un sistema de listas abertas que outorgaba unha forte prima (ata o 80% dos escanos) á candidatura vencedora en cada circunscrición.

As votacións do 28 de xuño de 1931 deron unha ampla maioría parlamentaria á coalición gobernamental republicano-socialista, ficando, por esta orde, o PSOE e o PRR como as principais minorías parlamentarias. As forzas monárquicas e conservadoras, desorganizadas e aínda no repostas da caída de Alfonso XIII, obtiveron unha mínima representación. Os resultados podían dar unha falsa aparencia de unanimidade sobre o novo réxime [DOC. 1].

O proxecto constitucional foi encargado a unha comisión presidida polo catedrático socialista **Jiménez de Asúa**. Tras ser debatida e emendada, a nova lei fundamental sería aprobada polas Cortes o 9 de decembro de 1931. Os aspectos máis sobranceiros deste texto serían [DOC. 3]:

- ◆ A invocación do principio da **soberanía popular** como base do sistema político.
- ◆ O recoñecemento unha ampla relación de **dereitos e liberdades individuais** que eran estendidos, incluído o sufraxio, ás mulleres [DOC. 4]. Pero a Constitución de 1931 non se limitaba aos dereitos civís (propiedade, igualdade xurídica, seguridade...) e políticos (sufraxio, asociación, reunión, expresión...) inseridos nos textos decimonónicos senón que tamén inclúe unha ampla relación de dereitos sociais e culturais. Para facelos efectivos concedíase ao Estado un papel protagonista en certas áreas: educación, protección social, regulación da economía. Sentábanse, polo tanto, as bases legais dun **Estado social e democrático de dereito**.

Como non podía ser doutro xeito, a cuestión relixiosa adquiriu especial relevancia no texto constitucional. En liña coas tradicionais formulacións laicistas do republicanismo español afirmouse a liberdade de cultos e unha radical separación entre Igrexa e Estado.

- ◆ A **división de poderes** establecida confería ao legislativo unha notable primacía sobre os demais. Este residía nunhas Cortes unicamerais. O poder executivo correspondía ao Goberno, cun Presidente designado polo Presidente da República e sometido á confianza e control das Cortes. O poder xudicial confiábase a xuíces independentes e ao xurado popular.
- ◆ A Constitución establecía, ademais, dúas **institucións arbitrais**: a Presidencia da República e o Tribunal de Garantías Constitucionais. O **Presidente da República**, elixido por un

DOC. 4: Discurso da deputada radical Clara Campoamor nas Cortes a prol do voto feminino (1-X-1931).

Síntome cidadá antes ca muller e considero que sería un profundo erro político deixar á muller á marxe dese dereito, á muller que agarda e confía en nós; á muller que será indiscutiblemente unha nova forza que se incorpora ao Dereito e non hai senón que empurrála para que siga o seu camiño. Non deixedes á muller, se é regresiva, que pense que a súa esperanza estivo na Ditadura; non deixedes á muller que pense, se é avanzada, que a súa esperanza de igualdade está no comunismo. Non cometades ese erro de gravísimas consecuencias. Salvades á República, atraendo e sumando esa forza que agarda ansiosa o momento da súa redención [...] No cometades un erro histórico que non teredes nunca bastante tempo para chorar ao deixa á marxe da República á muller, que represente unha nova forza, unha forza nova

procedemento indirecto para un mandato de 6 anos tiña un papel simbólico e representativo pero tamén importantes poderes reais: propoñía ás Cortes o candidato á Presidencia do Goberno e podía disolver anticipadamente as Cortes ata dúas veces durante o seu mandato, se ben esta capacidade podía ser xulgada polo parlamento. O **Tribunal de Garantías Constitucionais**, máxime interprete da lei fundamental, convertíase en árbitro nos conflitos entre os diferentes poderes e institucións do Estado.

- ◆ A nova **organización territorial do Estado** pretendía superar a vella confrontación unitarios-federais e acoller as demandas dos nacionalistas periféricos, nomeadamente as dos cataláns. A Constitución definía a República como un *Estado integral compatible coa autonomía de municipios e rexións*. Enumeraba así mesmo as condicións –moi esixentes– para o acceso daquelas rexións que o demandasen á autonomía e as competencias que o poder central podía entregar ás eventuais administracións autonómicas.

Ao aprobarse a nova Constitución en decembro de 1931 puxéronse en marcha as institucións republicanas nela definidas. As Cortes Constituíntes decidiron prorrogar a súa actuación. Alcalá Zamora foi elixido Presidente da República, quen volveu propór para encabezar o goberno a Azaña. Este formaría un executivo apoiado polos grupos republicanos de esquerda (AR, PRRS, ORGA, ERC) e os socialistas. Deste xeito, os radicais de Alejandro Lerroux, que rexeitaban a coalición cos socialistas, pasaron á oposición. Durante case dous anos, os gobernos social-azañistas profundizarían na política de reformas comezadas en abril enfrontado a unha crecente oposición.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ALFEIRÁN, X. et al.: *Historia de España 2º Bach*, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
- ALVÁREZ REY, L. et. al.: *Historia de España. 2º Bacharelato. Aula 3D*, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
- CASANOVA, J.; GIL ANDRES, C.: *Breve historia de España en el siglo XX*, Barcelona, Editorial Ariel, 2012.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: *Historia de España 2º Bachillerato*, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- FUSI, J.P.; PALAFOX, J.: *España, 1808-1996: El desafío de la modernidad*, Madrid, Espasa, 2000.
- GIL ANDRÉS, C.: *50 cosas que hay que saber sobre Historia de España*, Barcelona, Editorial Ariel, 2016.
- GIL PECHARROMÁN, J.: *Historia de la Segunda República Española (1931-1936)*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2002.
- GONZÁLEZ CALLEJA, E. et al.: *La Segunda República Española*, Barcelona, Pasado y Presente, 2015.
- JULIÁ, S. (coord.): *República y Guerra en España (1931-1939)*, Madrid, Espasa, 2006.
- SHUBERT, A.; ÁLVAREZ JUNCO, J. (eds.): *Nueva historia de la España contemporánea (1808-2018)*, Madrid, Galaxia Gutenberg, 2018.
- VV.AA.: *Historia de España*, Madrid, Ed. Santillana, 2004.

A Segunda República.

O bienio reformista (1931-1933).

Ademais de prepara a convocatoria de eleccións a Cortes constituíntes (xuño de 1931), o Goberno Provisional emprendeu unha serie de reformas que serían continuadas polos gobernos do primeiro bienio republicano encabezados, tras a dimisión de Alcalá Zamora en setembro de 1931, por Manuel Azaña. Tras a aprobación da Constitución e a súa confirmación no cargo como xefe do executivo, Manuel Azaña formou un goberno de coalición apoiado polos grupos republicanos de esquerda (AR, PRRS, ORGA), a Esquera catalana e os socialistas. Polo tanto, os radicais de Lerroux, contrarios a gobernar cos socialistas, pasaban á oposición.

Entre decembro de 1931 e setembro de 1933, a coalición social-azañista profundou na política de reformas emprendidas tras a proclamación da República e tivo que afrontar unha crecente oposición.

As reformas militares.

Manuel Azaña, ministro da Guerra entre abril de 1931 e setembro de 1933, acometeu unha serie de medidas encamiñadas a **modernizar o Exército e sometelo ao novo poder civil republicano** [DOC. 1]. Entre elas cómpre destacar:

- A **derrogación da Lei de Xurisdicións** de 1906.
- O **peche da Academia Xeral Militar** de Zaragoza, dirixida daquela polo xeneral Franco.
- A **reorganización territorial do Exército** reducindo o número en rango das Capitanías Xenerais, reconvertidas en *divisións orgánicas*.
- A **Lei de Retiro**, coñecida tamén como *lei Azaña*, permitía o paso voluntario á reserva dos mandos militares conservando o seus salarios e dereitos. A lei, moi discutida en certos círculos militares, pretendía reducir o excesivo número de oficiais, un problema estrutural do Exército español, e, ao tempo, facilitar a saída do exército dos contrarios á República.
- A **Garda de Asalto**, corpo policial destinado ao mantemento da orde pública nas cidades, foi creada a instancias de Miguel Maura, ministro de Gobernación no Goberno Provisional.

DOC. 1: Discurso de Manuel Azaña sobre a reforma miliar.

Nas reformas de Guerra buscouse principalmente unha cousa moi sinxela[...]: dotar á República dunha política militar, que non existía no noso país [...] O exército en España servía para todo: serviu para dirimir discordias de la dinastía, serviu par ir ás campañas coloniais, serviu para ir a África; pero nunca, dende que acabou a Guerra da Independencia, se tratou en España de organizar e de formar ao exército en condicións tales que poida competir cun exército estranxeiro, nunha guerra de carácter internacional[...]. O que máis resaltaba na organización do exército español [...] era o exceso de oficialidade [...] Daquel publiquei eu un decreto de retiros voluntarios, o máis xeneroso que se ditou en ningún país [...] E que é o que hai que facer co exército, o mesmo nunha república ca nunha monarquía? Reducilo á súa propia función, que é a de prepararse para a guerra [...] preparar aos soldados e prepararse os cadros de xefes e oficiais, que tamén teñen que practicar e estudar.

As reformas educativas.

O ministro de Instrución Pública Marcelino Domingo e o seu sucesor á fronte da carteira, o socialista Fernando de los Ríos, promoveron unha serie de medidas destinadas a **reducir o analfabetismo** e contribuír á **secularización da sociedade**. Grazas a un significativo aumento dos orzamentos educativos púidose:

- **Duplicar o número de escolas** primarias e aumentar o número de mestres e os seus salarios.
- **Ampliar da oferta do ensino superior**. A construción da *cidade universitaria* de Madrid ou o comezo da *Residencia universitaria* compostelá son mostras deste esforzo.
- **Pór en marcha innovadoras experiencias educativo-culturais** como as Misións Pedagóxicas.

A separación Igrexa-Estado.

A República fora recibida con hostilidade por boa parte do clero e da opinión católicas, así o manifestou o primado cardeal Segura nunha durísima pastoral contra o novo réxime ao pouco da súa instauración. A reaparición en maio de 1931 do vello anticlericalismo popular en maio de 1931 co incendio

de varias igrexas e conventos e, sobre todo, a aprobación dunha Constitución laica incrementaron as tensións entre Igrexa e Estado [DOC. 2]. O obxectivo de acadar unha sociedade secularizada plasmoste en diversas medidas:

DOC. 2: Pastoral colectiva do episcopado español (20-XII-1931).

[...] Os principios e preceptos constitucionais en materia confesional non só non responden ao mínimo de respecto á liberdade relixiosa e de recoñecemento dos dereitos esenciais da Igrexa que facían agardar o propio interese e a dignidade do Estado, senón que, inspirados por un criterio sectario, representan unha verdadeira oposición agresiva, aínda a aquelas mínimas esixencias.
Máis radicalmente aínda cometeuse o grande e funesto erro de excluír á Igrexa da vida pública e activa da nación, das leis, e da educación da mocidade, da mesma sociedade doméstica, con grave menosprezo dos seus dereitos sagrados e da conciencia cristiá do país, así como no dano manifesto da elevación espiritual dos costumes e das institucións públicas [...]
Dereito e liberdade en todo e para todos, tal parece ser a inspiración formulativa dos preceptos constitucionais, as, con excepción da Igrexa”.

DOC. 3: Discurso de Francesc Maciá proclamando a República Catalá (14-IV-1931).

Cidadáns: no nome do pobo de Cataluña eu proclamo dende aquí o Estado catalán e proclamo a República catalá. Ademais, solemnemente dígovos con todo o agarimo, vaíamos á Confederación coas demais Repúblicas de España.
Agora formamos o goberno da República catalá e aquí estaremos dispostos a defendela ata a morte.

DOC. 4: O Estatut de Catalunya (1932).

Art. 1. Cataluña constitúese en rexión autónoma dentro do Estado español. O seu territorio é o das provincias de Barcelona, Tarragona, Lleida e Girona no momento de aprobarse este Estatuto.

Art. 2. O idioma catalán é, como o castelán, oficial en Cataluña [...]

Art. 14. A Generalitat estará integrada polo Parlamento, o Presidente da Generalitat e o Consello Executivo.
As leis interiores de Cataluña ordenarán o funcionamento deste organismo consonte ao Estatuto e á Constitución.

O Parlamento, que exercerá funcións lexislativas, será elixido por un prazo non maior de 5 anos, por sufraxio universal, directo, igual e secreto.

O Presidente da Generalitat asume a representación de Cataluña [...]

Art. 15. Tódalas cuestións de competencia que se susciten entre as autoridades da República e da Generalita ou entre as xurisdicións dos seus respectivos organismos serán resoltas polo Tribunal de Garantías Constitucionais.

DOC. 5: O proxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia (1932)

Art. 1. Galicia organízase como rexión autónoma no Estado español consonte á Constitución da República e ó presente Estatuto. O seu territorio é o dos municipios incluídos dentro dos actuais límites administrativos das 4 provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Art. 2. Poderá agregarse ó territorio de Galicia calquer municipio limítrofe de características históricas, culturais, económicas e xeográficas análogas, mediante os requisitos que as leis xerais establezan.[...]

Art. 4. Serán idiomas oficiais en Galicia, o castelán e o galego [...]

Art. 5. As atribucións recoñecidas a Galicia neste Estatuto serán exercidas: por una Asemblea lexislativa, polo Presidente da Rexión e por un órgano de goberno que se denominará Xunta de Galicia [...]

Art. 6. A Asemblea comporase de Deputados elixidos por sufraxio universal, igual, directo e secreto, segundo un sistema de representación proporcional e para un período de 3 anos [...]

Art. 7. O Presidente da Rexión asumirá a representación de Galicia a tódolos efectos [...]. Será elixido por votación popular directa e secreta para un período de 4 anos e poderá ser reelixido do mesmo xeito para outro período igual [...]

Art. 8.[...] O Presidente da Rexión nomeará e separará libremente ó Presidente da Xunta e, a proposta deste, ós membros da mesma. [...]

Art. 9. Toda lei votada pola Asemblea será sometida a referéndum popular, cando o soliciten dentro dos 30 días seguintes á súa votación, un número de electores no inferior ó 15 % dos incluídos no censo.[...]

- Consonte ao establecido na lei fundamental republicana, decretouse a **expulsión da Compañía de Xesús** e a incautación dos seus bens.
- **Prohibiuse ao exercicio do ensino ás congregacións relixiosas.**
- Aprobáronse o **matrimonio civil** e o **divorcio**.

A cuestión autonómica.

Coincidindo coa instauración do novo réxime, Francesc Maciá proclamara en Barcelona a *República Catalá* integrante dunha aínda inexistente *Confederación española* [DOC. 3]. Foron necesarias intensas negociacións entre o Goberno provisional e Maciá para reconducir a situación. Finalmente, as autoridades centrais e Maciá conviron o establecemento dunha *Generalitat* provisional. Mentres aínda se discutía a Constitución, representantes do municipios cataláns procederían a elaborar un proxecto de *Estatut*, que sería plebiscitado favorablemente polo 75% do censo. Nas Cortes republicanas, o oposición á autonomía catalá foi moi dura e adiou a entrada en vigor do *Estatut de Núria* ata setembro de 1932 [DOC. 4]

No País Vasco, as diverxencias político-ideolóxicas entre a coalición republicano-socialista e o PNV, católico e foralista, frearon a posta en marcha da autonomía. Ademais, o proxecto de Estatuto aprobado en Estella (1932) foi rexeitado polos municipios navarros e, ao ser plebiscitado nas 3 provincias vascongadas, non obtivo a maioría suficiente en Álava. Durante o bienio radical-cedista (1933-35), o trámite estatutario veuse paralizado e a autonomía vasca non entraría en vigor ata outubro de 1936, xa comezada a a guerra civil.

En Galicia, a pesar do crecemento experimentado polo Partido Galeguista, o nacionalismo seguía a ser unha forza minoritaria. O trámite do proxecto de Estatuto [DOC. 5], aprobado pola Asemblea de Concellos celebrada en Santiago a finais de 1932, veuse suspendido durante o bienio 1933-35. Tras a vitoria da Fronte Popular, coalición na que se integrou o PG, o proxecto puido ser plebiscitado favorablemente en xuño de 1936, tres semanas antes do golpe de Estado que desencadearía a Guerra Civil. Non sería ratificado polas Cortes republicanas ata 1938, durante a súa derradeira reunión en territorio español, celebrada na abadía de Montserrat.

As reformas sociais.

A política do ministro de Traballo, o socialista Francisco Largo Caballero, pretendeu mellorar as condicións de vida dos traballadores, ampliar as bases sociais do novo réxime e

tamén fortalecer a posición da UGT no sistema de relacións laborais. Para conseguilo aprobáronse, entre outras, as seguintes medidas:

- A introdución da xornada laboral de 8 horas.
- O *Decreto de Termos Municipais*, que privilexiaba a contratación de xornaleiros de cada municipio.
- A *Lei de Xurados Mixtos* ampliaba as funcións dos comités paritarios e estendíao ó mundo rural.
- A *Lei de Contrato de Traballo* modificaba o sistema de relacións laborais en prol dos traballadores.

A reforma agraria.

Resolver o vello problema do desigual reparto da propiedade territorial e mellorar as condicións de vida da maioría campesiña esixiron un considerable esforzo normativo:

- O Goberno Provisional aprobara xa medidas en favor de xornaleiros e pequenos arrendatarios.
- En 1932 aprobouse a do *Decreto de Intensificación de Cultivos* destinado a reducir o desemprego rural.
- A *Lei de Bases da Reforma Agraria* (1932) contemplaba a expropiación, previo pago dunha indemnización, dos grandes latifundios para asentar neles a xornaleiros sen terra en réxime de arrendo. Creouse para dirixila o *Instituto de Reforma Agraria* e para financiala un *Banco Nacional Agrario*. A súa aplicación obtivo uns resultados moi modestos: en 1934 fora expropiado o 5% das terras previstas e só foran asentados 12.000 xornaleiros. A forte oposición dos latifundistas, a escaseza de recursos económicos, a excesiva complexidade legal do proceso agravada pola burocracia do IRA e unha deficiente dirección política dende o Ministerio de Agricultura, ostentado por M. Domingo, impediron acadar os obxectivos propostos e frustraron as expectativas dos numerosos xornaleiros do sur, cada vez máis radicalizados.

DOC. 6: A Lei de Bases da Reforma Agraria (1932).

[...] Serán suceptibles de expropiación as terras incluídas nos seguintes apartados:

1º. As ofrecidas voluntariamente polos seus donos [...]

4º. As fincas rústicas de corporacións, fundacións e establecementos públicos que as exploten en réxime de arrendo, parceria ou calquera outra forma que non sexa explotación directa [...]

6º. As que constituíron señoríos xurisdiccionais [...]

7º. As incultas ou manifestamente mal cultivadas [...]

11º. As pertencentes a un só propietario que [...] teñas asignado un líquido imponible superior ao 20% do cupo total da riqueza rústica do termo municipal no que estean encravadas, sempre ue a súa extensión exceda a sexta parte do mesmo e expropiándose a porción que sobrepase o mencionado líquido imponible.



O xeneral Sanjurjo ante o tribunal que o xulgou pola insurrección de agosto de 1932

por Agence de presse Mondial Photo-Presse [Dominio público], dende Wikimedia Commons.

A oposición ás reformas.

A política reformista impulsada polo goberno social-azañista suscitou a oposición de múltiples sectores.

A oposición militar.

Militares descontentos apoiados por círculos monárquicos e conservadores promoveron en agosto de 1932 unha insurrección militar acaudillada polo xeneral Sanjurjo. A *sanjurjada* fracasou tras provocar serios enfrontamentos armados e algúns mortos en Madrid e Barcelona.

A oposición social.

Os círculos patronais e a oligarquía agraria amosaron dende un principio o seu descontento coas disposicións emanadas do goberno e da maioría parlamentaria e utilizou os seus amplos recursos para dificultar a súa aplicación.

No outro extremo, a liña anarquista revolucionaria *faísta* impúxose na CNT fronte aos moderados (Peiró, Pestaña) dispostos a buscar un entendemento co novo réxime. Unha longa sucesión de folgas e insurreccións armadas non deu nin un respiro ás institucións republicanas. En xaneiro de 1933, un novo levantamento anarquista conduciu aos dramáticos *sucesos de Casas Viejas*. Estes desencadearían unha

durísima campaña contra o goberno Azaña tanto no parlamento como na prensa, instigada pola dereita, que debilitou a súa ata o daquela estable posición.

A oposición política.

O PRR de Lerroux intensificou a súa confrontación co goberno nas Cortes. Paralelamente, a prensa próxima aos radicais demandaba a exclusión dos socialistas do goberno e a formación dun executivo formado exclusivamente por republicanos.

A dereita conservadora e católica reorganizouse en resposta á política social, cultural e relixiosa do goberno. En marzo de 1933 fundábase a *Confederación Española de Dereitas Autónomas* (CEDA) baixo o liderado do deputado J.M^a. Gil Robles.

As relacións entre Alcalá Zamora e o goberno foron degradándose. En setembro de 1933, ao retirarlle o presidente da República a súa confianza, Azaña presentou a dimisión. Sostituírono os radicais Lerroux e Martínez Barrio, quen preparou a convocatoria de novas eleccións xerais.

As eleccións de novembro de 1933

Os comicios de novembro de 1933, nos que as mulleres votaron por primeira vez, deron como resultado unha **ampla vitoria das forzas opositoras á coalición azañista**. A dereita non republicana obtivo 204 escanos dos que 115 corresponderon á CEDA. O centro-dereita e o centro republicanos acadaron 168 postos nas Cortes, deles 102 foron para os radicais. Mentres, a esquerda veuse reducida a menos de 100 deputados, co PSOE como terceira forza no parlamento con 55 deputados. As **causas** desta desfeita son múltiples:

- A **ampla mobilización das dereitas**, que dispuxeron, ademais, dun xeneroso financiamento para a súa campaña.
- A **desunión das esquerdas**, provocada pola decisión do PSOE de romper a súa alianza coas forzas republicanas progresistas, contrastou co acordo entre as forzas da dereita (a *Unión de Dereitas e Agrarios* encabezada pola CEDA), ao que se sumou o PRR nas circunscripcións nas que tivo lugar a segunda volta. O sistema electoral maioritario multiplicaría os efectos negativos destas decisións.
- A **abstención** foi bastante elevada, sobre todo nas áreas de forte implantación anarquista (Sevilla, Cádiz, Zaragoza, Barcelona). A CNT postulou o retraemento activo dos seus simpatizantes, o que de seguro prexudicou á esquerda.

O parlamento seguiu moi atomizado polo que se requiriron complexos acordos para asegurar a gobernabilidade. A consecuencia foi unha forte **inestabilidade gobernamental**: houbo 5 gobernos diferentes entre novembro de 1933 e decembro de 1935, a maioría deles presididos por radicais e apoiados pola CEDA, que non entraría no goberno ata outubro de 1934. A inestabilidade dificultou a posta en marcha dun programa de goberno sólido. Por outra banda, o apoio parlamentario da CEDA condicionou fortemente a acción gobernamental e traducíuse nunha profunda revisión (de aí as denominacións *bienio rectificador* ou *bienio negro* referidas ao período) das políticas postas en marcha no primeiro bienio.



A matanza de Casas Viejas (1933)

Fonte: Enciclopedia.cat

DOC. 1: A fundación da CEDA, segundo o xornal católico *El Debate* (5-III-1933).

Onte pola noite constituíuse entre vítores de entusiasmo a Confederación Española de Dereitas Autónomas [...] Ao discutirse pola tarde [...] o Estatuto da CEDA, admitíronse como coincidencias fundamentais dos partidos que a integran [...] os seguintes:

- a) Afirmación e defensa dos principios fundamentais da civilización cristiá.
- b) Necesidade dunha revisión constitucional consonte a ditos principios.
- c) Aceptación, como táctica para toda a súa actuación política, das normas dadas polo Episcopado aos católicos españois na súa declaración colectiva de decembro de 1931.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ALFEIRÁN, X. et al.: *Historia de España 2º Bach*, Vigo, Baía Edicións-Consortio Editorial Galego, 2016.
- ALVÁREZ REY, L. et. al.: *Historia de España. 2ª Bacharelato. Aula 3D*, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
- CASANOVA, J.; GIL ANDRES, C.: *Breve historia de España en el siglo XX*, Barcelona, Editorial Ariel, 2012.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: *Historia de España 2º Bachillerato*, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- FUSI, J.P.; PALAFOX, J.: *España, 1808-1996: El desafío de la modernidad*, Madrid, Espasa, 2000.
- GIL ANDRÉS, C.: *50 cosas que hay que saber sobre Historia de España*, Barcelona, Editorial Ariel, 2016.
- GIL PECHARROMÁN, J.: *Historia de la Segunda República Española (1931-1936)*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2002.
- GONZÁLEZ CALLEJA, E. et al.: *La Segunda República Española*, Barcelona, Pasado y Presente, 2015.
- JULIÁ, S. (coord.): *República y Guerra en España (1931-1939)*, Madrid, Espasa, 2006.
- SHUBERT, A.; ÁLVAREZ JUNCO, J. (eds.): *Nueva historia de la España contemporánea (1808-2018)*, Madrid, Galaxia Gutenberg, 2018.
- VV.AA.: *Historia de España*, Madrid, Ed. Santillana, 2004.

A Guerra Civil (1936-1939)

A rebelión militar comezada o 17 de xullo de 1936 en terras do protectorado español en Marrocos non acadou o seu obxectivo inicial de derrubar o réxime republicano. O seu fracaso en amplas áreas provocou a división do país en dúas metades enfrontadas nun longo e cruento conflito. A guerra de España foi un complexo enfrontamento civil interno no que se puxeron de relevo as múltiples fracturas e conflitos presentes na sociedade española: democracia vs. ditadura, comunismo vs. fascismo, revolución vs. contrarrevolución, anticlericalismo vs. clericalismo, nacionalismo españolista vs. nacionalismos periféricos... O seu desenvolvemento había estar condicionado notablemente polo contexto europeo, marcado polo expansionismo das potencias fascistas (Italia, Alemaña), a política de *appeasement* practicada polas democracias occidentais e o novo papel internacional da URSS baixo o mandato de Stalin. Os efectos da guerra e da vitoria franquista habían ser moi graves e persistentes.

A vila de Gernika tras o bombardeo franquista
(26-IV-1937)



Bundesarchiv [CC-BY-SA-3.0], dende Wikimedia Commons

O enfrontamento armado.

O comezo da guerra.

As manobras para derrubar o réxime republicano comezaron no mesmo momento en que se coñeceu a vitoria electoral da Fronte Popular de febreiro de 1936. Nese intre, xa algúns xenerais (Franco, Fanjul, Goded) e políticos dereitistas (Calvo Sotelo, Gil Robles) instaran ao Presidente do Goberno, M. Portela Valladares, a declarar o estado de guerra e impedir ó traspaso de poderes ós vencedores. Portela, asustado polos rumores de golpe militar e os disturbios acontecidos en varias cidades para liberar aos presos políticos, presentou a súa dimisión. O 19 de febreiro, Alcalá Zamora encargou a Manuel Azaña a formación de goberno, quen formou un goberno composto exclusivamente republicano con apoio da Fronte Popular.

Comezou a estenderse unha ampla conspiración cívico-militar, que tivo como principal organizador ao xeneral Mola (*O Director*). Nela participaron: **militares conservadores**, incluíndo algúns xenerais (Goded, Fanjul, Franco, Queipo de Llano, Sanjurjo) e numerosos mandos intermedios (coroneis, comandantes, capitáns...), organizados na clandestina e antirrepublicana *Unión Militar Española* (UME); **organizacións e figuras da dereita política** (falanxistas, monárquicos alfonsinos e carlistas, dirixentes da CEDA...); e **persoeiros da oligarquía agraria e financeira** entre os que destacou pola súa contribución o banqueiro Juan March.

A resposta das autoridades republicanas resultou insuficiente e ineficaz. Certos sospeitosos foron sometidos a vixilancia, algúns xenerais considerados desleais (Franco, Goded, Mola...) foron destinados a postos secundarios e outros tidos por leais colocados en posicións claves do Exército e as forzas de seguridade.

A primavera de 1936 foi moi complicada. Producíronse folgas, menos numerosas e graves que as vividas no bienio 1931-33, e ocupacións de terras nas áreas latifundistas. A violencia manifestouse en atentados e choques armados entre grupos extremistas. Semellaba o tempo da

dialéctica dos puños e das pistolas. Os desordes servían de excusa e argumento aos conspiradores. A destitución do presidente da República Alcalá Zamora polas Cortes, substituído en abril por Azaña, a oposición da maioría caballerista do PSOE-UGT a integrarse no executivo e a viraxe cara posicións nitidamente autoritarias da CEDA tampouco axudaron a estabilizar a situación política.

O **asasinato de Calvo Sotelo** (13-VII-1936) rematou coas dúbidas dos militares menos decididos, caso do mesmo Franco. Os conspiradores, comezando por Mola, prevían un golpe de Estado rápido e cruento que daría paso a unha ditadura militar de trazos pouco definidos [DOC. 1].

O **17 de xullo de 1936** comezou a rebelión militar en Melilla. O 18 estendeuse a Canarias, Baleares e a Península. O 19 Franco voaba dende Canarias a Tetuán para pórse ó mando do Exército de África.

A sublevación militar triunfara en Marrocos, Canarias, Baleares (agás Menorca), Galicia, León, Castela a Vella, Álava, Navarra, oeste de Aragón e Andalucía occidental. Fracasara en Asturias (agás en Oviedo), Cantabria, Biscaia e Guipúscoa, leste de Aragón, Cataluña, Levante, Extremadura, Madrid, A Mancha e Andalucía Oriental. En moitos puntos, a rebelión tivo que facer fronte ás forzas militares e de seguridade (Garda Civil, Garda de Asalto, Carabineiros) leais á República apoiadas polos militantes das organizacións políticas e sindicais da esquerda.

Polo tanto, o exército non se sublevou en bloque contra a República. So catro (Cabanellas, Queipo, Goded, Franco) dos dezaioito xenerais con mando se sublevaron. Decisivo foi o papel da oficialidade: algo máis da metade dos 15.000 oficiais en activo se sumaron a ela. Contaban cuns 120.000 dos 254.000 homes armados que sumaban no verán de 1936 o exército e as forzas de seguridade españolas. Algúns factores facilitaron a **superioridade militar dos sublevados**. Por unha banda, a orde do Goberno republicano de desmobilizar aos soldados, concibida para debilitar aos rebeldes, contribuíu a desarticular a organización militar e a decisión de repartir armas entre a poboación [DOC. 2] deixou a loita contra os sublevados en mans das milicias populares. O Estado republicano perdeu o monopolio da

DOC. 1: Mensaxes do xeneral Mola para os militares sublevados.

Tan pronto como teña éxito o movemento nacional, constituirase un Directorio, que integrarán un presidente e catro vocais militares [...] O Directorio exercerá o poder en toda a súa amplitude, terá a iniciativa dos Decretos-Leis que se ditén[...]

Os primeiros decretos-leis serán os seguintes:

- a) Suspensión da Constitución de 1931.
- b) Cese do Presidente da República e membros do Goberno [...]
- f) Disolución das actuais Cortes.

Circular de xullo de 1936

Terase en conta que a acción ha ser en extremo violenta, de xeito que se reduza o antes posible a un inimigo forte e ben organizado. Dende logo, serán encarcerados os dirixentes políticos, sociedades e sindicatos desafectoa ao movemento e se lles aplicarán castigos exemplares para estrangular os movementos de rebeldía ou folga.

Circular de xullo de 1936

Nin rendicións, nin abrazos de Vergara, nin pactos, in nada que non sexa a vitoria asoballadora e definitiva. Logo, se o pobo o pide, haberá piedade para os equivocados, pero para os que alentaron sabéndoo unha guerra de infamia, crueldade e traición, para eses, xamais. Antes que a xustiza da Historia, a nosa, a dos patriotas, que ten que ser súpeta e rápida. De todo iso responderemos nós co noso honor e, se é preciso, coas nosas vidas.

Allocución radiada, xullo de 1936

DOC. 2: A entrega de armas ás organizacións obreiras segundo o xornal El Sol(21-VIII-1936).

No paseo da Castellana verificouse ás catro e media da tarde a concentración de mozos mobilizados para nutrir as milicias que dende a noite anterior prestaban servizo. Reuníronse varios centenares de homes de tódalas idades, que acudiron ao ministerio da Guerra pra que se lles fornecese de armas. A entrega do armamento facíase previa comprobación da personalidade do demandante, acreditada por volantes expedidos pola Casa do Pobo.

DOC. 3: Mapa xeral da evolución do conflito (1936-1939)



por FDRMRZUSA [CC BY-SA 4.0], dende Wikimedia Commons

coerción e non puido impedir o estalido desordenado da revolución nas áreas onde os sublevados foran derrotados. Pola outra, os rebeldes contaron dende un principio co exército de África, que incluía as unidades máis disciplinadas e mellor preparadas para a guerra (a Lexión e as Forzas Regulares Indíxenas). Ademais, o paso desas forzas á península foi posibilitado pola axuda aérea rapidamente prestada por Hitler e Mussolini.

As etapas do conflito. **DOC.3.**

A loita por Madrid (xullo 1936-marzo 1937).

O avance sobre Madrid dos exércitos nacionais (Franco dende o sur e Mola dende o norte) veuse freado pola eficaz defensa da capital organizada pola Xunta de Defensa encabezada polo xeneral Miaja. A comezos de 1937, os éxitos republicanos nas batallas do Jarama e Guadalajara aliviaron a presión sobre a capital.

A campaña do Norte (marzo-outubro 1937).

As tropas nacionais dirixiron daquela a súa atención cara o Norte. Malia o cinto de ferro de Bilbao o avance das tropas nacionais, dirixidas por Mola, foi bastante rápido. A capital vasca caía en xullo de 1937.

As contraofensivas republicanas do verán (batallas de Belchite e Bunete) a penas foron un leve contratempo para o avance nacional no Norte. Coa toma de Gijón (outubro de 1937) remataba a guerra nesta fronte.

As campaña do Leste (outubro 1937-xaneiro 1939).

A finais de 1937, o exército republicano lanzou unha forte ofensiva en Aragón que rematou coa toma de Teruel en xaneiro de 1938. A posterior contraofensiva nacional non só permitiu a recuperación desta cidade senón tamén que as tropas franquistas alcanzasen o Mediterráneo por Vinaroz (abril de 1938). Deste xeito, a España republicana ficaba tronzada en dúas zonas: centro-sur e Cataluña.

Para de restablecer a unión entre elas, o Exército Popular Republicano lanzou unha gran ofensiva sobre o río Ebro, que daría lugar a batalla máis prolongada e sanguenta do conflito (a batalla do Ebro, agosto-outubro de 1938). A pesar do enorme custo en homes e material, os avances republicanos foron escasos. As tropas nacionais recuperaron as posicións orixinais e desencadearon un amplo ataque sobre Cataluña. Este remataría coa toma de Barcelona (xaneiro de 1939) e provocaría un masivo éxodo de civís e militares republicanos cara a fronteira francesa.

A fin da guerra (xaneiro-abril 1939).

Coa caída de Cataluña, a guerra estaba perdida para a República. Francia e Gran Bretaña recoñeceron en febreiro ao goberno de Burgos. Manuel Azaña dimitiu como presidente da República. A *política de resistencia a ultranza* proclamada polo goberno Negrín e os comunistas non tiña posibilidades dadas as perdas sufridas, as extremas penalidades da retagarda republicana e un escenario internacional desfavorable. Unha nova e definitiva crise estalou na España republicana. O 4 de marzo de 1939, o coronel Casado sublevouse en Madrid para lograr unha capitulación pactada, que Franco rexeitou **DOC 4**. O 28 de marzo rendeuse a capital. Tras tomar o porto de Alicante, declarouse o final da guerra o 1 de abril de 1939. As operacións remataban pero non chegaría a paz.

As dúas Españas.

O fracaso do golpe militar de xullo de 1936 en amplas zonas do país deu lugar á configuración de dúas zonas enfrontadas entre si con dinámicas internas ben diferenciadas.

A España republicana.

Nas zonas onde fracasou a rebelión produciuse un afundimento das estruturas do Estado seguido da fragmentación do poder e dun intenso proceso revolucionario. A partir do verán de 1936, a reconstrución do Estado republicano había ser lenta e conflitiva.

A revolución social.

Enfrontado á rebelión militar, **Casares Quiroga** demitiu o 18 de xullo. O seu sucesor, **Martínez Barrio**, nin sequera conseguiu formar goberno. Finalmente, outro político republicano, **José Giral** encargouse de encabezar o executivo e permitiu o reparto de armas ás organizacións populares. Esta decisión, que contribuíu ao fracaso do golpe en moitas cidades, precipitou unha **radical revolución social** na zona republicana durante o verán de 1936 [DOC. 5]:

- ◆ O Estado republicano ficou desarticulado pola rebelión militar. As súas institucións foron substituídas por unha confusa nebulosa de **xuntas e comités revolucionarios**, formados por representantes dos partidos da Fronte Popular e dos sindicatos. O exército foi substituído por unhas indisciplinadas **milicias populares** vinculadas a estes.
- ◆ Desencadeouse unha brutal **represión popular** (paseos, sacas) dirixida contra tódolos sospeitosos de apoiar a rebelión militar (aristócratas, terratenentes, burgueses, militares, afiliados a partidos dereitistas, relixiosos) e que provocou máis de 50.000 mortos [DOC. 11].
- ◆ As organizacións sindicais (CNT e UGT) promoveron un **proceso de colectivización** da economía. Na agricultura, este incidiu especialmente nas rexións latifundistas (Andalucía, Extremadura, A Mancha) pero tamén en Murcia e Aragón. Creáronse máis de 1.600 colectividades, que agrupaban máis de 3.000.000 campesiños cuns 5.000.000 Ha. Tamén afectou significativamente á industria, o comercio e os servizos públicos, sobre todo en Cataluña, onde a CNT mantiña unha sólida implantación. A dirección das empresas foi asumida en moitos casos por comités obreiros elixidos polos traballadores.

DOC. 4: Comunicado do Consello de Defensa Nacional xustificando o golpe de Estado do coronel Casado (4-III-1936).

Como revolucionarios, como proletarios, como españois, como antifascistas non podemos seguir soportando a imprudencia e falta de planificación do goberno do doutor Negrín [...] Non podemos tolerar unha situación na que se esixe á poboación que resista encarnizadamente mentres continúan os preparativos para unha fuxida cómoda e proveitosa [...] Os que nos apoiemos á política de resistencia ofrecemos a seguridade de que ningún dos que deberían quedarse en España sairá do país antes de que o fagan os que desexen marcharse [...]

DOC. 5: A revolución social na España republicana segundo os historiadores Broué e Teminé (1977)

Barcelona non só ofrecía o aspecto dunha cidade poboada exclusivamente por obreiros, senón o dunha cidade na que os obreiros tiñan o poder: se lles vía por todas partes, nas rúas, ante os edificios, camiñando polas Ramblas, co fusil en bandoleira, a pistola ao cinto e roupas de traballo [...] En Barcelona desapareceron das rúas os sombreiros de feltro, símbolos de status da burguesía. Os restaurantes de luxo ou foron colectivizados ou incautados polos empregados. Os clientes ceaban en mangas de camisa e a dirección obreira abolía as propinas. Tódolos obreiros levaban armas, máis importantes como símbolo de emancipación que como tales armas [...].

Papel-moeda emitida por unha colectividade obreira promovida conxuntamente pola UGT e a CNT.



Por Passquij [CC-BY-SA-4.0], dende Wikimedia Commons

A reconstrución do Estado republicano.

Nestas condicións, a España republicana non podía facer fronte ás tropas nacionais. Facíase necesaria a súa reconstrucción política, militar e económica.

- ◆ Os **gobiernos do socialista F. Largo Caballero** (setembro 1936-maio 1937), formados por representantes de tódolos partidos da Fronte Popular e da CNT, comezaron este labor. As xuntas e comités revolucionarios foron disoltos e substituídos por **consellos municipais e provinciais** con representantes de tódolos grupos leais á República. Coa creación dos **tribunais populares**, tratouse de limitar e controlar a desordenada represión popular. Comezou a **militarización das milicias** forzando a súa integración nas recién creadas **brigadas mixtas**. Estableceuse o **control estatal do Banco de España** para poder dispoñer dos seus recursos.

DOC. 6: O debate guerra/revolución na zona republicana (xuño de 1936).

Primeiro debemos gañar a guerra e logo xa poderemos falar de revolución..

Discurso de Largo Caballero, 30-X-1936.

Quede ben entendido que non estamos loitando pola república democrática. Estamos loitando polo triunfo da revolución proletaria. A revolución e a guerra son inseparables. Todo o que se diga en sentido contrario é contrarrevolución reformista.

Boletín de Información de la CNT-FAI, I-1937.

O cumprimento desta tarefa esixe a absorción completa dos restos que aínda subsisten de unidades militares espontáneas, milicias sindicais e de partido, nas unidades disciplinadas, orgánicas do exército único [...] Férrea disciplina revolucionaria de guerra.

Resolución do Pleno do PCE, V-1937.

DOC. 7: Os sucesos de maio de 1937 segundo unha resolución do Comité Central do POUM (V-1937).

A contrarrevolución ten un plan. Os reformistas do PSUC chamárono "Plan da Vitoria". Etapas deste plan son os feitos que se sucederon ultimamente [...] Desarme dos traballadores en medio da rúa. Xa onte pola tarde, asalto armado ao edificio da Telefónica da Praza de Cataluña [...] Preparativos do ataque a fondo contra as conquistas da revolución. Pero a resposta proletaria non puido ser máis contundente. Miles de traballadores saíron á rúa coas armas baixo o brazo. As fábricas, os obradoiros, os almacéns pararon a produción. As barricadas da liberdade volveron xurdir en tódolos lugares da cidade.

A conxelación do proceso revolucionario, apoiada polos partidos republicanos, a maioría do PSOE-UGT e polo PCE, chocou inevitablemente coa CNT e os seus aliados do POUM [DOC. 6]. A confrontación chegou ó seu punto culminante nos **sucesos de maio de 1937** en Barcelona. Tras graves enfrontamentos armados, que custaron máis de 400 vidas, as forzas de seguridade do goberno central e a Generalitat acabaron coa resistencia da CNT e do POUM [DOC. 7]. A crise contribuíu á caída de Largo Caballero, responsabilizado tamén da negativa marcha das operacións militares para a República.

- ◆ Os **gobiernos encabezados polo socialista J. Negrín** (maio 1937-marzo 1939) profundaron na reconstrución do Estado republicano. Fortaleceron a autoridade do Estado e do goberno central, o cal provocou conflitos coa Generalitat catalá. As colectividades obreiras e campesiñas e o Consello de Aragón foron disoltos. Culminou o proceso de organización do Exército Popular Republicano.

Baixo os gobernos de Negrín, o PCE, e a súa organización catalana, o PSUC, adquiriron un papel cada vez maior. Explícano o apoio da URSS á República, o modelo de orde e disciplina que ofrecía partido e o crecemento das súas organizacións.

Malia a negativa evolución das hostilidades, Negrín e os comunistas persistiron ata o final nunha **política de resistencia a ultranza** coa esperanza de que o escenario internacional evolucionase favorablemente para os intereses da República. Tal non aconteceu.

A España nacional

Na zona controlada polos sublevados, asistiuse durante a guerra á xénese dun réxime ditatorial encabezado polo xeneral Franco e a unificación de tódalas forzas políticas e sociais que apoiaron a rebelión militar coa Igrexa católica e o Exército como principais elementos aglutinantes.

A concentración do poder en mans do xeneral Franco.

Os xenerais participantes no golpe de Estado carecían dun proxecto político definido máis alá dun claro autoritarismo. A morte de Sanjurjo en accidente aéreo ó comezo da guerra deixounos sen un líder claro. Para coordinar a súa actuación, os mandos rebeldes crearon en xullo de 1936 unha **Xunta de Defensa Nacional** presidida polo xeneral Cabanellas. Franco manobrou habilmente ata conseguir a súa proclamación pola Xunta como **Xeneralísimo dos Exércitos e Xefe do Estado** (1-X-1936) [DOC. 8]. Con isto, ficaba nas súas mans concentrado todo o poder executivo e lexislativo da zona nacional. Baixo a súa presidencia establecíase en Burgos unha **Xunta Técnica**, xermolo do futuro Consello de Ministros, instituído en xaneiro de 1938.

Os apoios do novo réxime:

- ◆ O **partido único**, FET-JONS, naceu da progresiva concentración das forzas políticas antirrepublicanas (fascistas, católicos, conservadores, monárquicos alfonsinos, carlistas). Este proceso culminaría co chamado decreto de unificación (xullo 1937), que significou a fusión da fascista FE-JONS cos carlistas da CT baixo o liderado de Franco, convertido en Xefe Nacional do partido e Caudillo [DOC. 9].
- ◆ O **Exército**, convertido na columna vertebral do Novo Estado.

DOC. 8: Nomeamento de Franco como xefe de Estado no Boletín de la Junta de Defensa Nacional de España (31-IX-1936).

Art. 1º. En cumprimento do acordo adoptado pola Xunta de Defensa Nacional, noméase Xefe do Goberno do Estado Español ao Excmo. Sr. Xeneral de División don Francisco Franco Bahamonde, quen asumirá tódolos poderes do novo Estado

Art. 2º. É nomeado, así mesmo, Xeneralísimo das forzas nacionais de terra, mar e aire e confíreselle o cargo de Xeneral Xefe dos exércitos de operacións.

DOC. 9: Decreto de Unificación (B.O.E., 28-IV-1937)

Art. 1º. A Falanxe Española e Requetés, cos seus actuais servizos e elementos, intégranse baixo a Miña Xefatura, nunha soa entidade política de carácter nacional, que polo de agora denominarase Falanxe Española Tradicionalista e das Xuntas de Ofensiva Nacional-Sindicalista.[...]

Son orixinariamente, e por propio dereito, afiliados á nova organización tódolos que o día da publicación deste Decreto posúan o carné de Falanxe Española ou da Comunión Tradicionalista e poderán selo, previa admisión, os españois que o soliciten. Quedan disoltas as demais organizacións e partidos políticos [...]

Art. 3º. Quedan fundidas en unha sola Milicia Nacional las de Falange Española y de Requetés, conservando sus emblemas y signos exteriores [...]

La Milicia Nacional es auxiliar del Ejército. El Jefe del Estado es Jefe Supremo de la Milicia. Será jefe directo un general del Ejército.

Salamanca, 19 de abril de 1937.

DOC. 10: Carta colectiva do Episcopado Español expresando o seu apoio á España nacional (1-VII-1937).

Afirmamos, ante todo, que esta guerra foi provocada pola temeridade, os erros, talvez a malicia ou a covardía de quen puideron evitala gobernando á nación conforme á xustiza [...]

Foron os lexisladores de 1931 e, logo, o poder executivo do Estado coas súas prácticas de goberno, os que se empeñaron en torcer bruscamente a ruta da nosa historia nun sentido totalmente contrario á natureza e ás esixencias do espírito nacional, e especialmente opostas ao sentir relixioso predominante no país. A Constitución e as leis laicas que desenvolveron o seu espírito foron un ataque violento e continuado á conciencia nacional[...]

Afirmamos que o levantamento cívico-militar tivo no fondo da conciencia popular un dobre arraigo: o do sentimento patriótico, que veu nel o único xeito de levantar España e evitar a súa ruína definitiva; e o sentimento relixioso, que o considerou como a forza que debía reducir á impotencia aos inimigos de Deus, e como garantía da continuidade da súa fe e da práctica da súa relixión.

A guerra é, pois, un plebiscito armada. A loita branca dos comicios de febreiro de 1936, nos que a falla de conciencia política do Goberno nacional deu arbitrariamente ás forzas revolucionarias un triunfo que non acadaron nas urnas, transformouse pola contenda cívico-militar, na loita cruenta dun pobo partido en dúas tendencias: a espiritual, do lado dos sublevados, que saíu en defensa da orde, da paz social, a civilización tradicional e patria e, moi evidentemente, para un gran sector, para defensa da relixión; da outra parte, a materialista, chámese marxista, comunista ou anarquista, que quixo substituír a vella civilización de España [...] pola novísima "civilización" dos soviets rusos.

- ◆ A **Igrexa católica** prestaría dende un primeiro momento un respaldo case unánime á rebelión militar. A *Carta Colectiva do Episcopado Español* de xullo de 1937, lexitimaba a rebelión militar cualificándoa de *crucada* de liberación contra o mal, representado na República materialista e atea [DOC. 10].
- ◆ As súas **bases sociais** incluían tanto á oligarquía agraria e financeira do país, como a amplos sectores do pequeno e mediano campesiñado e das clases medias urbanas identificados co catolicismo e coa defensa da orde social e da propiedade privada.

A represión.

O bando franquista levou a cabo unha ampla represión política e social (preto de 100.000 mortos, centos de miles de presos). O terror converteuse en instrumento esencial no asentamento do novo réxime. [DOC. 11] Ao comezo da guerra, a represión tivo un carácter brutal e indiscriminado: militares, garda civil e membros das organizacións que apoiaron a rebelión perseguiron, pasearon e asasinaron a autoridades republicanas, militantes esquerdistas e a militares e membros das forzas da orde leais á República. Máis tarde, a represión fíxose máis selectiva e revestíuse dun remedo de legalidade: xuízos sumarísimos, execucións, depuración política de funcionarios e mestres.... Tales accións perdurarían na inmediata posguerra, que sumaría outros 50.000 executados e máis de 250.000 presos.

Unha política contrarrevolucionaria

A acción política do novo Estado estivo dirixida á defensa dos valores tradicionais (orde, propiedade, catolicismo) fronte ó que representaba a República:

- ◆ Facilitouse a recuperación polos seus antigos propietarios dos bens expropiados ou incautados dende febreiro de 1936.
- ◆ As liberdades políticas foron suprimidas e tódolos partidos, agás FET-JONS, e organizacións sindicais, agás a falanxista CONS, ilegalizadas. O seu patrimonio foi incautado e pasou a propiedade das organizacións falanxistas ou dos seus adeptos.
- ◆ A lexislación laica republicana foi derogada e as mulleres perderon boa parte dos seus dereitos civís.
- ◆ A educación e a cultura foron sometidas estritamente ós principios e valores do réxime.

DOC. 11: Descrición da brutal represión exercida polos dous bandos en Baena (FRASER, R.: *Recuérdalo tú y recuérdalo a otros*, 1979).

Baena era unha gran poboación agrícola típica da Andalucía latifundista. O 19 de xullo, o tenente da Garda Civil, seguindo as ordes do gobernador militar de Córdoba, proclamou a lei marcial [...] Aquela noite, os 90 garda civís e os paisanos que apoiaba o levantamento comezaron a fortificarse na parte alta da cidade [...] Non tardaron moito en verse atacados. Cando os xornaleiros se encontraron con que o fogo dos defensores lles impedía avanzar [...] abríron furados nas paredes interiores das casas e comezaron o ascenso [...] Eran moi poucos os que tiñan armas de fogo [...] No convento de San Francisco [...] tiñan encerradas como reféns a moitas das esposas, fillos e parentes dos dereitistas situados. Despois de cinco días de loita, os xornaleiros chegaron ao cumio e prenderon lume á igrexa, pero un ataque con granadas fixo retroceder [...] A empurróns uns homes conducían a un cura rúa abaixo [...] Levárono a San Francisco, onde volveron pegarlle un tiro e logo queimárono. "Por que mataron ao cura? Porque os curas estaban unidos aos ricos [...] Nada sabían da vida que levaban os xornaleiros" [...] Tamén mataron a unha dúcia dos ricos da cidade. "E tiñan toda a razón para matalos, xa que eran os máis severos entre os terratenentes dereitistas [...] aos que os xornaleiros debían acudir, gorra en man, a pedir traballo". Tras nove días de loita [...] os defensores viron que nos altos da serra aparecían tropas marroquís, lexionarios e gardas civís [...] Acurralaron aos xornaleiros e conducíronos á praza [...]. "Os mouros fusilaron aos homes [...] Na praza poida que unha dúcia ou algo así. Aos demais, conta Manuel Castro, leváronos ao muro do cemiterio. Conteí sete camións, cada un con 8 ou 10 homes. En total fusilaron a uns 100". As represalias foron fulminantes. Aquela noite, sabendo que todo estaba perdido, os [...] que quedaban no convento de San Francisco [...] deron morte aos seus reféns. Foi unha masacre indescribible. Mataron a 81 persoas, incluíndo mulleres e nenos.

As dimensións internacionais do conflito.

A guerra civil estourou en vésperas da segunda guerra mundial. A escalada de agresións das potencias fascistas que liquidaría o sistema de seguridade colectiva creado arredor da Sociedade

de Nacións acababa de comezar. Gran Bretaña e Francia responderan cunha ineficaz política de *appeasement*. A URSS de Stalin recuperaba o posto que Rusia tivera entre as grandes potencias ata a Gran Guerra. Neste contexto, a guerra de España había de ter importantes implicacións internacionais que habían xogar un papel considerable no desenvolvemento e no resultado final do conflito.

A actitude das democracias occidentais.

Nun primeiro momento, o goberno francés da Fronte Popular prestou un limitado apoio á República. Logo aliñárase con Gran Bretaña nunha **política de non inxerencia e neutralidade** no conflito español. En setembro de 1936, ambas potencias promoveron o **Comité de Non Intervención**, ó que formalmente se adherirían Bélxica, Alemaña, Italia, a URSS e Portugal [DOC. 12]. Na práctica, a non intervención significou que as democracias europeas abandonaron á súa sorte á República española e dificultaron notablemente a procura de subministracións no mercado internacional.

Nos EE.UU., o goberno de Roosevelt declarou a súa neutralidade no conflito. Sen embargo, algunhas grandes empresas norteamericanas subministrarían regularmente petróleo (TEXACO) e vehículos (FORD, GM) aos rebeldes durante o conflito.

Os apoios internacionais á España republicana.

Dada a actitude das democracias occidentais, os apoios exteriores da República víronse moi reducidos. O **goberno mexicano** do presidente Lázaro Cárdenas prestou unha valiosa colaboración diplomática e mandou algún armamento lixeiro. Pero moito máis importante sería o apoio da **URSS**. Este consistiu no envío de instrutores militares (uns 2.000) e na entrega masiva de subministros e material bélico. Non obstante, esta axuda houbo de ser pagada ó efectivo e ó contado recurrido ás reservas do Banco de España (o ouro de Moscova).

Ademáis, baixo a orientación soviética, a Internacional Comunista organizou o recrutamento de voluntarios estranxeiros, maioritariamente comunistas, para combater en España. Entre 1936 e 1938, uns 35.000 voluntarios alistáronse nas chamadas **Brigadas Internacionais**, aínda que só **uns 20.000** loitaron ao mesmo tempo a carón das forzas republicanas. [DOC. 13]

A guerra de España tivo tamén un importante contido ideolóxico. A loita contra o fascismo mobilizou o apoio e a solidariedade coa República de numerosas personalidades do mundo da cultura (A. Einstein, M. Dietrich, T. Mann, W. Faulkner, J. Dos Passos, G. Orwell, A. Malraux, O.

DOC. 12: Nota do ministro francés de Asuntos Exteriores, I. Delbos, ao embaixador británico en París, G. Clark, comunicando a posición do seu goberno a favor da non intervención na guerra civil española (15-VIII-1936).

O Goberno da República Francesa, deplorando os trágicos acontecementos que teñen España como teatro, decidido a absterse rigorosamente de calquera inxerencia directa ou indirecta nos asuntos internos deste país, animado pola vontade de evitar calquera complicación prexudicial e o mantemento das boas relacións entre os pobos, declara o seguinte:

- 1.-O Goberno francés prohibe [...] a exportación directa ou indirecta, a reexportación e tránsito con destino a España, ás posesións españolas e á zona española en Marrocos, de tódalas armas, munições e material de guerra [...].
- 2.-Esta prohibición aplícase aos contratos en curso de execución.
- 3.-O Goberno francés terá informado aos outros Gobernos participantes deste acordo tódalas medidas que tome para facer efectiva a presente declaración.

O Goberno francés [...] porá en execución esta declaración tan pronto se adhira a ela os Gobernos británico, alemán, italiano, soviético e portugués [...]

DOC. 13: Manifesto da 12ª Brigada Internacional (20-IX-1936).

Pobo de Madrid! Presentámosvos a un novo amigo voso: a 12ª Brigada Internacional. Xa tomou parte en varias accións serias, loitando con bastantes dificultades [...] A nosa columna encóntrase agora preto do corazón do mundo, que es ti, Madrid, valente e libre. Incorporámonos hoxe aos defensores de Madrid, formando, baixo o mando do xeneral Kléber, a unha nova unidade de combate coa 11ª Brigada, que dende hai xa uns días constitúe unha parte do cinto de aceiro que defende Madrid. Viñemos de tódolos países de Europa, ás veces contra a opinión dos nosos gobernos, pero sempre co aplauso dos traballadores. Como representantes seus saudamos ao pobo español, dende as nosas trincheiras, arma ao brazo[...] Saúde, camaradas!

Paz). En 1937, moitas delas asistirían en Valencia ao **Congreso Internacional de Intelectuais Antifascistas**, aínda celebrado baixo a presidencia de Antonio Machado.

Os apoios internacionais á España nacional.

En xullo de 1936 o envío de material aéreo alemán e italiano aos militares rebeldes posibilitou o rápido traslado de unidades do Exército de África dende as terras do Protectorado ata Andalucía [DOC. 14]. Dende aquela, o regular aporte por parte de **Italia e Alemaña** de armas, financiamento e homes, tanto instrutores como combatentes (78.000 italianos do *Corpo de Tropas Voluntarias*, 19.000 alemáns da *Lexión Cóndor*) foi moi valioso, poida que decisivo, para a vitoria dos sublevados.

A estes efectivos hai que engadir os soldados indíxenas recrutados no Protectorado: case 70.000 marroquís combateron no bando franquista. Por outra banda, o **Portugal** de Salazar prestoulles aos sublevados unha importante colaboración propagandista, diplomática e loxística: a través do territorio portugués chegaron para o goberno de Burgos, librándose da fiscalización do Comité de Non Intervención, cantidades inxentes de material e numerosos combatentes, entre eles os voluntarios portugueses (máis de 5.000 viriatos). Loitaron tamén coas tropas franquistas pequenos continxentes de voluntarios doutras procedencias (franceses, irlandeses, rusos brancos, etc.)

Só unha reducida nómina de intelectuais fascistas, ultraconservadores e católicos (P.Claudel, Ch.Maurras, E.Pound) declararon publicamente o seu apoio á España nacional durante o conflito.

DOC. 14 Telegrama do Encargado de Negocios da Embaixada alemana en Lisboa ao Ministerio de Asuntos Exteriores do seu país sobre o envío de material ao bando nacional (26-VII-1936).

O representante do consorcio alemán [da industria aeronáutica] pide que se transmita o que segue a Killinger: Velaquí as propostas concretas que recibimos do goberno militar de Burgos: en nome do noso común interese anticomunista, pedimos que envío o máis pronto posible a Zaragoza ou a Burgos polo menos dez aparatos de transporte Junkers, así como aparatos de bombardeo ata completar, se é posible, a suma de 20 unidades, se é preciso mediante a simulación dun contrato de venda portugués, caso no que os avións efectuarían primeiro unha aterraxe forzosa en Burgos, e logo recibirían do comprador orde de permanecer en Burgos por pago dos mesmos en Sevilla. Respondo da aceptación polos ingleses dunha proposta deste tipo atinxinte a avións de transporte. Os españois seguen a manter que a ruta Xénova-Burgos é viable, dado que os italianos subministraría tamén material. As negociacións arriba referidas tiveron lugar no domicilio privado do axudante de campo do Xefe do Estado portugués. Rogo que me faga chegar, polo menos, algún tipo de resposta inmediata.

Os efectos da guerra.

A guerra civil tivo efectos moi intensos e persistentes sobre a sociedade española. Algunhas das súas consecuencias seguen sen superarse como amosa o preito político actual arredor da chamada *memoria histórica*.

Consecuencias demográficas.

As mortes atribuíbles ao conflito superan as 500.000, sumando as provocadas polos combates (160.000), pola represión nas respectivas retagardas (máis de 155.000) e polas penalidades derivadas da guerra (unhas 170.000). A estas cifras habería que engadir os máis de 50.000 executados polo réxime franquista na inmediata posguerra.

O éxodo provocado pola derrota deixou unha fonda pegada. Coa caída de Cataluña, uns 450.000 refuxiado chegaron a Francia. Uns 200.000 volverían nos meses seguintes, moitos deles sufrirían a persecución franquista.

A guerra produciu, ademais, unha significativa caída da natalidade. Esta non recuperaría ata comezos dos anos 1950 os niveis de preguerra.

Non houbo *un millón de mortos*, pero as perdas demográficas derivadas da guerra civil igual se achegaron a esa cifra.

Consecuencias económicas.

A guerra, máis as erradas orientacións da política económica franquista durante a inmediata posguerra, provocaron unha radical ruptura nos avances da economía española durante o primeiro tercio do século XX. As cifras globais de produción de 1935 non se recuperaron ata os anos 1950 e os niveis de consumo de preguerra non se volverían acadar ata a década de 1960. Entre as causas deste retroceso atribuíbles directamente ao conflito habería que sinalar:

- ◆ Unha notable **reducción da poboación activa**, cifrada nunhas 500.000 persoas.
- ◆ As considerables **destrucións materiais** provocadas polas accións bélicas: unhas 500.000 vivendas, a metade do material ferroviario existente en 1935, un terzo da tonelaxe da mariña mercante, numerosas infraestruturas de transporte e comunicación e fábricas, cabezas de gando, áreas de cultivo...
- ◆ A **perda dun valioso capital humano** por mor do exilio e a represión.
- ◆ A **fame negra** da inmediata posguerra (1939-42), atribuída polo réxime á *pertinaz sequía* e ás malas colleitas, deixaría unha imborrable lembranza de escaseza, racionamento, *estraperlo* e arbitrariedade nas xeracións que a viviron.

Consecuencias políticas.

A fin da guerra civil significou a **destrución da democracia republicana** e a súa substitución por un réxime autoritario, a **ditadura franquista**, que había prolongarse durante case 40 anos. A vitoria dos sublevados non significou a paz nin a reconstrución nacional. A **represión sobre os derrotados** incluíu penas de prisión e morte pero tamén a persecución, a depuración e/ou expulsión da función pública, multas, confiscacións, etc. Por identificación coa causa antirrepublicana, por medo, por vinganza, por desexo de medrar, unha parte importante da poboación colaborou na represión. Non houbo intención de reconciliación, senón todo o contrario.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ALFEIRÁN, X. et al.: *Historia de España 2º Bach*, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
- ALVÁREZ REY, L. et. al.: *Historia de España. 2ª Bacharelato. Aula 3D*, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
- CASANOVA, J.; GIL ANDRES, C.: *Breve historia de España en el siglo XX*, Barcelona, Editorial Ariel, 2012.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: *Historia de España 2º Bachillerato*, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- FUSI, J.P.; PALAFOX, J.: *España, 1808-1996: El desafío de la modernidad*, Madrid, Espasa, 2000.
- GIL ANDRÉS, C.: *50 cosas que hay que saber sobre Historia de España*, Barcelona, Editorial Ariel, 2016.
- GIL PECHARROMÁN, J.: *Historia de la Segunda República Española (1931-1936)*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2002.
- GONZÁLEZ CALLEJA, E. et al.: *La Segunda República Española*, Barcelona, Pasado y Presente, 2015.
- JULIÁ, S. (coord.): *República y Guerra en España (1931-1939)*, Madrid, Espasa, 2006.
- SHUBERT, A.; ÁLVAREZ JUNCO, J. (eds.): *Nueva historia de la España contemporánea (1808-2018)*, Madrid, Galaxia Gutenberg, 2018.
- VV.AA.: *Historia de España*, Madrid, Ed. Santillana, 2004.

O franquismo.

Caracterización e proceso de institucionalización.

A vitoria dos sublevados na guerra civil significou a liquidación da democracia republicana e a instauración dun réxime autoritario encabezado polo xeneral Franco. A ditadura franquista foi quen de adaptarse ás cambiantes circunstancias e sobrevivir para dirixir os destinos do Estado durante case 40 anos.

Trazos do réxime franquista.

Os vencedores na guerra civil pretenderon establecer un Estado forte e centralizado que garantise a unidade de España contra os separatismos e a orde social, definida consonte á doutrina social da Igrexa e ao ideario fascista da Falanxe, conta a ameaza comunista. Cumpríalle a defensa da verdadeira tradición española contra os influxos estranxeirizantes da Ilustración, o liberalismo, a masonería e o comunismo [DOC. 1].

O franquismo presentou notables semellanzas cos réximes fascistas, ben visibles sobre todo nos seus comezos, pero foi esencialmente unha **ditadura militar, conservadora e católica** caracterizada por:

- ◆ A **concentración do poder en mans do xeneral Franco**, o Caudillo, Xefe do Estado e do Goberno, Xeneralísimo dos Exércitos e Xefe Nacional do partido único FET-JONS.
- ◆ Un **forte carácter represivo** que, aínda que con intensidade desigual, se mantivo ao longo dos 40 anos que perdurou.
- ◆ Unha considerable **capacidade de adaptación** tanto ás circunstancias internacionais como aos cambios socioeconómicos experimentados polo país.
- ◆ Unha **tardía e incompleta institucionalización**: o franquismo non contaría cun único texto constitucional senón cunha suma de leis fundamentais.
- ◆ A **coexistencia de diferentes familias** dentro do réxime: militares, falanxistas, católicos, tecnócratas do *Opus Dei*, monárquicos [DOC. 2].

Franco e a súa muller chegando a un acto relixioso en Donosti (1941)



por Vicente Martín, [Kutxa Fototeka](#) [CC-BY-SA-3.0], dende [Wikimedia Commons](#)

DOC. 1: Discurso de Franco conmemorando o Glorioso Alzamento Nacional (18-VII-1938).

*Correspóndenos a paladinaxe dunha fe, unha civilización e unha cultura gravemente ameazados polos principios roxo-comunistas [...]
Á irresponsabilidade política dos partidos liberais, sucede a unidade da nosa Cruzada, organicamente constituída; a un estado neutro e sen ideais, substitúeo o misional e totalitario, que orienta ao pobo sinalándolle o camiño [...].
Hai que soldar ao pobo, dividido polos partidos, hai que unir medio século de separacións; hai que borrar os prexuízos da loita de clases [...] hai que elevar os principios do movemento.*

DOC. 2: As familias políticas do franquismo segundo o ex-falanxista Dionisio Ridruejo (*Escrito en España*, 1962).

Os grupos económicos atribúense con toda tranquilidade o seu lote de soberanía. A Igrexa tomaría o seu. O exército -aínda que oficialmente incluído, home a home, no partido único- absorbería a súa proporción, exercendo o control dos instrumentos executivos e quedaría constituído en forza básica e arbitral. O partido único proporcionaría o persoal político e político y representaría docilmente o papel do pobo na función [...]. Pola súa banda, o poder persoal, establecido como clave de arco [...] impregnárase nunha camarilla reclutada entre os máis fieis [...]. En rigor, a guerra non producira poderes novos. Máis ben, repuxo no seu sitio, libres de coidados, aos poderes antigos, destruíndo aquilo que noutro os ameazaba.

- ◆ Un **considerable apoio social**: a coalición reaccionaria que respaldara o golpe de Estado e o bando sublevado durante a guerra civil (oligarquía agraria e financeira, pequeno e mediano campesiñado e clases medias católicas) engadíronse a nova burguesía e clases medias beneficiadas polo réxime. A represión, o adoutramento e, dende os anos 1960, a prosperidade económica contribuíron a asegurar o asentimento pasivo ou ao apoio activo entre importantes sectores populares. O exército, considerado a columna vertebral do Estado, e a Igrexa permaneceríanlle maioritariamente fieis case ata a fin.

Evolución político-institucional da ditadura.

As circunstancias internacionais, os equilibrios entre as familias do réxime e os fitos no proceso de institucionalización da ditadura permiten distinguir na evolución do réxime franquista distintas etapas:

A ditadura totalitaria (1939-45).

Ao remate da guerra civil, a Falanxe e os elementos fascistas acadaron o seu máximo influxo na ditadura. Serrano Suñer (o *cuñadísimo*), ministro da Gobernación entre 1938 e 1940, presidente da Xunta Política de FET-JONS dende 1939 e ministro de Exteriores a partir de 1940, converteuse na figura clave do goberno. Mentres, a preeminencia da Falanxe, que se achegaba ao millón de afiliados en 1942, facíase ben perceptible en diversos ámbitos:

- ◆ A **declaración de España como Estado nacional-sindicalista** na primeira das leis fundamentais, o *Fuero del Trabajo* (1938) [DOC. 3].
- ◆ A **adopción polo Estado dos símbolos falanxistas**: saúdo romano, himno, bandeira, camisa azul...
- ◆ A **conversión das organizacións falanxistas** (*Frente de Juventudes*, *Sección Femenina*, *Sindicato de Estudiantes Universitarios*) en institucións oficiais.
- ◆ O **control de importantes áreas de poder**: o aparato de propaganda do réxime (prensa, radio, NO-DO); a Organización Sindical, unha estrutura corporativa creada en 1940 que integraba aos chamados sindicatos verticais [DOC. 4.], as administracións locais...



Ramón Serrano Suñer en Berlín (1940), acompañando de xerarcas nazis, entre eles Heinrich Himmler

[Narodowe Archiwum Cyfrowe](#) [Dominio público], dende [Wikimedia Commons](#)

DOC. 3: Preámbulo do *Fuero del Trabajo* (1938).

Renovando a Tradición Católica de xustiza social e alto sentido humano que informou a nosa lexislación do Imperio, o Estado Nacional, en canto é instrumento ao servizo da integridade patria, e Sindicalista en canto representa unha reacción contra o capitalismo liberal e contra o materialismo marxista, emprende a tarefa de realizar - con aire militar, construtivo e gravemente relixioso - a Revolución que España ten pendente e que ha devolver aos españois, dunha vez para sempre, a Patria, o Pan e a Xustiza.[...]

DOC. 4: Lei de Unidade Sindical (1940).

Tres son os principios que inspiran a Organización Nacional-Sindicalista prevista polo Foro do Traballo, reflexo fiel da organización política do Novo Estado, a saber: unidade, totalidade e xerarquía. Haberá, logo, segundo precepto do Foro, unha soa orde de sindicatos, nos cales serán encadrados todos os factores da economía por ramas de produción ou servizos.

Art. 1. A Organización Sindical de FET-JONS é a única recoñecida con personalidade suficiente polo Estado, que non admitirá a existencia de ningunha outra con fins análogos ou semellantes.

Despedida da División Azul en Madrid (1941)



por Martín Santos Yubero [CC-BY-SA-2.0], dende [Recuerdos de Pandora](#), Flickr

- ◆ Unha **política exterior de amizade e cooperación coas potencias do Eixo**: a España de Franco adheriuse ao *Pacto Antikomintern* (1939), pasou da neutralidade á non belixerancia na guerra mundial (1940), enviou a División Azul (1941) para colaborar coas tropas alemáns na fronte rusa, asegurou a subministración de materias estratéxicas (o wolfram, por exemplo)... Sen embargo, a decisión de intervir no conflito, explorada dende a entrevista entre Franco e Hitler en Hendaia (1940) foi adiada. As contrapartidas esixidas por Franco foron consideradas excesivas pola Alemaña nazi e os seus aliados, especialmente os británicos, traballaron intensamente para impedi-lo.

A partir de 1942, o influxo falanxista decaeu e Serrano Suñer foi apartado. O **descontento das outras familias políticas do réxime** (militares, católicos, monárquicos...) era palpable: en 1942, diversas personalidades, incluídos numerosos xenerais, manifestáronse a prol da restauración monárquica; os desencontros entre carlistas e falanxistas dentro do partido único culminaron no *incidente de Begoña*, aproveitado por Franco para cesar a Serrano Suñer e ao monárquico xeneral Varela, ministro do Exército. As **derrotas do Eixo e a crecente presión anglo-norteamericana** sobre o goberno español obrigaron a rectificar en política exterior rompendo paseniñamente as ligazóns coa Alemaña nazi. En 1943 retornouse á neutralidade e a División Azul foi retirada da fronte oriental.

A ditadura nacional-católica (1945-57).

Os trazos fascizantes do réxime e as súas boas relacións co Eixo conduciron tras a vitoria aliada ao seu **illamento internacional**. Ao peche da fronteira francesa, seguiu a condena oficial pola ONU e a retirada de embaixadores en 1946. Consciente dos perigos que a situación entrañaba, a ditadura veuse obrigada a emprender algúns cambios tanto no interior como no exterior.

En **política interna** diluíronse os trazos e maneiras máis claramente fascistas do réxime. Os falanxistas perderon preso no goberno en favor dos católicos, a presenza pública dos seus símbolos reduciuse mentres se subliñaba a **significación tradicional e católica** do réxime. Introducíronse tamén certas **mudanzas institucionais**, máis cosméticas ca outra cousa, para darlle unha imaxe máis aceptable:

- ◆ A **Lei Constitutiva das Cortes** (1942) restablecía as Cortes do Reino como órgano consultivo formado por membros

DOC. 5: *Fuero de los Españoles* (1945).

- Art. 1. O Estado Español proclama como principio rector dos seus actos o respecto á dignidade, á integridade e á liberdade da persoa humana recoñecendo ao home, en canto portador de valores eternos e membro da comunidade nacional, titular de deberes e dereitos [...]
- Art. 2.-Os españois deben servizo fiel á Patria, lealdade ao Xefe do Estado e obediencia ás leis [...]
- Art. 6.-A profesión e a práctica da relixión católica, que é a do Estado Español, gozará da protección oficial. Ninguén será molestado polas súas crenzas relixiosas nin polo exercicio privado do seu culto. Non se permitirán outras cerimoniais nin manifestacións externas cás da relixión católica[...]
- Art. 10.-Tódolos españois teñen dereito a participar nas funcións públicas de carácter representativo, a través da familia, o municipio e o sindicato [...]
- Art. 12.-Todo español poderá expresar libremente as súas ideas mentres non atente contra os principios fundamentais do Estado.

DOC. 6: *Lei de Sucesión á Xefatura do Estado* (1947).

- Art. 1. España, como unidade política, é un Estado católico, social e representativo que, consonte á súa tradición, declárase constituído como reino.
- Art. 2. A Xefatura do Estado corresponde ao Caudillo de España e da Cruzada, Xeneralísimo dos Exércitos don Francisco Franco Bahamonde [...]
- Art. 6. En calquera momento, o Xefe do Estado poderá propoñer ás Cortes a persoa que estime deba ser chamada un día a sucedelo [...]
- Art.9. Para exercer a Xefatura do Estado como rei ou rexente requirírase ser varón e español, ter cumprido a idade de trinta anos, profesar a relixión católica, posuír as cualidades necesarias para o desempeño da súa alta misión e xurar as Leis Fundamentais, así como lealdade aos principios que informan o Movemento Nacional.

DOC. 7: *Concordato coa Santa Sede* (1953).

- [...]A Relixión Católica, Apostólica e Romana segue a ser a única da Nación Española e gozará dos dereitos e prerrogativas que lle corresponden [...]. Os sacerdotes españois diariamente elevarán preces por España e polo Xefe do Estado.
- En tódolos centros docentes de calquera orde e grao, sexan estatais ou non, o ensino axustarase aos principios do dogma e da moral católica.

designados ou de elección corporativa (*familia, municipio, sindicato*), mal remedo dun auténtico parlamento.

- ◆ O **Fuero de los Españoles** (1945) incluía unha relación de dereitos individuais sometidos a tantas restricións e excepcións que os deixaba á discrecionalidade do goberno [DOC. 5]
- ◆ A **Lei de Referéndum Nacional** (1945) facultaba ao Xefe do Estado para someter a consulta popular as leis aprobadas polas Cortes.
- ◆ A **Lei de Sucesión** (1947) definía a España como Reino e convertía a Franco en Xefe de Estado vitalicio capacitándoo para designar ó seu sucesor a título de Rei. [DOC. 6]

En **política exterior**, o labor do católico ministro de Asuntos Exteriores, **Martín Artajo**, para romper o illamento exterior contou co valioso concurso da Igrexa, as boas relacións con algúns países árabes e latinoamericanos, singularmente da Arxentina peronista e, sobre todo, coa nova situación internacional marcada pola guerra fría. Todo isto posibilitou a retirada da condena formal pola ONU (1950), a volta dos embaixadores (1951) e o comezo das conversacións que culminarían en 1953 coa sinatura dun novo **Concordato co Vaticano** [DOC. 7] e dos **acordos bilaterais** cos EE.UU. [DOC. 8] O ingreso na ONU, votado en 1955, e a visita oficial do presidente estadounidense Eisenhower en 1959 confirmaron o reingreso de España na comunidade internacional.

A consolidación do réxime era innegable. Isto non quere dicir que non houbera problemas, como puxeron de relevo os que deron orixe á chamada **crise de 1956**:

- ◆ Os **violentos enfrontamentos entre estudantes universitarios e mozos falanxistas** en Madrid foron controlados pola policía pero afondaron o conflito entre católicos e falanxistas no seo do goberno. A raíz deles, Franco cesou os Ministros de Educación, o católico Ruiz Jiménez, e do Movemento, o falanxista Fernández Cuesta.
- ◆ Os **problemas económicos** (inflación, déficit exterior) desbocáronse colo colocando ao país ao borde da suspensión internacional de pagos.
- ◆ A **contestación obreira** reapareceu con forza no País Vasco, Cataluña e Asturias.

DOC. 8: Acordo hispano-norteamericano (1953).

Fronte ao perigo que ameaza ao mundo occidental, os gobernos dos EEUU e España, desexosos de contribuír ao mantemento da paz e da seguridade internacionais [...] conviron o seguinte.
Art. 1.-[...] Por parte dos EE.UU., o apoio do esforzo defensivo español, para os fins acordados mediante a concesión de asistencia a España en forma de subministración de material de guerra [...]

Art. 2.-[...] O Goberno de España autoriza ao Goberno dos EEUU [...] a desenvolver, mater e utilizar para fins militares, xuntamente co Goberno de España, aquelas zonas e instalacións [...] que se conveñan [...].

Visita oficial a Madrid do presidente dos EEUU D. Eisenhower (1959)



Us National Archives [Dominio público], dende Wikimedia Commons.

DOC. 9: Lei de Principios Fundamentais do Movemento Nacional (1958).

Eu, Francisco Franco, caudillo de España, consciente da miña responsabilidade ante Deus e ante a Historia, en presenza das Cortes do Reino, promulgo como Principios de Movemento Nacional, entendido como comunión dos españois nos ideais que deron vida á Cruzada, os seguintes:

1. España é unha unidade de destino no universal. O servizo á unidade, grandeza e liberdade da Patria, é deber sagrado e tódolos españois.
2. A Nación española considera como timbre de honra o acatamento da lei de Deus, segundo a doutrina da Santa Igrexa Católica Apostólica Romana, única verdadeira e fe inseparable da conciencia nacional, que inspire a súa lexislación.
3. España, raíe dunha gran familia de pobos, cos que se sente indisolublemente irmandada, aspira á instauración da xustiza e a paz entre as nacións.
4. A unidade entre os homes e as terras de España é intanxible. A integridade da Patria e a súa independencia son esixencias supremas da comunidade nacional. Os exércitos de España, garantía da súa seguridade e expresión das virtudes heroicas do noso pobo deberán posuír a fortaleza necesaria para o mellor servizo á Patria.[...]
6. As entidades naturais da vida social, familia, municipio e sindicatos, son estruturas básicas da comunidade nacional.[...]

- ◆ Francia concedeu unilateralmente a **independencia a Marrocos** (1956) o que obrigou a unha precipitada descolonización do protectorado español e a afrontar unha breve guerra no territorio de Ifni (1957).

A dictadura tecnocrática (1957-1969).

A **crise de 1956** saldouse coa formación dun novo goberno en febreiro de 1957 no que Franco incluíu, seguindo os consellos do almirante Carrero Blanco, a técnicos e profesionais pertencentes ao **Opus Dei** (Ullastres, Navarro Rubio, López Rodó...). O novo goberno pretendeu conciliar o inmovilismo político e modernización/liberalización económica e deixaría unha pegada considerable en diversos eidos:

- ◆ O **Plan de Estabilización** (1959) sentou as bases do rápido desenvolvemento económico dos anos 1960.
- ◆ Acometeuse unha ampla **reforma da administración pública** tendente a favorecer a súa profesionalización.
- ◆ A **Lei de Bases da Seguridade Social** (1963) ampliou notablemente a protección social (sanidade, pensións), aínda que esta quedou moi lonxe dos parámetros europeos contemporáneos.
- ◆ A **Lei Xeral de Educación** (1970) pretendeu estender a educación pública e reformar o sistema educativo en favor da modernización económica do país.
- ◆ Avanzouse no **proceso de institucionalización da ditadura**. Aínda que os falanxistas tentaron recuperar o protagonismo perdido a través dos proxectos do ministro-secretario xeral do Movemento José Luis Arrese, as novas leis fundamentais ían ir noutra dirección:
 - A **Lei de Principios do Movemento Nacional** (1958), contra as pretensións falanxistas, a penas modificou as estruturas políticas e insistiu na declaración monárquica, tradicional e católica do Estado [DOC. 9].

DOC. 10: A Lei Orgánica do Estado (1967).

[...] A estes fins corresponde a presente Lei, que vén a perfeccionar e encadrar nun harmónico sistema as institucións do Réxime, e a asegurar dun xeito eficaz para o futuro a fidelidade dos máis altos órganos do Estado aos Principios do Movemento Nacional.

Art.1. I.-O Estado español, constituído en Reino, é a suprema institución da Comunidade Nacional [...]

Art.3.-Son fins fundamentais do Estado: a defensa da unidade entre os homes e entre as terras de España; [...] a salvagarda do patrimonio espiritual e material dos españois; o amparo dos dereitos da persoa, da familia e da sociedade; e a promoción dunha orde social xusta na que todo o interese particular quede subordinado ao interese común. Todo isto baixo a inspiración e a máis estrita fidelidade aos Principios do Movemento Nacional promulgados pola lei fundamental de 17 de maio de 1958 [...]

Art.6.-O Xefe do Estado é o representante supremo da Nación; personifica a soberanía nacional; exerce o poder supremo político e administrativo [...]

Art. 13. I.-O Xefe do Estado dirixe a gobernanza do Reino por medio do Consello de Ministros.

II.-O Consello de Ministros, constituído polo Presidente do Goberno, o Vicepresidente ou Vicepresidentes, se os houber, e os Ministros, é o órgano que determina a política nacional [...].

Proclamación de Juan Carlos como sucesor á Xefatura do Estado ante Franco e as Cortes (1969)



Fonte: La Voz de Galicia

Toma de posesión de Luis Carrero Blanco como presidente do goberno (1973)



Fonte: <http://geohistoria-gema.blogspot.com/2011/03/el-franquismo-documentos-graficos.html>

- A **Lei Orgánica do Estado** (1967) **[DOC. 10]** do Estado pretendía completar o proceso de institucionalización do réxime, unificando e dando coherencia ás normas xa promulgadas, e asegurar a súa continuidade. A **proclamación de Juan Carlos polas Cortes como sucesor a título de rei** (1969) deu concreción a ese obxectivo. A última lei fundamental do franquismo introducía tamén algunhas novidades: separaba os cargos de Xefe do Estado e Presidente do Goberno e posibilitaba a elección polos cabezas de familia e mulleres casadas de dous procuradores por cada provincia (o chamado *terzo familiar*).

Nos anos 1960, algúns prohombres do réxime (Manuel Fraga, Federico Silva Muñoz, Domingo Solís Ruiz) comezaron a postular a necesidade de acompañar a evidente modernización social e económica que estaba a experimentar o país con medidas limitadas de liberalización política que non debían alterar a esencia da ditadura franquista. Nisto consistiu a chamada **apertura**. A súa plasmación máis evidente sería a **Lei de Prensa** de 1966. A norma, promovida polo Ministro de Información e Turismo Manuel Fraga suprimía a censura previa e posibilitaba unha certa liberdade de expresión coutada limitada sempre pola intanxibilidade dos principios fundamentais do Movemento Nacional.

A agonía do franquismo (1969-75).

A **visible decadencia física de Franco**, agravada pola enfermidade de Parkinson, acelerou os plans para asegurar a continuidade institucional do réxime e puxo de relevo a **división no seo da súa clase política** entre **aperturistas** (Fraga, Solís) e **inmobilistas** (a vella garda falanxista, sectores ultracatólicos, militares intransixentes, neofascistas). As tensións estouraron a raíz do **escándalo MATESA** (1969): a dirección desta empresa industrial, conectada co Opus Dei e os círculos tecnocráticos, recibira fraudulentamente cuantiosos créditos oficiais. As irregularidades foron denunciadas e aireadas pola prensa oficial, instigada dende o goberno por Fraga e Solís. O vicepresidente do goberno, o almirante Luís Carrero Blanco pediu a Franco unha completa remodelación do goberno que se saldou coa saída dos ministros aperturistas e a formación do chamado *gobierno monocolor*, dominado polos tecnócratas do *Opus Dei*.

Os primeiros anos da década de 1970 asistiron a unha **agudización dos conflitos laborais** e da **actividade opositora**. Sectores do clero e da xerarquía católicas arredábanse visiblemente da ditadura. As **accións armadas de ETA e FRAP** desafiaban abertamente ao réxime. O 20 decembro de 1973, **Carrero Blanco**, que acababa de ser designado presidente do goberno, foi asasinado nun atentado da ETA. Sucedeuno o ministro de Gobernación, **Carlos Arias Navarro**. As súas iniciais promesas aperturistas –o chamado *espírito do 12 de febreiro*– foron desmentidas axiña pola resposta represiva á explosión de conflitos e á ameaza terrorista. Os **efectos da crise económica mundial** comezada en 1973 chegaron a España e puxeron fin ao *milagre español*.

Malia as protestas internacionais, o 27 de setembro de 1975, foron executadas as últimas sentenzas de morte da ditadura sobre tres membros do FRAP e dous de ETA. A penas dous meses despois de ratificar as súas condenas, o 20 de novembro, **morreu Franco**. O rei de Marrocos Hassán II aproveitaba a delicada situación política



española para promover a **marcha verde** sobre o Sahara Español. O futuro ofrecía moitos interrogantes: moitos franquistas comezaban a buscar un novo acomodo político e declarábanse *demócratas de toda a vida*, os inquéritos de opinión sinalaban un crecente e maioritario apoio da poboación á democracia, ficaban moitos conflitos por resolver e ameazaba unha grave recesión económica.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ALFEIRÁN, X. et al.: *Historia de España 2º Bach*, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
- ALVÁREZ REY, L. et. al.: *Historia de España. 2ª Bacharelato. Aula 3D*, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: *Historia de España 2º Bachillerato*, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- CASANOVA, J.; GIL ANDRÉS, C.: *Breve historia de España en el siglo XX*, Barcelona, Ed. Ariel, 2012.
- FONTANA, J. (ed.): *España bajo el franquismo, Barcelona*, Ed. Crítica, 2000.
- FUSI, J.P.; PALAFOX, J.: *España, 1808-1996: El desafío de la modernidad*, Madrid, Espasa, 2000.
- GIL ANDRÉS, C.: *50 cosas que hay que saber sobre Historia de España*, Barcelona, Editorial Ariel, 2016.
- RIQUERT PEMANYER, B. de: *La dictadura de Franco*, en VILLARES, R. E FONTANA, J. (ed.): *Historia de España*, Madrid, Marcial Pons-Crítica, 2010.
- SHUBERT, A.; ÁLVAREZ JUNCO, J. (eds.): *Nueva historia de la España contemporánea (1808-2018)*, Madrid, Galaxia Gutenberg, 2018.
- VV.AA.: *Historia de España*, Madrid, Ed. Santillana, 2004.

O franquismo.

A oposición antifranquista.

Dende as súas orixes, o réxime franquista definiuse polo seu **carácter autoritario e represivo**. Na *democracia orgánica*, cínico termo utilizado por Franco e os franquistas para referirse a ela dende 1942, non tiñan cabida os partidos políticos, agás **FET de las JONS**, o **partido único** fundado en 1937, coñecido máis tarde como *Movimiento Nacional* e non disolto ata 1977. As restantes organizacións políticas eran ilegais e a pertenza a elas foi considerada delito. As institucións políticas (Cortes, concellos, deputacións) carecían de todo carácter representativo. Os **dereitos políticos** (reunión, asociación, expresión...) non estaban na práctica garantidos.

O centralidade da Igrexa católica e o peso dos criterios morais do nacionalcatolicismo explicaron a **negación de moitos dereitos civís** (matrimonio civil, divorcio, anticoncepción...), as **restricións á liberdade relixiosa** e a **posición subordinada imposta ás mulleres**. A pervivencia dos tribunais militares, as reiteradas declaracións do estado de excepción o funcionamento da policía, á marxe de calquera control xudicial, converteron outros dereitos civís (tutela xudicial, asistencia letrada, seguridade xurídica...) en papel mollado.

Tamén foron negados os **dereitos sociais**, particularmente os dereitos colectivos dos traballadores (libre sindicación, negociación colectiva, folga). Á prohibición en 1936 das organizacións sindicais historicamente hexemónicas no movemento obreiro español seguiu en 1940 a afiliación obrigatoria de empresarios e traballadores á *Organización Sindical Española*, o chamado **sindicato vertical**. a *Lei de Convenios Colectivos Sindicais* de 1957 permitiu a negociación colectiva entre representantes obreiros e patronais, pero esta só era posible no ámbito dos sindicatos verticais e baixo a supervisión do goberno, que podía suspendela ou impor a súa arbitrase.

A defensa da *unidad indisoluble da nación española* fronte á ameaza dos separatismos constituíu un trazo definidor do réxime franquista. Os estatutos de autonomía vasco e catalán foron derogados así como os concertos económicos para Biscaia e Guipúscoa. Púxose en marcha unha política de **renacionalización autoritaria a través do Estado** que significou un ataque severo aos dereitos culturais e lingüísticos. Procurouse impoñer o castelán. No Rexistro Civil fíxose obrigatoria a inscrición en castelán dos nomes propios. O éuscaro, o catalán, o galego foron excluídos do ensino e da administración. Sen que se lles recoñecese ningún *status* legal, o seu emprego nos eidos literario e folclórico foi tolerado, especialmente a partir dos anos 1960.

A **represión foi unha constante do réxime franquista** aínda que as súas formas e intensidade fosen mudando. Tampouco foron tratados iguais os opositores ligados ás tradicións da esquerda do período republicano (comunistas, anarquistas, socialistas, republicanos, nacionalistas vascos,

Desfile da Vitoria (Madrid, 1939)



Teresa Avellanosa [CC-BY-2.0], dende Flickr

cataláns ou galegos) e aqueles ligados ás familias políticas do réxime (católicos, monárquicos) ou disidentes do mesmo, caso dalgúns veteranos falanxistas.

As dificultades da inmediata posguerra.

O 1 de abril de 1939 remataran as hostilidades da guerra civil pero non comezou a paz. Mentres a maioría da poboación tiña ante todo que procurarse a supervivencia, continuou a **ampla e sistemática represión** que se desencadeara en 1936. Había case 500.000 refuxiados en Francia. Entre 1939 e 1945 foron executadas unhas 50.000 persoas, máis de 250.000 chegaron a estar presas nos cárceres, campos de concentración e destacamentos penais. Á persecución penal sumouse a económica (confiscacións, multas). Os corpos de funcionarios e ensinantes foron depurados de todos os considerados desleais ou desafectos. Unha complexa engranaxe lexislativa e xudicial deulle cobertura á represión: *Lei de Responsabilidades Políticas* (1939), *Lei de Represión da Masonería e o Terrorismo* (1940), *Lei de Seguridade do Estado* (1941), a chamada *Causa Xeral* comezada en 1941, etc.

Nestas circunstancias, os intentos de reconstruír na clandestinidade as organizacións opositoras emprendidos por algúns militantes socialistas, comunistas, republicanos e anarquistas estiveron sempre condenados ao fracaso. A

resistencia armada (o *maquis*) [DOC. 1] foi decaendo ao longo dos anos 1940. En 1944, rematada a liberación de Francia polos aliados, os comunistas organizaron una invasión guerrilleira polo val de Arán, rapidamente liquidada polo Exército e a Garda Civil.

No exterior, as xestións do **gobierno republicano no exilio** preto das potencias aliadas fracasaron na pretensión de acadar o seu apoio para acabar coa ditadura e restablecer a democracia republicana tras o remate do conflito mundial.

Os **circulos monárquicos**, que incluían influentes personalidades civís e militares do réxime, postularon timidamente a restauración borbónica na persoa de **don Juan**, fillo de Alfonso XIII. O **Manifesto de Lausana** [DOC. 2], publicado polo pretendente en 1945, que presentaba a restauración monárquica como instrumento de integración e reconciliación nacionais e demandaba a renuncia do ditador, só provocou as iras de Franco e os seus fieis.

A reorganización da década de 1950.

Dende finais da década de 1940, prenderon algunhas **protestas obreiras** illadas contra a escaseza e os baixos salarios, sobre todo no País Vasco e Cataluña. En marzo de 1951, o boicot contra a suba das tarifas do tranvía en Barcelona desencadeou unha ampla folga. Problemas

DOC. 1: O maquis, segundo as lembranzas do guerrilleiro Francisco Rey.

Alí onde había homes perseguidos que se viron na necesidade de fuxir, fixérono antes de caer de novo na cadea ou ante un pelotón de execución. Marcharon así ó monte homes de tódalas tendencias, socialistas, anarquistas, algúns católicos e, sobre todo, numerosos militantes comunistas [...]
Ó principio as nosas accións tiñan un carácter case exclusivamente de fuxidos que se moven organizadamente buscando puntos de apoio, falando coas xentes da necesidade de crear o movemento guerrilleiro. Éramos os fuxidos, os escapados, como nos chamaba o pobo. E nesa época, no momento máis agudo da represión franquista, tivemos sempre o apoio abnegado, silencioso e incondicional do pobo. Aqueles homes que nas aldeas nos axudaban sabían perfectamente ó que se expoñían e, sen embargo, non vacilaban en acollernos.

DOC. 2: O Manifesto de Lausana (1945).

Só a Monarquía tradicional pode ser instrumento de paz e de concordia para reconciliar aos españois; só ela pode obter respecto no exterior, mediante un efectivo Estado de Dereito, e realizar unha harmoniosa síntese da orde e da liberdade nas que se basea a concepción cristiá do Estado [...]
Desde que [...] asumín os deberes e dereitos da Coroa de España, amosei a miña desconfianza coa política interior e exterior seguida polo xeneral Franco [...]. Por estas razóns, resolvo, para descargar a miña conciencia da presión cada día maior da responsabilidade que me incumbe, a levantar a miña voz e a requirir solemnemente ao xeneral Franco para que, recoñecendo o fracaso da súa concepción totalitaria do Estado, abandone o poder e dea libre paso á restauración do réxime tradicional de España, único capaz de garantir a relixión, a orde e a liberdade.

salariais provocarían graves conflitos laborais entre 1953 e 1956 en Madrid, Asturias, o País Vasco e Cataluña.

A aprobación da *Lei de Convenios Colectivos Sindicais* de 1958, que intentaba canalizar as protestas colocando as reivindicacións laborais baixo o control dos sindicatos verticais, abriu un pequeno espazo para actuación de militantes obreiros. A elección dos representantes dos traballadores (*xurados de empresa, enlaces sindicais*) para negociar cos patronais, permitiu a actividade de militantes comunistas e católicos que habían constituír o núcleo das clandestinas Comisións Obreiras.

O **conflito universitario de 1956** significou a aparición doutra fronte de oposición ao réxime. Unha nova xeración de estudantes de extracción social xeralmente acomodada e, ás veces, emparentada con persoeiros da ditadura comezaban a cuestionar unha universidade mediocre e represiva.

A oposición antifranquista incluía **sectores diversos** e non sempre fáciles de conciliar. Por unha banda, algunhas personalidades e grupos elitistas ligados ás familias do réxime que comezaban a afastarse del e permanecían á marxe de calquera protesta de masas: os **círculos monárquicos**, que dubidaban entre Franco e don Juan; **personalidades liberais e democristiáns** (José M^a Gil Robles, Joaquín Ruíz Jiménez), disidentes falanxistas (Dionisio Ridruejo). Por outra banda, os herdeiros das forzas derrotadas en 1939: mentres a CNT e o PSOE-UGT tiñan unha presenza marxinal, os militantes comunistas adquirían un protagonismo indiscutible. En 1956, o PCE abandonou definitivamente a loita armada e pasou a postular a *política de reconciliación nacional*, orientada a restauración á democracia, capitaneada por Santiago Carrillo, o seu secretario xeral dende 1960. Mentres, os ecos da **nova esquerda** europea, crítica co comunismo estalinista, chegaban a España da man da Fronte de Liberación Popular (o *Felipe*), fundado en 1958, e **militantes católicos de base** amosaban posicións cada vez máis críticas co réxime.

DOC. 3: O conflito universitario de 1956, segundo o xornal comunista *Mundo Obrero*.

Estes potentes berros, lanzados por centos de valentes peitos xuvenís, atronaban as rúas céntricas da capital. Unha proba patente da debilidade do Goberno, que non se atreveu a utilizar á Policía Armada para reprimir a manifestación. A forza pública recibira instrucións de retirarse [...]
Ao pasar a manifestación diante do Ministerio de Gobernación, incrementáronse os berros dos estudantes contra a Falange e contra o réxime. O público acollía a manifestación cun gran alborozo e con sinais emocionantes de simpatía. Os estudantes antifranquistas foron donos ese día das rúas céntricas da capital durante preto dunha hora. O tráfico foi paralizado por completo na rúa de Alcalá.

Expansión e articulación nos anos 1960 e 1970.

En 1962, producíronse dous acontecementos que deron unha notable visibilidade á oposición á ditadura franquista:

- En abril principiou un **movemento folguístico** nas concas mineiras asturianas que acabou por estenderse por todo o país (País Vasco, Cataluña, Madrid, Galicia...) e que obtivo un importante eco internacional e a solidariedade de boa parte da esquerda europea.
- En xuño, coincidindo coa celebración do *IV Congreso do Movemento Europeo*, acudiron a Múnic máis dun cento de personalidades da oposición á ditadura. Baixo a presidencia de Salvador de Madariaga, reuníronse monárquicos liberais (J. Satrústegui), católicos (J.M^a Gil Robles) e ex-falanxistas (D. Ridruejo), que acababan de afastarse do réxime, con socialistas (R. Llopis) e nacionalistas cataláns e vascos. Malia a ausencia dos comunistas e a moderación das conclusións do encontro (rexear o ingreso de España na CEE mentres non tivese un réxime democrático, instar ás institucións comunitarias e aos Estados membros a promover o cambio político en España) [DOC. 4], a reacción da prensa oficial franquista foi desaforada:

calificou a reunión como o **contubernio de Múnic** e aos participantes de “vendepatrias e traidores”.

Ata a morte do ditador en 1975 ían aumentar os conflitos e mobilizacións en múltiples eidos. Estaban ligadas, en ocasións, a movementos sociais e políticos de longo percorrido (obreirismo, nacionalismos) e, noutras, presentaban evidentes semellanzas cos novas formas de protesta social aparecidas nos países occidentais desenvolvidos (movemento estudantil, movemento veciñal, feminismo...)

No ámbito laboral, as **folgas** multiplicáronse estendéndose polos principais centros industriais do país. Con elas emerxerían novas organizacións sindicais: as **Comisións Obreiras (CCOO)** [DOC. 5], fundadas en 1956 e crecentemente ligadas ao PCE, e a **Unión Sindical Obreira (USO)**, creada en 1961 por militantes católicos. Cada vez con máis frecuencia, as demandas laborais ían acompañadas da reivindicación de liberdades políticas e sindicais e da protestas contra a represión.

Os primeiros síntomas dun rexurdimento das reivindicacións dos **nacionalismos periféricos** estiveron ligadas á produción cultural (literatura, música, empresas editoriais) e académico (investigación histórica e social). Os vellos partidos nacionalistas da época republicana mantiveron unha actividade residual (PG, ERC, UDC) ou un baixo perfil (PNV). Nos anos 1960, apareceu un novo nacionalismo radical, influído polo marxismo e os movementos de liberación nacional do Terceiro Mundo, no que se poderían enmarcar grupos como o PSAN catalán (1969), a UPG (1963) e o PSG (1964) en Galicia ou ETA (1959) no País Vasco. A organización *Euskadi ta Askatasuna*, creada a partir dunha escisión das xuventudes do PNV, optou pola loita armada nos anos finais do franquismo xerando, o que provocou unha destrutiva espiral acción-represión (atentados, detencións masivas, estados de excepción) que había ter graves consecuencias.

Nas **universidades**, a axitación foi medrando ao ritmo do incremento do número de estudantes, que se triplicou entre 1955 e 1970. Dende o curso 1963-64 converteuse nunha constante, acadando especial radicalidade dende 1967. Comunistas, nacionalistas e grupúsculos de extrema esquerda (trotskistas, maoístas) acadarían un significativo arraigo entre os estudantes máis combativos. Moitos dos novos profesores non numerarios (PNNs), contratados para atender a crecente demanda universitaria, e algúns catedráticos respaldaron as protestas estudantis.

DOC. 4: O Contubernio de Múnic: resolución aprobada polos representantes españois no IV Congreso do Movemento Europeo, (1961).

O Congreso do Movemento Europeo [...] estima que a integración, sexa en forma de adhesión, sexa de asociación de todo país a Europa, esixe de cada un deles institucións democráticas, o que significa que no caso de España, segundo a Convención Europea dos Dereitos do Home e a Carta Social Europea, o seguinte:

- 1.-A instauración de institucións autenticamente representativas e democráticas que garantan que o Goberno se basea no consentimento dos gobernados.
- 2.-A efectiva garantía de tódolos dereitos da persoa humana, en especial o s de liberdade persoal e de expresión, con supresión da censura gubernativa.
- 3.-O recoñecemento da personalidade das distintas comunidades naturais.
- 4.-O exercicio das liberdades sindicais.
- 5.-A posibilidade de organización de correntes de opinión e de partidos políticos.

Os delegados españois, presentes no Congreso, expresan o seu firme convencemento de que a inmensa maioría dos españois se leve a cabo de acordo coas normas da prudencia política, co ritmo máis rápido que as circunstancias permitan, con sinceridade por parte de todos e co compromiso de renunciar a toda violencia activa o pasiva antes, durante e despois do proceso evolutivo.

DOC. 5: A oposición obreira ao franquismo. Os sucesos de marzo de 1972 en Ferrol segundo R. Pillado.

Aquela noite reunímonos uns cantos dirixentes de CC.OO. [...] e preparámoslas mobilizacións do día seguinte para forzar a reapertura da factoría (Bazán). Quedáramos xa na asemblea en concentrarnos nas portas á hora de entrada e programamos entón mobilizarnos durante a mañá por Ferrol para reclamar que as portas se volvesen abrir e a readmisión dos despedidos [...]. O mesmo día, a primeiras horas da mañá, había moita policía secreta por Ferrol [...] Ó ver que as portas estaban pechadas decidimos realizar unha manifestación cara o barrio de Caranza, xa que alí traballaban moitos obreiros da construción ós que íamos pedir solidariedade [...]. O pasar xa o cruce das Pías, cando a cabeza da manifestación estaba chegando á Ponte de Rúa Nova de Caranza, chegaron numerosos coches da Policía Armada dende as Casas Baratas e intentaban dividir en dous a manifestación e dispersarnos [...] Daniel Niebla caeu diante de min morto dun tiro na fronte e Xulio Aneiros foi ferido de gravidade dun balazo no pescozo. A policía despois montou nos coches e escapou.

A intelectualidade crítica coa ditadura tratou de darlle difusión ás súas ideas a través de libros e publicacións periódicas (*Cuadernos para el Diálogo*, *Triunfo*). A *Lei de Prensa* de 1966 acabou coa censura previa, o que posibilitaba a súa difusión, pero non garantiu unha auténtica liberdade de expresión: as sancións e o secuestro das publicacións contrarias aos principios do Movemento Nacional foron frecuentes.

Nos novos barrios populares nados ao compás do desarrollismo foise configurando un importante **movemento veciñal**. Aproveitando as posibilidades da Lei de Asociacións de 1964, foron creadas numerosas asociacións de veciños que centraron as súas reivindicacións na dotación de servizos públicos para os abandonados barrios periféricos. Nelas, o papel dos militantes comunistas e cristiáns progresistas había ser fundamental.

Ademáis, nos anos finais da ditadura, emerxeron fenómenos máis ou menos amplos de contestación en dúas das institucións fundamentais do réxime franquista: a Igrexa e o Exército.

Sectores da **Igrexa católica** foron afastándose lentamente do réxime a raíz do Concilio Vaticano II. Numerosos seglares e algúns sacerdotes (os *curas rojos*) xogaron un papel destacado nas mobilizacións veciñais e obreiras. Entre o clero vasco e catalán tampouco foron raras as posicións nacionalistas, o que xerou graves conflitos entre a Igrexa e as autoridades franquistas (os *casos Cirarda*, *Escarré* ou *Añoveros*). En 1971, a *Asemblea conxunta de Bispos e Sacerdotes*, celebrada en Madrid, aprobou unha resolución pedido perdón en nome da Igrexa por non actuar como factor de reconciliación durante a Guerra Civil [DOC. 6]. Mesmo a xerarquía, encabezada polo cardeal Tarancón dende 1971, expresou opinións moderadamente críticas co réxime.

No **exército**, o exemplo dos oficiais portugueses do *Movimento das Forças Armadas*, protagonistas da revolución do 25 de abril de 1974, inspirou a creación dunha minúscula e clandestina *Unión Militar Democrática* (UMD).

Dende 1970, a **represión** recuou para facer fronte á crecente contestación. Entre 1969 e 1975, vinte traballadores perderon a vida por disparos da policía. O Tribunal de Orde Pública, creado en 1963, emprendeu miles de procedementos, entre eles o sonado *proceso 1001* (1972-1973), que rematou con condenas de cárcere para toda a dirección de Comisións Obreiras. A xurisdición militar seguiu funcionando nos casos de terrorismo. En setembro de 1975 tiveron lugar as cinco últimas execucións do franquismo en medio de protestas no interior, especialmente no País Vasco, e da condena internacional.

DOC. 6. Declaración da Asemblea conxunta de bispos e sacerdotes sobre o papel da Igrexa na Guerra Civil (Madrid, 1971)

"Se dicimos que non pecamos, facemos a Deus mentireiro e a súa palabra xa non está conosco" (1 Jn 1,10). Así, pois, recoñecemos humildemente e pedimos perdón porque nós non soubemos no seu tempo ser verdadeiros "ministros de reconciliación" no pobo dividido por unha guerra entre irmáns.

O cardeal Tarancón Vicente Enrique y Tarancón



Conferencia Episcopal Española [CC BY-SA 2.0],
dende [Wikimedia Commons](#).

Baixo o goberno de Arias Navarro (1974-76), foi avanzando a **confluencia entre os diferentes grupos da oposición antifranquista**. En 1974 constituíuse en París a *Xunta Democrática*, liderada polo PCE. En 1975, nacíu a *Plataforma de Convergencia Democrática*, encabezada polo PSOE de F. González. En marzo de 1976, estas e outras coordinadoras opositoras fundíronse na *Plataforma de Organismos Democráticos*, a *Plataxunta*. O programa político da oposición antifranquista resumíase no lema da **ruptura democrática**: debíase impulsar unha ampla mobilización popular que forzase a renuncia das autoridades franquistas; no seu lugar debía instituírse un goberno provisional que, logo de conceder unha ampla amnistía, recoñecer as liberdades individuais e legalizar tódolos partidos e sindicatos, convocaría un referendo para decidir sobre a forma de goberno e unhas eleccións a Cortes constituíntes [DOC. 7]. Fronte á ruptura se aliñaban os sectores aperturistas do réxime e grupos moderados da oposición, partidarios da **reforma política**.

DOC. 7: Programa da Xunta Democrática (1974).

- 1.-A formación dun goberno provisional que substitúa ao actual [...]
- 3.-A legalización dos partidos políticos sen exclusións.
- 4.-A liberdade sindical e a restitución ao movemento obreiro do patrimonio do Sindicato Vertical.
- 5.-Os dereitos de folga, de reunión e de manifestación pacífica.
- 6.-A liberdade de prensa.[...]
- 8.-A neutralidade e a profesionalidade exclusivamente militar para a defensa exterior das forzas armadas.
- 9.-O recoñecemento, baixo a unidade do Estado español, da personalidade política dos pobos catalán, vasco e galego e das comunidades e rexións que o decidan democraticamente.
- 10.-A separación da Igrexa e do Estado [...]
- 11.-A celebración dunha consulta popular [...] para elixir a forma definitiva de Estado [...]

Carlos Arias Navarro e Franco (23-IX-1975)



National Archief [CC-BY-SA-3.0]

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ALFEIRÁN, X. et al.: *Historia de España 2º Bach*, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
- ALVÁREZ REY, L. et. al.: *Historia de España. 2º Bacharelato. Aula 3D*, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: *Historia de España 2º Bachillerato*, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- CASANOVA, J.; GIL ANDRÉS, C.: *Breve historia de España en el siglo XX*, Barcelona, Ed. Ariel, 2012.
- FONTANA, J. (ed.): *España bajo el franquismo*, Barcelona, Ed. Crítica, 2000.
- FUSI, J.P.; PALAFOX, J.: *España, 1808-1996: El desafío de la modernidad*, Madrid, Espasa, 2000.
- GIL ANDRÉS, C.: *50 cosas que hay que saber sobre Historia de España*, Barcelona, Editorial Ariel, 2016.
- RIQUERT PEMANYER, B. de: *La dictadura de Franco*, en VILLARES, R. E FONTANA, J. (ed.): *Historia de España*, Madrid, Marcial Pons-Crítica, 2010.
- SHUBERT, A.; ÁLVAREZ JUNCO, J. (eds.): *Nueva historia de la España contemporánea (1808-2018)*, Madrid, Galaxia Gutenberg, 2018.
- VV.AA.: *Historia de España*, Madrid, Ed. Santillana, 2004.